



**XULIO RÍOS**  
COORDINADOR

**Lois Tobío.**  
Galeguista, tradutor  
e xornalista





**Lois Tobío.**  
**Galeguista, tradutor e xornalista**

**Edita**

© CONSELLO DA CULTURA GALEGA, 2020  
Pazo de Raxoi · 2º andar · Praza do Obradoiro  
15705 · Santiago de Compostela  
T 981 957 202 · F 981 957 205  
correo@consellodacultura.gal  
www.consellodacultura.gal

**Imaxe da cuberta**

Lois Tobío en San Roque (Viveiro). Arquivo da familia Tobío

**Maquetación**

Lugami Artes Gráficas

DOI: 10.17075/ltgtx.2020

**XULIO RÍOS**  
COORDINADOR

**Lois Tobío.**  
**Galeguista, tradutor**  
**e xornalista**



( a )

actas

# Presentación

**N**o ano 2018 cumpríronse quince anos da morte de Lois Tobío Fernández. Non queriamos deixar pasar esta data sen máis. Sen dúbida, nun país coma o noso, de tan pouca e ás veces mala memoria, a súa figura segue aínda a precisar de moita reivindicación tendo en conta que se trata dun referente fundamental para poder comprendermos a nosa Galicia contemporánea.

A andaina vital de Tobío (1906-2003) cobre todo o século vinte. Pertence a unha xeración de humanistas e renacentistas que o deron todo por servir a Galicia dende todos os saberes e situacións. E foi Tobío un persoeiro dunha madeira especial, traballador incansable e abnegado, un galego de lei, militante ao cento por cento nas cousas do país, en todo o que sentía no máis fondo, comprometéndose sempre no que cría. En palabras de Ramón Villares, é unha das voces máis esenciais da «outra Galicia», isto é, dunha das Galicias posibles, pero que a inclemencia da historia acabou malogrando.

A herdanza global que nos deixou é a dun galeguista universalista, a convicción de quen comprendeu á primeira vista o imponderable valor da identidade como clave para se entender co mundo, para se desenvolver sen lindeiros, sen perder o norte irrenunciable das orixes. Ese Tobío que deambula pola diplomacia, pola investigación histórica, pola tradución poética ou ensaística e polo xornalismo é o mesmo Tobío do Seminario de Estudos Galegos, do anteproxecto de Estatuto de autonomía para Galicia, do Consello de Galiza..., porque foi parte dun colectivo formado e educado na valiosísima idea do progreso con identidade, do positivo valor do achegamento ao exterior para sermos máis e mellores. É o universalismo galeguista que debería ser o noso pan de cada día, a nosa biblia en tempos de mundialización.

O universalismo de Tobío foi esencialmente político e cultural, fundamentado na firme convicción de que non se trataba de erguer valados senón de cultivar o noso xardín, como el explicaba, no que se dan flores distintas ás doutros, pero todas para enriquecemento da vida de toda a humanidade. Nada máis afastado, pois, desas ideas hoxe en voga de que os nacionalismos son un paso atrás, desestabilizadores, inviables, vencellados a proxectos autoritarios ou que van contra corrente.

Tobío e os galeguistas sempre estiveron abertos ao exterior, onde pensaban que podían atopar exemplo e axuda, fuxindo da reclusión e a introversión que os podía levar a se converter en «nacionalismos de campanario por un exceso de purismo», en palabras súas.

A atracción de Tobío por outras culturas é experimentada dende os anos mozos, nas súas lecturas de Montaigne e outros autores románticos e malditos que o introducirán na literatura francesa, que tanto amou e á que tanto lle debería, segundo el mesmo asegurou, en formación e gozo. O seu seguimento activo da vida cultural en todas as cidades e lugares onde viviu, de Europa a América, de Berlín a Montevideo, acrecentou esa ampla cosmovisión capaz de unir e relacionar a Van Gogh e Castelao, de apreciar o alleo valorando o propio na súa xusta medida, sen estridencias nin excesos de ningún signo.

Na xornada que organizamos en Viveiro (Lugo), afondamos en tres dimensións –non todas as reivindicables– que formaron parte destacada da súa traxectoria vital: o compromiso político como galeguista, a súa vocación de tradutor e tamén de xornalista. Tobío era moito máis: o diplomático e universalista, o investigador, o mestre... Argallamos un programa conciso que foi debullado por especialistas ben coñecedores da súa condición intelectual. Todos e todas, en maior ou menor medida, gozaron do contacto persoal con quen tanta humanidade transmitía. Quixemos facelo, ademais, no seu Viveiro natal e coa presenza de Constanza, a súa filla, a quen lle agradecemos a asistencia, así como á alcaldesa, María Loureiro García, e ao cronista oficial da vila, Carlos Nuevo.



Na Comisión de Acción Exterior do Consello da Cultura Galega iniciamos con Lois Tobío unha liña de reflexión coa aspiración de profundar nas figuras máis excelsas do universalismo galeguista, unha perspectiva que nos sitúa nese mundo no que pretendemos ser nós mesmos e que hoxe en día tamén cómpre destacar.

O compromiso galeguista e universalista de Tobío, de quen quixo e soubo exercer de galego por ese mundo adiante que voluntaria e involuntariamente debeu percorrer, é o dunha voz políglota e singular que precisamos reivindicar e divulgar para que o seu alento nobre e cosmopolita permaneza para sempre entre nós.

**Xulio Ríos**

Coordinador da xornada e da Comisión de Acción Exterior (CCG)

**actas**

**Índice**

## 6 PRESENTACIÓN

Xulio Ríos

### TOBÍO E O GALEGUISMO

15 **Lois Tobío no galeguismo de preguerra**

Emilio Xosé Ínsua

77 **Axudando a restaurar a casa común. Lois Tobío no galeguismo da posguerra**

Carlos Méixome

### TOBÍO E A TRADUCIÓN

131 **Tobío na rede da tradución**

Marga Romero

175 **«Unha obra espléndida»: *Nai Coraxe*, a versión galega da obra de Bertolt Brecht por Lois Tobío**

Montserrat Bascoy Lamelas

### TOBÍO E O XORNALISMO

201 **Tobío, o xornalista en acción**

Xan Carballa

209 **Lois Tobío, xornalista**

Manuel Lombao



# **TOBÍO E O GALEGUISMO**



# LOIS TOBÍO NO GALEGUISMO DE PREGUERRA

Emilio Xosé Ínsua  
Profesor e ensaísta

DOI: 10.17075/lgtx.2020.001





## 1. INTRODUCCIÓN

Lois Tobío Fernández (Viveiro, 1906-Madrid, 2003) encarnou ao longo da súa dilatada vida un ideal de nacionalismo galego democrático, aberto e progresista, de corte europeísta e universalista, verdadeiramente antitético ao que certa visión topificada desde certas instancias políticas e mediáticas tende a presentar acotío como doutrina da pechamento, do exclusivismo e do desprezo por todo o alleo, confundíndoo adrede e tramposamente co chauvinismo, co imperialismo e co supremacismo que esas mesmas instancias a miúdo practican, xustifican e defenden.



Lois Tobío. Retrato de B. Gur+@witsch

Ben polo contrario, Tobío e moitos outros membros da súa xeración, a do 25 ou do Seminario de Estudos Galegos (SEG), demostraron de todos os xeitos posibles que só desde o amor e a identificación cordial co propio (lingua, historia, paisaxe, costumes...) se pode acceder con variedade de miras e espírito integrador, á percepción, á comprensión e ao verdadeiro gozo do distinto, do foráneo ou do alleo. Ser universal e universalista non é, non pode ser, avergoñarse do propio, renegar do particular, ignorar o específico, nin tampouco menosprezalo, senón amalo e proxectalo ao mundo e sobre o mundo para o enriquecer na

diversidade. Desde esa perspectiva, amar, valorizar e coñecer a propia lingua, a propia terra, a propia cultura non é senón a chave mestra para amar, valorizar e coñecer cordialmente todas as demais.

O amor do galeguista Tobío polas linguas e o seu poliglotismo activo foron síntomas clarísimos desta actitude da que fixo sempre gala. A súa definición sobre os valores éticos en Castela (Tobío, 1989) ben pode acaerlle a el propio:

Por todas estas cousas entrou na política, levado dun imperativo moral. Tiña que dar á causa de Galicia canto era e tiña e podía porque a obriga cara o seu pobo estaba por enriba de todo: das comenencias e comodidades persoais, das eivas e dificultades, dos traballos e dos disgustos [...] O noso Daniel era, por temperamento e por reflexión, un home integrador [...] Nada tiña de exclusivista nin dogmático. Nin de hipercrítico. [...]

Por esa razón non foi un revolucionario, se por atal entendemos aquel que teima cambiar pola violencia o *statu quo*. Sabía moi ben no que soen rematar as revolucións montadas con moito esbardallo, axitación e arrotadas, anque procamaba o dereito a resistir a opresión. Defendía unha ciruxía non traumatizadora porque sabía o alto custe que hai que pagar pola outra. Pero non era un conservador, pois non buscaba mante-lo existente, que era noxento e malo, senón, dixéramos, un restaurador, que quer devolver a Galicia a súa personalidade secuestrada, avencellándose ao pasado auténtico e máis lonxano, anovando a verdadeira tradición axeitada, naturalmente, á situación actual. Era restaurador do bo perdido e reformador en todo o estrano ao noso ser que, en séculos malfadados, fórbase impondo pola violencia, e máis aínda pola solercia, ao noso pobo. [...] Pero o seu criterio moral non pandeaba ao estremismo, ao puritanismo nen ao unilateralismo. Anque amador da xusticia, adondábaa ca piedade e o amor e cun agudo senso da realidade, do factible.

Nas liñas que seguen procuraremos dar conta de xeito necesariamente conciso do perfil e das posicións deste intelectual viveirense no desenvolvemento do movemento galeguista anterior ao tráxico 36, en procurada complementariedade co texto do colega e amigo Carlos Méixome, que se centrará no período de posguerra.

## 2. DA «PREHISTORIA GALEGUISTA» DE LOIS TOBÍO

Cando nace a primeira das Irmandades da Fala, en maio de 1916, Lois Tobío Fernández aínda non ten os dez anos feitos. O traslado coa súa familia a Compostela para realizar os estudos de bacharelato prodúcese pola mesma época en que o catedrático Porteiro Garea, o estudante para mestre Vitoriano Taibo, o veterinario Xesús R. Culebras, o estudante de Dereito Manuel María González e algúns outros poñen en marcha na capital galega outra agrupación «irmandiña», a segunda cronoloxicamente (Ínsua, 2016: 111-112).

Aínda que por evidentes razóns de minoría de idade o adolescente Tobío non se incorpora á citada plataforma galeguista, está claro que non permaneceu illado a respecto da súa actuación e discurso. Este fíxose notar bastante, cando menos nun inicio, grazas á implicación de figuras como José Portal Fradejas, Salustiano Portela Pazos e de xornais como o *Diario de Galicia*, dirixido por Miguel Ferrer, e a revista *El Eco Franciscano*, en determinados círculos do catolicismo rexionalista compostelán, aos que non era alleo o propio pai do noso protagonista, Luís Tobío Campos (1861-1943), correspondente da Academia Galega que publicaría por esta mesma época o seu libro *Rosiñas da Terra* (1917). Certo é, así e todo, que moi axiña ese sector confesional e conservador das Irmandades emprendeu a retirada da organización, enfrontándose a ela pouco despois con iniciativas como a «Semana Regionalista» organizada por *El Debate* en Compostela en xullo de 1918.

Por outra banda, no mesmo instituto compostelán en que Lois Tobío Fernández comeza a realizar brillantemente os seus estudos de bacharel no curso 1916-17, situado na praza de Mazarelos, movíanse entón, se ben en cursos máis adiantados, figuras como Manuel Antonio (seis anos máis vello ca el), Marcial Rodríguez Cebal e Manuel González Mato, que non por acaso se xuramentaron os tres no curso 1916-17 coa seguinte fórmula, expresiva de seu: «¡Abaixo a vergonza! ¡Na rúa, no craustro, na casa, sempre falaremos en galego!» (Axeitos, 2017: 88). Repárese no feito de que Rodríguez Cebal ha ser,

pouco tempo despois, un dos profesores particulares de alemán que teña o mozo Lois Tobío.

Tobío é, por esta mesma época, un dos moitos escolares que asisten á solemne inauguración na Alameda compostelá dunha estatua a Rosalía de Castro en xullo de 1917. O parentesco da familia de seu pai coa poeta do Sar, por parte da póla dos Martínez Vioxo, será sempre un elemento de lexítimo orgullo para o de Viveiro e unha das ancoraxes afectivas perennes na idea galeguista.

O andazo de *grippe* que ceifou en outubro de 1918 a vida do líder *irmandiño* Porteiro Garea viviuse con evidente temor no fogar compostelán dun Lois Tobío que tiña entón doce anos de idade e que compartía aulas con figuras que, tempo despois, tamén terán voz e voto nas reviravoltas do movemento estudantil democrático e galeguista, como Laureano Santiso Girón, Ramón Carnero Valenzuela, Xulián Magariños Negreira, Manuel Calvelo López ou Manuel Caamaño Pato.

Non consta que o Tobío que roldaba xa os catorce anos se afiliase á «Xuventú Nazionalista» constituída en Compostela en xaneiro de 1920, baixo a presidencia de Valentín Paz-Andrade e coa participación de mozos como Xosé Romero Lema, Leandro Pita Romero, o xa citado Marcial Rodríguez Cebal, Ánxel Romero Cerdeiriña, Roberto Pastoriza, Rafael Pardo Ciorraga e os rianxeiros Manuel Antonio, Roxelio Pérez e Rafael Dieste, á que logo seguiron outros núcleos en Vigo, Baiona, Madrid, Ourense e Vilagarcía de Arousa, mais debeu de coñecer de primeira man a súa liña e a súa actividade<sup>1</sup>, a xulgar polo coñecemento persoal dalgúns deses mozos e a maduración ideolóxica galeguista

---

<sup>1</sup> Para reivindicar a dotación dunha cátedra de Lingua e Literatura Galegas na Universidade compostelá, esta Xuventú Nazionalista promoveu a celebración o 13 de marzo de 1920 dun mitin no teatro Principal de Santiago, no que participaron como oradores Losada Diéguez, Barcia Caballero, Felipe Gil Casares, Xoán Vicente Viqueira e Paz-Andrade. Ademais, propagou o manifesto *A xuventude galega*, que reproducíu *A Nosa Terra* (n.º 112), celebrou en San Domingos de Bonaval unha homenaxe a Alfredo Brañas no seu cabodano, cun discurso a cargo do mozo José G. Posada-Curros, participou o 11 de abril nunha homenaxe a Rosalía na Alameda compostelá, con discurso de Paz-Andrade, e organizou en maio a conferencia «Os nosos valores» de Antón Villar Ponte na Sociedade Económica compostelá. Axiña se incorporaría á agrupación Fermín Bouza Brei, quen, entre outras actividades, participou no cadro de declamación «Universidad», que representou varias

que demostra ter con tan só dezasete anos feitos no instante de promover en setembro de 1923 a constitución do Seminario de Estudos Galegos, asunto sobre o que volveremos.

A inicial adscrición do bacharel Tobío en Compostela a diversas entidades xuvenís de corte católico como os «estanislaos» e os «luíses» (dos que chegou a ser secretario), nun período da súa vida caracterizado polo fervor devocional<sup>2</sup>, fixo que achase unha maior concomitancia, no momento de se achegar por vez primeira aos círculos galeguistas que xorden ao abeiro da xeira *irmandiña*, con outros mozos desa mesma tendencia ideolóxica confesional, moi destacadamente Xosé Filgueira Valverde. Con efecto, formado no seo dunha familia de arraigadas conviccións relixiosas (súa nai, de orixes andaluzas, pertencera ás Fillas da Caridade de San Vicente de Paúl), desde moi novo Filgueira participou tamén en entidades e actividades de signo católico. Na Compostela universitaria formou parte do Círculo de la Juventud Antoniana e colaborou co semanario confesional *La Renovación*, que se editou entre 1921 e 1924 e do que chegou a ser redactor-xefe.

A relación que uniu a Filgueira Valverde con Lois Tobío nestes anos 20 da pasada centuria foi moi estreita. No propio pregón pronunciado na Semana Santa de Viveiro de 1976, o de Pontevedra tivo que comezar confesando que o seu namoramento pola vila do Landrove se producira na casa compostelá do

---

pezas de Cotarelo Valledor. Algúns elementos da agrupación escolar nacionalista, como Rafael Dieste e Rodríguez Cebal, planearon a comezos de 1921 editar unha revista que ía chamarse *Intenciones*, mais o proxecto non pasou do propio título. Pola súa vez, a agrupación viguesa da Xuventú Nazonalista, presidida por Xavier Soto Valenzuela (futuro concelleiro de Izquierda Republicana en Viveiro no período da II República e vítima da barbarie fascista), solicitou do Concello vigués, aínda que sen éxito, o izado da bandeira galega para conmemorar o 25 de xullo.

<sup>2</sup> O propio Tobío sinala que nesa época «dín en frecuentar as igrexas para asistir a novenas, sermóns e trisaxios, especialmente na Semana Santa e noutras festividadeas tamén, seguindo con interés e afervoramento as cerimoniaas litúrxicas [...]. Hei confesar que sentía daquela certo pandeamento a facerme crego [...]. Pero todo quedou en nada e tempo despois, cando eu andaba metido nas loitas dos estudantes contra a ditadura e noutras actividades pouco ortodoxas, [o P. Alonso, director dos estanislaos composteláns] foi ver ao meu pai para laiarse de que un rapaz que tan ben encamiñado ía e que tanto prometía viñera a virar de rumbo daquela maneira» (*As décadas*, pp. 113-114).

mestre Tobío Campos escoitándolles a el e aos seus fillos, especialmente a Lois, falar con entusiasmo e cariño desbordantes de tantos temas e xentes relacionados con aquela. En palabras súas:

O meu aprendizaxe de Viveiro, é decir o inicio do meu namoro, escomenzou en Compostela, no fogar de un dos poetas que aquí naceron ou se formaron: Luís Tobío [Campos]. Alí soupen, por primeira vez, do voso mar e dos frondentes eidos, do castelo da Ponte, das igrexas de Santiago e Santa María, estudiados polo seu fillo Luís no «Seminario de Estudos», dos lugares de Santo Elvites e de Naín, das veigas do Vieiro, do ríos e da ría xurdia, Magazos, Valdeflores... dos moimentos de Celeiro, das areas de Cobas [sic], da figura da Doncela, do doce Landro que cantou Pastor Díaz... Escoitei falar das trinta e tres badaladas do campanán das Concepcionistas, na media noite mediada.

Tobío, loxicamente, non puido deixar de testemuñar no seu libro *As décadas de T. L.* esta intensa e especial relación fraterna que o uniu nun tempo ao mozo Filgueira Valverde, con quen, por exemplo, alentou a revistañña ciclostilada *Adral*, na que eles os dous canda Lucho Bouza Brei, Xulián Magariños e Cordal Carús criticaban con humor figuras da universidade desa época como o reitor Blanco Rivero (de apelidos propicios para a burla etílica...). Tamén realizou con Filgueira durante a carreira un traballo en colaboración titulado «Nacionalismo e nacionalismo galego», que ambos presentaron ao ditame do catedrático de Dereito Político Carlos Ruiz del Castillo e que, en palabra do propio Tobío, «non acachaba o pensamento dos seus autores» (*As décadas*, p. 133).

Outra das amizades que consolidou a súa identificación xuvenil temperá co ideario galeguista foi a do mozo boirense Ramón Martínez López, compañeiro de faladoiro do «Café Español». Tobío evócao como o máis «xeneroso, ledo, apaixonado, falador, extravertido, todo corazón» (*As décadas*, p. 121) dos mozos que fundaron en 1923 o SEG, engadindo: «Aínda o estou vendo empoleirado nunha escada, cando nos cederan un local en San Clemente, a armar estantes

para os libros namentras eu desde embaixo íalle dando cravos e martelo» (Tobío, 1990: 131). Precisamente ao se mirar no espello da amizade con Ramón Martínez constatou o mozo Lois Tobío que un sentimento aínda difuso de identificación coa Terra comezaba a xermolar no seu espírito (Tobío, 1990: 131):

No que sí coincidíamos, e moito, era na arela de axudar a facer algo pola nosa Galicia que víamos esquecida, asoballada, desleixada no material e no cultural, en parte polo desleigamento de non poucos dos seus fillos. Este sentimento estaba como encasulado nos nosos espíritos mozos, un vago sentimento nado do que víamos e líamos, a observación da realidade da xente común no agro e na cidade, a súa fala, que non era a nosa, o engado das suas cantigas e do seu arte, das suas festas, as romarías, o seu xeito de ser, e tamén as criacións cultas de todo eso derivadas, os poetas –¡ai, Rosalía!– os grupos folklóricos e a actividade das Irmandades da Fala. E así chegamos á universidade coesa lucía ou gromo, prestes a alapear ou abrochar cando o intre chegase, que chegou co contacto dos que xa receberan a boa nova crara e explícita, o Fermín Bouza Brey, o Filgueira que a recollera en Pontevedra de Castelao e Losada Diéguez.

A ruptura das Irmandades na Asemblea de Monforte en febreiro de 1922 tivo como un dos seus corolarios a debilitación do núcleo *irmandiño* compostelán, xa non moi boiante desde a desaparición de Porteiro Garea e a marcha a terras de Ortigueira do mestre Vitoriano Taibo, mais que se sumou non obstante da man de Salvador García Fernández de Bodaño, Camilo Díaz Baliño, Pardo Ciorraga, Xavier Pardo Bedia e algún outro militante á ING liderada por Risco. Pouco despois, en setembro de 1923, o xeneral Primo de Rivera implantaba coa aquiescencia do monarca un réxime de excepción con censura sobre a prensa e prohibición de actividades políticas e sindicais que atentasen contra a «ortodoxia» ditatorial.

Deuse así a circunstancia paradoxal de que cando o mozo Lois Tobío Fernández tivo por fin idade e consciencia suficientes para abrazar de cheo a causa do

galeguismo, o panorama político xeral e o organizativo dese movemento en particular non eran precisamente os máis propicios nin alentadores. Isto explicaría o enfoque inicialmente «só cultural» das actividades que o novo prosélito desenvolveu nos primeiros compases da súa traxectoria militante, nomeadamente no seo do «Seminario de Estudos Galegos».

### 3. LOIS TOBÍO E O SEMINARIO DE ESTUDOS GALEGOS

No momento de escoller carreira, o escolar Tobío tivo algunhas dúbidas (*As décadas*, p. 117), mais finalmente fixo o preparatorio de Dereito, tendo como profesor, entre outros, o santanderino Ciriaco Pérez Bustamante, quen se ocupaba neses anos, nas súas investigacións como historiador, da figura do conde de Gondomar. Daquela, lembra Tobío en *As décadas* (p. 120), «estes traballos espertarán en min a arela de afondar no estudo deste gran diplomático noso e esa arela poderá ser cumprida moitos anos despois».

Outro dos seus profesores foi o catedrático Armando Cotarelo Valledor, quen impartía nocións de gramática e fonética histórica e mais de literatura hispana e que apadriñaría unha das iniciativas de máis fondo significado na traxectoria de Tobío.

Efectivamente, sendo estudante de Dereito en Compostela e con tan só deza-sete anos de idade, animou, con Fermín Bouza Brei, os xa citados Xosé Filgueira Valverde e Ramón Martínez López, Xulián Magariños Negreira, Cordal Carús, Wenceslao Requejo e outros mozos a constitución do Seminario de Estudos Galegos (*As décadas*, pp. 123-128). A nova entidade adoptou o nome e a fasquía de «Seminario», e non «Instituto» ou «Academia», para que a interdisciplinabilidade e o contacto entre profesorado e alumnado fose arriquecedor e próximo, como método e espírito pedagóxicos máis acaídos para a formación de investigadores competentes, fuxindo dos esquemas memorísticos, repetitivos, conformistas e inobilistas tan habituais aínda na universidade da época.



Foi o SEG unha entidade que nos seus aproximadamente trece anos de vida (outubro de 1923-xullo de 1936) marcou polo espírito de identificación coa Terra nas investigacións que emprendeu, pola súa metodoloxía multidisciplinar e innovadora, polo seu contacto universalizante con outras entidades análogas de toda Europa e pola súa capacidade de aglutinar o mellor da intelectualidade do momento un antes e un despois na historia cultural galega. En palabras do propio Tobío, o SEG deveu nun «catalizador de ideas, sentimentos e arelas que andaban no ar, da sentida necesidade de unir esforzos e estruturalos a prol do desenrolo da nosa cultura» (*As décadas*, p. 126) e acabou convertido na «máis importante galaxia do pequeno cosmos intelectual galego» (*As décadas*, p. 130) e mais nun «alapeante fogar de entusiasmo e optimismo, de labor serio e desinteresado alentado por un activo amor á nosa terra» (*As décadas*, p. 210).

Tobío foi secretario do SEG durante varios cursos sucesivos (1923-24, 1924-25, 1925-26, 1926-27), membro da súa Comisión Permanente (1930-34) e director da súa Sección de Ciencias Sociais, Xurídicas e Económicas (1930-34), ata que foi substituído no posto, ao emprender a súa carreira diplomática, polo profesor de Dereito e tamén militante coma el do Partido Galeguista Xoán López Durá.

Ademais, Tobío elaborou os primeiros Estatutos ou «constituicións» da entidade, fixo as veces de apuntador na estrea da peza teatral de Cotarelo Valledor *Lubicán* (1924), axudou a preparar como agasalho ao novo arcebispo de Compostela Lago González no día do seu ingreso como socio no SEG (maio de 1924) un volume recompilatorio das poesías en idioma galego que aquel escribira e publicara na súa mocidade e actuou como *cicerone* de Francesc Cambó no inverno de 1925 cando o político catalán visitou a entidade (Tobío, 1990: 132). O de Viveiro impartiu ademais, en dúas sesións, un curso de fonética galega dirixido aos seus socios, «en comparanza coa dos demais idiomas peninsulares», segundo reza na nota que a tal respecto inseriu o boletín ourensán *Nós* (n.º 35, 15.XI.1926).

No verán de 1928, para celebrar a súa licenciatura, Tobío pasou na Guarda uns días na casa do seu amigo e compañeiro de estudos Xoaquín Sobrino e

aproveitou a ocasión para visitar por vez primeira Portugal. Alí, segundo confesará máis tarde (*As décadas*, p. 194), sentiuse como na súa casa

pero nunha casa enriquecida, en que as cousas dadoito estaban como enlevadas, dignificadas, a comezar pola fala. Vía como a miña pobre fala, desdeñada, esquecida pola nosa burguesía e señorío, botada do mundo oficial e do ensino, tiña alí status senlleiro e total con todos os beneficios e vantaxes que lle cumpren. E, xa que logo, sentía vergonza, envexa e mágoa polo que na miña terra pasara. Pero dábame certo consolo saber que, gracias a Portugal, nel e noutras nacións espalladas polo mundo se tiña salvado a antiga e nobre lingua dos meus.

Esta mesma experiencia reveladora vivírona antes ca el figuras como Castelao, Antón Villar Ponte, Leando Carré Alvarellos ou Fernando Osorio Docampo.

Do mesmo xeito, Tobío participou con Filgueira Valverde, Cordal Carús e Magariños Negreira na confección do *Vocabulario galego-castelán* que o SEG editou por entregas entre 1926 e 1928 no diario vigués *El Pueblo Gallego*, propiedade de Portela Valladares, e doou algúns materiais para o arquivo-museo da entidade como unha pedra amuleto contra o mal de ollo procedente de Viveiro. No verán de 1929 participou na xeira de recollida de materiais que daría orixe ao emblemático volume *Terra de Melide* (*As décadas*, p. 210). En 1933 entregoulle a Xaquín Lorenzo *Xocas* unha escolma de cantigas populares que recollera o seu propio pai en terras de Brión en 1880 e que logo o etnógrafo ourensán editaría en 1985 cunha expresiva dedicatoria: «Pra Lois Tobío Fernández, en lembranza da nosa vella irmandade»<sup>3</sup>.

Alén de todo isto, Tobío exerceu como socio protector do SEG e achegaba periodicamente fondos económicos para soste a entidade. Propuxo a entrada

---

<sup>3</sup> Cf. Lorenzo Fernández, X. (1985): *Colección de cantigas da Mabía recolleitas por Lois Tobío Campos*, Sada (A Coruña), Edición do Castro. (Publicacións do Seminario de Estudos Galegos, Cuadernos da Área de Arte / Comunicación, n.º 2).

doutros «seminaristas» como o viveirense José Casariego Baltar (outubro de 1929), acolleu cordialmente a incorporación de novos elementos como Carballo Calero, Antón Fraguas, os irmáns Xurxo e Xaquín Lorenzo etc. e comezou probablemente neste período da súa vida a escribir para lla fornecer, como facían coas súas producións homólogas outros «seminaristas» (Filgueira Valverde, Magariños Negreira, Xoán Xesús González...), á editora coruñesa «Lar» de Casal e Carré Alvarellos unha novela, *A nova vida*, sobre a que volveremos.

A achega investigadora de Tobío ao SEG caracterizouse tanto polo entusiasmo e rigor con que foi feita decote como polas constantes referencias temáticas á Terra de Viveiro. Fixo o seu ingreso oficial co traballo *Algunhas moedas castelás atopadas no Valadouro*, lido na segunda sesión do Seminario o 24 de novembro de 1923 e publicado logo no boletín *Nós* (15.X.1925). O diario *Galicia* (n.º 411, 25.XI.1923), referenciando o acto, saudaba como valioso o seu estudo e glosábao así:

El trabajo del Sr. Tobío Fernández viene a demostrar cómo la Facultad de Filosofía y Letras ha ejercido su influencia en todas las ramas del saber histórico; rama tan difícil y descuidada por los gallegos como la Numismática medioeval, viene a cobrar impulso ante los trabajos del Sr. Tobío Fernández, joven tan modesto como estudioso.

Comenzó su trabajo el Sr. Tobío dando cuenta del hallazgo de las monedas de que se va a ocupar, al reconstruir la iglesia de Adelan, en Val D'Ouro.

Las monedas, a su valor puramente numismático, añaden el de probar la fecha de la edificación de la iglesia en que se hallaron; el señor Tobío solamente se ocupa del primero; más tarde enviará una comunicación al Seminario estudiando tal edificio y lo que sobre la fecha de su construcción esclarezca el segundo.

Las monedas halladas pertenecen a los reyes Fernando III, Alfonso X y Alfonso XI y comenzando el disertante por las del primero encuentra en ellas algunas que presentan variantes más o menos grandes de las que Heiss cataloga en su obra y dos que llevan S como marca de ceca y que prueba que fueron acuñadas en Segovia.

De Alfonso X no figura más que una de una ceca desconocida, no catalogada por el autor citado, y entre las de Alfonso XI señala cuatro de las cecas de Burgos y Toledo, variantes de las que Heiss consigna.

Precisó el Sr. Tobío la fecha de su acuñación, y la legítima atribución a tales reyes, así como la denominación de las monedas, que son todas de vellón aunque de ley variable. Fué ratificado socio numerario el disertante.

O 22 de marzo de 1924, despois de ser asesorado por Pablo Pérez Costanti durante a realización do traballo, presentou *Inventario dos bens de Froitoso de Ulloa*. O diario vigués *Galicia* (n.º 467) glosaba así para os seus lectores este novo acto «seminarista» e os contidos do texto do intelectual viveirense:

La sesión del Seminario de Estudios Gallegos dedicóse a la lectura del testamento de Froitoso de Ulloa, transcrito y anotado por el secretario de dicho centro, D. Luís Tobío Fernández, cultísimo escolar de la Facultad de Derecho de nuestra Universidad.

Comenzó el conferenciante exaltando la memoria del insigne regidor compostelano que tan principal papel tomó en las luchas entre el señorío de los arzobispos y la ciudad de Santiago en el siglo XVI, tipo tan solo comparable por su galleguismo al mariscal Pardo de Cela. Poco se ha escrito sobre tan relevante personalidad, tan sólo López Ferreiro en su magna *Historia*, en la delicadísima novela *A tecedeira de Bonaval* y en *Galicia en el último tercio del siglo XV* nos ha dejado algunas notas sobre la biografía de tan recio luchador. Sin embargo, en los archivos compostelanos existen numerosos documentos que permiten rehacer su biografía y esta es la labor que se ha impuesto el señor Tobío Fernández, entusiasta de nuestros grandes héroes, afirmaciones potentísimas de la propia personalidad de Galicia.

Esta comunicación del Sr. Tobío Fernández se reduce a la lectura del testamento e inventarios hechos a la muerte de Froitoso de Ulloa, pues en la mansión de este noble no faltaban paños de figuras, armaduras, alhajas de todo género, arcas de taracea y, sobre todo, copiosa biblioteca, puede reconstruirse no solo el ajuar de dicho regidor sino los gustos y la cultura de la Compostela que llenó con sus ideales.

Tampoco faltan en dicho testamento preciosas indicaciones, políticas y sociales a más de numerosos datos genealógicos y biográficos que el disertante con su notable erudición analiza detenidamente.

La labor del Sr. Tobío Fernández fué premiada con numerosos aplausos.

Así mesmo, o 11 de outubro de 1924 presentou a comunicación intitulada *Proclamación de Felipe II en Viveiro*, á que seguirá outra sobre o «Colegio Seminario» viveirense fundado por María Sarmiento, co título *Do Colexio Seminario de Viveiro*, que foi lida o 8 de novembro de 1924 e publicada, en versión castelá, no *Boletín* da Real Academia Galega en maio e xuño de 1925 (n.º 170-171 e 172).

Viñeron logo traballos como *Aportazón ó estudo da historia da pesca da balea nas costa de Galiza (Arquivos do SEG. Tomo I, 1927)*, *Viveiro no século XVI* (presentado o 17 de abril de 1926)<sup>4</sup> e *A eirexa románica de Santa María de Viveiro* (16 de xaneiro de 1926, publicado no boletín ourensán *Nós*, en marzo de 1933, n.º 111)<sup>5</sup>.

---

<sup>4</sup> O xornal vigués *El Pueblo Gallego* ofreceulle aos seus lectores o domingo 18 de abril de 1926 (p. 9) unha glosa do segundo dos traballos citados nestes termos: «[...] El señor Tobío leyó un trabajo de antropogeografía histórica titulado *Viveiro no século XVI* [...] Luís Tobío Fernández nos ha deleitado ayer con la lectura de un trabajo sólido a la par que ameno. Trata de antropogeografía histórica y es una acabada visión de Vivero en el siglo XVI, donde se estudian y muestran los más nimios detalles de su vida urbana. El erudito secretario del Seminario de Estudios Gallegos examina los aspectos más característicos de la vida vivariense, alguno de los cuales son verdaderos prodigios de erudición como el que estudia la peste en Vivero. Además Tobío ha verificado detenidos estudios sobre la arquitectura tanto civil como religiosa de dicha ciudad averiguando la fecha exacta de muchas construcciones, entre ellas el célebre castillo del Puente. Tobío fue muy aplaudido al final de la lectura de su muy documentada labor».

<sup>5</sup> No boletín *Logos* de Pontevedra (n.º 27, marzo de 1933), Filgueira Valverde referiuse con estas palabras favorables a este traballo emblemático do Tobío mozo investigador:

Lois Tobío, hoxe arredado de Galicia por imperativos de ourentación profesional [diplomático en Bulgaria], é unha das máis compretas personalidades formadas no Seminario de Estudos Galegos. Especializado en Ciencias Xurídicas e mais concretamente na Política e na Administración, ten traballado asiadamente en moitas ordes das actividades que o Seminario desenrola: na Arqueoloxía, na Filoloxía, na Hestoria. Hoxe publícase esta monografía sua encol da «Eirexa de Santa María de Viveiro» que é como a realización de unha papeleta tipo de Catalogación Gráfica sobre un interesantísimo templo románico, pouco coñecido, con adicións do XV (capela de San Gregorio), do XVI (Sanctián), e posteriores (capela do Rosario). Traballo sinxelo ilustrado discretamente, verdadeiro modelo en todos os sentidos.

Este último ensaio citado, Tobío dividiuno en varios apartados: «Descripción», «A capela de San Gregorio», «A Sancristía» e «A capela do Rosario». Alén de rebater certas apreciacións de Villaamil sobre a fasquía da igrexa e de aclarar quen eran algúns dos persoeiros relacionados por un motivo ou outro co templo (os Gaymonde, forma antiga do apelido Gueimunde; os Pardo de Cela; os Pardo Vaamonde que emparentaban coa súa propia nai...), Tobío pon especial interese en salientar o que de meritorio hai na igrexa desde a perspectiva artística, sexan as pezas procedentes do derruído convento de Santo Domingo e gardadas na capela do Rosario, sexan as inscricións, escudos e sartegos existentes, sexa o grupo escultórico da Angustia, sobre o que escribe, sen reprimir o entusiasmo, que «mesmo dá xenio ollar de belido».

No boletín *Nós* publica Tobío o 15 de setembro de 1931 (n.º 93) tres breves nótulas: unha filolóxica sobre a palabra «farxácola», que aparecía en documentos composteláns do s. XVI para designar certo tipo de doenza; as outras dúas, antropolóxicas, sobre dous ritos relixiosos populares: a ladaíña de Santa Tegra («Deus ouvid' a nós», que constituía entón un dos poucos casos de mantemento do uso litúrxico do idioma galego) e o costume de «poñe-lo santo» na capela de San Roque de Viveiro.

Todos estes traballos testemuñan, sen dúbida, a súa querenza investigadora por cuestións relativas á súa bisbarra natal e poderían ter tido continuidade se no camiño do mozo Tobío investigador non se cruzase o egoísmo e a astucia do daquela cronista oficial de Viveiro, o subdiácono Jesús Noya González, excesivamente celoso de que ninguén remexese naquilo que consideraba «os seus papeis»... En *As décadas* (pp. 147-148), Tobío evoca o momento en que, despois de obter o correspondente permiso do alcalde, entra con Pepe Casariego por vez primeira no faiado da casa consistorial:

[...] o espectáculo que alí atopamos era, en verdade, abraiante. Os papeis amoreábanse no chan, contra as paredes, ou aparecían ciscados por todas partes, esfolados, porcós, desfeitos, cheos de bechos. Poñer un pouco de orde naquela barafunda parecía labor

imposible pero non recuamos. Había documentos de moito tipo, non só do concello senón tamén xudiciais, do porto, da alfándega, notariais, todos revoltos. Procuramos buscar e apartar os documentos do concello, principalmente os libros de actas, e descubrimos que nun deles estaba a referencia á construción da porta da ponte polo ‘mestre de sillería de pedrero’ Pedro Poderoso. Tamén atopamos a carpeta dun pleito con baleiros vascos que me servirá para facer unha comunicación ao Seminario que ha ser publicada no volume I dos seus Arquivos [...].

O noso traballo seguiu arreo durante varios días pero o Pepe chegou a ter abondo de tanta porcallada, poeira, pulgas e a calor atafegante do verán naquel faiado, e deixou de vir; pero eu continúei aínda por algún tempo. Ao cabo, apartado o que pareceu máis importante, convencín ao alcalde e máis ao secretario de que trasladaran todos aqueles documentos ao primeiro andar e que os gardaran nunha vella e fermosa librería de castiñeiro, tallada, que alí tamén atopara e que podía repararse. E con esto din por rematada a cousa e o alcalde mandaranos despois un oficio agradecendo o noso labor e mesmo prometendo, coma agradecimento, algún presente que nunca chegou a concretarse.

Hai, en fin, unha anécdota que ilustra perfectamente o perenne cariño e o afán de divulgación que Tobío manifestou polas «cousas» culturais do seu Viveiro. Cando funda o SEG coméntalle a Filgueira Valverde, fillo dunha cidade de tanta tradición «maioleira» como é Pontevedra, os pormenores da celebración desa festa entre nós (*Aí vén o maio, pola calle de Arriba; / aí vén o maio de arroubar a Marabilla...*) e Filgueira coméntallos, pola súa vez, a un organista da catedral santiaguesa, de maneira que acabou resultando que «un domingo, cando a procisión do cabildo na misa maior daba a volta pola Soledade, escoitei, non sen emoción, no órgano, ennoblecido pola arte, solemne e grandioso, aquel ‘*Maio, maio, entra de crego...*’ do meu Viveiro» (*As décadas*, p. 29).

Finalmente, traballou o noso Tobío co propio Filgueira Valverde nun proxecto, finalmente frustrado, de edición crítica do *Codex Calixtinus*.

#### 4. UN PROFESOR INNOVADOR NA UNIVERSIDADE COMPOSTELÁ

En contraste co fervedoiro intelectual que era o SEG, valoriza Tobío, en *As décadas* (p. 132), o ensino oficial na Facultade de Dereito nestes termos:

tiña un aquel pousón e rutinario que non ía máis alá de formar profesionais discretos, no mellor dos casos, ou dar unha base mínima para futuros avancements dos que delo tivesen anxeio. Non se facía investigación, non había seminarios e, todo o máis, dábanos unhas clases prácticas pola tarde a cargo de axudantes que, polo xeral, reducíanse a facernos aprender os textos legais e presentar algúns exemplos de aplicacións prácticas deses textos.

O estudante Tobío, namorado da ciencia política e mais do dereito público, en contraste coa para el «secura do dereito privado ou a esquemática e deshumanizada dureza do dereito penal», licenciouse en 1927 e obtivo o título de avogado coa cualificación de «Sobresaliente y Premio Extraordinario». Convén ter presente que, ademais de bo estudante en termos académicos, Tobío foi obxecto do afecto e admiración de moitos dos seus compañeiros. Cando en 1926 resulte premiado nun autodenominado «Certame Nacional del Ahorro», os seus camaradas de aulas tributaránlle unha concorrida cea de homenaxe. O viveirense, profundamente emocionado, pronunciou un breve discurso, glosado así na crónica do acto que ofreceu *El Pueblo Gallego* (19.III.1926, p. 9):

comienza diciendo que agradece en el alma la intención, el cariño, la adhesión sincera, que tiene el homenaje que se le tributa, pero que él no merece, ya que sus cualidades son las de trabajar y se considera uno de los menos en todo momento. Pero que llevará grabado en el alma este momento tan saturado de emoción, tan demostrativo de las nobles dotes de afecto y de cariño que caracterizan a la siempre gallarda clase escolar. Habla luego del compañerismo, de las simpatías y del humor juvenil, de las juventudes apasionadas y conmovidas.



El discurso del señor Tobío es calurosamente acogido por todos los comensales, que lo aplauden con estruendo y con enardecimiento.

Aínda que comezou a preparar co seu amigo guardés Xoaquín Sobrino as oposicións a notarías e rexistros (*As décadas*, p. 186), ao pouco tempo ofrecéuselle a oportunidade de optar a unha praza de profesor auxiliar da cátedra de Dereito Administrativo na Universidade compostelá (*As décadas*, pp. 195-196), que desempeñaba o intelectual andaluz e republicano traxicamente asasinado no 36 en terras granadinas Joaquín García Labella.

O noso novo docente, curtido desde había un lustro no traballo investigador e multidisciplinar do SEG, tiña as ideas moi claras a respecto dos métodos que había que desterrar da práctica universitaria e das orientacións renovadoras que cumpría canto antes impulsar. Así o pon de manifesto nas páxinas do xornal olívico *El Pueblo Gallego* no artigo «La necesidad de un Ateneo Jurídico» (Tobío, 1927a):

Es innegable que un renacer vigoroso apunta en el seno de nuestra Universidad. Como, en general, en el de toda la Universidad española. Se observa un deseo de superar los viejos métodos, un acuciamiento de investigación seria y ponderada, un ansia de alcanzar el ritmo científico de los pueblos más progresivos. Índice de vida y dinamismo potenciales, preñado de grandes posibilidades, de promesas halagadoras.

Todas las Facultades forman sus núcleos de trabajadores coincidente en la común idea. El mismo pensamiento les reúne en torno a un grupo de problemas científicos, en verdadera comunión espiritual, a profesores y alumnos. Unos y otros laboradores de la misma obra de descubierta; aquéllos como guías, éstos como exploradores primerizos. Ya no a guisa de la vieja idea que hacía al profesor arcano de toda la ciencia y reducía el papel del alumno a asimilarse por imitación lo que podía del saber de aquél, sino como solidarización de unos y otros a un fin común que está fuera de ambos.

No mesmo artigo engadía acerca da actitude do alumnado que

no basta que cumpla con su función de alumno que escucha las explicaciones del profesor, toma sus apuntes, consulta su texto y prepara su programa. Debe hacerse también a la creación de nuevas ideas. Si se reduce a repetir la idea de otro acaso con ello quede satisfecho su deseo de ciencia. Conviene que sobre las ideas asimiladas actúe su intelecto re-creándolas y haciendo fecundo así, vital, variado, el estudio.

Ademais de impartir clases prácticas e substituír a García Labella cando se ausentaba da cátedra, Tobío encargouse da biblioteca da Facultade e realizou unha profunda remodelación, reorganización e renovación desta que foi moi gabada polos seus colegas (*As décadas*, p. 196). Romperá, por outra banda, o molde diglósico preestablecido e impartirá en galego un curso de «Historia do Dereito Galego», o que constitúe o primeiro acto de emprego do noso idioma como lingua vehicular nas aulas da Universidade santiaguesa en toda a súa centenaria historia. Desde logo, non era nimia esta «fazaña» idiomática do viveirense porque acto tan dignificador da nosa lingua aconteceu en plena ditadura primorriverista e baixo o reitorado de Blanco Rivero, nada proclive desde logo á idea.

Ao pouco tempo, Tobío viuse obrigado a realizar o servizo militar en Compostela (*As décadas*, p. 203 e ss.). O seu cuartel estaba na rúa do Hórreo, no edificio da antiga Facultade de Veterinaria, hoxe sede do Parlamento autonómico. Para ingresar na Arma de Artillaría, por problemas co talle, houbo botar man da recomendación dun coronel viveirense, Cecilio Bedia de la Caballería. Logo valeuse dos cursos de complemento, que realizou brillantemente, para ascender sucesivamente a cabo, sarxento e suboficial e licenciouse en novembro de 1928 tras nove meses de «mili».

## 5. A FRUSTRADA ACHEGA LITERARIA DE LOIS TOBÍO

Pola mesma época de activismo no SEG e coma moitos outros dos seus compañeiros<sup>6</sup>, Lois Tobío sentiuse convocado polos reiterados chamamentos que Leandro Carré Alvarellos e Ánxel Casal facían desde A Coruña para alimentar con novos orixinais, esteticamente renovadores a ser posible, a súa colección de novela curta en galego «Lar» da editora homónima.

Comezou entón a confección dunha novela que por avatares diversos ficou inédita ata 2006 cando, xa morto o seu autor e coincidindo co primeiro centenario do seu nacemento, a súa filla, Constanza Tobío Soler, llela entregou ás beneméritas Edicións do Castro de Isaac Díaz Pardo para a súa publicación: *A nova vida*<sup>7</sup>.

Como é sabido, esta novela está ambientada en boa parte dos seus capítulos nunha vila do Cantábrico galego, de casas con tellados de lousa, presidida polo monte San Roque, situada na desembocadura dun río onde se sitúa o pozo de Piago e o lugar de San Andrés de «Portolongo» (=Portochao) e enclavada, ao mesmo tempo, no fondal dunha ría, desde onde se divisa a illa «Leporeira» (=Coelleira). En síntese, o Viveiro natal do autor de comezos do século XX, cos seus trincados e vapores, as súas tabernas mariñeiras, os seus comercios burgueses, os seus traballadores das minas, as súas descargadoras do sal, os seus banqueiros enriquecidos, os seus escribas, as súas tradicións festivas e tamén cos seus modismos fonéticos, morfolóxicos, léxicos e fraseolóxicos característicos: *nosoutros, vosoutros, qués, golpe, cerolleira, mexamorno, abitar, fuches, unha miaxa, piola, cocho, parrocha...*

---

<sup>6</sup> Así, Filgueira Valverde con *Os nenos* (1925) e *O vigairo* (1927), Fermín Bouza Brei coas *Cabalgadas en Salnés* (1925), Xulián Magariños Negreira con *O Kalivera 30 HP* (1926) e *O filósofo de Tamarica* (1926), Felipe Fernández Armesto con *Xelo o salvaxe* (1926), Xoán Xesús González coa novela *Ana María* (1925), Ánxel Romero Cerdeiriña con *O Karma de Farruco Filgueira* (1926) etc.

<sup>7</sup> Esa edición correu ao coidado de Xosé Ramón Fandiño Veiga, con cuberta de Xosé Vizoso e unha tríade de textos prologais, asinados por Martul Tobío, Nuevo Cal e a propia Constanza Tobío, respectivamente.

O argumento da obra, que está dividida en 26 capítulos, é relativamente sinxelo. Antón, un fidalgo vilego orfo de pai desde moi cedo, de infancia triste e carácter pusilánime, soña co suicidio como forma de liberarse da vida que leva, profundamente insatisfactoria. A súa sogra e a súa muller, que asoballan nel, malgastan o capital familiar montando un negocio ruinoso (unha funeraria) e hipotecando a casa, o que forza a Antón, aconsellado polo escribán don Lorenzo, a emprender o camiño da emigración. Despois de viaxar desde Viveiro a Lugo e de pasar a noite en Santiago, agarda polo buque en Vigo e é vítima dun calote. Xa na travesía, fai amizade con outros pasaxeiros e, afectado por unha profunda transformación anímica, amósase disposto a emprender unha nova vida en Cuba momentos antes de desembarcar.

Como adiantamos, numerosos trazos de *A nova vida* responden claramente ao espírito que animou e caracterizou, en liñas xerais, a colección de novelas de «Lar», dentro da xeira de modernización e popularización da narrativa galega emprendida neses anos polo galeguismo. Así, a localización basicamente vilega e urbana; a introdución de personaxes de clases medias en calidade de protagonistas, dentro dunha estratexia de dignificación social da lingua que xa promovera no seu día Ramón Cabanillas coa súa peza teatral *A man de Santiña* (1919); a abordaxe da temática da decadencia da fidalguía vilega a mans da burguesía foránea (tema moi prezado por outros galeguistas escritores, como Otero Pedrayo e Álvaro de las Casas); a presenza de certos detalles de humorismo macabro que beben de obras previas como *Do caso que lle aconteceu ó doutor Alveiros* (1919) de Risco e *Un ollo de vidro* (1922) de Castelao; as referencias aos «indianos» e á emigración, realidade que marca a sociedade viveirense de comezos da vixésima centuria abordada por Antón Villar Ponte na peza *Almas mortas* (1921), e, por último, a inclusión da breve historia dos amores enganosos entre «Benigno de Pol» e a sogra do protagonista, «Filomena», prototípica de certa clase de novelas «románticas» ou folletinescas moi lidas na época.

Lois Tobío, que tamén se atreveu co cultivo da poesía nesta época da súa traxectoria baixo a máscara pseudonímica de «Lois de Chousela», abandonaría

finalmente o trato coas musas propias e envorcaría todo o seu saber literario e lingüístico na etapa do exilio na sempre difícil tarefa de traducir textos de autoría allea: Percy B. Shelley, John Keats, Alfred Tennyson, Paul Verlaine, Arthur Rimbaud, Rainer M<sup>a</sup> Rilke, Goethe, Bertolt Brecht, Heinrich e Thomas Mann, Herman Hesse...

## 6. LOIS TOBÍO E OS AVATARES DO GALEGUISMO BAIXO A DITADURA DO XENERAL PRIMO DE RIVERA

Como xa adiantamos en liñas precedentes, non consta a adhesión expresa do mozo Lois Tobío á ING de Vicente Risco, por máis que o líder nacionalista ourensán tivese moito que ver cos labores dalgunhas seccións do SEG e co propio boletín *Nós*, mais tamén non é Tobío dos que acoden ao chamamento público de Antón Villar Ponte no verán de 1925, a través das páxinas do diario vigués *Galicia*, para a creación dun «Partido Liberal Autonomista Galego», finalmente *non nato* (Ínsua, 2016: 517-526).

Todo parece indicar que o mozo Tobío asiste con relativo distanciamento tanto á desfeita da organización nacida após a IV Asemblea das Irmandades en Monforte como a ese intento prematuro de vertebrar un novo nacionalismo en alianza cos sectores republicanos e democráticos. Entre 1923 e 1926 semella centrarse nas tarefas culturais e investigadoras do SEG, mais por debaixo desatona corre un poderoso río de influencias e relacións que acaban decantando definitivamente o seu pensamento e a súa praxe. Coas súas propias palabras (*As décadas*, p. 168):

A tensión política era naqueles anos crecedeira con resistencia cada vez maior á ditadura. Esa tensión manifestábase en dúas direccións principais no mundo universitario de Santiago, a galeguista e a republicana. O galeguismo era, xa que logo, republicano

tamén, pero puña por diante o problema de Galicia pois sabíase que moitos republicanos eran centralistas, unitarios, de mentalidade xacobina. O Seminario [de Estudos Galegos], anque non era político en sentido estricto, infundía un interese e amor cara a nosa terra que había ter a súa repercusión no político para os que comezábamos. Doutra banda, nel entraron moitos galeguistas, desde vellos rexionalistas, coma Cabeza de León, o seu presidente, ata xente das irmandades, nacionalistas netos. Foi o contacto coeles, lecturas e reflexións o que, pouco a pouco, espertara en min, coma noutros compañeiros de entón, o sentimento da galegitude, a conciencia de pertencer a un grupo con características de seu que o ensino oficial nos acochara.

Non pode descartarse, así e todo, que estivese ao tanto e se cadra fose tamén partícipe directo nunha medida que descoñecemos dos intentos de reorganización galeguista alentados desde 1925 por algúns sectores xuvenís. Efectivamente, mozos residentes en Madrid (Luís Cortón, Xesús Carracedo, Lois Cortiñas...) encabezados por Fermín F. Penzol refundaron a «Mocidade Céltiga», xa desvinculada da ING, e dirixíronse a outras agrupacións como o «Comité Revolucionario Arredista» de Fuco G. Gómez na Habana, o SEG, o grupo galaico-arxentino de *A Fouce* e a Mocidade Cultural Galega de Compostela, dirixida esta última por Manuel Beiras García, para concertar unha estratexia común de significación abertamente *arredista* e articularen unha organización clandestina e disciplinada «de escolleitos» (*Grial*, n.º 73: 319-321), á que se referirán como «X. A. de M.», siglas que interpretamos como «Xuntanza Arredista de Mocidade».

Aínda que eses intentos de reorganización non callaron, serviron para establecer redes epistolares e humanas ás que Lois Tobío non sería alleo e que servirían no futuro para sustentar o activismo antiditatorial e prorrepblicano que se manifestou na Galiza con especial intensidade nos anos finais da ditadura de Primo de Rivera. O propio Tobío reconece o carácter numericamente reducido e socioloxicamente limitado de participantes nesas redes activistas do galeguismo antiditatorial, mais pondera asemade a súa cualificación e entrega nestes termos (*As décadas*, p. 168):

[...] os galeguistas éramos poucos, anque bos e dispostos a facer todos os sacrificios necesarios a prol da Causa; e ademáis estábamos unidos por unha estreita e cordial irmandade, vantaxe e virtude dos grupos pequenos, mesmo sendo diferentes noutros eidos da ideoloxía política. Formábase unha minoría de clase media, empregados, profesores, profesionais, estudantes, artesáns; pero case non había obreiros.

Na Compostela de 1925 a 1929, Tobío ten trato asiduo con artistas como Asorei, Luís Seoane, Maside, Manuel Colmeiro, Xosé Eiroa e Camilo Díaz Baliño; con musicólogos

como Xesús Bal y Gay; con xornalistas novos como Xoán Xesús González, Rafael Dieste, Felipe Fernández Armesto, Correa Calderón, Luís Manteiga e Juan González del Valle; con poetas como Feliciano Rolán e Augusto M<sup>a</sup> Casas; con novos escritores como Fole e Cunqueiro; co daquela libreiro da «Niké» Arturo Cuadrado etc.

O de Viveiro é plenamente consciente da crecente diverxencia que no seo da súa propia xeración, a chamada «do 25» ou do «SEG», se vai abrindo entre un sector plenamente identificado co galeguismo e respectuoso co maxisterio dos vultos da xeración das Irmandades e outro sector que pandea paseniñamente



Programa do 1º Congreso da Emigración.  
Deseño de Leopoldo Nóvoa

cara aos referentes políticos e organizativos hispanos, inicialmente desde posicións avanzadas ou de esquerda (Rafael Dieste, Xesús Bal, Fernández Armesto, Maside, Fernández Mazas, Eugenio F. Granell, Emilio González López...), aínda que algúns individuos como Euxenio Montes non tarden en manifestar tendencias filofascistas. Sinala o propio Tobío en *As décadas* (p. 159), neste sentido:

Había, emporiso, naquela mocidade unha certa polarización segundo que se dese a precedencia aos problemas de Galicia, o anaco de humanidade que tiñamos máis preto, ou aos do horizonte máis amplo e xeral e aos do estado español no que a nova xeración escolar madrileña era cabezoleira. Pois había daquela en Madrid un fervedoiro cultural e político que asenllaba [sic] rexenerar o estado e o vivir común en oposición á dictadura, seguindo a guía de mestres ilustres, moitos deles formados na liña da Institución Libre de Enseñanza. Este movemento irradiaba en maior ou menor medida a toda España. Ora, resultaba manifesto que, cando de España falaban, quer no espiritual quer no material, pensaban, máis que nada en Castela, Andalucía e Extremadura. Por esa razón, nunha parte daquela mocidade santiaguesa as cousas de Galicia estaba coma esquecidas ou embazadas porque o brillo da capital do estado non llas deixaba ver a xeito e, mentras uns centraban o seu interés principalmente no noso, outros centrábano no que en Madrid se andaba a facer e no que de alá viña. Non había guerra [...] entre eses dous sectores pois, alén da común arela de saber e de estar informados, achábanse unidos polo vencello e tarefa urxente de acabar coa dictadura. Doutra banda, a fronteira entre os dous sectores non era ríxida e pechada senón fluída e, por eso, non poucos pasarán máis adiante para a banda do galeguismo coma tamén haberá algún que pandee despois para o falanxismo [...]

Numerosos temas convértense en pedra de toque para a discrepancia entre ambos os sectores da mesma xeración: as orientacións culturais e políticas do galeguismo; as tendencias estéticas que debían fomentarse na literatura, no teatro e nas artes en xeral; o papel dos intelectuais na sociedade; a relación entre arte e sociedade; o rol da universidade; as dinámicas de relacionamento campo-cida-



de na sociedade galega; os criterios máis axeitados para a estandarización do idioma etc. Apelados polas correntes vangardistas, polas teorías de Ortega y Gasset sobre a «deshumanización da arte», polos polémicos escritos arredor da «hispanidad» de Unamuno e polas críticas do francés Julien Benda sobre a presunta *trahison des clercs*, unha parte dos intelectuais máis novos amosa a súa insatisfacción con moitos aspectos da cultura galega que deran posto en pé traballosamente os seus predecesores das Irmandades e rebélanse contra o seu maxisterio estético e ideolóxico.

Tobío non é un deles, desde logo, pois sitúase nunha clara liña de «continuidade» a respecto dos seus «mestres» e de persistencia na causa política e cultural do nacionalismo de matriz *irmandiña*: «Eu estaba, xa que logo, na banda dos galeguistas que se centraban esencialmente arredor do Seminario [de Estudos Galegos] pero relacionábame con uns e con outros porque non se trataba de capelas pechadas senón de grupos abertos» (*As décadas*, p. 160). Cabe ponderar esa aposta súa nun clima de crecente polarización ideolóxica: Tobío non adoptará nunca maneiras sectarias e será quen de situarse nunha «posición bisagra que caracterizaría o seu comportamento intelectual e persoal de por vida», en atinadas palabras de Xulio Ríos (2015: 32).

Dan perfecta conta das concepcións ideolóxicas que ten Tobío nesta altura algúns traballos seus publicados na prensa.

No artigo reproducido polo diario vigués *El Pueblo Gallego* o 5 de agosto de 1926 baixo o título de «O galeguismo do porvir», postula que o futuro do país pasa polo desenvolvemento cultural propio en constante diálogo con outras culturas, pola debida atención aos factores social e nacional conxuntados e pola solidariedade antiimperialista cos demais pobos do mundo. Tras descartar por atrasado e fracasado o ideal da autarquía, o de Viveiro afirma categórico que «se arelamos acadar compridamente a irmandade mundial, hémonos de asentar sobor da eisistencia de pequenas nazionalidades e da mutua comprensión».

Noutro traballo publicado en xaneiro de 1927 pola revista galaico-arxentina *Céltiga*, Tobío (1927a), a pesar de non deixar de acusar en certos aspectos as

lecturas de Risco e de Spengler, foxe finalmente do determinismo biolóxico ou racial e avanza as ideas da vontade colectiva, do optimismo e da acción, previa intensa propaganda conscientizadora, como verdadeiras pancas para o progreso do pobo galego:

Teño pra min que a decadencia dos pobos pende tamén moito da falla de vontade. Por iso coido en que o problema de Galiza, oxendía, do que depende a acelerazón e a mais fecunda froitosidade do seu progreso é un problema de vontade colectiva. É obriga dos novos apóstoles espertar esta vontade antre todol-os galegos e iste debe sere o fito principal das propagandas galeguistas. Semear nos espritos unha dinamicidade que aitive as potencialidades do noso pobo, afincada rexamente n' unha autoconcenza de superioridade e de fe cega na varileza e nas forzas da nosa raza e desbotando todo pesimismo morboso e toda vellouqueira pasividade.

A axitación estudantil antiditatorial liderada pola Federación Universitaria Escolar (FUE) acha en Compostela e no propio Lois Tobío grandes simpatías (*As décadas*, p. 201):

A grande maioría dos estudantes estaba en contra do réxime dictatorial e, na nosa facultade, non soamente eles mais tamén moitos dos catedráticos novos. En todas as universidades de España organizábanse protestas e folgas, respondendo á loita que tiña encetada a FUE. Devorábamos a prensa que estaba contra a dictadura, case toda, pero principalmente *El Sol*, os artigos de Moreno Villa e Ortega, as «Charlas al sol» de Heliófilo, e teimábamos descifrar o senso dos «Dibujos de almohadón» de Bagaría; e todo isto comentábamos en claustros e cafés. Seguíamos con paixón todos os incidentes e actitudes de desafío á dictadura, coma o desterro de don Miguel [Unamuno] e a pintoresca detención e interrogatorio de Valle-Inclán que dera ocasión a aquela sonada nota oficiosa sobre *el genial escritor y extravagante ciudadano*.

Por outra banda, neste período Tobío non oculta a súa curiosidade e crecente simpatía polo fenómeno da construción do socialismo na Unión Soviética, visto aínda con moita esperanza: «Líamos moito os escritores rusos [...]. A revolución rusa, noviña aínda, semellaba un abrente rosado cheo de promesas, comezo dun mundo máis xusto e máis human, e todo o ruso estaba de moda» (*As décadas*, p. 161). A estadia en Berlín, no curso 1929-30, non fará máis que incrementar esa corrente empática, pois en palabras do propio Tobío (*As décadas*, p. 245):

o marxismo, coma doutrina e coma ideal de vida, sentíase no ar, estaba presente nos círculos intelectuais, sociais, políticos, artísticos, para aceptalo ou para polemizar coel ou verbo de el. A sociedade soviética, relativamente nova, aínda mantiña o impetizo da época revolucionaria que a esclerosis burocrática e a corrupción lle farían perder máis adiante.

Nun momento dado Tobío sumará a súa sinatura á dos galeguistas que, desde a metrópole, apoiaron a liña editorial que lle imprimía ao xornal *El Despertar Gallego*, órgano da Federación de Sociedades Galegas bonaerense, o seu director, Alonso Ríos, fronte ás críticas e ataques que lle dedicaban diversos elementos socialistas da colonia galega emigrada. O citado xornal publicaba nas súas páxinas (n.º 150, 7.VII.1929) unha carta rubricada por numerosos intelectuais galeguistas que negaban que se tivese producido no rotativo galaico-arxentino, como argumentaban os detractores do futuro *Siñor Afranio*, unha evolución da liña editorial que atentase contra os principios democráticos da Federación:

debemos facer constar que, lectores asiduos de *El Despertar Gallego* en total-as etapas da súa vida, podemos asegurar que non temos notado, dende que a nova Xunta de que tan dinamente forma Vde. parte tomou posesión, outra variante na orientación do periódico que unha meirande simpatía pol-o ideario do Nacionalismo galego, sen que por elo teña trocado no máis pequeno a orientación de radicalismo político e social que o *Despertar* viña ostentado, nin se nota tampouco n-il a máis pequena veleidade conservadora

nin a máis mínima claudicación no seu ideario. E debemos tamén dicir que non é esta a primeira vez que o *Despertar* expón ideas nacionalistas, e que, en todo caso, o seu nacionalismo, nin agora nin antes, ten traspasado os lindeiros de un federalismo tido hoxe en moitos seitores democráticos e avanzados da España como unha solución asisada para a pacífica resolución de moitos problemas interiores. Veleiquí o que aparec de certo ante os nosos ollos de lectores imparciáis.

Por último, digamos que, nestes anos ditatoriais primorriveristas, Tobío compartirá inquedanzas co núcleo galeguista xuvenil de Viveiro durante as estadias vacacionais de verán na vila que o vira nacer. É así intenso o seu trato con Ramón Villar Ponte, Pepe Casariego («o máis efusivo e falador»), os irmáns Balbino e Pepe Cerdeiras, Félix González López, Modesto Vilar (que facía con el simpáticos e inofensivos experimentos de hipnotismo)<sup>8</sup> e Euxenio del Valle, «meu compañeiro de cantarola e parrafeos polo malecón» (*As décadas*, pp. 144-147).

## 7. UNHA VIAXE TRANSCENDENTAL: A ESTADÍA EN BERLÍN

No inverno de 1929, Tobío obtén unha pequena bolsa para ampliar os seus estudos de Ciencia Política na Universidade de Berlín e embarca desde Vigo no «Cap Arcona» con destino a Hamburgo. Unha vez alí colle o tren para a capital, á que chega no serán do día 14 de novembro de 1929 (*As décadas*, p. 210 e ss.).

Na Universidade berlinesa asiste ás aulas de Carl Schmitt e, sobre todo, do xurista Hermann Heller (1891-1933), de quen traducirá tempo despois, xa no exilio, a súa maxistral *Staatslehre* (*Teoría do Estado*). Frecuenta a «Preussische Staatsbibliothek» (Biblioteca Estatal de Prusia), con máis de dous millóns de

---

<sup>8</sup> O matrimonio de Manolo Vilar, irmán deste Modesto, e Maruja Casariego, irmá de José Casariego, a quen propuxera como membro do SEG, constituíu un dos apoios anímicos e amicais máis fortes que achou Lois Tobío na etapa do exilio: «Estar coeles era coma se me atopara unha miga no meu Viveiro do que falábamos a faltar nas nosas frecuentes xuntanzas».

volumes, onde «tiña á miña disposición todos os libros que precisaba sen máis que collelos dos estantes da grande sala circular» (*As décadas*, p. 230), e ingresa nunha irmandade de estudantes, a «Kurmark Brandenburg».

Ao mesmo tempo, convive con Felipe Fernández Armesto (*Augusto Assía*) e con Vicente Risco, quen, ademais de comer gustosamente as tortillas que o de Viveiro cocina para el, non lle oculta o seu disgusto pola rusofilia e o entusiasmo proberlinés que amosa<sup>9</sup>, se ben tamén lle agradece a súa conversa intelixente: «E eu recreábame na clareza luminosa do seu pensar, na repousada abelencia lóxica, no tino e no acerto extraordinario das súas sentencias, na súa dialéctica decote un pouco quente e vibradoira de sentimento, e ata gorentaba a súa voz, que semellaba ter ás veces coma un estrangulamento cordial no medio do seu cheo resoar de campá» (*Mitteleuropa*, p. 120). Pola súa vez, Tobío testemuña (*As décadas*, p. 241) que:

Por aqueles días da primavera de 1930 chegou a Berlín Vicente Risco con quen ía estar case a diario e con quen pasarei horas inesquecentes porque, malia o seu arraigañado e case visceral reaccionarismo e a súa visión pesimista do mundo e do futuro, era un espírito sutil e requintado, intelixente e culto, de parola irónica e enguedellante. As conversas que tiñamos coel o Armesto, o Canedo e máis eu eran sempre interesantes e polémicas anque sen chegar nunca á disputa, ao xeito noso, e mesmo tiñan ás veces algo de diálogo platónico [...]. O amor a Galicia era o máis forte vencello entre nós pero disentíamos nalgúns aspectos da súa potenciación e formalización. Risco, coa súa punxente capacidade analítica, arrenegaba do «progreso» en moitos dos seus aspectos, xusto naqueles en que Berlín era un dos centros máis vivos, e cando andaban a bulir unha chea de esperanzas despertadas polos acontecementos da posguerra e as dúas ideas-forza de nación e clase.

---

<sup>9</sup> Queixábase o autor de *O porco de pé*, concretamente, de que «o Fernández Armesto e máis o Tobío puxéronse en comunistas e rusófilos [...]. E botan por aquela boca toda a ortodoxia ou heterodoxia marxista, todo o economicismo, todo o materialismo histórico [...]» (cf. «Da Alemaña», *Nós*, n.º 92, p. 149).

Resulta claro o carácter decididamente esquerdista do pensamento de Tobío nesta altura<sup>10</sup>, moi influído pola visión socialdemócrata e filomarxista do xa citado Hermann Heller. En palabras súas (*As décadas*, pp. 245-246):

O meu mestre Heller polemizou co marxismo pero, en certa maneira, desde dentro, como socialista, criticando a unilateralidade de moitas das súas teses e conclusións. Pero a súa postura inicial e radical era tamén dialéctica e recoñecía o valor e vixencia da crítica marxista á sociedade capitalista; e o seu concepto de ‘normalidade’ non estaba moi lonxe do da ‘praxis’ marxista [...]. Estes serán, asemade, no sustancial os meus puntos de vista naquel tempo, e a verdade é que, nunha análise da realidade alemana de entón, podía terse a esperanza de que naquel país chegara a establecerse un tipo de sociedade, chamémoslle socialista ou mesmo comunista, sen as eivas, imperfeccións e atadallos da rusa, cousa que tendo en conta o nivel de cultura, eficiencia e disciplina da xente, semellaba factible.

Seguramente por isto non deixa de asistir ao mitin comunista do 1º de maio de 1930 en Berlín, escoita con suma atención nel o discurso do líder Ernst Thaelmann (*As décadas*, pp. 244-245), concorre ao teatro para ver representadas pezas de Bertolt Brecht, Max Reinhardt e Piscator, admira as caricaturas críticas de George Grosz e asiste a unha proxección do emblemático filme mudo «O Acoirazado Potemkin» (1925) de Serguei Eisenstein.

Tobío fai tamén amizade con José Canedo, con Ramón Gómez de la Serna e con Francisco Ayala. Este último ten confesado algunha vez que axudou ao viveirense a superar un fortísimo ataque de morriña que lle entrou aos quince días de estar en Berlín. Ayala conseguiu convencelo de que era un disparate

---

<sup>10</sup> Opina Xulio Ríos (2015: 54) que, en realidade, Lois Tobío «sempre se adscribiría a posicións de esquerda e mesmo marxistas no seo do galeguismo». Pola súa banda, Fermín Bouza Álvarez encadraríao como «un dos moitos burgueses e pequeno burgueses con cultura e estudos que vai optar [no 36] pola defensa da liberdade nas institucións republicanas» (*Homenaxes a Lois Tobío*, 2001: 25).

volver axiña a Galiza, sen aproveitar antes a fondo a oportunidade académica e vital que tiña por diante nun dos centros neuráxicos máis importantes da cultura europea da época: «De todos modos hubiera desistido, supongo; pero en aquella hora la vehemencia del propósito le atormentaba, y mis bromas amistosas contribuyeron, creo, a disipar su angustia» (*Homenaxes a Lois Tobío*, 2001, p. 18).

No «Romanisches Seminar» da Universidade de Berlín, dirixido polo austríaco Emil Gamillscheg (*As décadas*, pp. 231-234), Lois Tobío coñeceu a filóloga Margot Sponer, estudosa da nosa lingua e colaboradora do boletín *Nós* (Figueroa, 2017), e, convidado *ex professo*, imparte unha conferencia sobre «El momento actual de la cultura gallega» (*As décadas*, p. 232). Segundo recensiona o citado boletín ourensán (n.º 75), «obtivo co-esta confrencia un éisito remarcábele». Con todo, fracasará Tobío no seu intento de converterse en correspondente remunerado en Berlín do xornal *El Heraldo de Madrid* (*As décadas*, pp. 213-214).

A curiosidade e a aprendizaxe de Tobío en Berlín non teñen límites e respira a pleno pulmón a modernidade, a liberdade e o avanzado convivir que por todas as partes se respira: asiste a un cabaré de homosexuais («Eldorado») e a outro de lesbianas («Dorian Gray»); faise asiduo da tertulia que na súa casa mantén o profesor Gamillscheg; cultiva a amizade do xornalista demócrata Joachim Joesten; participa do ambiente nocturno da cidade («pola noite Berlín era un balbordar de músicas, bailes, coros, espectáculos de todas clases, divertimentos»); entra nas salas de cine para ver o último de Marlene Dietrich; visita museos (a Nationalgalerie, o Kaiser-Friedrich-Museum, o Museum Für Völkerkunde) e fica abraiado coa arte de Grosz, de cuxa obra informará ao seu regreso a Luís Seoane<sup>11</sup>; vai de excursión a Postdam; báñase no Wannsee rodeado de nudistas; coñece a Elisabeth, o seu primeiro grande amor... «Eu sentíame feliz en Berlín, coma se estivese no centro do mundo, pero o tempo pasaba e tiña que pensar no

---

<sup>11</sup> Así o indica tanto no artigo «Seoane na lembranza», *Grial*, Vigo, n.º 65, xullo/setembro de 1979, como en *As décadas*, p. 242.

porvir», explica Tobío (*As décadas*, p. 251) para xustificar que tal aventura vital e intelectual tivese que verse interrompida.

Así as cousas, regresa a mediados de 1930 a Compostela «máis europeu e máis galego» (*As décadas*, p. 253) para emprender unha nova xeira académica, intelectual e vital. Na entrevista con Carlos García Bayón para *La Voz de Galicia* (7.VII.1991), Tobío sintetizará, evocando a súa estadía no país teutón: «Alemania ha sido para mí el determinante más poderoso de mi formación. En Alemania bebí espíritu y método de trabajo, cultura, disciplina, sistema. Y crear sin vanidad».

## 8. REINCORPORACIÓN AO PAÍS NA *DICTABLANDA*

De regreso da súa estadía berlinesa, tan frutífera e intensa desde tantos puntos de vista, como acabamos de referir, Tobío procura reanudar a súa relación laboral coa Universidade compostelá e realiza en novembro de 1930 os exercicios de oposición á auxiliaría de Historia do Dereito que se convocaban por xubilarse o catedrático da materia, Rivero de Aguilar, e tiña como competidores a Narciso Vidal Fraga e a Rovira Sanz (de alcume *Mecachis-que-Guapo-Soy*), fillo do catedrático Isaac Rovira.

A brillantez con que Tobío superou estes exames foi causa de admiración para toda a comunidade universitaria compostelá da época, como pon de manifesto o testemuño do xornalista cesureño *Borobó* (*Homenaxes a Lois Tobío*, 2001, pp. 21-24), quen ao igual que Fernández del Riego asistiu naquel tempo ás súas clases:

Luís Tobío era entón xa un serio, circunspecto, doctísimo profesor, que acabara de gañar, nos derradeiros días do reinado de Alfonso XIII, a praza de auxiliar. Nunhas competentísimas oposicións, das que se falaba inda cando empecei a asistir á cadeira de Historia do Dereito que, por estar vacante, exercía Tobío [...]



Quedoume no caletre o recordo da lección na que explicou o que siñificaba pertencer a unha provincia. Eran as rexións conquistadas polos romanos [...] O territorio dos vencidos. Advertíase en Tobío a súa ideoloxía, colmada do espírito do Seminario de Estudos Galegos, cuia fundación encabezara tan de mozo.

Parecía Tobío nado para sentar cátedra na Universidade galega, e marchábase de cónsul a Bucarest [sic]. Perdíamos o millor dos profesores e a Minerva compostelana quedábase sen o seu claustal que millor podería engrandecela [...].

Foi unha mágoa, pois Luís Tobío tiña máis fachenda de mestre inxel que de diplomático.

O propio intelectual explicaría as orientacións e métodos que despregou nesta súa nova experiencia docente e confesaría, con indisimulado e lexítimo orgullo, a positiva e cordial resposta que as súas clases acharon entre o alumnado que as seguiu, entre o que figuraba o futuro escritor Ramón de Valenzuela (*As décadas*, pp. 253-254):

Fixen un curso enteiramente diferente dos acostumbrados, mesmo podo dicir que revolucionario. Comecei cunha introdución sociolóxica encol do dereito das sociedades primitivas e para os dereitos romano e xermánico utilicei bibliografía moderna e máis ca nada alemana. E rematei cun cursiño de historia do dereito galego que dei na nosa lingua [...] Coido que conseguira espertar interese pola materia nos meus alumnos e aquilo veu demostrarme que o desinterés de non poucos estudantes cara as asignaturas que cursaban cumpriría apolo, en moitos casos, á rutina e esclerosamento do ensino. Tan contentos e satisfeitos quedaron os meus discípulos que, cando rematou o curso, entregáronme coma homaxe e para lembranza un pergamiño, artisticamente caligrafado por Enrique Meyer, no que aparecen os nomes de todos aqueles rapaces debaixo da seguinte dedicatoria: *Aloisio Tobío Fernández iuveno magistro primi eius discipuli Compostelana in Academia intimo optimo labore perfecto memorabili academico curriculo anni MCMXXX et MCMXXXI mirantes gratulantes dicavere.*

Ademais de impartir aulas na Universidade, figura Tobío durante os primeiros meses de 1931 como profesor de alemán e membro da súa Sección de Letras no cadro de persoal da santiaguesa «Academia Nieves», na que o acompañan o presbítero Paulino Pedret Casado, Feliciano Rolán, Modesto Blanco López e o auxiliar Jesús B. González de la Fuente.

Canto ao plano político, a permanencia en Berlín impediulle a Tobío participar na VI Asemblea Nacionalista, a derradeira como tal das Irmandades da Fala, que tivo lugar na Coruña en abril de 1930. Nela, como é sabido, os *irmandiños* foron incapaces de consensuar unha única estratexia diante do panorama político que se abesullaba e, así, mentres uns apostaron por ingresar na ORGA en alianza cos republicanos (Antón e Ramón Villar Ponte, Luguís Freire, Ánxel Casal, Vitor Casas, Alfredo Somoza...), outros lanzáronse á creación dunha miríade de grupos e grupúsculos galeguistas remisos en todo caso a subsumirse na plataforma que lideraba Casares Quiroga<sup>12</sup>.

Aínda que Tobío participa nalgunhas xuntanzas clandestinas con Casares Quiroga e outros dirixentes republicanos «no reservado dun bar da praza do Instituto» en Compostela (*As décadas*, p. 255), desbota a integración formal na ORGA por falta de confianza na figura de *Casaritos*, como se deduce do retrato que del ofrece en *As décadas* (pp. 255-256):

---

<sup>12</sup> Entre eles cabe citar o Grupo Autonomista Galego de Vigo presidido por Paz-Andrade e no que se integraron figuras como Xavier Soto Valenzuela, Roberto González Pastoriza e un aínda adolescente Xaime Isla Couto; o Partido Galeguista e Labor Galeguista de Pontevedra que liderou Castelao na compañía de Alexandre Bóveda, Xosé García Vidal, Filgueira Valverde, Xerardo Álvarez Gallego e Claudio Losada; o Partido Nacionalista Republicano de Ourense que presidiu Otero Pedrayo; e a Irmandade Galeguista que liderou Vicente Risco, coa colaboración de *Ben-Cho-Shey* ou Leuter G. Salgado; a Irmandade Galeguista de Noia animada por Álvaro de las Casas; a Irmandade Galeguista vilagarcía que animou o curmán de Manuel Antonio *Roxerius* (destinado neses anos como mestre nas aldeas de Renza e Sobradelo), axudado por Xosé Núñez Búa, os irmáns Bouza Brei (Fermín e *Lucho*) e o ex-seminarista Aquilino Iglesia Alvariño; a Xuntanza Nazionalista da Estrada; o Grupo Autonomista de Arbo; o Comité Nazionalista Republicano de Catoira; o Grupo Autonomista Republicano do Grove; o Grupo Autonomista Republicano das Neves; o grupo galeguista de Redondela etc. (Castro, 1985; Beramendi, 2007; Ínsua, 2016).

A impresión que me produciu xa daquela foi máis ben decepcionante para conductor político. Era o típico señorito de A Coruña, liberal, snob, fino, sutil, unha miga escéptico, máis por consideralo elegante que por convicción, devoto da literatura francesa. Era o *enfant terrible* da sociedade coruñesa á que pertencía por vencellos familiares e eso dáballe prestixio entre as clases medias e populares, acrecentado por certos xestos irreverentes e iconoclastas de que todos falaban. [...] Haberá de ser un home soerguido a unha posición política que lle viña grande: Emilio González López hame confesar, moitos anos despois, no desterro, que o Casares fora unha criación dos republicáns de A Coruña que precisaban dunha figura de viso para poñela ao fronte, e que, polo seu carácter, era un inconsciente, un frívolo e un superficial. Cando chegue a ser presidente do goberno, coidará moi elegante non aqueloutrarse por nada, non lle dar importancia ao que estaba a pasar, tomar as cousas con calma, ao xeito inglés, mesmo se petaban forte.

Así e todo, Tobío non deixa de colaborar co núcleo republicano-galeguista de Viveiro, protagonizando un episodio revelador do compromiso político que abraza mentres se descompón a ditadura de Primo de Rivera. Tobío foi, efectivamente, un dos mozos que secundan a campaña dos irmáns Villar Ponte, dos socialistas e doutros sectores democráticos da sociedade viveirense para «recibir» o preboste ditatorial e ex-deputado liberal nos tempos do *turno* José Soto Reguera nunha viaxe de propaganda durante o verán de 1930. Este protagonizara diversos episodios de corrupción e nepotismo (presidencia do Ateneo madrileño, saltos do Alberche...) e aspiraba a revalidar a súa condición de deputado polo distrito nuns eventuais comicios próximos, que finalmente non serían outros que as municipais que trouxeron a República en abril de 1931. Cando Soto Reguera, aclamado polos seus máis estreitos colaboradores, como o presidente de «Vivero y su Comarca» (Taladríd Catá), entrou co seu flamante coche negro na vila no verán de 1930, atopouse cunha follas voantes que parodiaban, satirizándoo con enxeño, a «Marcha Triunfal» de Rubén Darío e mais cunhas pintadas no chan fronte ao Asilo que reproducían unha enorme bolsa de diñeiro,

rotulada co nome «Alberche», acompañada dunha frecha que sinalaba o edificio dos anciáns desamparados... (*As décadas*, pp. 153-154).

Convidado pola Federación Universitaria Escolar, FUE que presidía entón Domingo García-Sabell, Lois Tobío pronuncia en xaneiro de 1931 no Paraninfo da Universidade compostelá a súa conferencia «De la nueva juventud».

Nela, ademais de combater tanto o que el propio denomina «unilateralización» (excesiva especialización) do saber como as posicións ético-estéticas da «arte pola arte» e da «ciencia pola ciencia», propugna a necesidade de cultivar un novo humanismo integral que non esqueza a relevancia do factor económico no funcionamento da sociedade. Ao seu entender, «la primera tarea a realizar es la justicia social en el orden económico»<sup>13</sup>, polo que cabía emprender sen demora unha constante e teimosa acción a prol da xustiza con «intolerancia para todo lo malo». Após descualificar tallantemente o fascismo e o nacional-socialismo como bandeiras ideolóxicas para a nova mocidade, Tobío ten palabras de loanza para a política de desobediencia pacífica e acción directa que está a desenvolver nese instante histórico o líder nacionalista hindú Gandhi. Semellante rosario de ideas, confesaría Tobío (*As décadas*, p. 254), espertou a «punxente censura do catedrático Castroviejo».

Do mesmo xeito, a prensa da época fíxose eco da presenza de Tobío en actos de axitación antiditatorial, como un mitin realizado en febreiro de 1931 nun teatro da Coruña «organizado por las juventudes universitarias de izquierda» no que tamén peroraron Carnero Valenzuela, Luís Seoane, Xoán Xesús González e Laureano Santiso Girón<sup>14</sup>.

Fernández del Riego (*Homenaxes a Lois Tobío*, 2001: 38) deixou testemuño sobre o rol decisivo que exercía Tobío sobre os círculos do galeguismo en xeral e sobre a súa propia persoa en particular nesta fase inmediatamente anterior á mudanza de abril de 1931:

---

<sup>13</sup> Cf. «Scholarum. La VI Conferencia de la F.U.E.», *El Pueblo Gallego*, Vigo, 18.I.1931.

<sup>14</sup> Cf. *El Pueblo Gallego*, Vigo, 10.II.1931, p. 14.

Ouvimos a súa palabra na cátedra, na conferencia, en reunións coloquiais. O seu ensino, a súa condición de pensador intelixente, de intérprete da liña ideolóxica galeguista, pesaron moito na nosa primeira formación de home galego. [...]

Tobío dábanos [...] unha visión de Galicia ofrecida con claridade de ideas. Para construír a andamiaxe política do país, amosábanos a súa lección. [...] Suscitaba temas, debelaba conceicións caducas e os conceptos estancados. Loitou contra as rotineiras crítica[s] de frase feita de café, e contra a baixa estimanza da lingua propia.

## 9. LOIS TOBÍO E A PROCLAMACIÓN DA II REPÚBLICA

María Tobío describiu o clima de inusitada ledicia e fervente entusiasmo que a proclamación da II República o 14 de abril de 1931 espertou nalgúns dos seus irmáns máis vellos, Lois incluído, pois «estaban como tolos, entrando e saíndo a cada minuto e cantando o Himno de Riego» (María Tobío, 2003: 17)<sup>15</sup>.

Mais tamén deixou memoria María da actitude responsable, ecuánime e contemporizadora deses seus irmáns, que os levou a pasar algunhas noites de vixilancia nalgún dos conventos de monxas composteláns para evitar que se producisen os excesos anticlericais que se deron noutras localidades e que tanto condicionarían no inmediato futuro a percepción altamente negativa de boa parte das masas católicas cara ao novo réxime.

Lois Tobío integrouse na chamada Agrupación Nazionalista compostelá. A entidade celebrou unha primeira xuntanza organizativa baixo a presidencia provisoria de Francisco Vázquez Enríquez<sup>16</sup>, mais axiña elixiu unha directiva en firme na que figuraron Lois Tobío como presidente, Ricardo Carballo Calero

---

<sup>15</sup> O propio Lois Tobío describe o entusiasmo experimentado nese instante histórico en Compostela con estas palabras: «Todo o mundo se botou á rua en manifestacións espontáneas e algeireiras pero inocentes, a cantar vellas cancións revolucionarias, a Marsellesa, o himno de Riego, o himno galego, a Internacional e coplas ramplonas improvisadas para a ocasión con músicas de moda» (*As décadas*, p. 258).

<sup>16</sup> Cf. *El Compostelano*, 22.IV.1931, p. 1.

como vicepresidente, Xoán Xesús González como secretario, Luís Seoane como secretario de actas, Nazario Lois como contador e Sebastián González, Félix González, Xosé Eiroa e Queizán Hermida (pai da escritora M<sup>a</sup> Xosé Queizán) como vocais<sup>17</sup>. A esta Agrupación sumaríase en agosto de 1931 o editor e futuro alcalde galeguista Ánxel Casal, quen, logo do fracaso do xornal vespertino *El Momento*, decidira abandonar a cidade herculina e instalar a súa imprenta-editora en Compostela, na que imprimiría tempo despois xornais de esquerdas como *Claridad* (1934) e *Ser* (1935).

Como presidente da Agrupación Nazionalista compostelá, Lois Tobío toma parte na xeira de mitins que a entidade organiza en diversas localidades próximas á capital galega. O domingo 3 de maio acode ao teatro Constenla da Estrada, onde comparte atril con Banet Fontenla, Cabada Vázquez, Carlos Pardo Ciorraga, Xosé Núñez Búa, Valentín Paz-Andrade e Ramón Otero Pedrayo<sup>18</sup>. O 10 de maio intervén nun mitin no Teatro Principal de Compostela acompañado por Castelao. Días despois participa nos actos organizados en Catoira e en Bamio pola «Irmandade Galeguista» de Vilagarcía de Arousa canda Núñez Búa e *Roxerius*. Tamén viaxa ata a vila de Noia (*As décadas*, pp. 258-259):

Entre a mocidade de Santiago, universitarios e empregados, algúns decatábamonos de que boa parte da nosa xente, sobre todo no agro, pouco sabía do que significaba o cambio político e pensamos, se cadra con inxenuo simplismo, que cumpría explicarllo. Deste xeito encetamos unhas xeirias polas terras próximas a Santiago para expoñer, en termos sinxelos e sin ningún carácter partidista, as bases e vantaxes do novo sistema. Nesas ocasións axuntábase xente dabondo que seguía con interés o que lles dicíamos, naturalmente na súa lingua; víase que desexaban estar informados das cousas do goberno e da

---


<sup>17</sup> Cf. *El Eco de Santiago*, 30.IV.1931, p. 2. Na mesma xuntanza, o colectivo debateu as liñas xerais do Anteproxecto de Estatuto de Autonomía elaborado por Lois Tobío, Carballo Calero, Vicente Risco, Paz-Andrade e Alexandre Bóveda no seo dunha das seccións do SEG, e suscitáronse fortes debates arredor de cuestións como a libre importación de millo e o propio concepto de liberdade da terra.

<sup>18</sup> Cf. *El Pueblo Gallego*, Vigo, 6.V.1931.

política, que querían arrincar os tirelos con que, por tanto tempo, os caciques e a dictadura lles privaran de ver. Lémbrome que un dos sitios onde máis éxito tivéramos fora Noia. Aquela fermosa vila, chea de restos e recordos do pasado de oficios e comercio, seica me inspirara para facer unha exposición emocionada.

Por estes mesmos días, ademais, resulta elixido secretario xeral da «Juventud de la Agrupación al Servicio de la República» de Compostela, nunha directiva na que tamén concorren Arturo Cuadrado, Clemente Zapata, Marino García, Modesto Blanco, Xoán López Durá e Modesto Riveiro<sup>19</sup>.

E durante as vacacións dese verán de 1931, que pasou máis unha vez no seu Viveiro natal, confesa Tobío en *As décadas* (p. 260) que «con Ramón Villar Ponte e outros galeguistas organizamos varios actos para concienciar á xente encol da nova situación republicana e as perspectivas que se abrían para Galicia».



Carta de Otero Pedrayo a Tobío, 21-09-1947

<sup>19</sup> Cf. *El Pueblo Gallego*, Vigo, 10.V.1931, p. 9.

## 10. UNHA ACHEGA ESENCIAL DE TOBÍO Á LOITA AUTONOMISTA GALEGA

Profesor auxiliar da cátedra de Historia do Dereito na Universidade compostelá desde 1928, bolseiro na Universidade de Berlín durante o curso 1929-30 e director da Sección de Ciencias Xurídicas, Sociais e Económicas do Seminario de Estudos Galegos, Tobío fixo parte, con Alexandre Bóveda, Ricardo Carballo Calero, Valentín Paz-Andrade e Vicente Risco, do grupo que redactou a comezos de 1931, inmediatamente despois de proclamada a II República, un «Anteproxecto de Estatuto de Autonomía» (*As décadas*, pp. 259-260):

Cada un de nós tiña que presentar por escrito os seus puntos de vista e facelo axiña pois o ritmo daqueles días era febril e non había que perder o paso e ficar recuados; e por eso, todos, menos Risco, mandaran as suas notas de contado. Na biblioteca da facultade de dereito, Carballo Calero e mais eu, despois de estudar detidamente as aportacións recibidas e, tendo á vista, coma orientación e exemplo, os textos constitucionais ou estatutarios das nacións que chegaran ao autogoberno de resultas da primeira guerra mundial, fomos redactando o noso anteproxecto. Non puidemos ter en conta o material que, moito tempo despois, mandara Risco; e esto valeranos unha carta de queixa e de protesta do noso amigo, anque debo dicir que non houbera sido moito o porveito que houbésemos podido tirar do que el mandou porque viña ser máis unha disertación académica do que un preciso esquema de puntos concretos, que era o que nós precisábamos.

Impreso en Santiago o 6 de maio de 1931 e presentado na Asemblea Pró-Estatuto que tivo lugar na Coruña o 4 de xuño dese mesmo ano, convocada pola ORGA-FRG (Alfonso Bozzo, 1976; Velasco Souto, 2000; Viveiro Mogo, 2007; Ínsua, 2016), era este Anteproxecto, en palabras do propio Tobío, un «traballo teórico que puidera ser utilizado, como antecedente e aportación para a redacción do proxecto legal».



Escrito antes de que se celebrasen as eleccións a Cortes Constituíntes e antes tamén da propia constitución do Partido Galeguista, o Anteproxecto definía no seu artigo primeiro Galiza como «Estado libre dentro da República Federal Española»; declaraba a cooficialidade de galego e castelán, especificando que «non poderán desempeñar na Galiza cárgos públicos os que non coñezan a lingua galega» (art. 2º); permitía a agregación a Galiza de «calquera outro [territorio] colindante» (art. 5º); alargaba a condición de galego (en claro desmarque a respecto de calquera tentación xenófoba ou esencialista) a calquera persoa que se aveciñase no país ou fose descendente en primeiro grao de pai ou nai galega (art. 6º) e depositaba a soberanía de Galiza no propio pobo galego (art. 9º)<sup>20</sup>.

De todas as propostas articuladas que se barallaron durante eses anos para a concreción das ansias galegas de recoñecemento institucional e de autogoberno, o «Anteproxecto» de Tobío e Carballo Calero recolleu as posicións máis federalistas na articulación do Estado, as máis avanzadas en materia de recoñecemento da personalidade nacional galega, as máis decididas na oficialización do idioma.

Ben é certo que o presidente do SEG, Salvador Cabeza de León, nos primeiros compases da xuntanza coruñesa do 4 de xuño de 1931, procedeu á retirada do anteproxecto «a fin de dar facilidades para la discusión», que se centrou entón no anteproxecto presentado pola propia ORGA.

Efectivamente, varios persoeiros da propia ORGA (Antón Villar Ponte, LUGRÍS Freire, Arturo Taracido, Lois Peña Novo, Fernando Osorio Docampo e Alfredo Somoza, todos eles pertencentes ao sector nacionalista desa organización) elaboraran en paralelo unhas «Bases para el Estatuto Gallego», que, segundo recolle *El Pueblo Gallego* (27.V.1931), comezaban definindo Galiza como «estado autónomo dentro de la República federal española»; contemplaban a posibilidade de incorporación ao futuro Estado autónomo de territorios limítrofes histórica, étnica e culturalmente galegos; declaraban a cooficialidade idiomática de galego

---

<sup>20</sup> Cf. «El Estatuto de Galicia. Un anteproyecto del Seminario de Estudios Gallegos», *La Voz de Galicia*, A Coruña, 9.V.1931 e «Anteproyecto de Estatuto da Galiza», *El Pueblo Gallego*, Vigo, 10.V.1931.

e castelán (con obrigatoriedade de ensino das dúas linguas); e que a soberanía reside no pobo galego, a vontade do cal libremente expresada mediante sufraxio sería a única fonte lexitimadora do poder; recollían os dereitos básicos e o principio de igualdade dos cidadáns; procedían a repartir as facultades entre Poder Federal e Poder Galego e contemplaban o procedemento que había que seguir para a constitución dun Goberno provisorio do Estado Galego<sup>21</sup>.

Moi parecida ao «Anteproxecto» do SEG, aínda que talvez cun pendor un tanto máis moderado e posibilista en liñas xerais, era o relatorio achegado por Labor Gallega de Pontevedra que aparecía asinado por Castelao, José García Vidal, Xosé Filgueira Valverde, Cruz Gallástegui Unamuno, Xerardo Álvarez Limeses e Claudio Losada Fernández<sup>22</sup>. Estes dous anteproxectos, o do SEG e o de Labor Gallega, constituíron a proba palpable da implicación na Asemblea por parte dos galeguistas non integrados na ORGA.

Pola contra, as posicións máis regresivas encarnáronas o anteproxecto do Secretariado de Galicia en Madrid (entidade que presidía na altura Rodrigo Sanz, á que pertencía José Calvo Sotelo e que representaba na asemblea José Portas Fernández) e mais o do Instituto de Estudios Gallegos, presentado por Manuel Casás e Fernando Martínez Morás, que só defendía o recoñecemento da «Región gallega» dentro «del organismo de la Unidad Nacional Española» e que, se ben proclamaba o libre uso de galego e castelán, xa advertía no seu articulado sobre a necesidade de «fomentar y difundir la lengua castellana en la población rural», excluía completamente o galego dos niveis secundario e superior do ensino e proclamaba o castelán como idioma exclusivo de actas, escrituras e contratos oficiais<sup>23</sup>.

---

<sup>21</sup> Cf. «Bases para el Estatuto Gallego», *El Pueblo Gallego*, Vigo, 27.V.1931 e «El Estatuto de Galicia. Las Bases propuestas para la Asamblea», *La Voz de Galicia*, A Coruña, 27.V.1931 e 29.V.1931.

<sup>22</sup> Cf. «Ponencia de “Labor Galeguista de Pontevedra”», *El Pueblo Gallego*, Vigo, 4.VI.1931.

<sup>23</sup> Cf. «A modo de voto particular. Interesantes bases», *La Voz de Galicia*, A Coruña, 4.VI.1931.

En todo caso, cómpre que destaquemos que Lois Tobío participou moi activamente nesta Asemblea e, de feito, ocupou un posto na súa Mesa presidencial como secretario canda Filgueira Valverde e Xoaquín Lameiro, acompañando o presidente Antón Alonso Ríos, o vicepresidente Salvador Cabeza de León e os vocais Antón Villar Ponte, Osorio Tafall, Ramón Martínez López, Amancio Caamaño, Daniel Vázquez Campo e Blanco Torres<sup>24</sup>. Asuntos como a oficialidade lingüística do galego en igualdade co castelán, o outorgamento de plenos dereitos cívicos para a muller e o repartimento de competencias educativas entre Galiza e o Estado, así como diversas cuestións procedementais, fixeron que o debate nesta Asemblea fose moi acalorado, con continuas interrupcións, sonoras expresións de aprobación e desaprobación, retiradas e ameazas de retirada de varios asembleístas etc.

En plena resaca política da cita autonomista do 4 de xuño, prodúcese a publicación o día 14 dese mesmo mes dun manifesto da «Ezquerda Galeguista» compostelá. Nel os asinantes, entre os que destaca o nome de Lois Tobío<sup>25</sup>, declaran a monarquía «incompatibre coa nosa Terra» e a cuestión galega «incompatibre cos homes de Hespaña». Proclaman ademais o «dereito indiscutible do pobo galego a autodeterminar o seu destino», maniféstanse fartos de «componendas de antiga feitura», comprométense a «labourar solo pra Galiza» e deslíganse de todos os partidos «ata hoxe eisistentes», cos que só poderían pactar «no caso en que o ben de Galiza así o requira», desde «un contido manifestamente

---

<sup>24</sup> Cf. «La Asamblea galleguista de La Coruña. Ayer quedaron aprobadas en dos sesiones, las bases del Estatuto político de la región», *La Voz de Galicia*, A Coruña, 5.VI.1931 e «La Asamblea Pro Estatuto, en La Coruña. Ayer quedó redactada la Carta de Galicia», *El Pueblo Gallego*, Vigo, 5.VI.1931.

<sup>25</sup> Outros asinantes son Álvaro de las Casas e Ricardo Carballo Calero; os avogados Víctor Martínez, Modesto Blanco, José Caamaño, Cesáreo Vázquez Ulloa e José M<sup>a</sup> Vázquez; o científico José Carnero Valenzuela; o escultor Xosé Eiroa; o pintor Luís Seoane; os profesores universitarios Antón Fraguas, Clemente Zapata e Sebastián González; o impresor Ánxel Casal; os estudantes Francisco Gastañaduy, Juan Luis Ramos e López Durá; o xornalista Arturo Cuadrado; o médico Eduardo Sánchez Fraga e Xoaquín Lameiro; o perito agrícola Basilio Fernández Barbazán; o estudante de Maxisterio J. Rodríguez e o mestre R. Fernández Casas (Castro, 1985, I, 54).

esquerdista»<sup>26</sup>. Como colofón, confesan a súa desconfianza en que os candidatos triunfantes nas eleccións a Cortes Constituíntes do 28 de xuño respectasen o texto estatutario que se aprobara na asemblea do 4 de xuño e fan por iso declaración de abstencionismo diante deses comicios.

A póla compostelá do galeguismo que non se integrara na ORGA adopta, pois, unha posición para nada coincidente coa que abrazarán os núcleos pontevedrés e ourensán que preparan a marchas forzadas as súas respectivas candidaturas.

Con todo e con iso, Tobío e outros integrantes da Mesa que presidira a Asemblea coruñesa do 4 de xuño reuníronse nos locais da Reunión de Artesáns herculina, durante a mañá do domingo 12 de xullo, con parte dos deputados<sup>27</sup> que acababan de ser electos polas catro circunscricións galegas nos comicios lexislativos, co obxecto de arrancar deles un compromiso formal de apoio ao texto estatutario. De alí a pouco poñeríase en marcha un segundo proxecto autonomista que pasaría a se coñecer co nome de «Estatuto dos Parlamentarios» e que non lograría prosperar; o que deu paso ao terceiro e definitivo intento, o texto da Asemblea de Municipios de Compostela, que tardaría ata o 28 de xuño de 1936 en poder ser plebiscitado polo pobo.

## 11. O DOUTORANDO TOBÍO NO PERÍODO CONSTITUÍNTE DA REPÚBLICA

Xa proclamada a República e pasado o intenso momento inaugural do novo réxime, con fitos como a Asemblea proautonomista da Coruña do 4 de xuño e

---

<sup>26</sup> Cf. «Antes las elecciones. A esquerda galeguista fálalle ó país», *El Pueblo Gallego*, Vigo, 17.VI.1931.

<sup>27</sup> Asistiron en persoa Castelao, Nóvoa Santos, Antón Villar Ponte, Luís Cornide Quiroga, Alejandro Rodríguez Cadarso, Emilio González López e Ramón Suárez Picallo. Enviaron adhesión postal ou telegráfica Otero Pedrayo, Portela Valladares, Recaséns Siches, Ramón M<sup>a</sup> Tenreiro, Leandro Pita Romero e Manuel Vázquez Campos. O radical lerrouxista Emiliano Iglesias enviou un telegrama «expresando no poder admitir outra disciplina que la de su partido», en tanto que Calviño Domínguez fixo pública a promesa dos deputados por Lugo de defender a autonomía.

os comicios a Cortes Constituíntes do 28 dese mesmo mes, Tobío tivo vagar para pensar en si propio e no seu inmediato futuro persoal e profesional. Como quer que as súas inqedanzas académicas non estaban satisfeitas e como a pegada recibida en Berlín turraba por el cara a máis ambiciosos obxectivos no mundo intelectual, decidiu desprazarse a Madrid para realizar no vello casarón de San Bernardo os cursos de doutoramento<sup>28</sup>, que logrará superar con éxito (*As décadas*, pp. 261-263).

As clases ás que asistiu correspondían a tres materias: Política Social (que lle imparte o reaccionario Luís Olariaga), Historia das Institucións Políticas de América (da que eran profesores Rafael Altamira –o intelectual que anos atrás se fixera acompañar do viveirense Francisco Alvarado para realizar xiras pedagóxicas entre a colonia galega emigrada en América– e como auxiliar Nicolás Pérez Serrano) e Dereito Municipal (a cargo de Adolfo Posada como titular e Magariños, que cubría a súa ausencia).

Precisamente por encarga de Pérez Serrano, Tobío escribe nesta época diversas recensións e comentarios de traballos alemáns sobre a materia para a *Revista de Derecho Público*, que aquel dirixía. Para a materia de Rafael Altamira elabora, igualmente, un traballo baseado na comparación das normativas urbanísticas aplicadas na fundación en América de diversas cidades da man dos conquistadores españois. Comenta Tobío a este respecto: «O ensaio que fixen gustou moito ao Magariños, que o louvou na clase, e seica tamén a don Rafael [Altamira] a quen llo deu a ler» (*As décadas*, p. 263).

Nese curso 1931-32 en Madrid, Tobío frecuenta o Auditorium da Residencia de Estudiantes e asiste esporadicamente ás tertulias dos cafés, participando así da exaltada e intensa vida cultural que se despregaba na capital hispana nos primeiros meses do nacente réxime republicano. Do mesmo xeito, reúnese

---

<sup>28</sup> Tamén viaxa entón á capital hispana a súa irmá María, dous anos máis nova ca el, para opositar ao corpo auxiliar de Arquivos e Bibliotecas e colaborar nas tarefas investigadoras do Centro de Estudios Históricos (María Tobío, 2003: 17).

acotío para departir cos deputados Castelao, Antón Villar Ponte e Ramón Otero Pedrayo mentres duran os debates constitucionais (*As décadas*, pp. 260-261):

eu víame coeles case todos os días despois do xantar no café de Riesgo na rúa de Peligros pois atopábame en Madrid para facer o doutoramento. Comentábase a situación política e os problemas e perspectivas de Galicia, principalmente, tendo sido aquela a época da miña vida en que con máis lecer e de xeito máis seguido mantiven relación coeses tres grandes homes. Grandes, si, porque eran espíritos superiores, mentes claras con alteza de miras e recta moral [...]. Pola miña banda, era con Castelao con quen máis sintonizaba, máis que co Antón malia ser da miña vila. [...] Tres tipos humáns, logo, de nobreza, bondade e sabencia que foi para min unha regalía chegar a coñecer e tratar naqueles días. Poucas veces na miña longa vida haberei de atopar homes de tan excelsa calidade.

É entón cando se produce o chamado «escándalo da Bombilla», cando numerosos medios políticos e mediáticos, tanto da capital hispana como da propia Galiza, arremeten sen piedade contra os deputados galeguistas Otero Pedrayo e Castelao por declararen na sobremesa dun banquete organizado polo «Lar Gallego» en Madrid, que presidía Victoriano García Martí, a súa solidariedade coa causa autonomista catalá (plebiscito do 6 de agosto de 1931) e ameazaren retoricamente con tender os brazos a Portugal se non se lle recoñecía a Galiza o dereito ao autogoberno dentro da nova República española.


Finalizados os cursos de doutoramento, Tobío regresa a Compostela e reintégrase provisoriamente aos labores universitarios: atención da Biblioteca da Facultade e impartición de aulas como profesor auxiliar de Historia do Dereito.

## 12. TOBÍO E A FUNDACIÓN DO PARTIDO GALEGUISTA

É nesta época cando Tobío se afilia ao acabado de crear Partido Galeguista, no que conflúen moitas das agrupacións existentes en numerosas localidades desde

a asemblea *irmandiña* de abril de 1930. A propia Agrupación Nacionalista de Compostela aprobou na xuntanza do 1 de decembro, na que Tobío estivo presente, «sumarse al futuro Partido Galleguista y asistir a la asemblea constitucional»<sup>29</sup>.

O encontro constituínte celébrase en Pontevedra os días 5 e 6 de decembro de 1931, con participación de arredor dun cento de persoas, e Lois Tobío resulta elixido para integrar o Comité Executivo do novo partido<sup>30</sup>, o que fala moi ás claras do seu prestixio e valía a ollos dos seus correligionarios<sup>31</sup>. Eran misións dese Comité, que estaba composto por quince



Carta de Leopoldo Nóvoa a Lois Tobío

<sup>29</sup> Cf. «Agrupación Nacionalista de Santiago», *El Pueblo Gallego*, Vigo, 4.XII.1931.

<sup>30</sup> Ese Consello Executivo ou Nacional dotábase dunha Secretaría Executiva con catro responsabilidades: Xeral, Organización, Técnica e de Propaganda. A primeira tivo como responsables a Núñez Búa, Alexandre Bóveda, Filgueira Valverde e Pedro Basanta (Castro, 1985, I, 134).

<sup>31</sup> Na listaxe de concorrentes á asemblea, ademais dos deputados Castelao, Suárez Picallo e Otero Pedrayo, aparecen LUGRÍS FREIRE, Plácido R. Castro, Víctor Casas e Salvador Mosteiro, pola Irmandade coruñesa; Lois Cortiñas, pola de Betanzos; Banet Fontenla, Carballo Calero, Sebastián González, Ánxel Casal, Antonio Moar, Xoán López Durá, Xosé Cabada Vázquez e Vázquez Martínez, polo grupo compostelán; Leuter G. Salgado, Arturo López Trasancos, Felisindo Manzana, Xosé A. Varela, Xosé Gil, Xosé Luís Ramos



membros, «redactar os estatutos da organización, difundir o programa, facer a propaganda e levar a dirección política e técnica» (*As décadas*, p. 269).

O programa político aprobado na Asemblea recolle, entre outros aspectos, o dereito de autodeterminación política de Galiza «dentro da forma de goberno republicana»; a demanda dunha autonomía o máis ampla posible «como aspiración mínima e inmediata»; o antiimperialismo; a cooficialidade de galego e castelán; a igualdade de dereitos para a muller; un programa de reforma agraria; o fomento do cooperativismo; o recoñecemento xurídico das parroquias; a supresión das deputacións provinciais; a reinstauración do Dereito Civil galego; o recoñecemento dos dereitos sindicais; a creación dun tribunal superior de xustiza galego; o fomento da democracia directa e a municipalización dos servizos.

Segundo a crónica da asemblea constituínte do PG que ofreceu *El Pueblo Gallego*, Lois Tobío interveu en diversas ocasións durante os debates<sup>32</sup> e para *La Voz de Galicia* non houbo dúbida de que Tobío estivo canda Suárez Picallo, Paz-Andrade, Víctor Casas e Álvaro de las Casas entre os asembleístas que desenvolveron «particular actividad»<sup>33</sup>.

O apartado VII do programa que había que aprobar, relativo a «Problemas xurídicos», foi, ao que parece, «uno de los títulos más debatidos». Segundo o rotativo vigués antes citado,

---

Colemán, Xosé Goyanes, Ricardo Outeiriño, Vicente Bóveda, os irmáns Fernández Dacal, Manuel Pallarés, Carlos Pulido e Vicente Fernández, polo grupo ourensán; Paz-Andrade, Xerardo Álvarez Gallego, Elías Barros, Apolinar Torres e Ferro Couselo, polo grupo vigués; Xosé Núñez Búa, Luís Villaverde, *Roxerius*, Xosé Barral e Ricardo Trasmonte, polo de Vilagarcía de Arousa; Cruz Gallástegui, García Vidal, Antón Iglesias Vilarelle, Enrique Iglesias, os irmáns Gastañaduy, Alexandre Bóveda, Pedro Basanta del Río, Álvaro Gil, Filgueira Valverde, Barral Otero, Xosé Martínez, Emilio Álvarez Gallego, Ismael Sánchez Puga, Gonzalo Lucientes, Claudio Losada, Evaristo Mosquera, García Cabezas, Xosé Andrade, Emilio Abal, Varela Pazos e algún outro máis polo grupo anfitrión pontevedrés. A concorrencia completábase con elementos de diversas procedencias: Gonzalo Vázquez (Arbo), Xavier Fontán (O Barco), Xosé Suárez (Bazón-Narón), Alexandre Pérez (Catoira), Carlos Pardo Ciorraga (A Estrada), Enrique Peinador (Mondariz), Antón Alonso Ríos (Tomiño), Xerardo Fuentes (A Cañiza), Álvaro de las Casas (Noia)...

<sup>32</sup> Cf. «La Asamblea de Pontevedra. Ha quedado constituido el Partido Galleguista», *El Pueblo Gallego*, Vigo, 8.XII.1931, p. 9.

<sup>33</sup> Cf. «La Asamblea galleguista de Pontevedra», *La Voz de Galicia*, A Coruña, 9.XII.1931.



El señor Tobío, delegado de Santiago, solicita, en una enmienda, la modificación del artículo relativo al problema foral, en el sentido de que procede la extinción de todas las rentas forales otorgando o no el Estado la indemnización al dominio directo.

Esta proposta de Tobío foi replicada ou matizada por García Vidal, Cortiñas, Alonso Ríos e Paz-Andrade e, finalmente, «después de larga discusión se acuerda proceder a redactar nuevamente el artículo, recogiendo las modificaciones propuestas por el señor Paz-Andrade y por el señor Alonso Ríos». Desta arte, o enunciado final do punto programático ficou así: «Liquidación do problema foral mediante a extinción forzosa das rendas sin que se faga a costa do pequeno foratario rural»<sup>34</sup>.

O mitin de presentación do PG na Coruña, celebrado o domingo 17 de decembro de 1931 no teatro Rosalía, contou coa presenza de oradores como Víctor Casas, Manuel Lugo Freire, Ramón Suárez Picallo, Castelao e, subliñémolo, Lois Tobío Fernández<sup>35</sup>. O contido da súa peroración nese acto, que se produciu despois da intervención de Lugo Freire e antes da de Suárez Picallo, recolleuno así o cronista de *El Pueblo Gallego*<sup>36</sup>:

Defiende los ideales galleguistas, rechazando las objeciones que se le hacen.

Hoy –dice– el izquierdismo ha de tener mayor contenido económico y social. El mero izquierdismo político no es nada ni tiende a nada práctico.

Somos universalistas, pues aspiramos a que rijan el mundo una unidad armónica en que suene la voz de los espíritus nacionales con características propias.

Hay que darse cuenta de que de la catástrofe de la gran guerra solo se han salvado dos principios: el de clases y el de nacionalidades, que ha dado vida a nuevos Estados como Checoslovaquia, Polonia, Irlanda y ahora la India.

<sup>34</sup> Cf. «De la Asamblea de Pontevedra. Programa del “Partido Galleguista”», *El Pueblo Gallego*, Vigo, 11.XII.1931, p. 12.

<sup>35</sup> Cf. *El Pueblo Gallego*, Vigo, 25.XII.1931, p. 7.

<sup>36</sup> Cf. «Información de La Coruña. Mitin galleguista», *El Pueblo Gallego*, Vigo, 29.XII.1931.

Esos dos principios están en el ideario del nuevo Partido Galleguista.

La catolicidad de muchos nacionalistas gallegos es cosa íntima, personal. El Partido es neutro: admite todas las ideologías religiosas.

O 3 de xaneiro de 1932 ocupa tamén a tribuna no teatro García Barbón de Vigo canda Castelao e outros oradores galeguistas<sup>37</sup>.

Tobío fai parte dun pequeno grupo de oradores galeguistas que visita lugares da contorna santiaguesa para ofrecer mitins. Explícao el propio no seu libro *As décadas* (p. 270):

Para o labor de espallar as nosas ideas formábanse os que Castelao chamaba «equipos sonoros» con xente nova ou xa de antes que íamos de lugar en lugar, vilas e aldeas, «encendendo os corazóns» e explicando a situación do momento e os nosos eternos problemas. Eu participarei nalgúns destas xeiras en sitios máis ou menos próximos a Santiago e despois en Viveiro con Ramón Villar Ponte e máis outros. A corda que eu adoitaba tocar naquela orquestra era a dos imperialismos e a súa política de esganamento das pequenas nacións, das súas tradicións e xeitos de vivir, as súas falas e arelas de progreso, e de coma cumpría oporse a eles e loitar nesa dirección dacordo co punto IV do noso tetrálogo: «Galicia, célula de universalidade, antiimperialismo, federalismo internacional, pacifismo»<sup>38</sup>.

Un deses mitins tivo lugar o 9 de outubro de 1932 en Lavacolla coa participación do deputado Suárez Picallo, de Fernández del Riego e de Lois Tobío. A intervención do viveirense foi glosada por *El Pueblo Gallego* nestes termos<sup>39</sup>:

---

<sup>37</sup> Cf. *El Pueblo Gallego*, Vigo, 1.I.1932, p. 8.

<sup>38</sup> A respecto desta faceta propagandística e oratoria de Tobío escribiu Xulio Ríos (2004: 21): «Tobío explicaba nestas sesións as políticas imperialistas de esmagamento das pequenas nacións e o significado da “Galicia, célula de universalidade” que se incluía na Declaración de Principios do Partido [...]. Afablemente, Alexandre Bóveda, coñecedor da súa especialización neste eido, sempre lle andaba coa *tranganilla* de “¡agora que veña Tobío a darlle aos imperialismos!”».

<sup>39</sup> Cf. «Mitin en Labacolla», *El Pueblo Gallego*, Vigo, 13.X.1932.

Tobío Fernández, que es recibido con una salva de aplausos, comienza manifestando que es muy grande su emoción al ponerse en contacto con los campesinos de la tierra, máxime cuando, aunque él no sea labriego, desciende de una familia labradora.

Expone que el galleguismo es una fuerza democrática, porque en él no existe caudillismo. La política verdaderamente salvadora ha de ser la que se fundamenta en las realidades presentes y en las necesidades sociales, atendidos los caracteres peculiares de cada pueblo, por eso no pueden dictarse unas mismas leyes para todos. Glosa diversos puntos del programa galleguista, explicando la necesidad del cooperativismo como medio para racionalizar la producción.

Después de ligeras observaciones acerca de la orientación que debe darse a las sociedades agrarias, disponiéndolas para la autonomía, anuncia que va a hablar el diputado Suárez Picallo.

Poucas semanas despois, Tobío ofreceu no local da Sociedade Artística, sito na Acibechería, nun acto organizado pola agrupación compostelá do Partido Galeguista, unha conferencia baixo o título de «Galicia, pobo autónomo. Auto-determinación política»<sup>40</sup>.

Con todo, non figurará Tobío nas listaxes de delegados asistentes á II Asemblea do PG, que tivo lugar os días 10 e 11 de decembro de 1932, por atoparse xa en Madrid a piques de afrontar as oposicións á carreira diplomática. Pola agrupación compostelá asistiron nesa ocasión Xoán López Durá, Ánxel Casal, Francisco F. del Riego, Sebastián González e Blanco<sup>41</sup>. Tamén non renovará Tobío a súa condición de membro do Comité Executivo do PG, que pasará a estar integrado entón por Carballo Calero, Risco, Víctor Casas, Banet Fontenla, Ramón Villar Ponte, Varela Fernández, Pedro Basanta, Garrido e Illa Couto;

---

<sup>40</sup> Cf. *El Compostelano*, 16.XI.1932, p. 2. e 18.XI.1932, p. 2.

<sup>41</sup> Cf. «II Asamblea Regional del Partido Galleguista. Se ha celebrado brillantemente en Santiago», *El Pueblo Gallego*, Vigo, 13.XII.1932, p. 9.

cunha secretaría executiva formada por Alexandre Bóveda, Filgueira Valverde, Núñez Búa, Plácido Ramón Castro e Miguel Rodríguez<sup>42</sup>.

### 13. UN ARTIGO E UN FOLLETO DOUTRINARIOS DE LOIS TOBÍO

Coincidindo co proceso de xestación do Partido Galeguista e co debate sobre o dereito de Galiza a gozar de autonomía política dentro do Estado español, publicará Lois Tobío no boletín *Nós* as súas «Refreisións encol do momento aitual da Galicia»<sup>43</sup>, que espremen unha liña de pensamento claramente nacionalista e filoesquerdista.

Partindo dunha crítica sen concesións ao «simprismo» á hora de analizar as cuestións políticas complexas, como pode ser a da estruturación dun Estado, Tobío parte da evidencia de que nesa altura «anda a se desfacel-o vello Estado español, centraísta e infecundo». Nese contexto, considera que hai que estruturar Galiza «escolleitando o medio mais axeitado» e tendo presente que a boa política é sempre cuestión «de medios, de oportunidade, de comenencia, de eficacia». Por iso mesmo indica que «hai que sere autonomista, no caso de Galicia, porque samente nunha eistroituración autonómica toparemos a eficacia que se require» e porque «o melloramento da Humanidade hase de realizar, non *in abstracto* senón eiquí e agora». Nunha velada resposta aos ideoloxemas antiautonomistas que, baixo capa de «universalismo», eran defendidos por certa esquerda e facendo afirmación do acaído da solución soviética ao problema das nacionalidades («as entidades naturais do grande Estado ruso frolecen autónomas, libres pra o desenrolo do seu ser»), Tobío retruca cunha pechada e didáctica defensa do antiimperialismo, do pacifismo e do federalismo internacional,

---

<sup>42</sup> Cf. «Política gallega. La II Asamblea Galleguista. Acuerdos adoptados», *La Voz de Galicia*, A Coruña, 13.XII.1932.

<sup>43</sup> Cf. *Nós*, Ourense, n.º 95, 15.XI.1931, pp. 198-203.

estes ideolóxicos todos eles que figuraban, como é sabido, na propia definición programática aprobada polo Partido Galeguista na súa asemblea constituínte:

Cada un debe –sin xenreira nin odio pra as demais– traballar pola súa terra. Eis como o galeguismo é pra nós os galegos da Galicia o único axeitado, fecundo, eficaz método de contribuír ô erguemento da Humanidade enteira [...].

Amo â Galicia que de vida culta e rica e libre pol-o noso esforzo dará â Humanidade enteira a sua ricura. Galiza do mundo.

O xornalista *Johán Carballeira* citaría anacos enteiros do pensamento autode-terminista de Lois Tobío no seu artigo «Trasluz. Nuestra secular limitación política»<sup>44</sup> e expresaba plena coincidencia na análise sobre o momento transcendente que a loita pola consecución do Estatuto de autonomía representaba para o país:

Esencialmente –escribe Luís Tobío Fernández– a crisis de hoxe é unha crise de estruturas, de moldes, é decir: de «forma». O mundo, os pobos andan a percurar estruturas novas, aquecentes âs novas realidades. Hai un xurdir innegábel, onde queira, en fases distintas do seu progredir, certamente, mais unánime, nos corpos vivos, inmorrentes dos pobos opresos, das comunidades culturais, sacrificadas por unha domiñación política. E non podían morrer porque eran cousa natural, fonda e forte: o falso, artificial e postizo da estrutura non podía desfacelas pra sempre.

Tobío, nestas reflexións publicadas no boletín *Nós*, sitúa a tarefa prioritaria dun eventual futuro goberno autónomo galego en «percurar enantes de nada a emancipación económica do labrego e do mariñeiro» e son dous os requisitos irrenunciáveis que o novo réxime autonómico debería cumprir na súa opinión:

---

<sup>44</sup> Cf. *El Pueblo Gallego*, Vigo, 13.XII.1934.

o primeiro gozar de plenas competencias en materia económica e cultural, pois «de ren valería acadar unha autonomía manca», e o segundo colocar por diante sempre «o erguemento e a dinificación e a difusión e o cultivo da nosa lingua, a mais xurdia eispresión da nosa i-alma colectiva, a corporeización da nosa unidade como entidade cultural».

Este remate das «Refleisións» de Tobío no boletín *Nós* en 1931 pode conectarse perfectamente cos contidos dun folleto que, editado e repartido gratuitamente pola editora homónima de Ánxel Casal no Día da Patria de 1933 como suplemento do citado boletín canda un poema de Cabanillas e a letra do himno galego, levou como título «Por qué debemos falar en galego». O de Viveiro vincula nel a sorte de Galiza como colectividade á sorte do seu idioma, máxima expresión da súa alma colectiva e tesouro máis valioso co que contribuía ao acervo da Humanidade:

A laboura d'erguemento social e cultural de Galicia iría perdida se nos esquecérámos da fala, que é a investidura axeitada, a forma insustituíbel que debe leval-a nosa aportación ó progreso e â cultura do mundo enteiro.

Galicia realizará os anseios que andan agora a bulir adentro d'ela –anseios de riqueza, de ciencia, de cultura– dinificando, cultivando o galego, ou non-os realizará.

Dedica Tobío por iso mesmo acedas palabras condenatorias para aqueles galegos «que se avergoñan de falar en galego, que protestan cando se fala en galego en púbrico, despreciando eisí a máis nídia riqueza espritoal da Terra en que naceron, arrenegando d'ela, que é arrenegar da sua nai, da sua caste e de sí mesmos».

Afirmando o compromiso e optimismo da nova mocidade na causa da lingua e destacando as súas múltiples potencialidades, Tobío desprega varios argumentos identitarios, ideolóxicos e utilitarios para o seu uso constante e dignificador, tanto en público como en privado: ser o idioma «dos nosos antergos, o das nosas nais»; amosarse como o empregado pola «xente do agro e da mariña, os traballa-

dores da vila e os do campo», fronte ao castelán dos «señoritos vilegos»; ter dado ao mundo «obras xurdias de beleza inmorrente» como as dos trobadores medievais e as de Rosalía, Curros e Pondal; constituír un tesouro cultural e espiritual insubstituíble no conxunto da Humanidade; resultar, pola súa relación xenética co portugués (do que só o diferenciarían algunhas cuestións «de orde ortográfico e de pronunciación»), «un idioma de valor internacional» etc.

Moitos anos despois, ao conmemorar o cincuentenario da aparición do boletín *Nós*, Tobío deitaría novas reflexións moi lúcidas sobre a causa do idioma (Tobío, 1970), poñendo de relevo que editar unha revista cultural enteiramente en galego, como fora o boletín ourensán, constituíra unha auténtica ousadía no seu tempo e recoñecendo, ao mesmo tempo, que non resultara nada doado converter o *sermo vulgar* en vehículo total de cultura porque por mor da súa secular marxinação «mancáballe a riqueza, fleisibilidade e requintamento que son precisos pra servir de meio de cultura».

#### 14. UNHA CERTA EXTRAVERSIÓN: TOBÍO DIPLOMÁTICO DA REPÚBLICA

Botando un día unha ollada ao exemplar da *Gaceta* que acababa de chegar á biblioteca da Facultade de Dereito compostelá na que traballaba, Tobío tópanse coa convocatoria de oposicións á carreira diplomática (*As décadas*, p. 270):

e ao que lin as condicións e preparación que se precisaban para entrar nelas e vin o cuestionario, decateime de que podía doadamente presentarme porque reunía as condicións que se pedían e, tocantes á preparación, tratábase de materias que eu tiña dabondo traballado ou para as que posuía xa unha boa base.

Tobío será un dos 27 aspirantes, de máis de douscentos inscritos, que a comezos de 1933 aprobará esas oposicións cuxo tribunal estaba presidido por Améri-

co Castro<sup>45</sup>. O Seminario de Estudos Galegos, na reunión realizada pouco despois, sumábase ás celebracións polo éxito do seu fundador e directivo nos seguintes termos: «Acuérdase conste en acta la satisfacción del Seminario por el triunfo obtenido en las últimas oposiciones a diplomáticos habidas en Madrid, por Luís Tobío, miembro destacado y director de la Sección de Ciencias Económicas, Políticas y Sociales del Seminario»<sup>46</sup>.

O 25 de febreiro de 1933 o entón ministro de Estado, Luís de Zulueta, declarou a Tobío apto para seguir os cursos de preparación para ingresar na carreira diplomática. Tras varias aulas e conferencias de formación no Ministerio, en Madrid, unha viaxe de estudos por varias zonas de España (Andalucía, Levante, A Mancha...) e outra viaxe por diversos países e cidades de Europa (Xenebra, Praga, Viena, Budapest, Varsovia, Cracovia, Danzing, Berlín...), Tobío recibirá o día primeiro de novembro de 1933 o oficio, asinado por Sánchez Albornoz, que o facultaba definitivamente para exercer como diplomático co número seis da súa promoción.

Por certo que esa súa segunda breve estadía en Berlín, durante a amentada viaxe formativa, permitiralle constatar como o nazismo se infiltrara e sometera numerosos ámbitos da vida pública alemá, o que provocaría, por exemplo, a marxinação de profesores demócratas como os romanistas Gamillscheg e Margot Sponner. A súa noutroira namorada Elisabeth, coa que ten entón un breve encontro, amosa agora identificación coas ideas nacional-socialistas (*As décadas*, p. 287) e o propio Tobío, a quen o «jonsista» español Ledesma Ramos xa lle parecera «un fantoche presuntuoso e histriónico», non pode evitar protagonizar un incidente cos militantes *nazis* durante unha recepción oficial á delegación da que facía parte como el mesmo relatou en *As décadas* (p. 285):

---

<sup>45</sup> O xornal *El Compostelano* ofreceulles así a feliz nova aos seus lectores: «Mediante oposición obtuvo plaza en el cuerpo diplomático el profesor auxiliar de la Facultad de Derecho en nuestra universidad, D. Luís Tobío Fernández, a quien felicitamos» (Cf. *El Compostelano*, Santiago, 18.2.1933, p. 2).

<sup>46</sup> Cf. *El Compostelano*, 10.3.1933, p. 2.



Estaban xa os nazis no poder desde comezos do ano [1933] e o meu Berlín era xa ben outro. Non se vían máis ca bandeiras vermellas ca svástica por todas partes. Moitos SA fachendosos, desafiante, en parellas, a bater forte no chan coas súas altas botas. [...] Días despois ofrecéronnos unha recepción [...]. Tamén fomos invitados a un espectáculo que se deu no «Sportpalast» e que consistía nunha serie de cadros en que se presentaba a historia do exército alemán, desde as tribus xermánicas [...] ata as SA e os SS do presente, pasando polos lasnquettes, os granadeiros de Federico II e os soldados do casco picudo da primeira guerra mundial. A cousa pasara máis ou menos calma pero cando chegou o derradeiro cadro, o dos nazis, o público ergueuse de súpeto, coma un soio home, e, co brazo estricado, todos puxéronse a berrar como diaños: «Sieg Heil! Sieg Heil!»; e nós, que non nos erguéramos nin berrábamos ni estricábamos o brazo fomos por algúns minutos fitos das olladas, entre aglaiadas e furiosas, daqueles tolos.

Aínda que Tobío escolleu inicialmente como destino o viceconsulado de Xerusalén, intercambiouno co de Sofía (Bulgaria) a pregos dun compañeiro catalán de promoción: «Eu aceptei porque a min tanto me daba ún coma outro anque ao meu pai non lle apracera o cambio porque coidaba que a miña estada na cidade santa puidera aviventar o meu brasedo relixioso dabondo amortecido» (*As décadas*, p. 289).

En decembro de 1933, o viveirense facíase cargo do seu posto na embaixada española na capital búlgara. Alí inaugurou unha breve pero intensa etapa vital chea de experiencias e aprendizaxes que farían aínda máis rica, fonda e brillante a súa formación intelectual e política, mais que o extroverteu na práctica dos debates e avatares do movemento galeguista, co que só reanudarán vínculos durante o triste período da Guerra Civil, mais esa peripecia xa resulta para os límites deste traballo «fariña doutra muiñada».

## REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS

- ALFONSO BOZZO, A. (1976): *Los partidos políticos y la autonomía en Galicia, 1931-1936*, Madrid, Akal. (Colección Arealonga, 14).
- AXEITOS, Xosé Luís (2017): *Manuel Antonio. Unha vida en rebeldía*, Vigo, Xerais.
- BARREIROS, Cosme [F. FERNÁNDEZ DEL RIEGO] (1981): «A actividade do Seminario de Estudos Galegos no período 1923-1926», *Grial*, Vigo, 71, xaneiro-marzo, 99-101.
- BERAMENDI, Justo G. (2007): *De provincia a nación*, Vigo, Xerais.
- BERAMENDI, Justo G. / Ramón MAÍZ (comps.) (1991): *Los nacionalismos en la España de la II República*, Santiago de Compostela / Madrid, Consello da Cultura Galega / Siglo XXI.
- BOROBÓ (GARCÍA DOMÍNGUEZ, R.) (2003): *Libro dos exemplos*, Vigo, A Nosa Terra. (Colección Prensa & Creación, 12).
- CAPELÁN REY, Antón (1994): *Contra a Casa da Troia. Cultura e sociedade no Santiago dos anos trinta*, Santiago de Compostela, Laiovento. (Colección Ensaio, 45).
- CAPELÁN REY, Antón (1996): *Contra a Casa da Troia. Cultura e sociedade no Santiago dos anos trinta (e II)*, Santiago de Compostela, Laiovento. (Colección Ensaio, 78).
- CAPELÁN REY, Antón (2010): *Luís Seoane en Compostela e outros ensaios*, Ames, Laiovento. (Colección Ensaio, 270).
- CARBALLA, Xan (1987): «Luís Tobío. Falar da entrega submisa de Galiza ao fascismo é unha falacia histórica», en VV. AA., *O 36 na Galiza*, Vigo, A Nosa Terra, 51-55. (Colección A Nosa Historia, 1).
- CASTRO, Xavier (1985): *O galeguismo na encrucillada republicana*, 2 vols., Ourense, Deputación Provincial.
- CORES TRASMONTE, Baldomero (1983): *Ramón Suárez Picallo. Socialismo, galleguismo y acción de masas en Galicia*, Sada (A Coruña), Edición do Castro. (Serie Documentos, 6).
- CORES TRASMONTE, Baldomero (1986): *Las polémicas de Bóveda en la gestación del Estatuto de Autonomía*, Sada (A Coruña), Edición do Castro. (Serie Documentos, 31).
- DOBARRO PAZ, Xosé M.<sup>a</sup> / E. VÁZQUEZ SOUZA (2003): *Ánxel Casal (1895-1936). Textos e documentos*, Sada (A Coruña), Edición do Castro. (Serie Documentos, 168).
- FERNÁNDEZ DEL RIEGO, Francisco (1990): *O río do tempo (Unha historia vivida)*, Sada (A Coruña), Edición do Castro. (Serie Documentos, 72).
- FERNÁNDEZ DEL RIEGO, Francisco (2003): «Memoria de Lois Tobío», *Grial*, Vigo, 158, 94-95.
- FIGUEROA, Antón (2017): *Margot Spöner. Do galego antigo ás fronteiras da resistencia*, Santiago de Compostela, Laiovento.
- ÍNSUA, Emilio Xosé (2016): *A Nosa Terra é nosa! A xeira das Irmandades (1916-1931)*, A Coruña, Baía.
- ÍNSUA, Emilio Xosé / MARTÍNEZ, Xurxo (2018): *Común temos a patria. Biografía dos irmáns Villar Ponte*, Vigo, Xerais.
- LEDO ANDIÓN, Margarita (1982): *Prensa e galeguismo. Da prensa galega do XIX ao primeiro periódico galego nacionalista. 20 anos de A Nosa Terra (1916-1936)*, Sada (A Coruña), Edición do Castro.
- LEIRA, Xan (2007): *Lembranzas e reflexións de Lois Tobío*, Vigo, Acuarela Comunicación.
- LORENZO FERNÁNDEZ, Xaquín (1985): *Colección de cantigas da Mahía recollidas por Lois Tobío Campos*, Sada (A Coruña), Edición do Castro. (Publicación do Seminario de Estudos Galegos, Cuadernos da Área de Arte / Comunicación, n.º 2).

- MACEIRA FERNÁNDEZ, Xosé M. (2014): *Leandro Carré. Un século de cultura e compromiso*, Santiago de Compostela, Alvarellos Editora.
- MARCO, Aurora (1992): *Foula e ronsel. Os anos xuventís de Carvalho Calero (1910-1941)*, A Coruña, Fundación Caixa Galicia.
- MARTÍNEZ GONZÁLEZ, Xurxo (2013): «Fermín Penzol e a Mocidade Céltiga», *A Trabe de Ouro*, Santiago de Compostela, 95, agosto-outubro, 379-396.
- MARTÍNEZ-RISCO DAVIÑA, Luís (1987): «A iniciativa do Concello de Santiago e o relanzamento do proceso estatutario galego na II República», *Grial*, Vigo, 97, xullo-agosto-setembro, 369-373.
- MASEDA MASEDA, Francisco Fidel (2011): *Lois Tobío. O galeguista esquecido*, Santiago de Compostela, Lóstrego. (Colección A memoria de Galicia).
- MATO, Alfonso (2001a): *O Seminario de Estudos Galegos*, Sada (A Coruña), Edicións do Castro. (Publicacións do SEG-CSIC)
- MATO, Alfonso (2001b): *Cinco documentos sobre a Autonomía Galega (1931-1981)*, Sada (A Coruña), Edicións do Castro. (Serie Documentos, 160).
- MEJÍA, Carmen / Verónica PALOMARES (2006): «Entrevista. Constanza Tobío Soler: La pluralidad intelectual de Lois Tobío», *Madrygal*, Madrid, 9, 175-183.
- MEYER, Franck (1996): «Cervexa, salchichas, ideas pesadas. A imaxe de Alemaña en Camba, Risco e Tobío», *Grial*, Vigo, 133, xullo-agosto-setembro, 331-350.
- MONTEAGUDO, Henrique (1996): «A galeguización da Universidade durante a II República. Apuntes para a historia dunha reivindicación», *Grial*, Vigo, 131, xullo-agosto-setembro, 305-330.
- PASCUAL ABAL, Rosa (2001): *D. Lois Tobío: unha aproximación biográfica*, Gondomar, Instituto de Estudios Miñoranos. (Cadernos do IEM, 2).
- PEREIRA, Dionisio (coord.) (1992): *Os conquistadores modernos. Movemento obreiro na Galicia de anteguerra*, Vigo, A Nosa Terra. (Colección Historia de Galicia, 17).
- QUINTANA GARRIDO, Xosé R. (2002): «Da cantiga á arenga. Xénese e desenvolvemento do nacionalismo galego (1916-1936): as Irmandades da Fala e o Partido Galeguista», en CONSTENLA BERGUEIRO, G. / L. DOMÍNGUEZ CASTRO (eds. e coords.), *Tempos de sermos. Galicia nos séculos contemporáneos*, Universidade de Vigo, Servizo de Publicacións, 173-226. (Colección Monografías, 48).
- REI, Luís (2009): *Ramón Cabanillas. Crónica de destellos e saudades*, Vigo, Galaxia.
- RÍOS, Xulio (1992): *Plácido Castro. Humanista, liberal, cosmopolita: símbolo da universalidade do nacionalismo galego*, Vigo, Ir Indo. (Colección Galegos na Historia, 8).
- RÍOS, Xulio (2004): *Lois Tobío. O diplomático que quixo e soubo exercer de galego no mundo*, Vigo, Ir Indo. (Colección Galegos na Historia, 28).
- RÍOS, Xulio (2015): *Lois Tobío, un galego de lei*, Vigo, AFNL / Pío García Edicións.
- RODRÍGUEZ SÁNCHEZ, Francisco (1991): «Xa somos esquerda», en VV. AA., *Ricardo Carvalho Calero: a razón da esperanza*, Vigo, A Nosa Terra, 20-25. (Colección A Nosa Cultura, Extra 13).
- SEIXO PASTOR, Marcos (2008): *A loita permanente de Xoán Xesús González no socialismo e no nacionalismo galego*, Vigo, A Nosa Terra. (Colección O Fardel da Memoria, 23).
- TOBÍO, Lois (1926): «O galeguismo do porvir», *El Pueblo Gallego*, Vigo, 5 de agosto.
- TOBÍO, Lois (1927a): «O problema da Galiza», *Céltiga*, Bos Aires, 50, 25 de xaneiro.
- TOBÍO, Lois (1927b): «Iniciativas. La necesidad de un Ateneo Jurídico», *El Pueblo Gallego*, Vigo, 10 de decembro, 11.

- TOBÍO, Lois (1970): «Na historia do rexurdir da literatura galega», *Cincuentenario de Nós. Homenaxe da Real Academia Galega*, A Coruña, 30 de outubro, 53.
- TOBÍO, Lois (1986a): «Lembranza de Antón», *Heraldo de Viveiro*, Viveiro, 28 de febreiro.
- TOBÍO, Lois (1986b): «Poeta comprometido», en VV. AA., *Eduardo Pondal. Home libre, libre terra*, Vigo, A Nosa Terra, 9-12. (Colección A Nosa Cultura, Extra 7).
- TOBÍO, Lois (1989): «Os valores éticos de Castelao», en Justo G. BERAMENDI / Ramón VILLARES (eds.), *Actas do Congreso Castelao. Santiago, 24-29 de novembro de 1986. Tomo I*, Santiago de Compostela, Servicio de Publicacións da Universidade de Santiago / Xunta de Galicia / Fundación Castelao.
- TOBÍO, Lois (1990): «Lembranza de Ramón», en VV. AA., *Homenaxe a Ramón Martínez López*, Sada (A Coruña), Edicións do Castro, 131-135. (Publicacións do Seminario de Estudos Galegos, Cuadernos da Área de Arte/Comunicación, 4).
- TOBÍO, Lois (1994): *As décadas de T. L.*, Sada (A Coruña), Edicións do Castro. (Serie Documentos, 110).
- TOBÍO, María (2003): *Anacos da vida dunha muller galega*. [Edición de Luis Martul e Xosé R. Fandiño]. Sada (A Coruña), Edicións do Castro. (Serie Documentos, 182).
- VÁZQUEZ SOUZA, Ernesto (2003): *A fouce, o hórreo e o prelo: Ánxel Casal ou o libro galego moderno*, Sada (A Coruña), Edicións do Castro. (Serie Documentos, 169).
- VELASCO SOUTO, Carlos F. (2000): *Galiza na II República*, Vigo, A Nosa Terra. (Colección Historia de Galicia, 19).
- VIVEIRO MOGO, Prudencio (2007): *O Estatuto Galego durante a II República*, Sada (A Coruña), Edicións do Castro.
- VV. AA. (2001): *Homenaxes a Lois Tobío*, Sada (A Coruña), Edicións do Castro. (Cadernos do Seminario de Sargadelos).
- VV. AA.: (2004): «Revista das Letras. Tobío», *Galicia Hoxe*, Santiago de Compostela.
- VV. AA. (2007): *Xornadas Lois Tobío. Viveiro, 30 de outubro a 4 de novembro de 2006*, Viveiro, Concello de Viveiro / Gráficas Neira Brochs.

**AXUDANDO A RESTAURAR A CASA  
COMÚN. LOIS TOBÍO NO GALEGUISMO  
DA POSGUERRA**

**Carlos Méixome**  
Profesor retirado  
Instituto de Estudos Miñoráns

DOI: 10.17075/ltgtx.2020.002



## 1. ADRO

«Foi fermoso vivir coa ilusión de estar axudando a restaurar a vella casa común, encanastrada por alleos e alleiros, para despois enriquecela con novas construcións» Así comeza o último parágrafo de *As décadas de T. L.*, nas que Tobío exerce a súa memoria, relata a súa autobiografía, realiza as súas confesións e amosa, con rotunda vitalidade, a satisfacción por ter andado o «camiño xusto», como lle gustaba dicir. O parágrafo continúa coa ilusión desbordada «vendo con gozo como sigue a traballar e loitar a xente moza na mesma dirección, a que sinalaron os nosos devanceiros desde o Rexurdimento». Entre esa xente moza á que se refire Tobío estaba o meu amigo Emilio Ínsua, co que estou encantado de compartir este relato sobre o galeguismo de Tobío.

Ese vitalismo estoura ao escoller a derradeira liña da súa derradeira grande achega á casa común, concluindo, cun dos seus grandes mestres, Goëthe: «Tal como é, a vida é boa»<sup>1</sup>. Un vitalismo e un camiñar que recoñecemos na súa novela curta *A nova vida*. Probablemente rematada no comezo da esperanza que comeza tras a trágica derrota, militar e política, que se prolongaría durante anos en forma de case eterno exilio. Nesta achega póstuma súa, de necesaria lectura en clave sociolóxica, tan do seu gusto, evidénciase unha redacción inicial e unhas preocupacións propias de tempos prebélicos e de formación do nacionalismo galego a través da historia dun Antón, apoucado membro dunha familia fidalga

---

<sup>1</sup> Tobío, L. (1994): *As décadas de T. L.*, Sada (A Coruña), Edicións do Castro, p. 702.

minorada, de quen nin sabemos o apelido, que decide loitar por mudar a situación á que o teñen sometido «os de fóra» (arrieiros maragatos, coireiros vascos, salgadores cataláns) e «os de arriba» (burgueses de pluma e comercio) e ser el mesmo. Nesta recorrente temática oteriana ou risquiana tan estendida na literatura galega prebélica, o apoucado heroe tobiano matina con reiteración no abandono suicida, mais ao final opta pola vida, por marchar a Cuba, aínda que, como ben sabe, esa fuxida no fondo non era máis «que un suicidio sen morte». Mais «Todo é querer. Se a idea de se matar lle deu azos, ¿por que non llos ía dar a arela de vivir, de vivir ben, con sosego e paz [...]?»<sup>2</sup>. Tobío levou dun lado a outro esas follas noveladas e deixouas como esquecidas para que o tempo decidise se os demais as poderíamos ler. Constanza atendeu, con dilixencia filial, a decisión dos anos.

No amigable repartimento temporal, Ínsua e mais eu acordamos cantar as estremas no máis trágico lindeiro vital de Tobío, na guerra, ou nas continuadas guerras, ás que lle tocou sobrevivir naquela década de terror que asolou Europa, e o mundo, entre 1936 e 1945. Podemos comezar na estancia en Cuba, primeira estación do exilio, coa acordanza da viaxe novelada de Antón á illa grande, onde, en hipótese, Tobío deu por rematado o seu relato.

Denantes fora un ir e vir ao servizo do Goberno da República, en Valencia, en Barcelona, en delegación por Europa, nos países ribeiráns do Mediterráneo, na fronte do Ebro, como tenente de artillaría, como secretario xeral do Ministerio de Defensa en contacto sempre cos galeguistas e «sintindo certa fachenda», cando un día viu «un enorme letreiro do noso partido no balcón dunha casa da Diagonal». Apañando como podía as novas dos amigos vivos, dos valorosos defensores da República pois «[...] non había dúbida, a nosa xente soubera responder con firmidía e azo ás esixencias do momento na loita antifascista»; así o escribiu en *As décadas*.

---

<sup>2</sup> *A nova vida*, p. 142.



Naquela Barcelona asediada polas bombas, casa cunha moza bastante máis nova, María del Carmen Soler, e comeza o periplo da parella logo da caída de Cataluña. Primeiro París, despois Nova York, logo Cuba ata acougar durante anos en Montevideo. A comezos da década dos sesenta aséntanse en Madrid.

## 2. DERIVACIÓNS SOBRE O UNIVERSALISMO

Antes de enumerar os grandes fitos tobianos do meu período, permítanme un ir e vir no tempo cunha anécdota que, coido, pode expresar bastante ben a concepción do galeguismo tobiano.

A un amigo meu, especialista en arte, propuxéronlle colaborar nunha magna exposición, que ía ter lugar nesa magna dilapidación de recursos que é a Cidade da Cultura ou Gaiás. Esa gran mostra artística acollería preto de 200 obras de pintura, escultura, fotografía etc. Houbo un tempo en que esas obras de arte, algunhas delas magníficas, nos pertencían a todos nós, hoxe a súa propiedade está repartida entre un banco privado e unha fundación que depende dese banco.

O meu amigo acolleu con entusiasmo a suxestión e púxose ao traballo. Furando e furando, chegou a formular unha proposta baixo o rótulo de «A fiestra baldeira». Desbotárona de contado. A exposición cun pouso de vulgaridade e cosmopaletismo rematou titulándose «Galicia universal». Hai quen non comprende que para coñecer o mundo non cómpre pasar por Madrid, que conceptos como identidade e universalidade son complementarios, que universalismo significa aceptación das diversidades políticas nacionais e das súas creacións culturais, e presupón tanto o respecto a estas como a súa defensa ante as ameazas dos imperialismos políticos e culturais. «Nós non queremos erguer valados, dicía Tobío, senón coidar o noso xardín para que medrasen vizosas as flores da diversidade enriquecedora». Nada máis afastado da visión galeguista de Tobío que esas ideas, que na actualidade gozan de tantos altofalantes, de que o nacionalis-

mo é un retroceso, un elemento desestabilizador, inviable, antimoderno, que acocha no seu escuro interior perversións autoritarias.

Atinada síntese a de Xulio Ríos:

O universalismo de Tobío é esencialmente político e cultural. Nas súas intervencións nos círculos galeguistas, sempre insistía moito no antiimperialismo, debedor quizais dunha simpatía pola ascendencia marxista, non no sentido doutrinario, senón pola súa forte carga de compromiso social. Afablemente Bóveda, coñecedor das súas teimas, sempre lle andaba coa tranquilla de ¡agora que veña Tobío a darlle aos imperialismos!<sup>3</sup>

Aquel mozo que chega a Berlín (1929-1930), sen pasar por Madrid, e de alá, da capital dunha República que aniñaba o ovo da serpe incapaz de eliminar a palabra «Reich» da súa constitución, tróuxolle, para descubriro, a Seoane un álbum de Grosz, a quen aquel non coñecía, e faloulles aos seus amigos de Brecht e «do absurdo e da miseria da guerra, a ridícula fachenda da nova burguesía especuladora, a tesa arrogancia dos militares de monóculo e dentes de cabalo e o aire brutal das camisas pardas».

Retornando ao meu amigo, Carlos Bernárdez formulou a súa proposta en homenaxe á obra teatral de Rafael Dieste, o ideólogo de toda unha xeración artística que procuraba xunguir identidade e universalidade: os Maside, Colmeiro, Seoane etc.; pero tamén para chiscarlle o ollo a aquel rapaz distraído, reverencioso e xovial, amable e escaravalleiro que andaba a apañar palabras e lendas nun feixe de papeis; aquel mozo afable que atopa o xeito de desenlear a tirapuxa teatral.

Recórdanos Tobío en *As décadas* que escoitou a lectura da obra, aínda inédita, na casa de García-Sabell. Publicouse en 1927. Hai quen quere ver no personaxe

---

<sup>3</sup> Ríos, X. (2001): «O galeguismo universalista de Lois Tobío», en *Homenaxes a Lois Tobío*, Sada (A Coruña), Edicións do Castro, p. 68 (Cadernos do Seminario de Sargadelos).

do intelectual mediador amigo do pintor, que o autor bautizou como Nogueira, trazos do Tobío mozo, aínda que poida ser que o que se aprecien sexan trazos comúns a aquela fornada de mozos que se xuntaron no Seminario de Estudos Galegos ou en xeral a un Solovio ou un Dumbria<sup>4</sup> en proceso de descuberta dunha cultura nacional oculta.

### 3. DOUS TRAZOS DUNHA PERSONALIDADE

Sempre que matinamos na vida e na actividade pública do viveirense chámannos profundamente a atención dous aspectos. Primeiro, a pesar de que dende 1933 non volveu residir, de forma permanente, en Galiza, o seu pensamento e a súa acción política, cultural, intelectual, sempre estiveron presididas polo «camiño certo» da afirmación dunha nación negada e urxida da permanente necesidade de afirmación.

A identificación co destino do seu país é a cerna do pensamento tobiano, que ten a súa xénese nos seus anos mozos marcados a ferro pola traxedia e a nova Europa que nacía dos rescaldos da Gran Guerra, aparentemente sufocados en Versalles. O seu galeguismo xurdía da lúcida percepción de que non todas as nacións europeas puideron abrollar despois da desfeita dos imperios decimonónicos e que ese feito e mais o forzado deseño do mapa europeo, nomeadamente no caso alemán, achegaban altas doses de inestabilidade á explosiva realidade condicionada polas vellas pulsións imperiais e a dexeneración moral e política representadas polos fascismos varios.

Coñeceu de primeira man estas tensións cando no inverno de 1929<sup>5</sup> chegou ao Berlín que anunciaba o ascenso nazi e alí conviviou, e sobre todo confrontouse, con Risco, como este último deixou recollido no seu *Mitteleuropa*. Por iso

---

<sup>4</sup> Personaxes de Otero Pedrayo en *Arredor de si* (1930) e *Devalar* (1935), respectivamente.

<sup>5</sup> Maseda, F. (2010): *Lois Tobío: vida e obra dun humanista galego e un galeguista universal*. Tese de doutoramento (inérita).

Tobío consideraba que as pequenas nacións poderían ser comprendidas dende os postulados do marxismo e de formulacións políticas concretas por el inspiradas que viñan de admitir a independencia de Finlandia, Estonia, Letonia, Lituania, Polonia..., pero non dende os preceptos reaccionarios cos que comungaba Risco. Por certo, que ao mellor se pode tomar como mostra de tolerancia entre os que coinciden parcialmente pero manteñen profundas diverxencias que fose na revista dirixida polo ourensán onde Tobío deixou escrito: «Esto permítenos falar, [...]. Non que, obxectivamente, eisista un espírito do pobo, un “volkgeist”, máis ou menos místico. O espírito d’un pobo, a i-alma d-unha comunidade natural, eisiste samente coma “representación” na conciencia dos individuos e n’iste senso subxectivo pode ser sentido e amado; en verdade, samente se poden sentir e amar as “representacións”»<sup>6</sup>.

Tobío era un fillo dos 14 puntos do presidente Wilson, formado no respecto ao dereito internacional de autodeterminación e soberanía das nacións e na procura do punto de encontro entre a esquerda social, a democracia e a libre determinación das nacións. Como Castelao, Tobío nunca se reclamou do marxismo, mais consideraba esta ideoloxía como próxima, non só como un método de análise senón tamén como proxecto de xustiza social. «O marxismo é un dos sistemas mais pretos da realidade [...]. Quen non esteña ben penetrado da lóxica real do marxismo non poderá enxergal-o, nin poderá enxergar toda a forza de verdade que n-il latexa», escribía en *Nós* en 1931<sup>7</sup>. Nese achegamento exerceu grande influencia o seu mestre en Berlín, Herman Heller, socialdemócrata marxista, para quen o elemento esencial do Estado é a cidadanía, que atopa no desenvolvemento da constitución o recoñecemento dos dereitos civís e da igualdade social, só alcanzables pola vía da democracia e da acumulación de reformas políticas e sociais<sup>8</sup>.

---

<sup>6</sup> «Refreicións encol do momento aitual da Galicia», *Nós*, 15 de novembro de 1931, núm. 95.

<sup>7</sup> *Ibíd.*

<sup>8</sup> Heller tivo que fuxir da Alemaña nazi. Refuxiouse no Madrid republicano e faleceu novo, en 1933. Tobío traduciu ao español a súa *Teoría del Estado*, cuxa tradución segue tendo plena vixencia na actualidade.

Era o seu un galeguismo xerminado nos desastres da gran guerra e nas arelas de xustiza social que estourara coa revolución rusa. Tocoulle ver como aquel mundo ficaba varrido polo rearme imperial do sistema de bloques e a imposición dos autoritarismos imperiais, dentro e fóra dos propios imperios.

Seméllame significativo o aparente detallíño que relata a súa filla, Constanza, no libríño co que se lle agasallou por mor do seu 95 aniversario. Na casa, a súa muller, Melu, sempre lle chamou Lois. Coido que nesta identificación hai moito máis que unha simple anécdota. Nesta ausencia-presenza, salvando as distancias temporais e ideolóxicas, Tobío lémbreme ao padre Sarmiento, quen, vivindo en Galicia aínda menos tempo que Tobío, lle dedicou á súa cultura ímprobos esforzos.

O segundo aspecto que me chama a atención é o seu sentido do necesario, da oportunidade, do matinar no futuro, de ollar para adiante, de achandar camiños; en definitiva, de estar aberto á innovación e á vangarda. Así era Tobío tanto no eido persoal coma no ideolóxico ou no político. En todas as grandes iniciativas políticas do nacionalismo da primeira metade do século XX aparece Tobío, xa se referiu a iso o amigo Ínsua. Tobío non é personaxe que procure o foco, senón o fogueiro que subministra ideas á locomotora, o mediador que sabe da importancia do diálogo, do contraste de pareceres, mais tamén da necesidade de achegar posicións entre os que participan do mesmo proxecto.

Temos aí ao Tobío de vangarda, non o vangardista, senón o que roza o camiño, o «camiño xusto», diría el, os múltiples e variados camiños polos que se debe expresar a vitalidade creadora da nación cidadá en construción permanente. Non é un destemido botado para diante pero tampouco un simple compañeiro de viaxe, senón un traballador consciente dos moitos eidos nos que labrar dende a conciencia colectiva.

## 4. TRES FITOS DO SEU ACTIVISMO GALEGUISTA

Sobre o seu activismo galeguista digamos que Tobío está ao coidado da máquina en tres dos grandes fitos do galeguismo político de posguerra no exilio: a formación do Consello de Galiza, o Congreso da Emigración do ano 56 e a edición dos dous primeiros volumes do inacabado proxecto de edición da «Grande e General Historia» en denominación do seu gran amigo Otero Pedrayo.

### 4.1. O Consello de Galiza

Camiño de Bos Aires, Castelao detívose en Montevideo o 17 de xullo de 1940. Tobío estábao agardando, xunto a moita outra xente. Naqueles anos o rianxeiro regresou en varias ocasións a Montevideo. Mais en maio de 1944 fíxoo para falar en privado con Tobío dun proxecto ao que lle andaba a dar voltas e que ao final se denominaría Consello de Galiza. Esta fora a denominación que escolleran Carballo Calero e mais Tobío para o goberno galego no Anteprojecto de Estatuto que fixeran para o Seminario de Estudos Galegos.

Tobío fornece dalgúns datos concretos a Valentín Paz-Andrade cando o vigués andaba a traballar no seu *Castelao na luz e na sombra* nunha carta asinada en Madrid o 30 de maio de 1981:

En maio de 1944 foi Castelao a Montevideo e quixo falar connigo verbo do instalación do Consello de Galicia. Eu dinlle algunhas ideas sobre a forma xurídica que se lle podería dar. Pídeume que lle mandara por escrito esas suxerencias. Fíxeno. A eso se refire a carta que che adxunto fotocopia. O Consello constituírase logo en Bos Aires. En Montevideo nomeouse un representante que seique foi Canabal (non estou seguro). O Consello, como sabes, estaba integrado polos deputados galegos no eisilio. En Montevideo non había ningún<sup>9</sup>.

---

<sup>9</sup> Carta de Tobío a Paz-Andrade, 30/05/1981. Aínda que despois rectifica Tobío á man: «Si estaba Somoza». Arquivo Tobío.

Aos poucos días de visitalo en Montevideo, Castelao envíalle unha carta<sup>10</sup> na que, ademais de lle achegar uns documentos xa vellos<sup>11</sup> pero que podían ser de interese para Tobío, agradece as súas opinións e quéixase dos que só fan confundilo:

Cheguei preñado de canto ti me dixeches. Certamente eu necesito de tí, porque xa non teño tempo de improvisar o camiño que nos leve ao interior. Tampouco teño a miña beira quen me axude nos traballos, pero abundan e sobran os que me enterrupen e confunden. Faime o favor de mandarme os esquemas que che pedín. Eso será ouro para min. Non te esquezas<sup>12</sup>.

Tobío sempre lamentou que as cartas e documentos referidos ao proceso de constitución do Consello de Galiza ficasen en Montevideo, por consideralos perigosos, cando se trasladou a Madrid. Deixounos ao coidado pero os avatares da vida levaron ao seu extravío. En calquera caso, consideraba que o substancial do que el aconsellou era coñecido: construír un soporte legal da lexitimidade política do Consello sobre o concepto dun órgano fideicomisario da vontade da autonomía do pobo galego, depositada nos seus deputados electos en febreiro de 1936. Tobío foi pois o inspirador xurídico do proxecto que se presentou en público, no Ateneo de Montevideo, o 30 de xuño de 1945. Di Tobío: «Castelao foi nomeado presidente e, como tal, actuará en representación de Galicia, xunto cos vascos e cataláns, en Galeuzca, restaurada no exilio, máis adiante entrará co mesmo carácter no goberno da República Española que se constituíu en París presidido por Giral»<sup>13</sup>.

<sup>10</sup> Carta de Castelao a Tobío, 12 de maio de 1944. Arquivo Tobío.

<sup>11</sup> Trátase, entre outros, dun artigo do 6 de novembro de 1938 do prestixioso xornalista político británico Herbert Sidebotham, coñecido como «Scrutator» polos lectores do *Sunday Times*, no que se refire á política de Chamberlain para Italia e España. O xornalista británico, xa falecido na altura da misiva de Castelao, afirma categórico no seu artigo: «Ninguén dubida que a única solución que traerá a paz permanente a España é unha solución federal. Hai catro Españas: País Basco, Galicia, Cataluña e o resto».

<sup>12</sup> Carta de Castelao a Tobío, 12 de maio de 1944. Arquivo Tobío.

<sup>13</sup> *As décadas...*, p. 535.

Castelao sempre devecera por ter a Tobío á súa beira. Conta Carlos Casares, na súa colaboración no libro *Homenaxes a Lois Tobío*, que entre os retallos da memoria das súas últimas conversas con Piñeiro lembraba que este lle contara que na altura de 1937 se barallou a posibilidade de nomear a Castelao embaixador da República en Bos Aires. Co asunto avanzado, o rianxeiro reclamou unha persoa de confianza para que o acompañase e que fose Lois Tobío. Seica as autoridades do Ministerio de Estado consideraban imprescindible a presenza de Tobío en Sofía, polo que lle denegaron a petición. Castelao pensou entón en Carballo Calero. Mais daquela as cousas pintaban feas para a República, produciuse unha crise que rematou coa substitución á fronte do Goberno de Largo Caballero por Negrín. Giral asumiu entón o Ministerio de Estado e o nomeamento prometido ficou en suspenso. Castelao sempre pensou que fora cousa de Giral, que, na reviravolta do camiño, estará á fronte do Goberno no exilio cando Castelao sexa ministro grazas, entre outras cousas, á lexitimidade que achegaba presidir o Consello de Galiza despois de que a autonomía acadase o seu pleno recoñecemento nas Cortes Republicanas reunidas en México uns meses antes. Castelao sería fiel a Giral.

O final da guerra, o novo panorama internacional de bloques, a morte de Castelao, a continuidade do franquismo, a división entre o galeguismo do interior e o do exilio e o falecemento da maioría dos deputados fideicomisarios arrasaron o Consello de Galiza á perda de iniciativa e ao esmorecemento paulatino. É ben certo que a iso tamén axudou que o Goberno autónomo galego nunca se chegase a constituír como tal, a diferenza do vasco e do catalán, mais non explica na súa totalidade o gran desatino que foi permitir que secase a fonte de lexitimidade democrática e autonomista que representaba o Consello de Galiza.

A autonomía galega pagou un alto prezo por tal desleixo. No momento da reforma do franquismo e do restablecemento das autonomías históricas, puxéronse á fronte dos órganos preautonómicos perseiros procedentes do réxime ditatorial, mesmo fondamente comprometidos coa represión franquista e inmersos na operación de adecuación das elites da ditadura aos novos tempos anunciados pola morte de Franco. Non só non se respectou, nin sequera se



reclamou, a continuidade histórica da lexitimidade democrática e republicana representada polo Consello de Galiza, senón que nin se considerou a posibilidade de que Antón Alonso Ríos asumise ese papel simbólico e momentáneo, como fixeron Leizaola ou Tarradellas no caso vasco ou catalán, respectivamente. A liña da continuidade democrática representada por Aguirre, Irla e Castelao, interrompida pola sublevación militar, ficou esbarroada no caso galego e un personaxe como Rosón converteuse en presidente da Xunta preautonómica.

E non só iso, senón que a ninguén se lle ocorreu nin sequera solicitar a colaboración de Tobío, el levaba máis de vinte anos residindo en Madrid, na redacción do actual Estatuto ou simplemente demandar a súa opinión.

Entre outros moitos factores, coido que este corte na lexitimidade democrática pode explicar, en parte, a despreocupación popular nos momentos iniciais da autonomía, fóra do momento da aldraxe, e mesmo a posterior e actual languidez das institucións autonómicas. Mais tamén a certa orfandade en que medrou o renovado e xuvenil nacionalismo galego dos primeiros anos setenta, que impediu que este non só non asumise un papel comprometido no proceso autonomista senón que, pola contra, na procura da súa propia forte identidade, se desmarcase do proceso e se enfrontase a el, cometendo un erro de perspectiva histórico que o sumiu nunha fochanca de marxinalidade da que tardou moito tempo en ser capaz de emerxer. Quen nos dera daquela poder chegar aos consellos de quen sabía e de quen, como di Francisco Fernández del Riego, «Nunca lles negou consello a quenes o necesitabamos»<sup>14</sup>.

## 4.2. O Congreso da Emigración

Seis anos despois da morte de Castelao, o Consello de Galiza, presidido por Antón Alonso Ríos, acordou convocar o I Congreso da Emigración Galega coa

---

<sup>14</sup> Fernández del Riego, F. (2001): «Os ensinos do vello amigo», en *Homenaxes a Lois Tobío*, Sada (A Coruña), Edicións do Castro, p. 38. (Cadernos do Seminario de Sargadelos).

evidente intención de reagrupamento e coordinación dun proxecto galeguista debilitado pola morte do rianxeiro, a continuidade do franquismo e a escasa perspectiva da súa data de caducidade.

A decisión de realizar o congreso que reunise os emigrantes en América tomouse na xuntanza extraordinaria do Consello de Galiza do 2 de xaneiro de 1956. Acordouse facelo en Bos Aires entre o 24 e o 31 de xullo de 1956, datas escollidas para conmemorar o Centenario do Banquete de Conxo. Nomeouse unha comisión organizadora integrada basicamente por representantes da comunidade bonaerense, reunidos arredor a figura de Manuel Puente, mais que non recollía outras sensibilidades, ou cando menos non coa intensidade da que eran merecentes, como no caso da Federación de Sociedades Galegas, e deixaba fóra outras, como a Asociación Galega de Universitarios, Escritores e Artistas (AGUEA), que se expresaban a través da revista *Galicia Emigrante* que dirixía Luís Seoane.

Coñécese moi ben o seu desenvolvemento pois a Editorial Nós de Bos Aires editou as Actas do Congreso. Realmente non son unhas actas, senón unha múltiple e variada documentación sobre os preparativos e o desenvolvemento da reunión que se publicarán tres anos despois da súa realización<sup>15</sup>.

En 2006, coincidindo co cincuenta aniversario da súa celebración, o Arquivo da Emigración do Consello da Cultura Galega publicou unha edición facsimilar das Actas<sup>16</sup>. No estudo previo, Marcelino Fernández Santiago valora:

A pesar do escaso tempo desde a convocatoria do Congreso até o seu comezo, rexístrase unha importante participación, xa que asisten un total de 134 delegados e están representadas 60 sociedades. A case totalidade das sociedades participantes son entidades dos países do Río da Prata, cunha moita menor participación e relevancia das sociedades

---

<sup>15</sup> Editorial Nós, Bos Aires, 1959. A edición estivo ao coidado de Suárez Picallo, Francisco Regueira, Rodolfo Prada e Manuel Porrúa.

<sup>16</sup> Pódese consultar en <http://consellodacultura.gal/publicacion.php?id=162>.

doutros ámbitos xeográficos pois, do total de entidades adheridas, 45 son institucións galegas con sede en Arxentina e Uruguai.

Tobío é reclamado de novo para facer de locomotora para que o tren pite e ande. Foi o encargado de elaborar o «Manifesto», o «Temario» e mais o «Regulamento», mediar nos momentos de tensión e organizar o desenvolvemento dos actos.

No «Manifesto», o de Viveiro refírese á decisión do Consello de Galiza de organizar o Congreso en coincidencia co Centenario do Banquete de Conxo, evidenciando así unha continuidade no proxecto ideolóxico político galeguista:

Por iso decidimos convocar este Congreso da Emigración Galega n-este ano de 1956. Coincidirá co centenario do «Banquete de Conxo» feito de fondo sinificado na historia do noso Rexurdimento. Naquel sonado banquete, estudantes e obreiros, irmanáronse afervoadamente baixo a dobre inspiración do amor á democracia e do amor a Galiza. As verbas ardidadas do bardo Pondal e do poeta Aurelio Aguirre que resoaron coma voces de profecía baixo a ramallada da vella carballeira e seguirán resoando arreo ao longo dos anos, serán recolleitas por xeración tras xeración de galegos, inspirando os seus esforzos a prol do avance e felicidade e liberdade da súa Terra. I-é axeitado poñer un Congreso da Emigración Galega baixo o signo do Banquete de Conxo porque no espírito dos que n-iste participaron bulían os ideaes que deben inspirar aos emigrantes galegos: a irmandade entre a mente e o brazo, entre o intelectual e o traballador manual, o senso de igualdade humán, o principio de liberdade democrática, o amor aitivo á Terra galega e a arela de vela ergueita e ceibe.

O «Manifesto» é unha chamada ás comunidades da emigración porque esta «ten chegado xa a un intre, na súa evolución, en que precisa tomar conciencia de sí mesma e autodeterminar os seus rumbos». A convocatoria parte coa esperanza de que «representará un importante paso na empresa cada vez máis urxente e ineludible, de estreitución da Galicia Emigrada».

Na súa análise da emigración galega, Tobío considera que esta:

Insértase ela dondamente, sin brusquedade nin violencia na comunidade que a recibe («o galego non foi a turbare ningunha inocencia» dí, maxistralmente, Otero Pedrayo) como un regato que deitara mainiñamente as súas augas. E logo axéitase de contado á nova vida, ao novo meio, orixinando un mínimo de friccións, establecendo fíos de cordialidade, irmandade e convivencia sinceira e fonda coa xente do país. I-elo –i-eiqui ven o interesante e cáseque o miragroso– sen desfacer e liquidar a súa condición galega<sup>17</sup>.

Tobío argallou o desenvolvemento do congreso en tres grandes palestras. Na primeira afrontouse o estudo do pasado migratorio dende as orixes nas migracións andoriñas a Castela e Andalucía ata a máis duradeira emigración americana do século XIX, a análise dos centros de atracción migratoria e as razóns para o funcionamento destes, así como as características psicolóxicas e sociolóxicas do emigrante e as súas creacións mutualistas, culturais e recreativas e empresariais no pasado. Na segunda palestra analizouse o presente, naquela altura, da migración galega e as súas características xerais nas máis importantes zonas de concentración.

O máis denso dos paneis argallados foi o terceiro, que atendía ao futuro da emigración e amosaba tanto o espírito de ollar «máis alá», propio de Tobío, como o seu xeito pragmático de entender a acción política. A densidade temática fixo que esta terceira palestra tivese catro desenvolvementos parciais.

Para esmiuzar o problema do colectivo emigrado comeza por preguntar se convén promover ou restrinxir a emigración, inquire sobre vantaxes e prexuízos. Sobre a forma en que se organiza, cuestiona se os estados e as entidades de migrantes deben intervir na súa orientación ou ben se non se debe coutar a libre determinación individual.

---

<sup>17</sup> *Primeiro Congreso da Emigración Galega. Documentación. Crónicas*, Bos Aires, Editorial Nós, 1956, p. 13.

Así mesmo abriu o debate sobre as mínimas condicións de saúde, capacitación e alfabetización; desenvolvendo en maior detalle o rol das sociedades galegas tanto na asistencia ao emigrado a través de bolsas de traballo, axudas económicas, asistencia médica gratuíta, axudas para os repatriados etc., como na capacitación do emigrado a través de escolas, centros de formación profesional e artística. Non deixa Tobío de presentar a consideración aspectos máis sutís como o senso ético do emigrante e a súa tendencia ao «afroxamento da sensibilidade moral» e «a necesidade de conservar os “standards” éticos».

No segundo apartado deste terceiro panel Tobío propón a reflexión sobre as sociedades mutualistas como máxima creación da emigración e expresión do cooperativismo tradicional e o estudo das posibilidades de estender a súa acción á sanidade, beneficencia e cultura, así como as posibilidades de coordinación entre as sociedades mutualistas dentro de cada país e coas doutros países. Finalmente suxire abordar o «rol espritoal» das mutualidades fomentando a relación entre Galiza e as nacións americanas co estudo polo miúdo do influxo de América en Galiza, e á inversa, a través dos emigrados.

Non se lle escapa orientar os debates cara á vida económica e facelo con ese profundo sentido da xustiza social sempre presente no pensamento tobiano e propón directamente cuestións como: «Comenencia de adicarse a aitividades produtoras: vantaxes para o país e para o emigrante. Os perigos das aitividades económicas parasitarias (especulación, usura), e necesidade de manter ao noso emigrado arredado d’elas»; para deseguido presentar:

A acción dos galegos emigrados cara á vida económica galega. Posibilidades de aituar n’ela. Dificultades, e maneiras de vencelas. Axuda do emigrado á economía familiar galega, valor d’esta axuda e efectos na aitividade económica xeral. Ingreso en Galicia de capitales emigrados, Empresas fundadas por emigrados que volven<sup>18</sup>.

---

<sup>18</sup> *Primeiro Congreso da Emigración Galega. Documentación. Crónicas*. Editorial Nós, Bos Aires, 1956, p. 18.

O derradeiro apartado deste terceiro e complexo panel sobre o futuro está dedicado á cultura. Partindo das accións concretas, por exemplo a axuda a empresas culturais da Terra e a urxencia de acrecentala (en referencia indubidable á editorial Galaxia pero non só), o apoio ás grandes empresas culturais que explicita: a «Historia de Galiza», aclara Tobío, en camiño de cumprirse (descoñecía que o proxecto se atrasaría en demasía e sería el mesmo quen tería que arrimar de novo o ombreiro para botalo adiante), ou o Gran Dicionario Galego, proposto no relatorio do interior. Aspectos aos que nos referiremos máis adiante. Nesa visión ampla da cultura que ten Tobío, non reducida á literatura, presenta a necesidade de fomentar o teatro, as artes plásticas, a música e a difusión da cultura a través de diarios, revistas, editoriais e da radio<sup>19</sup>. Finalmente postula o debate sobre a lingua galega e a «Obriga de gardala e cultivala como herdo, o máis valioso, da nosa cultura. Aitude da emigración galega cara ás medidas de persecución –aberta ou disimulada– da nosa lingua. Necesidade de crear crases elementaes e crases superiores de lingoa e literatura galega na terra e na América». Remata propoñendo a reflexión sobre as achegas da emigración ás culturas nacionais dos países americanos e os xeitos de realizalas.

No regulamento Tobío argallou comisións para os tres grandes paneis; o terceiro ficou dividido en tantas comisións como apartados temos sinalado. Deseñou o acto de apertura e clausura e os distintos pormenores dun congreso

---

<sup>19</sup> En 1950, concretamente o 3 de setembro, un fato de galeguistas e republicanos, encabezado polo exdeputado de Izquierda Republicana e curmán de Castelao, Alfredo Somoza, entre os que podemos sinalar a Xesús Canabal, Manuel Meilán, Antón Crestar, Pedro Couceiro, Emilio Pita, Manuel Leiras e Lois Tobío, deciden iniciar unha audición radiofónica en galego. A lexislación uruguia permitía emitir en calquera idioma e esa oportunidade aproveitárona os galeguistas e exiliados para facer chegar a súa mensaxe a todo o territorio uruguiaio, parte do arxentino e ao sur de Brasil. Era a primeira vez que se emitía un programa radiofónico integramente na nosa lingua. A súa estrutura, de media hora de duración, mantívose durante moito tempo e hoxe é moi similar: abríase cun tema musical, ao que seguía un editorial e logo comentarios sobre lingua, historia, xeografía etc. Durante décadas a emisión dominical foi a escola de lingua e cultura de miles de emigrantes galegos e galegas, e chegou a ter unha grande audiencia. Na primeira década, Tobío, Couceiro ou Meilán eran os encargados de elaborar os editoriais, o que non impedía que realizasen tamén outras colaboracións en *Sempre en Galiza*, que así se chamaba, e chama, a emisión. Tobío sempre innovando.

destas características. Resolveu, con habilidades varias, a participación nel, dándolle a cada sociedade un voto, asistisen as persoas que asistisen; outorgándolles voz e voto a editoriais, revistas, periódicos e audicións radiofónicas e tamén a todas as persoas que polo seu labor destacado fosen convidadas pola comisión organizadora.

Aquí terá que lidar, con éxito, en momentos de tensión como o xerado por non convidar a participar na organización a AGUEA, «chata que mesmo hoxe non me dou explicado», comenta Tobío en *As décadas*. Tivo pois que botar man dos seus dotes diplomáticos para evitar o boicot, por parte das persoas agrupadas arredor de *Galicia Emigrante*, a revista que dirixía Luís Seoane, e conseguir que, ao remate do congreso, a casa común ficase reforzada. Cóntao así Tobío tamén en *As décadas* (p. 592):

Cando chegamos a Buenos Aires os delegados de fóra para participar no Congreso, fomos invitados polos de AGUEA a un xantar ao que asistimos gustosos pero que veu ser unha «encerrona» pois, ao remate de el, Blanco Amor, coaquela súa verba engaioladora, quixo convencernos de que debiamos boicotear o Congreso. Pero xa era tarde para tomar unha tal decisión, aunque estivese xustificada. Prometimos, porén, unanimemente, intervir para que se remediara aquel erro e así o faremos, conseguindo que a AGUEA fose, ao cabo, invitada a participar como era xusto. E na sesión solemne en que se aprobaron as ponencias, o meu vello amigo Antonio Baltar pasou a formar parte da mesa, en representación da AGUEA, entre os afervoados aplausos de todos.

Será tamén Tobío quen xestione a colaboración de Leopoldo Nóvoa, residente na altura en Montevideo, no deseño do programa de man e, posteriormente, tamén logrará implicalos na edición da *Historia de Galiza* que dirixía Otero Pedrayo.

Tobío interveu o día anterior á clausura, nun dos actos culturais que arrouparon o congreso e que tivo lugar na sede do Centro Galego de Bos Aires no núm. 21999 da rúa Belgrano, á beira de Emilio González López, residente en

Nova York, e de Xerardo Álvarez Gallego, exiliado na Habana. Faino tamén no acto de clausura, o 28 de xullo, como autor do «Regulamento», do «Manifesto» e do «Temario». O labor de Tobío recoñécese con intensidade o presidente da comisión organizadora, don Manuel Puente, quen no resumo publicado<sup>20</sup> do seu discurso na sesión de clausura di:

Mais teño a obriga de sinalar e de eisaltar a quen foi autor e alicerce que posibilitou o éisito. Os organizadores tivemos senso de responsabilidade e, naturalmente, acudimos a un irmán sabido para que nos fixera unha laboura que nós, homes emigrantes sen preparación nin capacidade intelectual, non podíamos facer; a saber: a estroituración literaria, temática e regulamentaria do Congreso. E acodimos a un irmán que vive en Montevideo, quen, pola súa sinxeleza, –belida froe espritoal–, pola súa caridosa comprensión da maneira de ser, do sentir e do pensar dos irmáns emigrados, e ademais polo seu afervoado patriotismo galego, ceibe de influencias alleiras, úneca i escrusivamente comprometido coa Terra sagra, coa Galicia nai...; ise irmán a quen nós e a patria lle estaremos por sempre agradecidos, é un home que nos honra eiquí coa súa compañía; don Lois Tobío.

Mais non todos os que presentaron comunicacións ao citado congreso eran emigrantes ou estaban no exilio, tamén participaron os do «exilio interior», comezando por Otero Pedrayo, que envía un breve relatorio manuscrito, reproducido en forma facsimilar na documentación do congreso baixo o encabezamento «Mensaxe do esgrevio dianteiro da cultura galega: Don Ramón Otero Pedrayo». Tobío destaca en *As décadas* a importancia deste breve e emocionante escrito de Otero.

Don Ramón asina tamén –xunto con Ramón Cabanillas, Xoán Rof Carballo, Domingo García-Sabell, Ricardo Carballo Calero, Celestino Fernández de la Vega, Francisco Fernández del Riego, Xaime Illa Couto e Ramón Piñeiro– outro

---

<sup>20</sup> *Primeiro Congreso da Emigración Galega. Documentación. Crónicas*, Bos Aires, Editorial Nós, 1956, p. 38.



relatorio, presentado na comisión cuarta do terceiro panel: «A emigración galega e-a cultura», no que se nota a man de Piñeiro e que debe ser unha das primeiras formulacións escritas do que se deu en denominar «piñeirismo» ou «culturalismo», que se plasmaría na célebre reunión de 1958 na que o grupo de Galaxia entregou a Perfecto López, do grupo de Bos Aires, un extenso informe<sup>21</sup> no que se fixaban as posicións do chamado «galeguismo do interior» e que provocaría o posterior afastamento entre os dous núcleos do galeguismo, aínda que esta distancia xa viña da década anterior, dos momentos previos ao nomeamento de Castelao como ministro no Goberno da República.

O relatorio remitido dende Galiza céntrase na defensa do idioma como empresa común dos galegos e fai dúas propostas: a elaboración do Gran Dicionario Galego e a creación dun Padroado da Cultura Galega. A primeira sería un profundo labor de estudo da lingua: «Para procedéremos metodicamente na posta en marcha distes estudos, temos que comezar, necesariamente, pol-a publicación escrupulosa de todol-os materiais lexicográficos que van integrar o futuro gran Dicionario»<sup>22</sup>.

Estes serían a publicación de documentos medievais esquecidos nos arquivos, de textos medievais con comentarios críticos e doutros inéditos, de vocabularios (Sobreira, Sarmiento, Cornide, Pintos, Leiras Pulpeiro e nomeadamente o de Eladio Rodríguez) e, finalmente, a recollida da lingua viva en monografías lexicográficas. Para afrontar estes labores é para o que propoñen a creación do Padroado: «Para artellar a adecuación entre os medios económicos e mail-os medios técnicos que se precisan, sen que a adecuación perda continuidade»<sup>23</sup>.

Dende o punto de vista histórico e ideolóxico teñen máis interese as dúas primeiras epígrafes denominadas «Siñificado da cultura» e «Idioma e cultura»,

---

<sup>21</sup> Publicado, en parte, no núm. 111 de *Grial*: «Ramón Piñeiro. Da miña acordanza», Vigo, tomo XXIX, 1991.

<sup>22</sup> *Primeiro Congreso da Emigración Galega. Documentación. Crónicas*, p. 176.

<sup>23</sup> *Ibíd.*

respectivamente, nas que son constantes as referencias á cativeza de Galiza no marco europeo, ao seu carácter de «pobo» xa que se expresa como unha cultura «peculiar», isto é, unha «unidade espiritual que ten a súa máis representativa expresión no idioma.

Ao respecto da división entre os galeguistas do interior e os de Bos Aires, ou se se quere, entre culturalistas e políticos, Tobío mantén unha posición intermedia, quizais derivada da súa experiencia política e diplomática. Dicíanos: «Ben, non hai que facer unha división tan radical e esquemática, porque entre os culturalistas había individuos que tiñan senso político e entre os políticos había moitos individuos que traballaban na orde cultural. Todos discutiamos, pero por riba estaba o mesmo sentido da galeguidade, que era o que nos unía a todos e que se impuña a todo». Para logo engadir:

Non se durmiu ao PG: deixar que non actúe dunha maneira activa, puxante, nun determinado momento, non quere dicir que iso supoña unha perda de espírito. Aqueles que parecían soamente políticos eran tamén culturalistas, e viceversa. Eu falaba con todos eles, uns e outros tiñan o mesmo obxectivo. O que pasa é que había quen lle daba máis importancia, nun momento, a un aspecto, e outros que lle concedían máis importancia a outro, pero todos tiñan os dous aspectos presentes. Era nas tácticas onde podían discrepar, pero só lixeiramente. Máis política ou menos política, máis cultura ou menos cultura, non deixaban os políticos de facer cultura nin os culturalistas de facer política<sup>24</sup>.

### 4.3. Tobío editor

Ao pouco de que o Consello de Galiza convocase o I Congreso da Emigración e cando Tobío estaba inmerso nos labores preparatorios, Rodolfo Prada, nunha carta datada o 23 de febreiro de 1956, demanda de Tobío unha primeira

---

<sup>24</sup> Pellitero, L. / R. Pascual / C. Méixome: «Lois Tobío. Crónica viva dun século», *Tempos Novos* (18/03/01).

colaboración nun proxecto editorial: «Agora teño o gosto de cumprir outro encárrago para vosté. Trátase do seguinte: da grandeira obra, que patrioticamente financia noso esgrevio amigo Don Manuel Puente, da Historia de Galicia». A seguir coméntalle que naquela altura recibiran os orixinais dos dous primeiros tomos e que «xa istán sendo impresados. Don Manuel contratou o traballo ca imprenta López de ista cibdá (a mesma que fixo o libro “As cruces de Pedra na Galiza” de Castelao), en 400 e pico mil pesos. Amáis delo, os grabados custarán uns 150 mil pesos. Isto lle dará idea da importancia da obra».

Infórmao de que a edición está a cargo de «Luís Seoane axudado por mín» e preséntalle a demanda de colaboración:

Agora ben, témolo problema da corrección das probas, non pola corrección [...], senón pola necesidade de unificar a ortografía dos varios traballos de diferentes autores. Elo comporta unha responsabilidade que somentes pode ser asumida por persoa autorizada por unha outa preparación intelectual e amplo coñecemento da nosa lingua, pois vai toda a obra en idioma galego. Con Otero Pedrayo tense acordado que se faga a primeira corrección, –e conseguinte unificación ortográfica e lingüística–, eiquí, enviándose a éle a derradeira proba para sere revisada e conformada alá.

Agora ben, Seoane e máis eu entendemos que vosté é a persoa máis calificada nas terras do Plata para laboura tan importante. Don Manuel atopou perfecta a elección e fíxome o encargo de lle escribir propoñéndolle isa colaboración e pregándolle queira aceptala, a base, naturalmente, de lle compensar cos honorarios que correspondan, xa que o traballo será fadigoso e lle demandará tempo que vosté perdería de adicar a labores periodísticos ou editoriais que lle rinden beneficios.

A imprenta xa entregou as probas dos primeiros traballos: o Prólogo e a Descrición Xeográfica de Galicia, ambos de Otero.

A carta de Prada remata cunha posdata: «Eu permítome apelar afervoadamente ao seu patriotismo galego, para que faga o sacrificio de aceptar o encárrago».

Lois Tobío, sempre disposto a realizar os imprescindibles traballos de intendencia, asumiu primeiro o labor de transcribir e unificar a ortografía, tarefa nada doada xa que como el mesmo lembra: «Algúns dos traballos estaban escritos a man con letra a veces non moi clara, a comezar pola de Otero, e a ortografía era dabondo diferente duns a outros»<sup>25</sup>. Aceptada a petición inicial, os problemas xurdidos, tanto coa imprenta como por outros motivos, fixeron que a publicación se fose adiando. Cinco anos despois da carta de Prada aínda non se publicara o primeiro tomo nin tiña moitos visos de facerse realidade. Este atraso e mesmo o perigo de que a edición non se realizase foi o que levou a Tobío a asumir todo o labor editorial, correspondendo deste xeito á petición que lle fixeran na súa casa de Montevideo Manuel Puente, Rodolfo Prada e Carlos Abraira. No complexo do labor editorial redunda M. Puente:

[...] doume perfecta conta do enorme traballo que siñificou para vostede por en orden os orixinás e todo o demais de clichés etcétera; o desorden nos orixinás non foi por falta das nosas recomendacións, que chegamos a pedirlle se puxeran dacordo na unificación do idioma etcétera<sup>26</sup>.

No seu arquivo persoal, Lois Tobío conservou unha serie de documentación (correspondencia, facturas, deseños etc.) referida á edición dos dous primeiros volumes, entre a que cómpre salientar unha boa morea de cartas que nos achegan ás múltiples dificultades, nomeadamente económicas, que tiveron que superar todos os colaboradores, fosen estes autores, correctores, deseñadores ou fotógrafos, só superadas con esforzo e dedicación. Sirvan estas liñas para recoñecer o seu labor.

A comezos do ano 1961 Tobío asumirá o labor de coidar da impresión dos traballos que estaban realizados. Manuel Puente comunícalle<sup>27</sup>, tamén lle envía copia da carta que lle remitira uns días antes a Otero Pedrayo, que:

---

<sup>25</sup> Tobío, L.: *As décadas...*, p. 633.

<sup>26</sup> Carta de M. Puente a Tobío (10/01/62).

<sup>27</sup> Carta de M. Puente a Tobío (12/01/61).

[...] baixo a miña responsabilidade económica vostede está autorizado por min para resolver todo o necesario para a impresión da Historia de Galicia –confírmolle a vostede o que lle escribín a Don Ramón, e convivimos personalmente na súa casa– esto é que lle ordene a Don Ramón ou conveña cos colaboradores desñados ou outros, o que vostede considere necesario para a terminación da obra.

A confianza de Puente en Tobío é absoluta, na mesma misiva engade:

En canto ós materiaes no seu poder –colaboracións, debuxos e mapas– proceda tamén con toda liberdade –o que non lle guste desbóteo– e co que sirva proceda a facer imprimir os primeiros tomos contratando como mellor lle pareza, é avisándome solamente para abonar as cuotas que vostede conveña.

Como comentamos, coa carta anterior M. Puente mándalle a Tobío copia da que lle enviara a Otero. Nesta Puente explícalle ao director da publicación as razóns do atraso da impresión:

Estou seguro que vostede estará estrañado da falta das miñas noticias, en tanto tempo, pero pódolle asegurar que nades como eu estaba sofrendo por non poder escribirlle algo satisfactorio encol da empresa que me comprometé coa patria –de facer imprimir a Historia de Galiza– pero ese compromiso non dependía solo da miña vontade, que nunca faltou, si non en primeiro lugar, que de ahí mandaran os traballos debidamente ordenados, e en segundo lugar que a persoa que aquí se comprometeu a dirixir a impresión cumprira.

¿Si os dous puntos esenciaes me fallaron que podía facer eu?

Si co primeiro cumprín poñendo ahí os fondos necesarios para pagos de mapas e colaboradores, co segundo aínda máis, contratando coa imprenta en base a «Maquet» os detalles elaborados polo mesmo responsabel-contratado cos clichés etc, a imprenta abonelle a primeira cuota (\$ 37.500) que creo perdida, fixen entrega de todos os materiais que estaban no meu poder, testos, debuxos, mapas, e nada se fixo, a imprenta di que se

perxudicou coa perda da composición e esixe novo contrato a novos precios, 15 ou 20 veces máis caros, –¿podía eu volver a confiar para contratar de novo cos novos aportes que tamén se perderían?.

Cando vostede estuvo eiquí, dixen eu nunha xuntanza que a Historia de Galiza se faría e dende entonces pasei intres moi amargos, sin saber que facer, –a parte de ahí pensei que podía remediarse pero– ¿cómo resolver o de aquí, si pensaba que o sucedido tocaba os bordes de un sabotaxe?

Polo esposto darase conta dos motivos de non escribirlle, fago oxe ledicioso pola seguridade que teño, de que por fin teremos a Historia de Galiza –gracias á vontade, capacidade e patriotismo de un gran galego, que enterado das dificultades con que eu me encontraba, ofreceuse patrioticamente, a encargarse el, de correr cos traballos da impresión, estoume referindo a Don Luís Tobío.

Comprenderá vostede a tranquilidade que oxe enche o meu espírito, –e a alegría que teño en comunicarlle a vostede esta novidade.

O 12 de Nadal fumos a Montevideu, Prada, Abraira e eu levándolle a Don Luís Tobío todo o material que tiña no meu poder –incluso debuxos e mapas– e, ó por alí en orden as cousas, notamos que, o seu traballo non está completo, e decir que na imprenta ou en outra parte estraviaron algunhas follas últimas, [...]

Infórmolle que a Don Luís Tobío lle din amplios poderes para tratar con vostede e con todos os colaboradores e facer baixo a miña responsabilidade económica todo o que sexa necesario ó seu parecer para terminar a impresión da Historia de Galiza, de maneira que en adiante todo o que Don Luis resolva ou ordene ten a miña conformidade<sup>28</sup>.

Aos problemas que demoraron a saída dos primeiros volumes refírese, de novo, M. Puente nunha carta a Álvaro Gil, na que lle dá conta da asunción por parte de Tobío do coidado da impresión:

---

<sup>28</sup> Carta de M. Puente a Otero Pedrayo (04/01/61).

Escríbolle oxe polo seguinte; A Historia de Galicia que vostede estará enterado me comprometé a facer imprimir, e que xa debía estar circulando, está recién nos seus comezos, e será realidade polo menos nos dous primeiros tomos, que é o único material que hasta agora enviaron da terra, e esto vai a ser posible gracias ó concurso de Don Luís Tobío, que sabedor das dificultades en que eu me encontraba por falla da persoa que se había comprometido a dirixir a impresión, se ofreceu a correr el con ese traballo –e polo tanto se está comenzando a imprimir en Montevideo<sup>29</sup>.

A esta demora e aos problemas coa imprenta fai referencia Otero Pedrayo cando lle escribe a Tobío: «Eiqui os colaboradores desconfían da publicación. Soio coa saída dun bó volume renacería o entusiasmo». Na mesma misiva engade: «O interesante é a pronta saída do volume de Etnografía, verdadeira obra prima que xa perde por o moito tempo de agarda»<sup>30</sup>. Aos poucos días, noutra carta: «Estou moi ledo coa nova organización...»; despois de informalo sobre o estado dos traballos, engade: «Compre unha nova organización e moito diñeiro. Por o pronto será gran cousa que saia a Etnografía. [...] Ben sei que D. Manuel gastou en balde moito diñeiro, debeu ser ouxeto de algún engano nas imprentas»<sup>31</sup>.

Aos poucos meses Otero volve expresarlle a Tobío as súas inquedanzas sobre o proxecto: «Eiqui os colabouradores da “Historia” pensada por Manuel Puente mañiféstanse esceuticos, procuran non falar do problema quizais para non magoarme a min. En tantos anos a Etnografía –non penso no Introito xeográfico– poido ter dado bos froitos e ergueito o nome galego en todo o mundo culto»<sup>32</sup>. O desacougo non desaparece e de novo exprésao: «Quixera saber canto tempo. Eiqui domina a preguiza. [...] Eiqui os mais desconfían coa longa demora»<sup>33</sup>.

---

<sup>29</sup> Carta de M. Puente a Álvaro Gil (04/05/61).

<sup>30</sup> Carta de Otero a Tobío (03/02/61).

<sup>31</sup> Carta de Otero a Tobío (11/02/61).

<sup>32</sup> Carta de Otero a Tobío (11/05/61).

<sup>33</sup> Carta de Otero a Tobío (30/07/61).

O que realmente vería a luz foi a «Introdución á Historia». Unha década despois publicárase o tomo dedicado á «Prehistoria», polo tanto o primeiro volume en verdade acaído á denominación *Historia de Galiza*. Mais o proxecto estaba deseñado e, en parte, en marcha. Otero escribílle a Tobío:

Sin falar por hoxe dos orixinais en poder de Vde voulle manifestar o estado do traballo: a) feita, con ben poucos engadidos e notas por Xaquín Lourenzo, a Prehistoria por o inesquecente Cuevillas; b) feito un volumen enteiro de historia das Pelerinaxes dende as orixes deica hoxe por D. Xesús Carro; Vde. sabe seu carater, quixo traballar soio; c) de Idade Media por Ferro e por mil listas de fontes no Arquivo Histórico Nacional cuías papeletas eu gardo; d) de Idade Moderna tamén moita nota de fontes. Pro hai que esculcalo todo ben dreitamente ben pagando fotocopias. Hai tamén moitas fontes de outros arquivos. De época celto-román di Bouza ter traballado moito; quedamos en que a Outa Idade Media a fixera Ferro e a Baixa Ferro ou Filgueira, facendo dende logo Filgueira a poesía medieval. Non sei si comprirá. Chamoso Lamas fará, non o dubido, a historia d-Arte. Eu quedeime co XVIII e XIX, fora da cultura, e traballo moito. Coido que en dous anos podó ter rematados os dous volumes. ¿E o demais? ¿Que se mete no XVI e XVII?<sup>34</sup>.

Polo que se desprende do escrito de Otero están rematados nesa altura dous tomos máis: o da Prehistoria de Cuevillas e o das Pelerinaxes de Carro. Os demais traballos estaban en fase de elaboración, encargados ou comentados cos máis importantes especialistas (Ferro Couselo, Filgueira Valverde, Chamoso Lamas, Bouza Brey). Outro dos que andaba a traballar nunha colaboración para a *Historia* era Aquilino Iglesia Alvariño. A morte sorprendeuno, a el e a todos; dálle novas Otero:

---

<sup>34</sup> Carta de Otero a Tobío (11/02/61).



Están abraiados coa morte supeta de Aquilino Iglesia Alvariño. Estiven con el o 27 en Sant Iago, tan bon e ledor e bebedor. Morreu o 28 cando xa eu estaba eiqui. Xa o libro ten que levar unha necrolóxica: Hai que procurar quen faga a historia da lingoa para publicar polo comén da Idade Media. Quizais Isidoro Millán.

Así pois, dos tres volumes que foron editados dentro do proxecto, Tobío coidou dos dous primeiros. Seguramente lle gustaría ser tamén o editor da «Prehistoria» do seu amigo Cuevillas, a quen coñecera nos tempos do Seminario de Estudos Galegos. Cuevillas e Tobío mantiveran nos anos da ditadura de Primo de Rivera unha forte relación epistolar, tanto por ser Tobío o secretario do Seminario e Cuevillas director da Sección de Prehistoria como por ser ambos os que establecían os contactos clandestinos entre os galeguistas. O texto de Cuevillas<sup>35</sup>, anotado e corrixido por Xaquín Lorenzo, cun engadido de Taboada Chivite, será publicado como terceiro tomo en 1973.

Tanto Puente como Prada procuraron que Tobío coidase da edición do volume da «Prehistoria» de Cuevillas, segundo se desprende da carta de Francisco Fernández del Riego:

Escriboche agora istas liñas para tratar do terceiro tomo da «Historia de Galiza». Dixéronme Prada e D. Manuel Puente que ti ten encargarías da edición, como fíxeche cos outros dous volumes.

O texto do tomo xa está rematado. Abrangue 362 folios, mecanografiados sobre o orixinal manuscrito que deixou Cuevillas, e 90 máis que escribiu Xesús Taboada Chivite como apéndice e posta ó día. Hai tamén fotos e dibuxos prá ilustración. Pero sería comenente que ti dixeses sobre pouco máis ou menos, a cantidade deles que se necesita.

Si aínda estás disposto a te facer cárrego do traballo, escíbeme decíndome o que debo facer. ¿Queres que che remese xa o material, ou tencionas faguer antes algunhas xestións nas imprentas, recabando presupostos, etc.? Fico pendente das túas novas<sup>36</sup>.

---

<sup>35</sup> Cuevillas falecera o 30 de xullo de 1958.

<sup>36</sup> Carta de F. del Riego a Tobío (22/09/67). Arquivo Lois Tobío.

Daquela Tobío xa levaba tempo residindo en Madrid, un tanto desconectado dos círculos galeguistas e inmerso nos seus estudos das cartas de D. Diego Sarmiento de Acuña, primeiro conde de Gondomar.

O 29 de outubro de 1962 presentábanse oficialmente os dous primeiros volumes nun acto que tivo lugar no salón de plenos do Centro Galego de Bos Aires, no que participaron, ademais do mecenas Manuel Puente, Abelardo Estévez e o presidente do Centro Galego, Villamarín Prieto, segundo recolle *A Nosa Terra*<sup>37</sup>. Na nova xornalística sublíñase a presenza de representantes de diversas entidades culturais arxentinas así como de todas as entidades galegas de Bos Aires e Montevideo amais do delegado do Consello de Galiza, Xesús Canabal. No acto, Manuel Puente referiuse en diversas ocasións a Castelao: «que me ensinou a me sentir patriota galego integral [...] espertou na miña conciencia as obrigas que se sinten coa patria [...]. E foi así que ises anceios se concretasen na decisión de promover e patrocinar que se fixera a gran historia de que carecía a nosa patria Galiza». Segundo conta Tobío, Manuel Puente comezaba así a cumprir a promesa que lle fixera a Castelao nos seus últimos días<sup>38</sup>. Malia os esforzos non poderá rematar a tarefa.

O acto de presentación coincidiu cos preparativos para o regreso de Tobío e a súa familia a Europa, aproveitando a oportunidade que lle brindara un traslado dentro da empresa farmacéutica na que traballaba. Despois de pasar por Basilea, sede do grupo farmacéutico, recolle á familia en Barcelona (Nadal de 1962) para establecerse en Madrid. Sabemos tamén que a obra estaba publicada dende había algúns meses pois Otero escribelle dende Ourense o 27 de setembro de 1962: «Estaba en Santander cando chegaron os dous volumes»<sup>39</sup>, aínda que os exemplares aos que se refire don Ramón estaban sen rematar, como aclara Tobío nunha carta a Puente<sup>40</sup>: «Tiven carta de Don Ramón. Está entusiasmado vendo

---

<sup>37</sup> *A Nosa Terra*, Bos Aires, nº 506, Nadal de 1963.

<sup>38</sup> Sobre a promesa de M. Puente a Castelao, ver Tobío, L.: *As décadas...*, p. 573.

<sup>39</sup> Carta de Otero a Tobío (27/09/62).

<sup>40</sup> Carta de Tobío a M. Puente (08/10/62).

rematada a edición. O exemplar que levou (incompreto) Meilán, vírono Piñeiro, Lorenzo e outros». Outro dos autores, Xaquín Lorenzo, comunícalle a Tobío: «A fins do vran viñen dende Lobeira a Ourense para ollar os dous primeiros volumes da Historia de Galiza que tés ao teu cargo»<sup>41</sup>.

Na mesma nota de *A Nosa Terra* á que fixemos referencia recóllese un cariñoso reproche: «Sin querer botar soma algunha encol deste feito tan importante para a cultura galega, desexamos dicir que ben se pudo facer ademais, unha edición mais económica para unha difusión maior da devandita Historia». A recriminación non deixa de ter certa lóxica, aínda que o que os impulsores do proxecto pretendían era facer realidade a primeira gran publicación da cultura galega, tamén dende o punto de vista das técnicas editoriais. Unha grande obra en canto a contido, pero tamén en deseño, edición, ilustración etc. A que «xa foi chamada a “Grande e Xeneral Estoria” en palabras de Otero»<sup>42</sup>. A carestía da publicación tamén preocupaba a M. Puente:

Respeto á composición en corpo 12/12, e certo que sería mellor pero debemos considerar si a obra non se encarecería demasiado, con todo o que hai que agregarlle, refrirome ó precio que vai a resultar para a venda que é o que me está preocupando, [...] deixo entón que vostede resolva o que lle pareza<sup>43</sup>.

#### 4.3.1. *Os contidos*

O tomo I consta dun «Prólogo» e un longo capítulo de «Xeografía», autoría de Otero. A «Xeoloxía» é obra de Isidro Parga Pondal, mentres que Luís Iglesias Iglesias achega un capítulo único dedicado á «Xeografía fito-zoolóxica». Risco elaborou o capítulo, con moito, máis extenso, denominado «Etnografía. Cultura

---

<sup>41</sup> Carta de X. Lorenzo a Tobío (03/10/62).

<sup>42</sup> Carta de Otero a Tobío (11/02/61).

<sup>43</sup> Carta de M. Puente a L. Tobío (04/05/61).

material». O volume remata cunha análise da música e da danza, da que é autor Emilio Pita.

Pola contra o tomo II é obra dun só autor, Xaquín Lorenzo, aínda que se pode considerar continuación do capítulo de Vicente Risco. Ambos os autores tratan de etnografía, Risco desde a vertente cultural e Xaquín Lorenzo dende a óptica da cultura material.

A achega de Otero definitivamente denominouse «Xeografía», a pesar de que insistira en que non debería titularse dese xeito: «Vai a concurción do prólogo xeográfico. Pois iso e non Xeografía é o meu traballo» ou «Devólvolle o esquema xeográfico. Coido que vai ben. Trátase de un limiar xeográfico e non dunha xeografía. E concedín moito as chamadas de ríos e da costa». Mesmo co exemplar na man seguía pensando que: «Houbera gostado millor que a miña parte levara o tiduo do que é: “Introducción xeográfica”. Máis leente avisado decatárase deseguido»<sup>44</sup>.

O grande apartado do primeiro tomo é «Etnografía. Cultura espiritual» de Vicente Risco, profusamente ilustrado con cen figuras, entre fotografía e debuxos, ademais de catro pranchas en cor que reproducen motivos decorativos de colchas e mantas. Entre os debuxos, un de Castelao, outro de Carlos Sobrino, varios de Risco, outros de Xaquín Lorenzo. Entre as fotografías, algunhas de Xosé Suárez.

A achega de Risco á *Historia de Galiza* constitúe a grande obra etnográfica do pensador ourensán. As claves interpretativas da etnografía risquiana cómpre buscalas na escola histórico-cultural xermana de Graebner e Schmidt e, xa que logo, afastado tanto do socioloxismo francés (Durkheim, Mauss) coma do difusionismo americano (Boas), e preto, na concepción que non no método, do evolucionismo decimonónico de Tyler ou Morgan.

Na «Explicadeira previa» coa que Risco comeza o seu traballo di:

---

<sup>44</sup> Carta de Otero a Tobío (27/09/1962).

A cultura popular está constituída por elementos, deica certo punto, elaborados polo pobo, e por elementos sedimentados do saber erudito de tempos antigos, conservados polo pobo. Componse igualmente de elementos «índixenas» (enxebres) e de elementos alóxenos «aculturados», ou sexa incorporados ao que nos é propio. Deiqui vén o seu valor como fonte da historia, por atoparnos nela o que chaman supervivencias de tempos antigos, como si foran verdadeiros fósiles espirituás que o historiador pode estudar en vivo, porque, a diferenza dos outros fósiles, son materia viva e actuante.

E engade:

En todo caso, o estudo da cultura popular constitui unha ciencia de carácter histórico, que, a un tempo, é unha das ciencias auxiliares da historia, e unha disciplina independente. O seu método téñ que ser –sin adscribirnos por esto a ningunha escola– o histórico-cultural. Niste traballo, no que o cadro da cultura popular galega hase presentar como fonte da historia, non se trata de facer un estudio etnolóxico, sinón, como acabamos de dicir, un cadro etnográfico que axude dalgún xeito á explicación da nosa historia; non hemos expricar, sinón sinxelamente describir<sup>45</sup>.

O estudo da cultura espiritual que fixo Risco anuncia o segundo tomo da «Historia», o inmenso traballo sobre a cultura material que realizou o seu discípulo e amigo Xaquín Lorenzo «Xocas» e que abrangue a totalidade do volume. Tamén profusamente ilustrado (514 imaxes) con fotografías e espléndidas ilustracións do gran debuxante que foi Xaquín Lorenzo.

Tobío entendeu que debería tratarse, aínda que fose de xeito breve, o aspecto musical, xa que non o facían nin Risco nin Xaquín Lorenzo. Foi este o motivo que o levou a solicitar de Emilio Pita unha achega sobre o tema. Deste xeito incorporouse o traballo do autor do primeiro libro en galego da posguerra<sup>46</sup> ao

<sup>45</sup> Risco, V.: «Etnografía. Cultura espiritual», en *Historia de Galiza*, tomo 1, Bos Aires, 1963, pp. 256-257.

<sup>46</sup> Pita, E.: *Jacobusland*, Bos Aires, 1942. Ilustrado por Castelao.

remate do primeiro tomo e como parte do terceiro apartado da «Etnografía. Cultura espiritual», despois das páxinas que Risco lle dedica á literatura e ás artes plásticas; indicativo da concepción de traballo colectivo e da intervención decisiva de Tobío como editor.

Pita, emigrante en Bos Aires dende neno, escíbelle a Tobío:

Os amigos Prada e Puente, déronme traslado dos teus desexos de que podería redactar un pequeno traballo encol da música popular galega, para engadir á Historia de Galicia que, gracias ao teu derradeiro esforzo, sairá axiña.

Como comprenderás á noticia non deixou de encherme de satisfacción; e a carón desa satisfacción a dúbida de si as miñas cativas condicións son de abondo capaces, para figurar xunto as outras persoalidades que tratan os principais temas de dita Historia. Creo sinceramente, que hai na Terra, e fora dela, que pode faguer ese traballo moito millor que eu; por eso creo que nesta oportunidade pesou á túa amical estimanza hacia a miña persoa, tantas veces posta de manifesto e que agradezo en todo canto val. Agora ben, si ti crées que á miña colaboración pode servir de algo, non terei mais remedio que acatar a túa decisión.

Si a túa resolución é definitiva, aínda que os amigos Puente e Prada, déronme a lér unha nota túa onde eispresas o que estimas comenente, breve e conciso<sup>47</sup>.

Por diversos motivos Emilio Pita tivo que demorar o traballo, o que de novo atrasou a edición. En febreiro de 1962 escíbelle a Tobío: «No próximo mes de Marzo, decidín tomarme unhas vacacións (fai anos que non disfruíto delas) e aproveitar ese descanso para dar cumprimento a tan difícil compromiso. Si é posíbel que podas agardar para entón agradeceríacho moito»<sup>48</sup>. Tobío agardou e Pita cumpriu co seu traballo: «Dúas liñas para informarche que este fin de semán agardo remiñar o traballo e mandarcho axiña; estou sacando tamén copia

---

<sup>47</sup> Carta de Pita a Tobío (02/10/61).

<sup>48</sup> Carta de Pita a Tobío (13/02/62).

dos exemplos musicais que engadirei a algunha ilustración que xa teño arredada e espero sirvan»<sup>49</sup>, e aos poucos días: «Escríboche estas letras para comunicarche que a fin de semana vindeira, [...] viaxarei a Montevideo, e entregareiche persoalmente o traballo encol da música, e ti verás si serve»<sup>50</sup>.

Finalmente o traballo estaba preparado e Pita enviálle a Tobío unha agradecida carta:

Chegou as miñas máns a túa carta tan cordial do día 7, aledándome moito que atoparas axeitado o meu traballo, inda que ben sei que nas túas verbas hai decote exceso de loubanzas para mín.

Podes, dende logo, introducir no traballo as modificacións de forma e ordenación que atopas necesarias; todo canto ti fagas tén á miña aprobación.

Logo do que xa vin da Historia, estou convencido de que fará «historia» na laboura cultural galega, e neste caso, fora de Galicia. Por eso que a Terra, e todos nós, débenche fonda gratitude, pola tarefa que botaches enriba de ti<sup>51</sup>.

#### 4.3.2. *Deseño, maqueta e ilustraciónns*

A maqueta e o deseño da publicación encargoulla Tobío a Leopoldo Nóvoa (Salcedo, Pontevedra, 1919, Nogent-sur-Marne, 2012). O pintor e muralista –mural do estadio do Cerro de Montevideo (1963) e da canteira do parque de Santa Margarida da Coruña (1989)– pontevedrés trasladárase, ao remate da guerra, coa súa familia ao Uruguai, país do que o seu pai fora cónsul para Galiza. É en Montevideo onde coñece a Tobío compartindo amizades comúns, entre outras a do pintor uruguaio, de pai catalán, Torres García (1874-1945), quen exercerá ampla influencia, non só pictórica, sobre Leopoldo Nóvoa, como el

---

<sup>49</sup> Carta de Pita a Tobío (06/04/62).

<sup>50</sup> Carta de Pita a Tobío (17/04/62).

<sup>51</sup> Carta de Pita a Tobío (13/05/62).

mesmo reconece<sup>52</sup>. Tobío é un entusiasta da pintura e mantivo relación con moitos artistas plásticos (o citado Torres García, Plastchek, Gurévitsch<sup>53</sup>, os galegos dunha e outra beira do Plata, Colmeiro, Seoane, Laxeiro, Díaz Pardo etc.). No «atelier, [...] unha miga ao xeito da bohemia parisina», en palabras de Tobío, que tiña Nóvoa, no primeiro piso do antigo Mercado Central de Montevideo, lembrado polo pintor como «o taller máis entrañable que tiven»<sup>54</sup>, pasaron ambos «seráns lediciosas a parolar de mil cousas»<sup>55</sup>.

Con anterioridade, como dixemos, Tobío encargáalle a Nóvoa a realización do programa de man do I Congreso da Emigración. A relación entre os dous mantívose ao longo do tempo pero foi especialmente intensa, dende o punto de vista epistolar, nos primeiros meses de 1962. Entre marzo e abril daquel ano crúzanse unha serie de cartas sobre as tapas e sobrecubertas da *Historia*.

O 21 de marzo de 1962 Leopoldo Nóvoa escíbelle a Tobío:

Doble fue la alegría de vuestra carta, porque, además, me trae el encargo de las tapas para la Historia de Galicia. [...] Respecto a las tapas o sobre-cubiertas, me pondré de inmediato con ellas y te las enviaré tan pronto «encuentre» las que me satisfagan. [...] Por mi trabajo no cobraré precio alguno y te agradezco me hayas asociado a tu labor. Todo lo demás está clarísimo y tus descripciones son suficientes para poder relacionar las sobre-cubiertas con el contenido de cada tomo.

Deseguido refírese ao seu traballo en París e anuncia que vai regresar pronto xa que «me están acosando para que vuelva cuanto antes para realizar los grandes murales del estadio del Cerro» pero que «mi hábitat definitivo seguirá siendo

---

<sup>52</sup> Verbo desta cuestión e en xeral sobre a análise da obra pictórica de Nóvoa, ver Sánchez Suárez, C. (2000): *Leopoldo Nóvoa en Artistas galegos. Pintores. Posguerra (abstraccións-figuracións)*, Vigo, Nova Galicia Edicións, pp. 62-103. [Disponible en <http://leopoldonovoa.com/>].

<sup>53</sup> Gurévitsch fixo un retrato de Tobío.

<sup>54</sup> Sánchez Suárez, C.: *op. cit.*, p. 67.

<sup>55</sup> Tobío, L.: *op. cit.*, pp. 571-2.



París» e coida que «en poco tiempo podré mantenerme de mi pintura sin mayores problemas». A mensaxe remata cunha agonizante reflexión política:

No hablaré de la situación política porque me apena lo que tendría que decir. La guerra de Argelia ha terminado de «apoderar» todo y aunque uno se da cuenta que la crisis es de todo este pequeño Occidente, al que se le viene el mundo encima, creía que Francia podría tener algunas reservas. Y no las tiene porque no hay nada digno de salvarse. Ca-y-est!<sup>56</sup>

Á volta de correo, Tobío envíalle algúns datos sobre as sobrecubertas e os textos das tapas e lombos dos dous tomos e proponlle que sexan independentes dos títulos que poderían ir impresos enriba e en negro, que lle indique o tamaño, a localización e os tipos. Infórmao tamén de que a imprenta que vai facer o traballo é a de Barreiro<sup>57</sup>. Antes de rematar Tobío coméntalle:

Aunque tu negativa a recibir una retribución por tu trabajo es digna de reconocimiento y de encomio, te ruego que cambies de opinión. Por razón de principios conviene que la gente sepa que el trabajo artístico e intelectual debe ser remunerado<sup>58</sup>.

Ao día seguinte (28/03/62)<sup>59</sup>, polo tanto antes de recibir a carta de Tobío, Nóvoa xa lle estaba escribindo con instrucións para as sobrecubertas:

Ahí te las mando sin esperar por los datos que te pedí sobre la tipografía que irá titulado cada tomo. Por lo que se de ti como persona que estas en la pomada (es decir en cosas de impresiones) sabrás manejarte con los espacios.

---

<sup>56</sup> Carta de Nóvoa a Tobío (21/03/62).

<sup>57</sup> Os dous tomos realizáronse na imprenta Barreiro e Ramos S.A., empresa fundada en 1871 por un emigrante galego de Laracha.

<sup>58</sup> Carta de Tobío a Nóvoa (27/03/62).

<sup>59</sup> Carta de Nóvoa a Tobío (28/03/62).

Logo fai unha serie de consideracións: sobre a situación do número de cada tomo «al rente en el ángulo inferior derecho», sobre o título e os subtítulos etc. As cartas de Nóvoa desprenden sempre un fino humor. Nesta á que nos referimos, ao saírenlle un chisco tortas as liñas, despois de lle pegar uns recortes cos tipos de letra, remata cun «Coño, que torcido estaba el papel», non sen antes dar unha proba máis do seu desprendemento: «No tengas ningún temor en decirme que no te gustan, si no te gustan. Ni tengas ningún empacho en no utilizarlas, si fuera así».

O 2 de abril<sup>60</sup> Nóvoa escíbelle con novas indicacións que: «Ça fait rien, pois ti poderás arrancharte con el asunto de los espacios». Remata: «os teus argumentos o respeito do prix me parecen atendibles. Digamos \$500.- Si es mucho 400.-, si sigue siendo mucho 300.- y así sucesivamente. Ça-y-est!»<sup>61</sup>. Nóvoa comenta que é domingo e que vén de Chartres, e adherido á misiva envíalle unha tiriña rectangular cun fermoso debuxo en cor dunha das célebres vidreiras góticas da catedral desta vila francesa.

Tobío, nun escrito do 11 de abril de 1962, cualifica os orixinais como «estupendos» e indícalle que: «Tomo nota de tus indicaciones técnicas [...] todo lo cual seguiré estrictamente, dentro de lo posible» e remata con certa nostalxia irónica: «Un abrazo a la Victoria de Samotracia y un beso a la Olimpia de Manet que deben andar por ahí»<sup>62</sup>. Tobío, diligente, cumpriu as indicacións de Nóvoa.

Os dous tomos están profusamente ilustrados. No primeiro, na sección de «Xeografía» de Otero Pedrayo (respectamos as súas denominacións) incorpóranse planos das sete cidades e dunha serie de vilas: Monforte de Lemos, Betanzos, Cambados, O Carballiño, Celanova, Mondoñedo, Muros, Noia, Padrón, Redondela, Ribadavia, Santa Marta de Ortigueira, Tui, Verín, Viana do Bolo e Vilalba; en total 24 planos. Ademais a sección está ilustrada cos 29 mapas que

---

<sup>60</sup> Carta de Nóvoa a Tobío (02/04/62).

<sup>61</sup> Sobre a remuneración do traballo Tobío conserva no seu arquivo copia da orde de pago.

<sup>62</sup> Carta de Tobío a Nóvoa (11/04/62).

se relacionan: Miño Outo, Rexión de Lugo, Sarria e Samos, Rexión de Lemos, Miño Central, Baixo Miño, Rexión da Fonsagrada, Rexión de Becerreá, Rexión de Valdeorras, As Medas, Rexión de Celanova, A Limia, Val Verín, Costa de Lugo, Rexión de Mondoñedo, Ría de Viveiro, Ría de Santa Marta, As Mariñas, Ría da Cruña, Val de Bergantiños, Ría de Corme e Laxe, Cabos Touriñán e Fisterra, Ría de Muros e Noia, Val do Ulla, Rexión de Sant-Iago, Ría de Arousa, O Lérez, Ría de Vigo.

Don Ramón ficou contento coa cartografía: «É grande e boa a ilustración cartográfica»<sup>63</sup>; «Penso que a cartografía é do millor»<sup>64</sup>. Asemade, non deixa de achegar novas ideas: «Cicais estaría ben unha bibliografía xeográfica de Galiza» e insistir na pretensión de incluír un mapa completo de Galiza. Este mapa xa fora realizado pero extraviarase, como lle comunica Puente a Otero: «Tamén nos falta o mapa xeral de Galiza [...] aínda temos a esperanza de que SEOANE o encontre, sin embargo teño moita duda de que apareza»<sup>65</sup>. Otero volve co tema do mapa e achega unha solución: «O mapa grande vaise demorar moito. ¿Qué tal unha boa fotografía do venerable Fontán?»<sup>66</sup>.

A lea do mapa foi boa. Puente escíbelle a Tobío: «En canto ó mapa creo que mellor sería facer intervir a Alvaro Gil que foi o que lle abonou ó cartógrafo que os fixo, que é de Madrid»<sup>67</sup>. Nesta mesma data Puente escíbelle a Álvaro Gil sobre a cuestión do mapa:

[...] e como ó por en orden os materiais nos topamos en que se estraviou o mapa xeral de Galiza que foi feito xunto con os rexionales ou comarcales por un cartógrafo de Madrid cuxo nome non sei, e como creo que vostede lle abonou mais ou menos 60.000 Pesetas e saberá quen é —o molesto para rogarlle me faga o favor de encargarlle a

---

<sup>63</sup> Carta de Otero a Tobío (03/02/61).

<sup>64</sup> Carta de Otero a Tobío (30/07/61).

<sup>65</sup> Carta de M. Puente a Otero Pedrayo (04/01/61).

<sup>66</sup> Carta de Otero a Tobío (03/02/61).

<sup>67</sup> Carta de M. Puente a Tobío (04/05/61).

confección— de outro mapa xeral igual ó anterior lle abone o que sexa e remita a brevedade posible directamente a Don Luis TOBÍO a MONTEVIDEO ou a mín<sup>68</sup>.

Ao mes seguinte Prada dille a Tobío sobre a carta a Gil: «non recibín contestación, e comeza a preocuparme, voulle a repetir a carta»<sup>69</sup>.

Cara ao remate do ano, don Ramón segue insistindo na necesidade de incorporar un mapa completo de Galiza: «Para o grande mapa de Galiza compre saber o formato do volume. Si me di con xusteza as dimensións e outras notas de acomodamento mándase facer ó Instituto Geográfico pedindo diante presuposto»<sup>70</sup>. Nesas datas Puente informa da cuestión do mapa a Tobío:

[...] o están facendo en Madrid coa intervención de «BEN CHOSEI», de maneira que como creo que irá pegado, sería ben que para non retrasar o traballo na encuadernación puxeran un papel dobrado no lugar correspondente, para ser remplazado logo polo mapa, pois vai a tardar porque o cartógrafo estaba fora de Madrid, este novo mapa vai costar 40.000 Pesetas<sup>71</sup>.

En xaneiro de 1962 Puente cóntalle que «o mapa xeral de Galiza xa está pedido a Madrid e Vd. verá si convén ou non agardar por el»<sup>72</sup>.

A ilustración deste primeiro capítulo completouse con 43 imaxes fotográficas de paisaxes ou vilas das que Otero tamén se preocupaba: «Mire si fai falla algunha fotografía máis, por exemplo de Vigo»<sup>73</sup> ou «Mandarei unha presa máis de fotos»<sup>74</sup>. Tobío<sup>75</sup> tiña un bo amigo que lle ía facilitar o labor, o allaricense

---

<sup>68</sup> Carta de M. Puente a Á. Gil (04/05/61).

<sup>69</sup> Carta de M. Puente a Tobío (17/06/61).

<sup>70</sup> Carta de Otero a Tobío (05/11/61).

<sup>71</sup> Carta de Puente a Tobío (16/11/61).

<sup>72</sup> Carta de Puente a Tobío (10/01/62).

<sup>73</sup> Carta de Otero a Tobío (03/02/61).

<sup>74</sup> Carta de Otero a Tobío (30/07/61).

<sup>75</sup> Ver Tobío, L.: *As décadas...*, pp. 615-616.

Xosé Suárez, quen naquela altura residía en Punta del Este, e pediulle a súa colaboración:

[...] tengo necesidad de conseguir buenas fotografías de paisajes, pueblos y también algunos monumentos de nuestra tierra para la historia de cuya edición me he encargado. Estas fotografías están destinadas principalmente a ilustrar la primera parte de la introducción que es una síntesis geográfica escrita por Otero Pedrayo. [...] Mucho te agradecería que me pudieras proporcionar este material que sin duda tienes en abundancia. No sé como podríamos seleccionarlo pues, seguramente, debes tenerlo casi todo en negativos. Tal vez podría dejarlo a tu buen criterio (20 o 30 fotografías serían suficientes)<sup>76</sup>.

Suárez cumpriu coa demanda e cara a finais do mes seguinte escribelle a Tobío:

Perdóname si non che mandei as fotos tan pronto como eu houbera querido. Problemas de papel, e de selección no meu caótico arquivo, motivaron un pequeno retraso. Espero que che sirvan de algo, o que non será pouco, porque non é posible encarar un traballo como iste, sin un plan previo, e sin pensar, ó facer as fotos, que han cumprir unha misión concreta como a que a ti che encomendaron<sup>77</sup>.

Entre xullo e agosto de 1961 Tobío andou á procura de imaxes coas que ilustrar a «Historia». Na busca de ilustración tamén colaboran os de Bos Aires, Puente escribelle:

Mándolle un sobre con fotos, etc. entregadas a Prada por Seoane; e todo o que lle deu con encárrago de llas devolver –creo que apenas si lle servirán algunhas; estámonos ocupando de conseguir outras; pois un tal Hermida trouxo unha película de Galiza e

---

<sup>76</sup> Carta de Tobío a Xosé Suárez (28/07/61).

<sup>77</sup> Carta de X. Suárez a Tobío (27/08/61).

dícese que tamén ten fotos– e un aficionado cineasta de La Plata tamén fai algúns anos espuxo boas fotografías, estamos ocupándonos de buscalas e mandarllas dentro duns días; o patronato de Turismo Español dicen que ten boas postales de Galiza, aquí non poidemos conseguir nada, ¿podería vostede ver si a representación de ahí lle facilita algo?<sup>78</sup>

Nesa altura Tobío andaba tamén atarefado coa correccións das probas: «Alé-grome saber que xa comenza a correxir as probas de imprenta do primeiro tomo» dille Puente no mesmo escrito. D. Manuel segue co seu labor e aos poucos días escríbelle de novo: «oxe fumos con Prada a ver unha colección de varios miles de fotos de Galicia que ten o Sr. Hermida sacadas por el na terra, tratase de un ourensán aficionado a ese arte. Separamos 106 (e decir separounas Prada) consideradas axeitadas»<sup>79</sup>.

Neste labor de proporcionar fotografías ao editor tamén participa Fernández del Riego:

Hoxe mesmo, por correo aéreo certificado, mandeiche unha colección de 42 fotos de paisaxes, vilas, etc. Algunhas delas coido que son boas. Podes escoller as que mellor che parezan. Andiven de cabeza para as precurar, valéndome dunha xente e doutra. Si me tiveras concedido algún marxe de tempo, séríame máis doado conseguir series completas<sup>80</sup>.

#### 4.3.3. *Obra rematada*

Os dous primeiros tomos da *Historia* estaban para o prelo. O maior relevo teríao a «Etnografía», que constituía tomo e medio. Otero insistía sempre en que se publicase o traballo de Risco, pois «O Risco xa non traballa mais que en cousas

---

<sup>78</sup> Carta de M. Prada a Tobío (26/06/61).

<sup>79</sup> Carta de M. Prada a Tobío (29/06/61).

<sup>80</sup> Carta de F. del Riego a Tobío (28/07/61).

literarias»<sup>81</sup>, «O Risco está vello e doente»<sup>82</sup> ou «O Risco non está hoxe para traballos serios»<sup>83</sup>, da publicación don Ramón agardaba un efecto recuperador: «O traballo de Risco ten valeiros. O Risco xa non está para traballos fortes. Peteira lixeiramente en materias literarias e deixase levar por a vontade. Si a Etnografía saír o nome de Risco voltaría ó seu verdadeiro rango»<sup>84</sup>.

O recoñecemento dos traballos etnográficos publicados vai ser importante entre os especialistas. Tobío conservou unha serie de cartas cruzadas co etnolingüista alemán Fritz Krüguer<sup>85</sup>, que daquela dirixía o Instituto de Lingüística da Universidade de Cuyo en Mendoza, interesándose polos traballos de Risco e Xaquín Lorenzo e anunciándolle que:

Estoy preparando un trabajo sobre «La cultura popular y dialectología en España», contribución a la Enciclopedia de Lingüística Hispánica del CSIC de Madrid, Tomo II.

Pienso que sería muy oportuno presentar y aprovechar en esta ocasión los trabajos de V. Risco y J. Lorenzo. Desearía tener alguna noticia, a la brevedad posible, sobre la aparición de estos artículos<sup>86</sup>.

Tobío envíalle os traballos e Krüguer, nunha extensa carta escrita ao día seguinte de recibilos, dille:

No puedo expresar en pocas palabras la profunda impresión que recibí al hojear y examinar las páginas de esta extraordinaria obra. Uno de los días más felices de mi vida ha sido éste, en que veo terminada la obra del amigo Lorenzo Fernández y en buena marcha

---

<sup>81</sup> Carta de Otero a Tobío (03/02/61).

<sup>82</sup> Carta de Otero a Tobío (11/02/61).

<sup>83</sup> Carta de Otero a Tobío (30/06/61).

<sup>84</sup> Carta de Otero a Tobío (11/05/61).

<sup>85</sup> Krüguer (1889-1979) foi un dos grandes dialectólogos do século XX e realizou traballos sobre distintas áreas lingüísticas da Península Ibérica, tamén sobre o galego e áreas limítrofes. Fora profesor da U. de Hamburgo e director do Seminario de Filoloxía Románica, onde fundou a revista *Volkstum und Kultur der Romanen*. En 1948 trasladouse á Arxentina e exerceu na U. de Cuyo ata a súa xubilación.

<sup>86</sup> Carta de Krüguer a Tobío (29/06/62).

la del amigo Risco [Tobío aínda non puidera enviarlle todo o traballo]. Verdaderamente es difícil decir lo que hay que admirar más: la enorme diversidad del material, la exactitud perfecta de la descripción, la excelente documentación gráfica o la presentación. En todos los aspectos la obra es magnífica, un modelo de trabajo que honra a todos los colaboradores y a Galicia. Además, ¡los recuerdos personales que encuentro a cada paso...! La vida y cultura gallega revividas, en grata coincidencia, en el artículo que sobre la casa rural publicara Lorenzo Fernández primeramente en alemán en la revista hamburguesa «Volkstum und Kultur der Romanen», hace más de 20 años.

Felizmente puedo comprender y valorar todo lo que encierra la modesta aclaración que aparece al final: «A edición estivo ó coidado de Lois Tobío».

Mis más sinceras felicitaciones a todos, al mecenas que subvencionó la obra, haciendo así posible una publicación de tanta envergadura, a los colaboradores especialistas de primer orden en su materia, a los que debieron enfrentarse con los arduos problemas técnicos de la impresión y que tan airosamente los han resuelto. Sin duda, pocas regiones de España cuentan con una publicación tan bien documentada y presentada.

Voy a mandar copia de esta carta que en forma concisa expresa mis aplausos, a los señores Puente, Prada, Lorenzo Fernández, Vicente Risco y Otero Pedrayo<sup>87</sup>.

A continuación pídelle permiso para poder reproducir algunhas ilustracións no traballo que anunciaba para o CSIC, recomenda engadir unha bibliografía ao final da obra e comprométese a publicar «reseña o reseñas sobre la Historia de Galiza, no sé todavía si en España, EE. UU. o Alemania (en una revista de etnografía general); por lo tanto me interesa saber si la obra ya ha salido en la Ed. Nós».

Tobío escíbelle anunciando que pronto lle poderá mandar o que falta do traballo de Risco, que non hai problema para reproducir as ilustracións que necesite, que a saída do prelo é inminente polo que se pode referir a ela como xa

---

<sup>87</sup> Carta de Krüger a Tobío (31/07/62).



publicada, agradecéndolle ademais as favorables opinións xa que «la opinión de quien, como Ud. es alta autoridad en la materia, resulta invaluable»<sup>88</sup>.

O remate do traballo desata as emocións. Otero escribe a Tobío<sup>89</sup>:

Meu querido e lembrado amigo e irmán:

Unha aperta calada e fonda, unha das meirandes e verdadeiras do meu vivir vai pra Vde nista follá. Estaba en Santander cando chegaron os dous volumes. Faloume deles Ramón Piñeiro con grave entusiasmo. Fai dous días camiño por eles. Como polo Valadouro ou a Mahía. O peito alenta en ámbito esteso: soia de pazo, cráustro, paisaxe, ría. Medrou un souto oután. Fai pequenos os demais matos e arboredas. Inda non podoo facer unha estimación ouxetiva. Soio testemuñar miña admiración e respecto diante a laboura de Vde facendo no arsenal e peirao do seu traballo e entusiasmo que os dous navíos saíran o mar libre.

Un novo tempo na historiografía de Galiza. Un libro, dous, non do ano. De moitos anos como autoalidade. Algo de menhir ou castro ordeados de infindos remuíños.

Houbera gostado millor que a miña parte levara o tiduo do que é: Introducción xeográfica. Mais léente avisado decatárase deseguido. Non deixa quezais de ter un senso o feito de ter nado os tres autores, cada un na súa xeneración, nun seitor curto da rúa da Paz, de Ourense, a menos de 15 metros os berces mais desviados un do outro.

Saudos na casa e ós amigos. Sempre o vello irmán agradecido, emozoado.

O outro dos autores nacido na rúa da Paz tamén lle escribe a Tobío con non menos fonda emoción:

Meu querido irmán: Moito tempo fai que non sei directamente de ti, anque teño noticias por tua irmá â que vexo de cotío eiquí.

De todos os xeitos un deber de gratitude faime agora escribirche.

---

<sup>88</sup> Carta de Tobío a Krüguer (21/08/62).

<sup>89</sup> Carta de Otero a Tobío (27/09/62).

A fins do vran viñen dende Lobeira a Ourense para ollar os dous primeiros volumes da Historia da Galiza que tés o teu cargo. Vín o meu traballo e vín tamén a tua man amiga níl. Sei do traballo que che tivo que dar e o ben que de íl saíches. Deus cho pague.

Esta tua colaboración connosco trouxome ás mentes as nosas angueiras no Seminario de estudos galegos e lembrei aquiles tempos que xa non voltarán. Entón aínda había cordialidade no mundo e hoxe somentes podemos vivir de aquelas lembranzas.

De novo que Deus cho pague.

Recibe unha aperta moi forte do teu amigo e irmán<sup>90</sup>.

O mesmo entusiasmo manifesta Fernández del Riego:

Vimos, todos os amigos, os dous exemprares da «Historia» que trouxo Meilán. Produxeron en cantos tiveron ocasión de os follear, unha fonda impresión. Dende logo, trátase de algo sen precedentes na nosa bibliografía. A presentación ten empaque, feitío estético, e unha elegancia tipográfica destacadísimas. Debo felicitarte, sinceramente, polo enorme esforzo que realizache, con evidente intelixencia e bó gusto<sup>91</sup>.

Como é evidente, o máis emocionado ao poder ter entre as súas mans os dous primeiros tomos foi o mecenas da obra, quen lle escribe dous días antes da presentación pública:

Non me é fácil narrar a emoción que me produxo os dous tomos da Historia de Galicia que me enviou por Abaira, cando os foliaba parecíame ver as mans de Castelao facendo o mesmo, e ó cerrar os libros dixen para mín «Xa podo MORRER», o meu compromiso coa patria quedará cumprido.

Pasei moitas angustias, ó ver que os anos transcurrían sin que comenzara a imprentarse a Historia, chegando a temer que a vida non me alcanzara a vela, hasta que supen que

---

<sup>90</sup> Carta de X. Lorenzo a Tobío (03/10/62).

<sup>91</sup> Carta de F. Fernández de Riego a Tobío (17/11/62).

vostede aceptaba encargarse de dirixir a impresión, dende entonces calmáronse as miñas dudas e oxe podemos mostrar ó mundo esta maravilla, non somentes polo seu contido si non tamén pola categoría da presentación que vostede lle deu. Por todo elo querido Don Luis reciba as miñas felicitacións xunto co meu eterno e patriótico agradecemento, coa seguranza que no correr da historia a nosa patria fará xusticia a este seu esforzo patriótico.

O día once do corrente fixose eiqui unha cea que os patriotas quixeron dedicarme con motivo da Historia, puxose de manifesto toda a laboura sua, acordando enviarlle un telegrama co agradecemento dos presentes (que coído os organizadores lle haberán mandado), os reunidos eran 50 ou 60 –a maioría dirixentes do centro galego, cuxa xunta había antes tomado coñecemento da obra en sesión especial– enviáronme unha carta moi conceptuosa.

Don Ramón escribeume moi emozoado, dime que non é «o libro do ano, é de moitos anos».

Aquí llo enseñamos a Don Salvador de Madariaga –quedou maravillado<sup>92</sup>.

Vinte días antes Tobío enviáralle a Puente unha carta coa relación dos pagamentos realizados, cos seus xustificantes, así como daqueles pendentes e mais dos que el mesmo debería atender directamente. E remata: «Estou satisfeito de cómo quedou este traballo. [...] Hai que agradecer da Ude. Que tan xurdía empresa poidera ter realidade. É grande a honra que coela se lle fai á Nosa Terra»<sup>93</sup>.

## 5. UN FÍO EN DIAGONAL

Fernández del Riego, nunha das cartas ás que fixemos referencia (22/09/67), facíalle unha petición: «¿Por qué non me envías algúns traballos teus para

---

<sup>92</sup> Carta de M. Puente a Tobío (27/10/62).

<sup>93</sup> Carta de Tobío a M. Puente (08/10/62).

“Grial”? Algo terás por ahí que servirá para publicar na revista». Á demanda respondeu Tobío en positivo. Envioulle un ensaio breve titulado «O nomeamento de Gondomar como embaixador en Londres» que vería a luz no número 24 de *Grial*<sup>94</sup>, no ano 1969.

Tobío, asentado en Madrid, andaba enguedellado nas cartas do arquivo de don Diego Sarmiento de Acuña, para satisfacer aquela inquedanza que corenta e tantos anos atrás espertara nel o seu profesor Ciríaco Pérez de Bustamante, quen:

[...] tiñase interesado pola figura do Conde de Gondomar ao ter atopado documentación encol da súa actuación nos intentos de Walter Raleigh en América. Presentou verbo deso unha comunicación no Seminario de Estudos Galegos e máis adiante tratará tamén o tema no discurso inaugural do curso 1928-1929 na universidade que lle corresponderá facer. Estes traballos espertarán en min a arela de afondar no estudo deste gran diplomático noso e esa arela poderá ser cumprida moitos anos despois...<sup>95</sup>

Comezara a súa asidua visita sabatina á Biblioteca de Palacio ou Real Biblioteca, como nos conta a súa filla Constanza:

Durante largos años desde que venimos a vivir a Madrid los sábados por la mañana iba siempre a la Biblioteca del Palacio Real y volvía con unas cuantas fichas escritas con su

---

<sup>94</sup> A revista *Grial*, da que turraba con esforzo proletario Fernández del Riego, publicou as seguintes colaboracións de Tobío sobre o conde de Gondomar: «O nomeamento de Gondomar como embaixador en Londres», tomo VII, núm. 24, 1969; «O erasmismo de Gondomar», tomo VIII, núm. 28, 1970. «Gondomar e o galego», tomo XI, núm. 40, 1973; «Outras dúas cartas en galego a Gondomar», tomo XV, núm. 57, 1977; «A amizade de Bacon e Gondomar», tomo XVIII, núm. 68, 1980, e «Galego familiar escrito a comenzos do século XVII», tomo XVIII, núm. 69, 1980. A Fundación Otero Pedrayo, con motivo do Premio Trasalba que lle concedeu en 1991, publicou unha recompilación dos artigos de *Grial* baixo o rótulo de *Catro ensaios sobre o Conde de Gondomar*, no que se recollen os traballos sobre o nomeamento como embaixador, o erasmismo e a amizade con Bacon e se refunden baixo o título «Actitude verbo da lingua galega» os outros.

<sup>95</sup> *As décadas...*, p. 120.

cuidadosa caligrafía que incorporaba a unas cajas de zapatos a modo de fichero. Así se fue fraguando su inmensa relación con Gondomar.

Notas que lle servirían para ir armando os seus libros sobre don Diego Sarmiento de Acuña. O primeiro verá a luz en 1974 baixo o título de *Gondomar y Raleigh*. Tobío recorda con emoción, en *As décadas*, que á presentación do libro no Museo de América de Madrid acudiu o seu vello profesor Pérez Bustamante, quen dixo no acto palabras de emocionada lembranza.

Tiven o pracer de argallar a publicación do seu derradeiro libro sobre don Diego, *Dous embaixadores: Digby e Gondomar*, que publicamos no Instituto de Estudos Miñoráns en 2005. A copia do mecanoescrito entregáranola don Lois nunha das visitas que lle fixeramos, na súa casa madrileña, poucos anos antes. A complexa versión ao galego realizouna a profesora María Xosé González Chamorro, lembrada compañeira e amiga que xa non se encontra entre nós<sup>96</sup>.

Aquela primeira visita, no ano 2001, serviu para pedirle autorización para que o auditorio de Gondomar levase o seu nome. A saúde xa non lle permitiría achegarse ata a vila do conde. O 26 de novembro de 2005, nunha sesión de honra que tivo lugar no auditorio Lois Tobío, a corporación municipal de Gondomar acordou recoñecelo como fillo adoptivo. Un sente certa fachenda cando escoita as amizades ou a familia dicir que van ver ou escoitar tal ou cal cousa ao Lois Tobío. En Gondomar non se di «vou ao auditorio», senón «vou ao Lois Tobío».

Esta familiaridade, esta identificación parece a resposta natural da veciñanza ante quen se refería, e non só nas conversas senón tamén nos escritos, a Diego

---

<sup>96</sup> A obra «gondomareña» completa de Tobío é: *Gondomar y su triunfo sobre Raleigh*, Santiago, Bibliófilos Gallegos, 1974; *A intervención de Gondomar nos problemas internacionales de pesca*, Sada (A Coruña), Edicións do Castro, 1984; *Gondomar y los católicos ingleses*, Sada (A Coruña), Edicións do Castro, 1987; *Dous embaixadores: Digby e Gondomar*, Gondomar, Instituto de Estudos Miñoranos, 2005.

Ademais dos publicados en *Grial* xa citados, ten outro artigo: «Cuestiones de precedencia en la Corte inglesa durante la embajada se Gondomar», *Revista de Estudios Internacionales*, abril-xuño, 1984.

Sarmiento de Acuña non polo seu nome, ou por don Diego, nin por conde de Gondomar, nin sequera por conde, senón simplemente por Gondomar. Nesta identificación con Sarmiento de Acuña había tamén unha querenza profesional e nostálxica: Tobío vira truncada a súa carreira diplomática tras a guerra española e non recuperará o seu posto ata 1974, dous anos antes de xubilarse. Era o grao de identificación tan absoluto que precisaba ese ton familiar, próximo, persoal. Reafirmanolo a súa filla Constanza:

A ello hay que añadir otros amigos como el Rey Jacobo, la Reina Ana, Digby, Constanza de Acuña, Bacon y otros tantos junto a los que tan buenos ratos pasó. En cuanto a Gondomar, la identificación es tan grande que en un momento de confidencias me confesó sentirse como la misma persona, «al fin y al cabo», añadió «los celtas creemos en la reencarnación».

Tobío referiuse en moitas ocasións a que, lendo a correspondencia do conde, ás veces preguntábase sobre que respondería sobre tal ou cal asunto; despois decatábase de que aquilo que el pensara que ía ser a resposta de Gondomar, efectivamente así era. Tobío teceu un sutil fío que une Viveiro con Gondomar; unha diagonal, como a denominou o profesor Villares na súa gabanza de Tobío cando foi recoñecido como fillo adoptivo de Gondomar, entre a vila mariñá e a miñorá.

Mais non entendamos a súa dedicación a Gondomar só como unha simple aproximación a un colega diplomático ou un esforzo de erudición, vexamos na fortaleza da dedicación tobiana a Gondomar a identificación co coidado das flores propias do xardín galego, pois Galiza, para Tobío, non só era un mundo, senón que estaba no mundo.

Atrévome, coa liberdade que permite non ter que decidir, a propoñer para xa un Día das Letras, co seu ano, para Lois Tobío e, insistindo no meu atrevemento, que ese día e ese ano fose unha festa conxunta para Tobío e Gondomar. Así os méritos excesivos de Tobío para tal recoñecemento poderían minorar as posi-

bles tachas que alguén, con limitada perspectiva, lle puidese apoñer a Gondomar. Estou seguro de que a Tobío lle encantaría a idea. Precedentes de celebracións compartidas hai.

## 6. RAMO

Sempre me chamou a atención a estraña afección, no ámbito da cultura e da política galegas, ao libro de conversas en contraste co máis ben escaso cultivo do texto autobiográfico ou «libro de memorias». En especial, é salientable a afección por este xénero(?) entre os líderes políticos. Nada que dicir. Só que este tipo de receitas, subliñando de antemán que nalgúns casos se recollen magníficos ensaios en resposta a atinadas preguntas, parten dun inocente engano, perpetrado, coa aquiescencia da persoa entrevistada, polas persoas entrevistadoras.

Pola contra andamos máis ben escasos de relatos autobiográficos. Algúns deles, en especial no caso dos políticos, non son máis que simples alegacións en defensa propia, Noutras ocasións, o libro de memorias non pasa de ser un exercicio de orgullo desmedido.

Pero o que é *rara avis* no noso mundo cultural son os textos memorialistas entendidos como un exame de conciencia exercitado co auxilio da memoria, compañeira falaz e traidora de nós mesmos, capaces de relacionar os acontecementos autobiográficos coas experiencias sociais, civís, éticas e morais, ou de reflexionar sobre estas cuestións dende a propia experiencia persoal sen renunciar á lectura crítica das propias decisións persoais ou actitudes xeracionais. Non son precisas *Confesións* rousonianas senón unha actitude ética ante o papel que procure evitar as flagrantes ausencias, as evidentes contradicións e os pavoroso silencios. Como a ausencia non é total, ben poderíamos dar algún exemplo máis, sobre calquera deles sobrancean *As décadas de T. L.*

De novo batemos co Tobío que dende o encanto da discreción, dende a actitude de apertura ideolóxica e psicolóxica, dende a sinxeleza de tripar camiños,

sabe colocar o ramo na construción que ergueu para grandeza da casa común. As memorias de Lois Tobío é un deses libros que dignifican calquera literatura por esixente que sexa e ao tempo é unha lección de historia e, por riba de todo, e cómpre telo moi presente, unha lección moral e de paixón pola vida; ao cabo, como o mestre: «Wie es auch sei, das Leben, es ist gut».



# TOBÍO E A TRADUCIÓN



# **TOBÍO NA REDE DA TRADUCIÓN**

**Marga Romero**  
IES Rosalía de Castro  
(Santiago de Compostela)

DOI: 10.17075/lgtx.2020.003



Traducir é comprender mundos, comprender o que se traduce, o alleo, e comprender o que vai recibir o traducido, o outro mundo, o propio. É un diálogo entre o alleo e o propio. Na tradución literaria o obxectivo final, a meta, é que sexamos capaces de comprender o alleo, que apreendamos o alleo, que o alleo sexa como nós falamos, como o público lector fale. Na tradución literaria, na literatura, a lingua vivíffcase, chouta, canta, cada palabra está dicindo cousas, traducindo realidade, comprendendo o mundo, comprendendo mundos, ás veces, mudándoos e mudándonos, como lectores e lectoras. E estas cousas tan aparentemente simples, coñéceas quen traduce, que é, sobre todo, quen le até o máis íntimo da palabra, quen lle anda nas vísceras, mais tamén quen é capaz de ollar o corpo por enteiro, sen mutilacións. Quen traduce ten que ver todo cos ollos moi abertos, sen ideas preconcebidas, con ollos novos, ten que deixarse envolver polo novo, ao que non se pode chegar cun mundo preconcebido, cun mundo creado con estereotipos, con superficialidades. Quen traduce debe preguntarse, tamén algunha vez, por que, para que e para quen traduce. De todas estas cousas tiven a sorte de conversar en varias ocasións con Lois Tobío e é, sobre todo, das motivacións da súas traducións do que lles quero falar hoxe. Trataréi tamén de situar este labor do tradutor nunha historia da tradución en Galiza que aínda está por escribir.

Lois Tobío formou parte dunha xeración galega sen complexos, que creceu e se educou nunha época emocionante e chea de ilusións, nun momento en que, pensando en Galiza, todo estaba por facer. Naceu en Viveiro en 1906 e faleceu en Madrid no ano 2003, é un home do século XX, dese século XX que lle tocou vivir, do que nunca claudicou e que lle deu á humanidade moitos

avances científicos, como sempre lle gustaba recordar, que permitiron aumentar a esperanza de vida da poboación, mais tamén matar dun xeito terrorífico, arrasando vidas e, con elas, culturas. Infancia e mocidade as súas nun tempo en que se procura a identidade de Galiza, herdeiro das motivacións e da entrega das Irmandades da Fala, das ansias culturais da xeración Nós, é Tobío un mozo da xeración do Seminario de Estudos Galegos (SEG). Esta xeración sabe, como Martiño Dumbría, personaxe que devala polas páxinas da narrativa de Otero Pedrayo, da fala dos camiños, sabe que cómpre limpar o po das pedras que tamén falan, dos nomes da terra; sabe que hai que deterse nas cantigas do pobo, entrar no interior da terra; esta xeración sabe que é preciso converter a Galiza en materia científica dentro de todas as disciplinas.

O neno Tobío recibe en Viveiro un ensino, de ver e oír da man do seu pai, Luís Tobío Campos, mestre e poeta, partícipe da renovación pedagóxica do seu tempo e do espírito da Institución Libre de Enseñanza, amante da lingua, da literatura creada polo pobo e da obra de Rosalía de Castro, que figura entre os retratos da familia. Preocupado pola formación académica e polo futuro dos seus, o pai solicita o seu traslado para Santiago de Compostela como mestre. O neno Tobío despídese da súa infancia con todos os adeuses a Viveiro e coa ilusión dunha nova etapa. Non está de máis lembrarmos o remate da primeira década da súa vida:

A despedida foi, naturalmente, triste. Todos a chorar menos eu que ollaba aquilo como unha grande aventura, coñecer terras novas, xentes novas, das que tanto ouvira falar. Pensaba, emporiso, que cando me eu fose de Viveiro todo o que nel había, cousas e persoas, deixaría de existir e eso dábame pena. Quixen despedirme non só dos amigos senón tamén das cousas, e durante varios días estiven a tocalas e carexalas para lles dar o meu adeus, ás casas, coma a da miña avoa, a do meu padriño e a de Matilde, os bancos en que me sentaba na Praza e noutros sitios, algunhas árbores benqueridas e, máis ca nada, a miña casa de San Francisco con todos os misterios e marabillas que nela había. (Tobío 1994: 75)

O mozo Lois Tobío realiza os estudos de bacharelato e aprende francés e alemán, despois estuda dereito, etapa de formación para el e para Galiza, xa que é cando o nacionalismo galego nace e a preocupación pola identidade galega adquire realmente outra dimensión política. Xa non se trata de fechar, de conservar a identidade nun museo etnográfico, o folclorismo estático produce esclerose, isto sabíao a mocidade do Seminario de Estudos Galegos que convocou os maiores das Irmandades da Fala e da xeración Nós, para que Galiza tivese un lugar pleno nos estudos científicos máis avanzados, conectados co mundo. A característica principal de todos os mozos do Seminario de Estudos Galegos é o desexo de aprenderen o propio, a súa querenza sen chauvinismo, o que lles vai permitir, sen complexos e con autoestima, amar o alleo e situalo na súa xusta dimensión. Hai nesta xeración, por unha banda, un desexo de aprender, dunha entrega constante pola investigación, que os achega a que poidamos falar deles, individualmente, como humanistas. Por outra banda, cómpre non esquecermos que forman parte dun proxecto colectivo que procura o ben común, son herdeiros dunha irmandade e ese espírito, aos bos e xenerosos, non os vai abandonar nunca. Lealdade e xenerosidade son dúas palabras cheas de contido que Tobío adquiriu nestes tempo e levará sempre na súa valixa.

É na época do SEG cando se vai conformar a ideoloxía de Tobío e tamén cando hai que procurar os alicerces de moitas das investigacións ás que se vai entregar con xenerosidade nas últimas décadas da súa vida. Permítanme, sobre este punto, unha breve digresión, para explicar que as aulas co profesor Ciriaco Pérez Bustamante, cando realizaba o preparatorio de Dereito, descóbrenlle a figura de Diego Sarmiento de Acuña, conde de Gondomar, personaxe ao que se vai dedicar con devoción. É, insistimos, a época do SEG a que o marca, cando decide figurar nos seus actos co nome de Lois, nome que o vai identificar con Galiza, coa defensa da lingua e coa súa plena normalización. Con este nome investigará e publicará os seus traballos do SEG, espallará polo país a ideoloxía nacionalista do Partido Galeguista, debaterá o *Anteproieito de Estatuto Galiza* e será xunto con Carballo Calero quen lle dea unha redacción final. Será con este

nome co que asinará a súa obra literaria e as súas traducións ao galego. Mesmo se lle botan unha ollada ao *Vocabulario popular galego-castelán* (*El Pueblo Gallego*, 1926), verán que entre os autores figura «Tobío Fernandes»; e a escrita do seu segundo apelido non é un erro, ten que ver cunha época en que o seminarista estaba moi preocupado pola normativización e normalización da lingua, pola súa pescuda, pola súa dignidade; é un sinal da súa toma de conciencia. É preciso salientarmos que o nome de Lois Tobío está ligado ao inicio do ensino e do emprego da lingua galega no mundo universitario: en 1926 imparte un curso de fonética galega para os membros do SEG e, como profesor axudante na cátedra de Dereito Administrativo, imparte o curso Historia do Dereito Galego na lingua do país. Este último feito é tan atrevido como pioneiro, como ben sinala Xulio Ríos:

Convertido en flamante profesor axudante de Dereito Administrativo na universidade compostelá, Tobío tratará de romper ese molde alentando a curiosidade e a creatividade. Impartir as aulas en idioma galego nunha institución que, contando entón máis de catrocentos anos de historia, poucas (por non dicir ningunhas) mostras de identificación coa lingua tiña dado era un acto verdadeiramente novidoso e atrevido. Mais aínda se lembramos que no claustro da USC, presidido daquela polo reitor Blanco Rivero, exercían a súa hexemonía persoeiros de pensamento político e idiomático reaccionario como o historiador Carmelo Viñas Mey (futuro ideólogo da Falange santiaguesa) ou o facultativo Antonio Novo Campelo. (Ríos 2015: 42-43)

En 1929 vai recibir da Facultade de Dereito de Compostela unha pequena pensión que lle permite ampliar os seus estudos de Dereito na Universidade de Berlín, onde, máis dunha vez, dotará de identidade real a Galiza, explicándoa, facéndoa tanxible como a lámpada que alumea os lugares que o don Bernaldo, da novela de Otero Pedrayo *Arredor de si* (1930), lle descobre ao seu sobriño Adrián Solovio situados no mapa de Fontán. O de Viveiro en Berlín será o Lois



que leva o país ben trepado e realiza o soño da xeración Nós de chegar directamente a Europa, sen se deter en Madrid, sen intermediarios, en 1929, cando don Ramón de Trasalba aínda era o novelista de *Os camiños da vida*. Tobío adiantábase na descuberta do propio no alleo ao novelista, chamándose, fóra da burocracia e da legalidade académica, sempre Lois. É Lois en Berlín, no cuarto da rúa Charlottenburg, que lle buscara F. Fernández Armesto e onde toparía con Francisco Ayala<sup>1</sup>. É Lois, ese membro do SEG que entra en contacto co Romanisches Seminar, a través de Fernández Armesto, nas súas conversas sobre lingüística co profesor Gamillscheg, sobre fonética galega coa pioneira de estudos sobre o galego, sobre o catalán, Margot Sponer<sup>2</sup>, que xa visitara Galiza en 1926, viaxe en que recolleu o máis importante do material co que realizará a súa tese *Altgalizische Urkunden. Documentos Antigos de Galicia*, que presentará na, daquela, Friedrich-Wilhelms Universität de Berlín en 1935. É o Lois, mozo fundador do Seminario de Estudos Galegos, quen estreita relacións entre un mundo universitario e o outro, quen dá unha conferencia, ao abeiro do seminario desta universidade, sobre a cultura de Galiza e recita o poema do seu

---

<sup>1</sup> O 13 de xuño de 2001 Lois Tobío fai 95 anos e no Ateneo de Madrid tivo lugar unha homenaxe, organizada tamén desde Madrid por Inés Canosa, Henrique Albor, Mariví Villaverde e Manuel Lombao. Díaz Pardo e Edicións do Castro colaboran coa publicación dun pequeno volume dentro da serie «Cadernos do Seminario de Sargadelos» co número 88, con textos de diferentes autorías (VV. AA. 2001). Pode verse a colaboración asinada por D. P. (Díaz Pardo), que visita a quen tamén foi Augusto Assía para nos trasladar as lembranzas da vida con Tobío en Berlín, «En Xanceda con Felipe Martínez Armesto», pp. 103-104. Na mesma publicación recóllense as lembranzas que Francisco Ayala lle dedica na primeira parte das súas memorias «Del paraíso al destierro», hoxe dentro do volume *Recuerdos y Olvidos (1906-2006)*. Lembra o escritor Francisco Ayala un pequeno episodio en que, poucos días despois de chegar a Berlín, Tobío «tomado de un ataque de morriña, quería volverse en seguida para Galicia dejándolo todo». Como anécdota, Tobío sempre negou este suceso e dicía que era mentira, que el sempre se sentiu ben en Alemaña, a lembranza de Ayala enfadábao moito. Alén disto, nunha ocasión foi Ayala quen me sinalou que Tobío na casa e cos amigos en Alemaña era coñecido por Lois, era así como se facía chamar.

<sup>2</sup> Na memoria de Lois Tobío sempre ficou gravada esta investigadora polo seu carácter amable e sempre se preguntou cal sería a súa sorte, como a de tantas outras persoas que coñeceu. Teño motivos para afirmar que moito lle gustaría o excelente e conmovedor libro que sobre a filóloga escribiu o profesor Antón Figueroa, que tamén lles recomendo (FIGUEROA, Antón [2017]: *Margot Sponer. Do galego antigo ás fronteiras da resistencia*, Santiago de Compostela, Laiovento).

admirado Pondal<sup>3</sup> «A campana de Anllóns». En 1931 o profesor Gamillscheg falará en Compostela de toponimia xermánica, da que era especialista, construíndo unha ponte pola que entrarían anos máis tarde o profesor Piel, o seu discípulo o profesor Kremer, alma máter do xa desaparecido Galicien Zentrum da Universidade de Trier, e moitas outras personalidades recoñecidas no mundo académico xermánico como o profesor Johannes Kabatek, que tamén inclúe entre as súas liñas de investigación a tradución.

Berlín descóbrelle a Lois un mundo e unha vida nova, en plena efervescencia. Pensen que é testemuña do éxito do teatro de Brecht e de Weill, da revolución teatral de Piscator, do cine de Eisenstein e da maxia de Marlene Dietrich, que o engaiolou co *Der blaue Engel*. A pintura non o deixa indiferente, sobre todo Georg Grosz, de quen merca un álbum de reproducións para levarlle ao seu amigo Luís Seoane<sup>4</sup>. Sen complexos nin atavismos morais, goza do ambiente berlinés, descobre a liberdade que ofrece un mundo para el novo no xeito de entender as relacións e de facelas visibles, visitou El Dorado, un cabaré de homosexuais masculino, e o Dorian Gray, de ambientelésbico. Frecuentou o Wannsee, a praia berlinesa sen «pudor», que tan escandalizado deixou a Vicente Risco, como moi ben deixou escrito no seu libro *Mitteleuropa*, que dá conta da súa estadía no país. Nesta Alemaña tamén se namoraría Tobío de Elisabeth, un dos

---

<sup>3</sup> En 1959 Lois Tobío gaña o premio en prosa do certame literario da Casa de Galicia en Montevideo cun ensaio sobre o poeta do Rexurdimento (véxase TOBÍO, Luis [1965]: *Valoración de Pondal*, Montevideo, Ediciones Ronsel). Repárese en que é o nome de Luís Tobío o que asina esta publicación; a este respecto, o seu autor, nunha das nosas conversas, comentoume que el se presentou ao certame co nome de «Lois» e que non puido, xa vivindo en Madrid, revisar e pensar moito nesta publicación. El encontraba unha contradición asinar este traballo como Luís Tobío e, por exemplo, as súas traducións de poemas ingleses e franceses vertidos ao galego, publicados en Arxentina, co nome de Lois.

<sup>4</sup> Na exposición na Coruña, na Fundación Luís Seoane (entre os meses de outubro de 2017 e abril de 2018), e despois en Vigo, na Fundación Laxeiro (do 26 de outubro de 2018 a 24 de febreiro de 2019), co título *13 estampas da traizón. 80 anos da súa publicación*, que xirou arredor do álbum de debuxos –co mesmo título– de Luís Seoane, houbo ocasión de ver o material de Grosz, que Tobío trouxo de Berlín. Sobre a influencia do pintor alemán na pintura de Seoane e do papel que exerceu Tobío como ponte neste diálogo véxase: LÓPEZ Bernárdez, Carlos (2015): *Un pintor que sabía o que facía. Achegas á obra pictórica de Luís Seoane*, Santiago de Compostela, Laiovento, 2015.

seus grandes amores. Pensaron mesmo en casar, a relación mantívose por carta, Tobío escribíalle en alemán e el confesoume que tentou por outros medios retornar ao país que tamén o namorara, ao ano seguinte de volver. Tardei anos en saber como intentou regresar a Berlín e á universidade e tamén á beira de Elisabeth, esa outra razón tan persoal, que nunca aparece nos arquivos burocráticos, nin nas memorias dun home que pouco nos achega ao seu mundo privado... Se vén ao caso, tratarei este aspecto.

Non podía permanecer máis tempo, tiña que solucionar a súa vida:

Eu sentíame feliz en Berlín, coma se estivese no centro do mundo, pero o tempo pasaba e tiña que pensar no porvir e espertar daquel sono engadante e mesmo enervante, sen contar con que a miña situación económica, aínda coa axuda do meu tío, resultaba xa difícil. Decidín, pois, voltar e ata tiven que pedir diñeiro á casa para a viaxe, que a miña nai mandoume de contado. (Tobío 1994: 251-252)

Tiven a fortuna de falar moitas veces co autor de *As décadas de T. L.* e descubrir como na última década da súa vida continuaba moi atento a todo o que acontecía na súa segunda patria; como, desde a visión dun diplomático e bo analista político, explicaba as liñas que mudaban no mapa de Europa; como se emocionaba ao comprobar que a lingua galega formaba parte dos programas de estudos da «romanística alemá» nalgunha das universidades; como permanecían intactas na súa memoria as lembranzas da viaxe que durante os seus estudos de carreira realiza en 1933 a Berlín, cando xa estaba Hitler no poder. Custáballe entender aínda como persoas intelixentes se deixaran levar pola oratoria acendida do *Führer*, ao que vían como un guía espiritual. Tamén a Elisabeth e este feito que lle tronzou o corazón foi definitivo. Nestas conversas entendín que «falaba da Alemaña que el coñeceu moito máis libremente e desde o “eu”, dun home maduro, que sabe valorar o que unha cidade como Berlín ofrecía en todos os aspectos a un mozo que chegaba desde Compostela, moito máis libremente, insisto que o autor das *Décadas*, pendente máis do que se pensa, dos lectores e das lectoras» (Romero 2011: 286).

A estancia en Alemaña, a súa vida en Berlín, a súa integración no mundo social e cultural son fundamentais para que Lois Tobío se comprometa, do xeito en que o fai, co labor de traducir obras da literatura alemá para o galego; un compromiso que o leva a traballar coas dúas linguas que considera máis súas, das súas dúas patrias elixidas. Nunca se entregou con tanto desexo á aprendizaxe como nestes meses de estadía na capital alemá; entre o Romanisches Seminar, a Preussische Staatsbibliothek, o restaurante da biblioteca ou a «Mensa» (comedor universitario) transcorrían as horas do estudante de Dereito e do sempre membro do SEG; despois, o mozo participaba con todos os seus sentidos daquela cidade, a mesma protagonista daquel filme de 1927, *Berlin: Die Sinfonie der Grosstadt* («Berlín: sinfonía dunha gran cidade»). «Era moito o que aprendía cada día, unha palabra nova abría novos mundos e eses novos mundos ían agrandando os seus coñecementos» (Romero 2011: 287). Houbo anotacións en forma de diario en alemán, como exercicio de aprendizaxe da lingua, unha novela escrita con fondo berlinés, poemas... En definitiva, textos que escribiu neste tempo e tamén na súa etapa posterior como flamante diplomático en Bulgaria, dos que me falou, dos que nada se sabe e que serían unha fonte directa das vivencias do seu «eu», protagonista naquel tempo. Outra sería a historia de se encontraren estes escritos, agromaría máis forte o escritor fulgurante de *As décadas*, obrigado por ética a deixar o seu testemuño, e que se nos revelou de xeito tímido na súa novela póstuma *A nova vida*, publicada no ano 2006, e que sitúa o seu autor nesa xeración do Seminario de Estudos Galegos que entre outras obrigas, herdadas das Irmandades da Fala, da xeración Nós, nesa Galiza en que todo estaba por facer, estaba a de revitalizar a novela<sup>5</sup>.

---

<sup>5</sup> A escrita da novela *A nova vida* de Lois Tobío ten, sen dúbida, relación co desexo de potenciar a narrativa a través das editoriais como Céltiga, primeiro, e Lar, despois. Moitos dos mozos do Seminario de Estudos Galegos (Fermín Bouza Brey, Filgueira Valverde, Magariños Negreira, Ánxel Romero Cerdeiriña...) e outros contemporáneos publicaron novelas breves ou prosa miúda, quizais movidos por ese obxectivo de achegaren ao proxecto de normalización da cultura galega novos textos para ler e para renovar a narrativa. Hai que engadir a esta nómina a Felipe Fernández Armesto, que vai ter unha relación estreita con Tobío na súa estadía posterior en Berlín. Se existía un proxecto literario para estimular a escrita destes

É Lois Tobío quen regresa de Alemaña en 1930 en tren e na compañía de Felipe Fernández Armesto:

Chegamos a Santiago nun anoitecer, ben escangallados e mortos de sono, para eu reco-  
mezar a vida decotío despois daquel conto de fadas ou viaxe a outro planeta que fora a  
miña estancia en Berlín. Dera o salto de Galicia a Europa sen pasar polos madriles nin  
coñecer ningún outro lugar de España. (Tobío 1994: 252)

É Lois Tobío, profundamente europeísta, o que se integra na Universidade de Santiago, o que saúda á República, o político comprometido do Partido Galeguista, o que se envolve nos actos en favor do Estatuto de autonomía, quen en 1932 ingresa na carreira diplomática, ao que sen dúbida lle van axudar o seu dominio do francés e do alemán. É en 1933, nomeado secretario da embaixada española en Bulgaria, cando comeza a convivir dunha maneira máis clara, pola legalidade que representa, co Luís Tobío, unha promesa no mundo diplomático. En Bulgaria volve ser a persoa sen complexos que desexa integrarse na sociedade en que vive, por iso aprende tamén búlgaro. Mentres exercía esta responsabilidade sorpréndeo o golpe de Estado contra a República, el vai permanecer fiel ao Goberno lexítimo, o que o levará tamén a loitar na batalla do Ebro como tenente de artillaría até que acepta en 1938 o cargo de secretario xeral do Ministerio de Estado, cando xa case todo estaba perdido; por iso, sería expulsado do corpo diplomático e cualificado pola ditadura como «republicano contumaz».

---

autores, este trunouse de maneira definitiva coa represión sufrida a partir do 36. *A nova vida* rematouse no exilio do autor. Carballo Calero publicaría *A xente da barreira* en 1951, mais quizais tamén a intención para a escrita desta primeira novela da posguerra haxa que procurala nos tempos do Seminario de Estudos Galegos. A cuestión, que deixaremos para outra ocasión, é se temos que nos achegar a estes narradores mozos, relacionados co Seminario de Estudos Galegos, como epígonos da xeración Nós ou como narradores circunstanciais que non puideron continuar un proxecto literario propio e ficaron atados, como no caso de Tobío, ás súas propias memorias ou a outros novos deberes aos que se entregar. Non está de máis lembrar a morte prematura de Amado Carballo ou o fusilamento, no mesmo 36, de Xoán Xesús González, membros tamén desta xeración de narradores.

Derrotado, inicia o seu exilio, as linguas que domina vanse conformar en táboas salvadoras para o seu naufraxio, tempos antes da traxedia, desexara aprender árabe, arela persoal fanada coma tantas outras. Sobrevivir era o máis importante e manter viva a identidade dunha comunidade escachada en táboas, un deber. Había que tomar rumbo de vida. O traxecto que leva a Lois Tobío e a M.<sup>a</sup> del Carmen Soler, Melu, a súa compañeira, desde que parten do porto de Cherbourg (Francia), no xa mítico *Queen Mary*, até o seu destino definitivo en Montevideo, forma parte do deseño dun mapa que non figura en ningún atlas, un mapa inédito de afectos, de empatías, de lazos non escritos que se consolidan, ás veces, en momentos moi breves, en cada parada no camiño, para constituíren unha irmandade nese país chamado «Exilio», onde habitan persoas desterradas cheas de proxectos, onde cada corpo é unha casa chea de lembranzas que ficou baleira nalgún lugar. A nosa parella de referencia vai desde o Nova York de Castelao, onde atraca o transatlántico, primeiro á Habana, onde con Rubia Barcia colabora na creación da Escuela Libre da Habana. Foi neste lugar onde recibiu a nova de que a obra fundamental *Staatslehre* de Hermann Heller, o seu admirado profesor en Berlín, do que sempre se sentiu discípulo, fora publicada en Holanda. Decontado se fixo cun exemplar que se puxo a traducir emocionado ao español:

O Profesor Herman Heller era xudeu e a máxima figura da Ciencia Política e da Teoría do Estado. Botárono de Alemaña por xudeu e veu a España, porque tiña contactos coa Universidade de Madrid. Eu coñecía-o coma discípulo, con el me puxen en contacto, seguindo as indicacións dun profesor meu, Luis Recasens, cando me pensionaron e fun a Berlín. Cando chegaron os nazis, botárono da Universidade de Berlín e recibiu a oferta da Universidade de Madrid, onde seguín outro curso con el. Chegou a Madrid coa súa dona e vivían nunha residencia estudantil privada, na Cidade Universitaria. O conto é que o home tiña unha enfermidade que se chamaba reuma cardíaca, que agarrara nas trincheiras da I Guerra Mundial, para a que fora mobilizado. Deste xeito, pagaba a Alemaña nazi, os bos alemáns. Morreu aquí, un bo día traballando nesa obra, que non logrou ver publicada. Estaba a dar unha das súas leccións e sentiu unha dor no peito e

retirouse. A obra foi publicada despois en Holanda por un seu discípulo, Gerhardt Niemeyer. Despois da Guerra Civil Española eu, fixen o que fixen e, marchei para o exilio. Primeiro a Cuba, alí vivín un ano, pero as cousas non se daban ben economicamente, quixemos fundar alí un colexio libre «Escuela Libre de la Habana». Pero as cousas económicas non marchaban, aínda que fixemos un labor importante, os cubanos foron connosco dunha xenerosidade exemplar. O certo é que un día falando eu fixen referencia a Hermann Heller, e Raul Roa, un dos profesores da Escola, o que máis empeño tivo na súa creación, viña de recibir un exemplar do seu «Staatslehre» editado en Holanda, e propúxome traducir algún capítulo da obra para publicalo na revista de dereito da universidade, comecei este labor que me gustaba moito.

De Cuba, pasamos a México, alí un meu parente fundara un colexio tamén con refuxiados españois que se chamaba «Colegio Ruíz de Alarcón» e ofreceume un posto como profesor, era un centro de ensino secundario, no que expliquei Historia. Alí entrei en contacto coa editorial Fondo de Cultura Económica. Pasei de México, onde as cousas tampouco daban asentado, ao Uruguai. En resumo, comecei a tradución en Cuba, logo continúei en México e remateina no Uruguai e entregueina. Tardei máis ou menos un ano en traducila, recibín moitos eloxios da editorial e pedíronme que lle propuxera outros libros alemáns para traducir. Pero eu xa estaba metido noutras cousas que non tiñan nada que ver coa editorial. As cousas que ten que facer un pobre desterrado... (Romero 1999: 38)

Nas súas memorias Tobío dedícalle uns parágrafos ao proceso que conduce á publicación da súa tradución de Heller, unha mostra de como os tendidos de solidariedade que trazaban o mapa dos afectos o levan, desde Montevideo, a contactar en México co especialista en psicoloxía Juan Roura Parella, a quen coñecera en Barcelona. El vai ser quen lle facilite o contacto coa editorial Fondo de Cultura Económica, en concreto co seu director, Daniel Cosío Villegas. Nestas páxinas, igual que cando se refira a outras das súas traducións, e isto é unha excepción que poucas veces lle vai permitir a súa modestia, Tobío achéganos as loanzas que recibe, neste caso xa o manuscrito desde a editorial, que cualifica a

tradución ao saír do prelo de «modélica» (Tobío 1994: 518-520). Cando publica a versión de *Teoría del Estado* de Hermann Heller (México D. F., FCE, 1942), xorde o Luís Tobío, o tradutor ao español, que non presentiu o éxito deste libro, manual de cita obrigada, aínda hoxe, nos estudos de Dereito; que leva máis de vinte reimpresións, que nunca lle foron pagadas nin recoñecidas como é debido ao tradutor<sup>6</sup>. Curiosamente a ignorancia e/ou a desmemoria fan que Tobío sexa coñecido no mundo do Dereito unicamente como o tradutor de Heller e, no mellor dos casos, como un diplomático intermitente<sup>7</sup>.

Xa no Uruguai, a familia Tobío Soler ten entón un país onde asentarse e onde se vai integrar sen perder nunca a súa identidade, van pertencer á «República Exiliada». En Tobío conviven, en estreita unión, o Luís para sempre diplomático, representante da República Española, e o Lois, fundador do SEG e do Partido Galeguista. Non podemos deternos no Lois Tobío que axudou a arrombar a casa en mans alleas e a manter o lume aceso: desde o seu labor como creador do fideicomisariado do Consello de Galiza; a través das audicións radiais de *Sempre en Galiza*; coa súa entrega para a edición da magna *Historia de Galiza*; do seu papel, tamén de diplomático mediador entre distintas sensibilidades, no Congreso da Emigración; coa súa palabra como conferenciante e coa súa escrita como colaborador con diferentes publicacións da colectividade galega. Non temos tempo, e pouco está escrito sobre este aspecto, para nos ocupar do Lois do mundo do privado, do familiar, pai dun fillo e dunha filla, marido, que

---

<sup>6</sup> «Esta tradución había merecer moi boa acollida nos medios universitarios e mesmo políticos e dela chegarán a facerse moitas reimpresións (nove até 1985, último dado que teño): nunha nota aparecida no xornal madrileño *El País* o 6 de novembro de 1983 en memoria de Heller co gallo do cincuentenario da súa morte, aludíase á influencia que tiña exercido no ámbito universitario hispánico, especialmente en España, México e Arxentina, a “Staatslehre” do noso autor, “excelente traducida” sinalaba o articulista» (Tobío 1994: 520).

<sup>7</sup> As páxinas de *As décadas de T. L.* que Lois Tobío dedicou á súa estancia en Bulgaria, debido seu labor como diplomático, foron seleccionadas e traducidas ao castelán, polo tamén diplomático Juan Durán-Loriga (Madrid, 13-II-1926 – 30-XI-2016), que compartía co viveirense o seu interese polo conde de Gondomar. Este volume preséntanos a Tobío traducido ao castelán e figurando co nome de Luís Tobío. Véxase Tobío, Luís (2003): *Recuerdos de un diplomático intermitente*, Burgos, Dossoles.



logrou arranxar a economía familiar co seu labor como Luís Tobío no xornal *El Día*, onde tería unha sección co título de «Nieves de antaño», homenaxe a un tempo mellor e ao poeta que creara esa imaxe, François Villon; e tampouco para o Lois, do mundo do privado, que grazas aos seus coñecementos de alemán entra a traballar na casa de produtos farmacéuticos La Roche na sección de publicidade. Si, traballou como publicista, sen que esa palabra tivese tanta importancia como na actualidade, o que lle permitirá gozar dunha estabilidade laboral. Tampouco lles vou falar de M.<sup>a</sup> del Carmen Soler, a compañeira e a eterna universitaria exemplar, que polas voltas e reviravoltas do destino, nunca remataría os seus estudos que iniciara antes do eu exilio<sup>8</sup>, e que nun tempo breve tamén contribuíu á economía familiar<sup>9</sup>. A súa letra aparece nos recortes dos artigos publicados de Tobío gardados nos seus arquivos, corrixindo as grallas, achegando algunha palabra na marxe; velaí a metáfora, eses trazos, da compañeira que seguía ao pé da letra e que deixaba pegada das súas correccións a un labor que tamén a facía feliz, e que co tempo, co regreso e co exilio gardado no interior en Madrid, se entregará á literatura como autora.

É hora xa de nos deter no Tobío construtor de pontes entre culturas a través da tradución, ese labor iniciado, tamén, por afecto ao seu profesor Heller e polo

---

<sup>8</sup> «María del Carmen, que vira tronzados os seus estudos de filosofía e letras, quixo continualos na Habana e matriculouse na correspondente facultade; pero tamén aquí tería ao cabo que interrompilos e a cousa repetiríase máis adiante en México, Uruguai e en Madrid sen chegar nunca a licenciarse por fas ou por nefas, nun interminable suplicio de Tántalo. Como era dunha grande inqueda intelectual, púxose en contacto, a través da nosa tía Piedad, cun grupo de mulleres escritoras e poetas que a acolleron con interés e agarimo. Había daquela un Lyceum Club feminino, [...] Melu ía con frecuencia aos actos que nel se daban e coñeceu alí a varias interesantes mulleres, escritoras e poetas principalmente. Xa daquela sentía o degoro de escribir, tanto narrativa coma poesía, anque aínda habían pasar algúns anos para facer realidade o seu anxeio. En Cuba non eran poucas as mulleres que cultivaban a poesía. [...] Con algunha delas, coma Julia Rodríguez Tomeu e Dulce María Loynaz, chegou Melu a ter amizade cordial e estreita» (Tobío 1994: 461).

<sup>9</sup> «A nosa situación económica quedara así resolta despois de andar un tempo a procurar traballo no que mesmo Melu chegara a empregarse como secretaria do director de ANDA, ou Asociación Nacional de Afiliados (ás “cajas de Jubilaciones y Pensiones”). [...] O ambiente daquela oficina era, segundo Melu me contaba, moi agradable e o traballo non moito pero, en canto eu puiden arranxar as miñas cousas, quixen que arranxara o emprego» (Tobío 1994: 515-516).

compromiso do especialista en Dereito de traer ao mundo hispánico unha obra fundamental para esta especialidade. Un Tobío que non vai depender da tradución para vivir, que vai ser en aparencia un tradutor ocasional, as traducións axudaban á economía familiar, sobre todo antes de 1947, cando aínda non formaba parte da casa de La Roche. Nesa necesidade de buscar rumbo de vida, de axudarse con traducións, é importante esclarecermos desde o inicio, cando Tobío conecta, desde Uruguai, co mundo editorial do exilio, nun momento de grande esplendor, desde México até, e sobre todo, Arxentina. Neste país austral existía desde as primeiras década do século XX un mundo editorial<sup>10</sup> que sabía e quería responder ás necesidades da poboación, que conseguiu popularizar a lectura, con coleccións literarias como Biblioteca La Nación (dependente do xornal) ou da editorial Tor<sup>11</sup>, que achegou un catálogo diverso desde novelas de ciencia ficción até manuais de autoaxuda. É de salientar tamén o labor desenvolvido a partir da editorial Claridad, que aglutinaría na súa contorna escritores vangardistas e de esquerdas, o Grupo de Boedo. Esta industria ampliaríase despois coa apertura de filiais das editoriais españolas como Sopena, Labor ou Espasa Calpe, que daría ao mercado a Colección Austral. A Guerra Civil provoca en España practicamente unha parálise editorial, este feito está directamente relacionado co florecemento do sector que se produce en Arxentina a partir deste momento; se España era a que subministraba libros a América Latina, vai ser Arxentina a que abasteza o continente, vai ser o referente onde se dirixa o mercado estranxeiro para facer negocio, o foco para vender dereitos de autor doutras literaturas e establecer pontes directas co mercado francés, británico ou estadounidense. En Arxentina prodúcese a modernización do sector, visualízase o produto coa renovación e diversificación de catálogos, cun traballo exemplar a

---

<sup>10</sup> Véxase MERBILHAÁ, Margarita (2015): «1900-1920. La organización del espacio editorial», en José Luis de Diego (dir.), *Editores y políticas editoriales en Argentina (1880-2010)*, Bos Aires, FCE, 31-62.

<sup>11</sup> Véxase ABRAHAM, Carlos (2012), *La editorial Tor: Medio siglo de libros populares*, Bos Aires, Tren en Movimiento.

través das librarías, coa realización de congresos, exposicións e feiras do libro. En España, a raíz do conflito bélico e da posterior ditadura, entraron en xogo o control e a censura, que, por suposto, ningún autor estranxeiro quería sufrir. A censura alemá, a prohibición da lectura e da publicación das obras dos autores e autoras que se opuxeron ao nazismo, que marcharon ao exilio, a publicación e tradución desta literatura «anti-Alemaña», tamén funcionaba en España e en todos os países ocupados. O Atlántico é a vía a través da que se consiga que moitas destas obras e traducións cheguen á Península de maneira clandestina, que consigan burlar a ditadura. A partir da década dos sesenta regresarán pouco a pouco moitas das figuras do exilio e, con elas, ideas, proxectos e editoriais iberoamericanas que volvían para procurar o seu lugar<sup>12</sup>. A actividade editorial española tamén se desprazou ao país do exilio, tamén se exiliou. Neste mundo en que ían da man o criterio empresarial e a dinamización lectora, a popularización dos clásicos e a literatura de masas, dar resposta ás inquiredanzas intelectuais e facer da lectura un entretemento, neste mundo en que o libro era un negocio, había tamén un lugar central para a tradución. Sabíase que cando se traducía se interviña na cultura e decidíase traducir para intervir na literatura nacional, conscientes de que había que dialogar coa cultura universal, para renovar o propio; estúdase e escóllese ben que traducir, pénsase en novas estéticas e xorde a figura dunha nova autoría literaria, a do tradutor-escritor, a da tradutora-escritora<sup>13</sup>. Ao exilio viñeron os editores, que crearían novas empresas, como Losada, Sudamericana, Emecé ou a Editorial Nova<sup>14</sup>. Ao exilio tamén chegaron as figuras de escritores e escritoras, de directores de coleccións, de asesores litera-

<sup>12</sup> Véxase LAGO CABALLERO, A. / N. GÓMEZ VILLEGAS (eds.) (2006): *Un viaje de ida y vuelta: la edición española e iberoamericana (1936-1975)*, Madrid, Siruela. Véxase tamén LARRAZ, F. (2010): *Una historia trasatlántica del libro. Relaciones editoriales entre España y América Latina (1936-1950)*, Xixón, Trea.

<sup>13</sup> Véxase WILLSON, Patricia (2004): *La constelación del sur: traductores y traducciones en la literatura argentina del siglo XX*, Bos Aires, Siglo XXI.

<sup>14</sup> Véxase LOEDEL ROIS, Germán (2018): «Losada, Sudamericana y Emecé: el puente traductor hispanoargentino de las tres grandes (1936-1955)», *Los estudios de la traducción e interpretación en América Latina, Mutatis Mutandis: Revista Latinoamericana de Traducción*, 11:1, 101-125.

rios, de correctores e correctoras de estilo e de tradutores e tradutoras<sup>15</sup>; chegaron e traballaron no sector editorial, a través dos contactos profesionais, laborais, institucionais e deses lazos afectivos que trazaban outras fronteiras máis elásticas.

É aquí nestas coordenadas onde hai que situar ao Luís Tobío tradutor ocasional, aparentemente, ao español, quen pertencendo á casa-rede do exilio non lle é difícil chegar ao mundo da industria do libro: a través do médico exiliado catalán, Luís Sayé, contacta con Julián Urgoiti, xerente da Editorial Sudamericana, fundada en Bos Aires polos donos da Librería Catalonia de Barcelona, tamén exiliados<sup>16</sup>. Así nos conta o inicio das relacións tan propicias coa editorial cando procura, nun primeiro contacto, que lle encomenden algunha tradución:

Eles aceptaron en principio indicándome que lles propuxese algún libro que puidera ter interés e éxito editorial.

E pensei que ben podería telos unha historia de Grecia Clásica que mercara na Habana, «The life of Greece» de Will Durant, polo seu xeito moderno e atractivo de expoñer a historia. Propúxenlles logo a tradución dese libro, e despois dunha longa agarda, pois tiveran que xestionar a correspondente autorización do editor norteamericano, encargáronme o traballo que levei a cabo con afouteza e amor e no que me deu moita axuda a miña muller que estudara grego con Carles Riba en Barcelona e sabía moito de mitoloxía e etimoloxía gregas, máis ca min. Esta tradución, que levaría un prólogo feito

---

<sup>15</sup> Para comprendermos todo este mundo arredor da industria do libro e, desde a tradución, situando os tradutores e as tradutoras como figuras centrais na difusión da lectura e na renovación da literatura, tamén a Tobío, véxase LOEDEL ROIS, G. (2018): *Los traductores del exilio republicano español en Argentina*, Barcelona, Universitat Pompeu Fabra (tese de doutoramento).

<sup>16</sup> Foi no círculo da revista *Sur* onde naceu a idea de crear a partir de 1939 unha editorial, despois precisaron dunha persoa con experiencia mercantil para levar o negocio e contactaron con Antoni López Llausàs, daquela en París, e que antes do seu exilio fundara Catalònia de Barcelona, dedicada á edición e distribución de libros cataláns. O exiliado converteuse en xerente xeral da empresa e no seu principal accionista. Julián Urgoiti, que fora editor da filial de Espasa-Calpe en Arxentina, vai ser o director editorial. Véxase LARRAZ, Fernando (2018): «Semblanza de Editorial Sudamericana (Buenos Aires, 1983- )», *Biblioteca Virtual Miguel de Cervantes - Portal Editores y Editoriales Iberoamericanos (siglos XIX-XXI) - EDI-RED* (<http://www.cervantesvirtual.com/obra/editorial-sudamericana-buenos-aires-1983--semblanza-888812/>).

expresamente polo seu autor, foi moi ben acollida e os editores decidiran, por eso, seguir a publicar en español os outros volumes da Historia Universal do mesmo autor da que o libro de Grecia viña ser unha parte. Por eso hei traducir máis adiante o volume adicado a Roma, «Caesar and Christ», e outros tradutores tomarán despois o seu cargo, cando eu xa me teña retirado desas angueiras, os referentes ao Oriente e á Edade Media. (Tobío 1994: 516-517)

As traducións ao español que levan a sinatura de Luís Tobío, por orde de publicación, son as seguintes<sup>17</sup>:

HELLER, Hermann (1942): *Teoría del Estado*, México D. F., Fondo de Cultura Económica.

DURANT, Will (1945): *La vida de Grecia: Historia de la civilización griega desde sus orígenes y de la del cercano oriente desde la muerte de Alejandro hasta la conquista romana, con una introducción sobre la cultura prehistórica de Creta*, 2 vols., Bos Aires, Editorial Sudamericana.

MANN, Thomas (1945): *Oíd, alemanes: discursos radiofónicos contra Hitler*, Bos Aires, Editorial Nova.

ROEDER, Ralph (1946): *El hombre del Renacimiento: Savonarola, Maquiavelo, Castiglione, Aretino*, Bos Aires, Editorial Sudamericana.

MANN, Heinrich (1946): *La juventud del rey Enrique IV*, Bos Aires, Editorial Sudamericana.

DURANT, W. (1948): *César y Cristo: Historia de la civilización romana y del cristianismo desde sus comienzos hasta el año 325 D. de C.* 2 vols., Bos Aires, Editorial Sudamericana.

MANN, Heinrich (1948): *La madurez del rey Enrique IV*, Bos Aires, Editorial Sudamericana.

---

<sup>17</sup> Sobre as traducións asinadas por Luís Tobío, as súas datacións e a súa autoría, é de consulta obrigada o capítulo que lle dedica a este tema Francisco Maseda na súa tese de doutoramento, a primeira sobre este «humanista galego e galeguista universal» (Maseda 2010: 333-346).

HESSE, Hermann (1948): *Narciso y Goldmundo*, Bos Aires, Editorial Sudamericana.

PURDY, James (1962): *El sobrino*, Bos Aires, Editorial Sudamericana.

QUIGLEY, Carrol (1963): *La evolución de las civilizaciones: introducción al análisis histórico*, Bos Aires, Hermes.

Como podemos observar, as linguas desde as que traduce Luís Tobío son o alemán, que dominaba perfectamente, e o inglés. O alemán era a lingua do país ao que quixo volver, del quedara namorado intelectual e afectivamente, como de Elisabeth, e intentouno nun dos anos fundamentais da súa vida, 1931, en que tivo que tomar importantes decisións. Quizais vén ao caso saber algo máis do que pasou. Marchar a Madrid para comezar os seus estudos de doutoramento foi o que fixo, mais Alemaña non lle saía da cabeza. Se consultamos os arquivos da Junta para Ampliación de Estudios e Investigaciones Científicas<sup>18</sup> (JAE), encontramos o expediente de Luís Tobío Fernández, profesor auxiliar por oposición na Facultade de Dereito de Santiago de Compostela, que solicita, nunha carta dirixida ao presidente da dita institución, datada o 16 de febreiro de 1931, tomar parte no concurso para a concesión de pensións co obxecto de ampliar estudos no estranxeiro. A súa solicitude fai referencia aos seus desexos de afondar na súa formación: por unha banda, un semestre, na Universidade de Berlín, traballando en materias de Dereito Público e Teoría do Estado, ademais de investigar no Jurist Institut; e, por outra banda, un segundo semestre, na Universidade de Viena, para afondar nos seus coñecementos de Dereito Público e Administrativo; deste xeito ocuparíase das dúas correntes fundamentais da ciencia xurídica alemá<sup>19</sup>. Solicitaba a pensión desde o 1 de outubro de 1931 até o 30

---

<sup>18</sup> Este arquivo pode consultarse na rede, na páxina do arquivo da JAE: <[www.edaddeplata.org](http://www.edaddeplata.org)>, nesta ligazón: [http://archivojae.edaddeplata.org/jae\\_app/jaemain.html](http://archivojae.edaddeplata.org/jae_app/jaemain.html)

<sup>19</sup> Este é o punto 4, dos 11 en que estrutura a carta; engade ademais os nomes do profesorado baixo a dirección dos que desexa traballar: en Alemaña con H. Triepel, R. Smend, E. Kaufmann e H. Heller, e en Viena con H. Kelsen, A. Merkl, Max Layer e A. Kensel. No punto 7 fai referencia a que residiu en Alemaña

de setembro de 1932. Explica que ten en preparación algúns traballos de investigación, en concreto un sobre o concepto do *Rechtsstaat*, que sería obxecto da súa tese de doutoramento que se propuña rematar en Alemaña. Sabemos que Tobío aproba o ingreso na carreira diplomática en 1932, mais esta carta no expediente do arquivo da JAE proba que nalgún momento tivo outras expectativas ou que estas andaban na súa mente. O interese pola tradución do libro de Hermann Heller tamén o hai que relacionar con esa tese de doutoramento que nunca chegou a presentar, xunto con outras expectativas fanadas<sup>20</sup>.

Mais neste expediente o aspirante á pensión, que ten vinte e catro anos, despois de achegar como información que coñece perfectamente alemán, engade: «además del francés, inglés e italiano». Sei que Tobío tiña un gran coñecemento do francés, que lía, escribía e falaba, fundamental para a carreira diplomática; sei que o italiano tamén o lía e non lle era nada complicado, era outra lingua románica, coma o galego nobre e salvado no mundo polo portugués, coma o español, ao que traducía, coma o catalán, que sobre todo lía; de maneira autodidacta, aprendeu inglés, que xa non era tan doado, o interese por esta lingua nacéralle en Alemaña e comezou a estudala, de maneira autodidacta, para poder ler e introducirse máis no mundo anglosaxón. É unha lingua que vai ler, comprender e poder traducir, polas lecturas que vai realizar, mais que non falará nunca con fluidez. É Nova York o único lugar de fala inglesa no que vivirá durante unha breve estadía, apenas uns días na súa primeira etapa de exilio, a primeira parada antes de se encamiñar á Habana. A vida vaino agasallar tamén co coñecemento do búlgaro, unha lingua para as relacións sociais na súa curta vida como diplomático en Sofía. Quixo aprender árabe, lamentou non poder ler

---

oito meses e no punto 8 a que gozou dunha pensión de tres meses en 1929 concedida pola Facultade de Dereito da Universidade de Santiago. Tobío relata nas súas memorias a historia da concesión desta bolsa á que concorría con outro aspirante e a decisión «rematou salomónicamente partindo o diñeiro da pensión por metades» (Tobío 1994: 210-211).

<sup>20</sup> Realmente no expediente da JAE de Luís Tobío Fernández só se inclúe esta carta de solicitude, malia que el indique no punto 11 «Que para otros méritos y circunstancias se remite a la hoja que acompaña».

sen atrancos en latín, precisamente a lingua que lle abriu ás portas na corte inglesa ao seu admirado conde de Gondomar. O certo é que lle gustaban moito as linguas, a súa aprendizaxe, procurar en cada palabra o seu misterio, a entraña e a relación con todo o corpo; nada mellor que esta curiosidade para ser tradutor, el que tamén podería ser filólogo.

A primeira tradución de Luís Tobío, á que xa nos referimos, ten relación cos seus coñecementos como xurista, coa lealdade e admiración cara ao autor do texto e, fundamentalmente, cos seus coñecementos de alemán. Este primeiro labor como tradutor permítelle xa deseñar o seu perfil, que comparte con moitos dos exiliados da república española: persoas de gran formación académica e intelectual, que para ampliaren os seus estudos gozaron de estadias no estranxeiro, ben pensionados pola JAE (Francisco Ayala ou Rafael Dieste), ou ben polas universidades das que formaban parte (Lois Tobío), o que lles axudou a vivir nunha certa inmersión lingüística. Son tradutores con amplos coñecementos lingüísticos, tanto da lingua de partida como da lingua de chegada, e que dominan ou poden facerse co seu dominio, pola súa formación intelectual, da materia coa que van traballar.

As obras que Luís Tobío traduce do inglés son para Editorial Sudamericana: para a súa colección Grandes Obras os volumes de Will Durant, para a colección Biografía o volume de Ralph Roeder *El hombre del Renacimiento: Savanarola, Maquiavelo, Castiglione, Aretino*, e para a colección Horizonte a novela de James Purdy, *El sobrino*<sup>21</sup>. Produto da expansión da Editorial Sudamericana xorden as filiais Hermes (1949) en México e Edhasa en España. En Hermes publícase en

---

<sup>21</sup> Esta é a única obra de James Purdy que asina como tradutor Luís Tobío. Por erro, incluímos baixo a responsabilidade de Luís Tobío a tradución da primeira novela do autor estadounidense, *Malcolm*, que si foi publicada pola Editorial Sudamericana en 1963, dentro da colección Horizonte, e traducida por Luis Echavárrri. Véxase ROMERO, Marga: «L. T. tradutor o universo para o galego» *Galicia Hoxe*, 11 de marzo do 2004, p. 11; (para as puntualizacións sobre este tema: Maseda 2010: 333-338). Véxase tamén ÍNSUA, Emilio Xosé, «Lois Tobío, tradutor políglota e exquisito», *A Nosa Terra*, 1223, do 18 ao 24 de maio do 2006, ano XXIX, p. 11, e ÍNSUA, Emilio Xosé, «Lois Tobío, tradutor», en *A Ínsua do Ínsua*, (bitácora do autor), 16 de marzo de 1915, <http://ainsuadoinsua.blogspot.com/2015/03/lois-tobio-tradutor.html>.



1963 a tradución de Tobío da obra de Carroll Quigley *La evolución de las civilizaciones: introducción al análisis histórico*. Xa sabemos como iniciou Tobío a relación con esta editorial, como foi el quen propuxo a primeira tradución, realmente o seu criterio tíñase moi en conta, podemos afirmar que el sempre escollía as súas traducións. Estes libros traducidos do inglés son un bo exemplo da variedade do catálogo editorial e o obxectivo de traducir temas de actualidade, o que vendía e o que prometía interese para lectores e lectoras. James Purdy era un autor de moda neses momentos, pola temática homosexual que había nos seus textos, que lle deron un ar de escritor maldito; *Malcom*, a súa primeira novela convertérase nun éxito de vendas.

Na mesma liña de achegar ás redes do mercado e ao panorama literario arxentino escritores contemporáneos, neste caso da literatura alemá, están as traducións que Luís Tobío realizou para esta mesma Editorial Sudamericana de Heinrich Mann e de Hermann Hesse. As novelas de Mann traducidas son<sup>22</sup> *La juventud del rey Enrique IV* (1946) e *La madurez del rey Enrique IV* (1948), escritas polo autor entre 1935 e 1938, despois de que os nazis o declarasen «persoa non grata» e establecese o seu primeiro exilio en Niza, onde viviría até 1940, até que tivo que volver fuxir para asentarse en Santa Mónica (California), onde morreu en 1950 sen que puidese regresar á daquela República Democrática Alemá, en calidade de presidente da Deutschen Akademie der Künste no Berlín Leste. Do escritor alemán Hermann Hesse, asentado pola súa traxectoria vital en Suíza, recoñecido co Premio Nobel en 1946, traduce Luís Tobío a novela *Narciso y Goldmundo* (1948), para a prestixiosa colección Horizonte. Autor

---

<sup>22</sup> Dentro da colección Biblioteca del pensamiento vivo, da Editorial Losada, figura co número 5 a obra asinada por Heinrich Mann, *El pensamiento vivo de Nietzsche*, publicada en 1942. Unha proba da importancia que se lle daba desde o mundo editorial ao pensamento dos escritores do exilio alemán. Como autor da tradución figura Vicente Mendevil, na publicidade para a venda de exemplares pola rede. Non sei se se trata do mesmo tradutor responsable da versión da obra de Kafka *El proceso*, publicada por Losada en 1939, que figura co nome de Vicente Mendivil. Esta é unha proba do pouco respecto ou seriedade coa que se trata aos tradutores e tradutoras, das que case non se teñen datos e, moitas veces, nin figura o seu nome.

censurado polo nazismo, non poderá ser lido en Alemaña e tampouco na España franquista, que, por un lado, recibía indicacións dos representantes da Alemaña Nazi das obras que se podían publicar e, por outro, tiña a súa propia censura<sup>23</sup>. A recuperación das súas obras no mundo editorial alemán foi moi lenta, o éxito dos seus libros nos Estados Unidos no contexto da traxedia que significou Vietnam repítese en Alemaña nas mesmas décadas dos sesenta e setenta, coas novas e primeiras xeracións que cuestionan e afrontan a responsabilidade e culpabilidade do pobo alemán en relación co nazismo. Hoxe é lectura recomendada en moitos centros de ensino secundario nos países de lingua alemá.

As traducións de Tobío das obras de Heinrich Mann e de Hermann Hesse entraron no mundo editorial español a través da editorial Edhasa (Editora y Distribuidora Hispano Americana, S. A.): as de Mann no ano 1998, dentro da colección de Novela Histórica, e a de *Narciso y Goldmundo* no ano 1982, na colección Edhasa Literaria, e as dos dous autores forman parte do catálogo de Podket Edhasa (a colección de peto). O nome de Luís Tobío figura como tradutor<sup>24</sup>.

Na relación de traducións asinadas por Luís Tobío está *Oíd, alemanes*, de Thomas Mann, que realizou en 1945 para a empresa pensada e levada por Arturo Cuadrado e Luís Seoane, a Editorial Nova<sup>25</sup>, e que se publica na colección

---

<sup>23</sup> A censura na España franquista, ademais de atender as esixencias que recibía da embaixada alemá, tiña as súas propias ordes, que consistían en eliminar todo o que atentase contra Deus, a patria e a familia. Os autores alemáns eran censurados pola súa ideoloxía de esquerdas e por non ser un bo modelo para a Igrexa católica. Non eran censurados como esixía a Alemaña nazi, ademais de polo seu comunismo, por unha cuestión de raza, por ser xudeus, éranos por teren unha relixión distinta. No caso de Hesse foi o seu pensamento antidogmático fronte á Igrexa católica. Véxase CÁCERES WÜRSIG, I. (2018): «Germanofilia y nacionalcatholicismo: contradicciones en la recepción franquista de Stefan Zweig (1939-1947)», *Revista de Filología Alemana*, 26, 121-138.

<sup>24</sup> Moito lle agradou saber a Lois Tobío que a mocidade galega podía ler as obras de Hesse, H. (1997): *Baixo as rodas*, Vigo, Editorial Galaxia, e HESSE, H. (1999): *Siddharta*, Vigo, Editorial Galaxia, traducidas ao galego polo alemán Franck Meyer.

<sup>25</sup> Para unha análise do marco político e social en que xorde a editorial, dos seus obxectivos e das súas publicacións, véxase PÉREZ RODRÍGUEZ, M.<sup>a</sup> Antonia (2013): «Nova 1942.1947: una editorial de exiliados gallegos en Argentina», en Adalberto Santana (coord.), *Setenta años de Cuadernos Americanos*, México, Universidad Nacional Autónoma de México-Centro de Investigaciones sobre América Latina y el Caribe, 119-135.

Labrador. En 1933 T. Mann, que recibira o Premio Nobel en 1929 (no mesmo ano en que Tobío está en Berlín), abandona Alemaña. Desprázase a Suíza, mais antes queima parte do seu diario, por medo a que caese en mans da Gestapo. En Alemaña retíranlle a nacionalidade e queiman os seus libros. En 1940 xa vive coa súa muller Katia o exilio nos Estados Unidos, con el a patria na súa lingua, e a BBC pídelles dirixir a través da súa emisora unhas breves charlas á cidadanía alemá nas que comente os sucesos da guerra e trate de influír neste público. Acepta encargarse dunhas audicións mensuais, primeiro de cinco minutos, e despois solicita que se amplíen a oito. A súa voz era gravada en Los Ángeles e chegaba a Londres, para que se escoitasen as palabras lidas polo propio autor. Remata a guerra e o tema do nazismo e as súas consecuencias goza de grande actualidade<sup>26</sup>, había un público para este libro: toda a comunidade de refuxiados antifascistas, quen celebraba a derrota de Hitler e quen, con esperanza, vía próxima a de Franco. O propio escritor non era un descoñecido nin do público lector nin do mundo editorial<sup>27</sup>; desde as páxinas da publicación quincenal *Correo Literario*, baixo a dirección de Seoane, Cuadrado e Lorenzo Varela, hai varias referencias ao autor dos discursos radiofónicos, que nos demostran o seu recoñecemento:

No exemplar do 1 de decembro de 1943 (p. 7), aparece a fotografía de Thomas Mann á beira de dez personalidades do mundo da ciencia e da literatura, para nos indicar que «América debe agradecerle a Hitler la presencia de once hombres de ciencia y escritura, exiliados de Alemania, Italia y otros países ocupados». Entre estes once «homes» atopábase a escritora norueguesa Sigrid Undset, Premio

---

<sup>26</sup> Sobre a temática do nazismo en Alemaña, as súas causas e a responsabilidade foi de importancia a obra do historiador Friedrich Meinecke. Véxase na mesma colección Labrador: MEINECKE, Friedrich (1947): *La catástrofe alemana*, Bos Aires, Editorial Nova.

<sup>27</sup> Baixo a sinatura como tradutor do compañeiro de pensión en Berlín de Tobío, Francisco Ayala, figuraban as obras seguintes: MANN, Thomas (1941): *Carlota en Weimar*, Bos Aires, Editorial Losada, e MANN, Thomas (1941): *Las cabezas troncadas*, Bos Aires, Editorial Sudamericana. Do autor xa foran publicadas no mundo editorial da II República, pola Editorial Apolo, *La montaña mágica* (1934) e *Los Buddenbrook* (1936), cando o nome do autor se censuraba en Alemaña; o tradutor é Mario Verdaguer.

Nobel de Literatura en 1928, un ano antes que Thomas Mann, que pola súa oposición ao nazismo se exiliou en 1940 e se asentou nos Estados Unidos. Oposición que continuaron ela mais el no exilio, tal e como tamén se nos di: «hacen propaganda antinazi por onda corta».

Na publicación do 1 de febreiro de 1944 (p. 7), atópase unha recensión de Pedro Larralde, «Aldous Huxley y Thomas Mann a través de dos recientes ediciones», as dúas obras son *El Joven Arquímedes*, de Huxley, e *Cervantes, Goethe y Freud*, de Mann, publicadas pola editorial Losada (1943), na colección La Pajarita de Papel. Malia que no texto xornalístico se indique que «los traductores dejaron sin borrar algunos lunarcitos», non se fai referencia á autoría das traducións, que asinan Leonor de Acevedo (a nai do escritor Jorge Luis Borges), a de Huxley, e Ramón de la Serna y Espina e Felipe Jiménez de Asúa, a de Mann. O libro de Mann leva un prólogo de Guillermo de Torre para presentar esta selección de ensaios do autor desterrado.

No exemplar correspondente á quincena do 1 de xuño de 1945 (p. 7) publícase un artigo de Pablo Mandel, «Thomas Mann en sus 70 años», e a publicidade da Editorial Nova onde se indican as novidades da editorial, que no seu remate destaca «De inminente aparición»: *Oíd, alemanes...*, de Thomas Mann.

Na publicación do 1 de xullo de 1945 o libro é noticia desde a súa portada, onde figura unha fotografía do escritor Thomas Mann baixo a que se le: «El extraordinario novelista, del cual acaba de publicar la editorial Nova, “Oid Alemanes”, obra donde hace oír su voz enfrentándose a los grandes problemas del mundo de hoy». Na páxina 2 insírese publicidade da Editorial Nova e figura, en primeiro lugar, baixo a epígrafe «ACABAN DE APARECER», o libro *Oíd, alemanes...* por Thomas Mann, e engádese debaixo: «Dramático mensaje de Mann sobre la unificación permanente del mundo y por su nuevo equilibrio de libertad en una sociedad de pueblos libres». Na páxina 6 recóllese unha recensión de Héctor Pacheco Pringles, «Oid, Alemanes... de Thomas Mann», na que se fai referencia ao dobre valor documental, por coincidir co setenta aniversario do autor e co derrubamento dos réximes que «ensombrecieron la patria de Goethe». Insístese

no compromiso do autor, na importancia desta mensaxe para contribuír «a la derrota de esta barbarie», achéganse breves anacos da intervención de Mann para exemplificar «Ese tono apocalíptico hace el verdadero y permanente interés por este libro que demuestra también el grado de responsabilidad que adquirieron algunos intelectuales, los de mayor envergadura por cierto». Remata o artigo cunha referencia á tradución: «la correcta traducción de Luis Tobío respeta la forma y el fondo del libro, editado por la editorial Nova de Buenos Aires».

Non había dúbida de que se trababa dun libro esperado por moito público. Na edición da Editorial Nova achégase un «Prólogo» do propio autor no que se explica a xénese do libro e as motivacións das súas palabras, trinta e catro discursos, datados desde outubro de 1940 até o 27 de abril de 1943. Engádese no remate a Acta de Rendición Militar, asinada en Berlín o 9 de maio de 1945, precedida dunha pequena nota introdutoria, que sei que foi idea do propio Tobío:

Las palabras de Mann, proféticas, se han cumplido. Su intensa vida espiritual, activa y vibrante, ha dado a su voz fuerza de combatiente, logrando un puesto de honor en la victoria.

Soldado de la inteligencia, en lucha contra los poderes transitorios de la opresión, cumplió con el más ingrato de los deberes: luchar contra su propia patria.

Su voz, alta y dura como mensaje bíblico, coadyuvó al triunfo de la libertad, ese triunfo que tiene severidad de una rendición incondicional del enemigo.

Con el laconismo trágico de un documento histórico, la acción del ilustre escritor se cumple así: (Mann 1945: 169)

O libro, que se rematou de imprimir o 2 de xuño de 1945, poucos días despois da rendición, simboliza toda unha celebración. Velaí o autor exiliado que non claudica e o tradutor tamén exiliado, que xa sabe que a guerra rematou e que con esa derrota se reaviva a esperanza que a España franquista non podía ser eterna, por este motivo Tobío engade esa nota e a acta de rendición, para con-

verter o texto nunha arma contra o fascismo, por iso os editores pensan na importancia deste libro. Un gran documento que xunta a forza de moitos combatentes no exilio, autor, tradutor e editores que desexan que a cidadanía do mundo atenda e non sexa cómplice.

No ano 2004 Ediciones Península, na serie Atalaya, publicou *Oíd, alemanes... Discursos radiofónicos contra Hitler* de Thomas Mann por primeira vez no panorama editorial español e figuran como tradutores Luís Tobío e Bernardo Moreno. Nesta edición temos o «Prólogo» que aparece baixo o título de «Nota del autor», datado o 15 de setembro de 1942; segue unha «Nota preliminar da segunda edición»<sup>28</sup>, desde Estocolmo, de 1945; os cincuenta e oito discursos, desde outubro de 1940 até o 10 de maio de 1945, o último despois da rendición, e engádese, porque así llo pediu a BBC, un último discurso, do 8 de novembro de 1945, para explicar os motivos, que xa fixera públicos nunha carta aberta, para non regresar a Alemaña.

Segundo se nos indica, cando se fai referencia aos dereitos de autoría, a Tobío correspóndelle a tradución da «Nota del autor» e os discursos 1-26 e 28-35; a Bernardo Moreno, a nota preliminar á segunda edición e o resto dos discursos. A presenza de Luís Tobío nesta nova edición, coa recuperación dos discursos que el xa traducira, son unha mostra do seu recoñecemento neste labor. Mais entre unha e outra edición hai case sesenta anos por medio e moitas circunstancias que mudaron; como proba desa mudanza está a desaparición na edición máis actual

---

<sup>28</sup> En relación con esta obra, *Deutsche Hörer*, sinalase que os vinte e cinco primeiros discursos de T. Mann foron publicados nunha edición en Estados Unidos en setembro de 1942 «que nunca chegou a coñecerse en Europa dadas las circunstancias entonces reinantes». Co remate da guerra, nesta edición de Bermann-Fischer Verlag situada en Estocolmo, están todos os discursos desde 1940 até maio de 1945. En realidade tamén existiu unha primeira edición en 1942 pola editorial con sede en Estocolmo e tamén en 1944 outra no seo da Freier Deutscher Kulturbund Großbritannien (organización dos emigrantes alemáns en Gran Bretaña), *Deutsche Hörer! Eine Auswahl aus den Rundfunbotschaften an das deutsche Volk*, Hrsg. und Verlag, Freier Deutscher Kulturbund in Großbritannien. A publicación de Ediciones Península baseouse nas edicións de 1986 e 1985 de S. Fischer Verlag GmbH, Frankfurt am Main. Entre as edicións en alemán cómpre situarmos a de 1942, coa tradución de vinte e cinco discursos, e a de 1945, con cincuenta e cinco.

da pequena nota introdutoria e da Acta de Rendición Militar, asinada en Berlín o 9 de maio de 1945. As circunstancias mudaron e o que daquela era un paratexto xustificando, que marcaba unha determinada dirección ideolóxica baixo a que podíamos situar autor, tradutor e editor (es), a loita desde o exilio contra o fascismo en Europa –que situaba o libro, resultado da tradución e da edición, no momento en que acontecían os feitos–, este paratexto está, en 2004, fóra de lugar. A nova visión editorial, que engade ao título orixinal o subtítulo *Discursos radiofónicos contra Hitler*, probablemente para facer máis atractiva a obra e, tal e como se indica no paratexto da contraportada, ofrecer ao público lector «un documento único» sobre a súa época, para comprendermos moitos aspectos da vida cotiá da cidadanía alemá nos anos da guerra. Mudaron as motivacións, as obrigas éticas que priman na primeira edición-tradución, e agora convértense en achegar unha visión, desde «el prisma subjetivo y comprometido del autor». Documento «inédito en España» que lle abre outra porta de entrada a Luís Tobío como tradutor e a Thomas Mann como autor nunha faceta non tan coñecida coma a do novelista: a do intelectual comprometido.

Tobío asegurou que fixo traducións para «levar mellor a supervivencia no Uruguai» (Romero 1999: 38), que ademais do que gañaba no xornal se axudaba con traducións (Tobío 1994: 516), mais, se nos detemos un pouco e nos situamos nas coordenadas en que realizou estas traducións ao español, falarmos de Luís Tobío como tradutor ocasional é unha afirmación moi discutible. Desde o ano 1942 até 1963, en once anos, publícanse 12 volumes, dos que acabamos de falar, onde figura Luís Tobío como tradutor; desde o ano 1945 até 1948 dedícalle moito tempo a esta actividade, traduce do inglés os volumes de historia da civilización de Will Durant, mergúllase no renacemento para traducir a Ralph Roeder, vive intensamente a realidade a través dos discursos de Thomas Mann e entra no interior das imaxes e palabras, apodérase dos estilos literarios de Heinrich Mann e de Hermann Hesse... Este labor precisaba de moito tempo e de moita dedicación, había que trasladarse ao mundo e á cabeza dos autores, había que procurar as palabras e as imaxes no idioma de chegada, había que

realizar a viaxe dun texto ao outro, converter a arañeira da tradución, por veces enganosa, nunha rede de tecido seguro, onde asentar o alleo no propio. Como moi ben nos di:

Cando estaba a traducir cada unha destas obras históricas, procuraba ler canto podía verbo do país, a época e os persoaxes a que ela se refería e, deste xeito, viña a me sentir coma metido naquel mundo, vivíndoo, cousa que me daba grande lecer. E mesmo semellaba que houbera como unha man misteriosa que me traguía datos e cousas que tiñan que ver co tema: lémbrome, por exemplo, que cando andaba coa biografía de Henry IV, a miña muller atopara e mercara nunha subasta unha potiña de cobre que evocaba a sonada «poule ao pot» do rei francés. Na tempada que pasei coa versión do libro de Roeder, foi o Renacemento o que se adonou de min e alternaba a cotío co Arentino e Castiglione e o meu admirado Maquiavelo e máis outros, ata o punto de chegar a escribir verbo deles algúns ensaios que apareceran no suplemento de «El Día». (Tobío 1994: 517)

Efectivamente será cando traballe para o xornal *El Día* cando dedique maior tempo á tradución, cando o traballo do xornalista se alimente do traballo do tradutor, tanto para os seus artigos máis ou menos semanais como para o suplemento dominical, colaboracións de política internacional ou máis relacionadas co ámbito cultural. Desde que comeza a traballar na casa La Roche, no ano 1947, deixa a redacción do xornal e mantense como colaborador ocasional do suplemento dominical e só vai publicar dúas traducións en 1961: a da novela de James Purdy e a de Carrol Quigley que se publicaría en 1963, dous anos despois da aparición da obra orixinal e no ano que regresa para se asentar en Madrid. Tampouco debemos esquecer que en 1958 vai obter a credencial de tradutor da ONU, nunhas probas en que o inscribira Melu, coa idea de tomar outro rumbo de vida, xa que as cousas ameazaban con mudar no Uruguai, mais deciden ficar. Nunha das voltas da fortuna é esta credencial a que lle permite regresar a España, a chave do alemán ábrelle a porta xa que lle propoñen desde



La Roche ir a Europa para se responsabilizar da tradución e da edición das publicacións en español destinadas a América Latina.

Podemos afirmar que Tobío, cando foi xornalista, tamén se dedicou nunha década da súa vida, a dos corenta, a traducir literatura, angueira que nunca vai deixar de todo e que, con máis tempo e lecer, vai compartir coa de investigador e narrador da súa propia vida nas súas últimas décadas.

O seu traballo como tradutor foi moi recoñecido, como moi ben nos recorda nas súas memorias, «nos xornais do Río de la Plata apareceran críticas louvadoiras para as miñas traducións» (Tobío 1994: 517). A súa tradución de Roeder foi recomendada como libro do mes en maio de 1946 por un xurado no que figuraban Borges, Bioy Casares e Martínez Estrada. Na edición do libro de Quigley, o autor, nun prefacio que se achega, agradécelle ao tradutor, Luís Tobío, «por haber querido dar a La Vida de Grecia el encanto y la gala de una española vestidura». Con respecto á obra de Hermann Hesse, o tradutor, orgulloso, sinala algúns dos comentarios recollidos en xornais e revistas:

Nun deles díciase: «Temas tan profundos y una realización estética admirable exigían del tradutor... (actualmente entre nosotros) una faena especialísima que ha sido cumplida con éxito poniendo a contribución de la riqueza formal e ideológica de Hesse la cantera de nuestro idioma»; e outro en «Marcha», de Emir Rodríguez Monegal, remataba: «la excelente traducción... preserva las calidades estilísticas de esta novela» (Tobío 1994: 517-518).

Recolle tamén Tobío en alemán as loanzas que recibiu *La madurez de Enrique IV* por parte do órgano da colonia alemá en Arxentina, o *Argentinisches Tageblatt*, con amplo público lector entre a comunidade de exiliados opositores do nazismo e tamén da comunidade xudía, que salienta que como gabanza abonda dicir que coa súa lectura unha persoa non ten a impresión de ter na man unha tradución. Eloxios semellantes recibe Tobío en *La Prensa*, en relación coa obra *La Juventud de Enrique IV*, que logrou conservar na súa versión a poesía, a agudeza, a finura e a forza evocadora da pluma do autor (Tobío 1994: 518).

Estamos, xa que logo, diante dun tradutor valorado pola crítica e recoñecido no mundo editorial, un tradutor que representa a figura do exiliado español que se dedica á tradución, que é «primordialmente la de un profesional en otros ámbitos (docencia, literatura, periodismo, etc.) que halla en la traducción un medio de sustento en su nuevo lugar de acogida; es decir, con un perfil diferente al del traductor argentino de oficio» (Loedel Rois 2012: 108-109).

É Luís Tobío un tradutor consciente da necesidade da dignificación do oficio, da reivindicación dos seus dereitos, do pagamento xusto e da falta de visibilidade de quen realiza a tradución, un nome que se vai perdendo mentres se suceden as reimpresións das obras. Refírese Tobío á reedición das súas traducións de Heinrich Mann en España, que foron sometidas sen lle consultar a unha «corrección de estilo»:

Non houbo ningunha revisión de fondo porque non procedía ou porque «o revisor» tampouco estaba en condicións de a facer por non ter á vista o texto orixinal ou por descoñecer o alemán; sospeito que esa operación de ciruxía estética non tiña máis fito que o de xustificar o xornal do que a fixo. (Tobío 1994: 518)

Lembra, con indignación, na última década da súa vida, como coa súa tradución da obra de Hesse lle «aconteceu algo terrible»; foi plaxiada por un señor de México que «trocando algunha palabra e mudando algunha frase» a publicou nunha editorial pirata. Tamén sabe que, de se recoñeceren para o tradutor os dereitos por exemplares vendidos «moitos cartos ía recibir polas miñas traducións, por exemplo a de Hermann Heller» (Romero 1999: 38).

As reivindicacións de Luís Tobío gozan de actualidade. A día de hoxe a visibilidade do tradutor ou da tradutora é mínima: raros son os exemplares en que figura na portada o seu nome; raros os que van precedidos dalgún prólogo ou texto; ambos seguen estando, aparentemente, fóra do texto.

A miña pretensión era situar a Luís Tobío como tradutor recoñecido no mundo da edición tecido nas redes dese país que foi o Exilio. Agora remataremos co Lois Tobío, o tradutor ao galego.

As coordenadas en que traduce Luís Tobío e Lois Tobío son completamente diferentes: Luís é o exiliado que o fai dunha lingua de prestixio a outra lingua de prestixio; Lois é o exiliado que traduce unha lingua exiliada, desterrada do que se entende como normalidade dun sistema literario. Luís ten como tradutor un oficio e este é recoñecido, valorado; Lois procura o recoñecemento para unha lingua, demostra o valor dunha lingua á que se pode traducir, reivindicaa e reivindicase como falante desa lingua desde o seu propio nome. Lois Tobío quere dignificar o galego a través da tradución de obras de recoñecido prestixio, obras da literatura universal, admiradas e recoñecidas<sup>29</sup>.

Curiosamente a presentación de Lois Tobío como tradutor tamén vai ter lugar no seu exilio. No ano 1949 a editorial Alborada de Bos Aires publica *Poesía inglesa e francesa vertida ao galego* por Plácido Castro, Delgado Gurriarán e Lois Tobío, traducións que foran premiadas no certame organizado pola Federación de Sociedades Galegas da Arxentina en 1946 para conmemorar o 25 aniversario da súa fundación, «levada polo anxeio de contribuír ao desenvolvemento da nosa cultura». A editorial decide xuntar estes cincuenta e sete poemas presentados por tres tradutores exiliados nun só volume. Plácido Castro é o responsable da tradución de vinte e catro deles, Lois Tobío de vinte e Delgado Gurriarán de trece. O volume vai precedido dun prólogo que é un pequeno tratado sobre o labor da tradución, da autoría de Lois Tobío. No ano 2005 a Editorial Galaxia, dentro da súa colección Clásicos Universais, volve publicar este volume que conserva o limiar da edición de 1949 e engade un actual, «Nova edición dunha escolma fundamental» asinado polo editor Carlos Lema, no que presenta aos tradutores e ás autoras e autores dos textos antologados. En 1949 estamos ante unhas traducións poéticas que operan na procura desa dignidade da

---

<sup>29</sup> Para este tema véxase KABATEK, Johannes, «Tradución y dignificación lingüística» en *Lenguas en contacto, ayer y hoy: miseria y esplendor de las relaciones entre lingüística y traducción*, no marco do *Hispanistentag* de Múnic (consulta dispoñible en: [https://www.academia.edu/35863414/Traducción\\_y\\_dignificación\\_lingüística](https://www.academia.edu/35863414/Traducción_y_dignificación_lingüística)).

lingua, e no 2005 a nova edición e o texto do editor subliñan o valor simbólico do volume e desde a actualidade, alén da súa importancia na historia da tradución en Galiza e na historia desa dignificación.

Lois Tobío é o responsable da versión de vinte poemas da autoría de Percy Bysshe Shelley, John Keats, Alfred Tennyson, Henry W. Longeflow, Charles Baudelaire, Paul Verlaine, Paul Bourget, Arthur Rimbaud, René Laporte e Louise de Vilmorin. No «Limiar» da edición de 1949, que alguén atribuíu a Arturo Cuadrado e que, realmente, é da autoría de Lois Tobío –aínda que non estea asinado–, lemos algunhas das ideas que sobre a tradución ou sobre a súa función ten o autor, que podemos resumir coas seguintes afirmacións:

«A ruindade dunha tradución literaria que pode vir, naturalmente, ou da incapacidade para enxergar a obra orixinal, ou da impotencia para rendela a unha nova lingua».

«O bon tradutor debe ser, denantes de nada, bo escritor».

«Unha literatura nova moitas veces trocou o rumbo e encetou ruta nova por mor deste influxo. Moitas literaturas teñen comezado, ou axudáronse no seu primeiro pulo, con versións, adaptacións ou paráfrases de obras estranxeiras».

«A versión poética constitúe un aspecto especial, con características de seu, do problema xeral de que falamos. Na verdadeira poesía interesan adoito menos os valores lóxicos e racionais que os de suxerencia e emotividade».

«O tradutor poético, debe, por iso, dispor dunha meirande liberdade na orde lóxica dos conceptos para conservar a outra faciana da obra, a máis importante».

«A nosa lingua acaróase, axiña, a outras linguas e literaturas e deste contacto estreito soamente ben lle pode vir. Os aires de fóra limpan, refrescan, renovan».

Remataba o «Limiar» coas seguintes palabras: «O estranxeiro vén gañar carta de cidadanía. O alleo é agora noso».

A intención da publicación e dos tradutores, obrigados cidadáns do mundo, é demostrar a idoneidade do idioma galego para a tradución, para expresar sentimentos universais. As frases seleccionadas deste «tratado» que explican as motivacións dos tradutores poderían servir como prólogo aos outros títulos de poesía

que comezan a aparecer no interior e nos primeiros anos da década dos cincuenta: por exemplo, en 1951, unha obra clásica, *Carmina*, de Horacio, realizada por Iglesia Alvariño, e a primeira tradución de poesía alemá vertida ao galego, *Musa alemá*, unha antoloxía traducida por Blanco Freijeiro e Celso Emilio Ferreiro<sup>30</sup>. En 1952, o *Cancioneiro da poesía céltica* de Pokorny, traducido por Celestino Fernández de la Vega e Ramón Piñeiro, os mesmos autores da tradución de *Da esencia da verdade*, do filósofo Heidegger. Diferentes motivacións traen ao galego o prestixio do pasado na literatura clásica, o celtismo envolto en poesía para traducir unha relación co propio e unha lingua moderna como o alemán para establecer un diálogo actual que enriquecese a lingua e a literatura, que permitise ver o propio no outro. O libro *Musa alemá* leva un prólogo de Iglesia Alvariño no que explica que o que poida relacionar os poemas elixidos sexa o laio desentormentado doce, o diálogo entre a xermánica Sehnsucht e a céltica saudade. Iglesia Alvariño, igual que Tobío, dálle moita importancia ao feito dos tradutores seren poetas e di: «Unha tradución poética sálvase máis pol-o que ten de revelación máxica, isto é, polo que de poetas teñan os tradutores, que por ningunha outra cousa». Julio Sigüenza, desde as páxinas do xornal *Faro de Vigo* (26 de abril de 1951) nunha recensión sobre esta particular antoloxía poética sinalaba a «ductilidad de nuestro idioma vernáculo para servir de recipiente de las ideas y emociones foráneas, especialmente cuando estas se manifiestan en poesía», o que viña a ser un xeito de admitir que o alleo era agora noso. *Musa alemá* ten tamén ese valor simbólico de demostrar que a lingua galega era adecuada para recibir outras literaturas, e por ese valor, de pegada importante na historia, Sabino Torres, vinculado coma ninguén coa colección Benito Soto, decide publicar na colección Hipocampo Amigo en 1999 un facsímile da edición publicada e retirada da circulación.

---

<sup>30</sup> Para a historia da publicación deste volume na colección poética Benito Soto e súa retirada do mercado por razóns da censura véxase ROMERO, Marga / MORZÉ, Dunja von (1999): «*Musa alemá*: Blanco Freijeiro e Celso Emilio tradutores», *Galicien Magazin*, 8, Trier, Galicien Zentrum der Universität Trier, 6-10.

Razóns semellantes, ademais de impulsar a dramaturxia, mostrar e espallar o prestixio do teatro irlandés –exemplo do espírito celta máis xenuíno importante na altura–, motivaron as traducións dos irmáns Villar Ponte e de Plácido Castro. As mesmas motivacións de dignificar, de darlle prestixio que levaron a Otero Pedrayo a publicar na revista *Nós* anacos do *Ulises* de Joyce e a falarnos de Goethe.

No fondo o latexo era chegar a Europa sen pasar por Madrid, achegarse á literatura sen a mediación do español. Ese era o reto: dignificar a lingua, contra todo, contra a censura, que operaba e que prohibía publicar traducións de linguas modernas ao galego. Creo que aínda hoxe, malia o esforzo da Editorial Galaxia con esta nova reedición, este volume de *Poesía inglesa e francesa* non foi valorado na súa xusta medida, xa que a orixinalidade dos poemas escolleitos e a excepcionalidade das versións fan que este libro sexa algo máis ca unha anécdota.

Tobío regresa a Barcelona, Madrid, fai algunha viaxe a Galiza, pero aséntase na capital do Estado, nun exilio máis próximo.

Cando en 1929 chegara a Berlín, rapidamente se fixera con libros e así comezara a súa relación directa coa literatura alemá:

Cando cheguei a Berlín fíxenme con tres libros de poesía de épocas moi diferentes, o *Faust* (a primeira parte), o *Buch der Lieder* e o *Sonnette an Orpheus*. Cos primeiros metínme e non tiven problemas pero co libro dos sonetos non puíden, foi para min unha frustración, até que moitos anos despois fixen a versión ao galego. Lembro que lin tamén algunhas novelas, das que falabamos nas nosas tertulias, sobre todo con Armesto; tiña moito éxito daquela *Fräulein Else* de Arthur Schnitzler, tamén lera nese tempo *Berlin Alexanderplatz* de Döblin. (Romero 1999: 37)

Dalgún xeito estes libros acompañaron sempre a Lois Tobío, pousáranselle no seu interior e alí ficaran agardando por unha lectura profunda. Heine era un autor que consideraba de lectura moi fácil, doado de traducir, por iso non lle interesou. Comentoume que lle tería interesado traducir a obra de Döblin, que falaba do tempo que el vivira en Alemaña, mais por unha cousa ou por outra nunca tivo tempo.

*Os sonetos a Orfeu* (Edicións do Castro, 1980) e *As elexías de Duino*<sup>31</sup> (tradución pendente de publicación) son as dúas obras de Rilke que traduce Lois Tobío; das *Elexías* contamos coa excelente tradución de Jaime Santoro (Espiral Maior, 1995). A tradución de *Os sonetos a Orfeu* é acollida por Edicións do Castro<sup>32</sup>; o Lois Tobío do Seminario de Estudos Galegos simboliza deste xeito o seu regreso á casa. No panorama editorial galego esta publicación tivo unha importancia transcendental xa que se trata do primeiro libro de Rilke traducido por completo, preséntase acompañado do texto orixinal en alemán, fronte a fronte ese diálogo, significa moito máis que ofrecernos o orixinal para poder seguir a lectura e contrastar, trátase de situar dúas linguas, o alemán e o galego, en igualdade de condicións. Poñálle o ramo Tobío a unha obra, a de Rilke, á que en Galiza só se lle achegaran<sup>33</sup> uns poucos e desde lonxe, non desde a propia entraña da palabra. Un deles fora Otero Pedrayo, velaí, outra vez, o de Trasalba deixando anacos de pan polo camiño, luciñas para chamar a atención, para que outros reparen e consigan rematar a obra.

Para o tradutor as *Elexías* (inéditas) supoñen o cumio da paisaxe poética de Rilke no seu proceso de creación, que se caracterizan polo predomínio do musical sobre o visual. Sabía o tradutor que moitas veces os xogos verbais rilkeanos, o soar dos versos, son imposibles de transmitir. Sabía que había que termar do verso «para que non se magoe». Para Tobío, Rilke era o poeta e había que ter respecto por ese altísimo creador.

No prólogo da súa tradución dos *Sonetos* podemos ler:

---

<sup>31</sup> Sería inxusto non comentar que cando Tobío tivo noticia de que un rapaz novo, Jaime Santoro, traducira as *Elexías de Duino*, decidiu non publicar a súa versión para que nada puidese invisibilizar o labor do tradutor.

<sup>32</sup> Sobre as relacións de Edicións do Castro co mundo editorial do exilio e co labor de restaurar a memoria e visibilizar o traballo da xeración do Seminario de Estudos Galegos, véxase PÉREZ RODRÍGUEZ, M.<sup>a</sup> A. (2015): «Edicións do Castro e Editorial Cuco-Rei (1963-1978)», *Madrygal: Revista de Estudios Gallegos*, 18, 495-508.

<sup>33</sup> Véxase SANTORO DE MEMBIELA, J. (1998): «Presencia de Rilke en Galicia», *Grial*, xaneiro-marzo, XXXVI, 60-61.

O problema da tradución poética como é sabido, fica na imposibilidade de trasladar a totalidade do poema, que é unidade de corpo e alma, de senso e forma, de concepto e emoción estreitamente xunguidos. Ora o que se pode facer é un poema paralelo, tamén integrado, máis ou menos alonxado deica chegar mesmo á paráfrase; e se ese alonxamento no é excesivo, se o novo poema esperta no lector un efecto semellante ao do orixinal, pódese falar de tradución. No caso dos sonetos de Rilke este afastamento ten de ser mínimo. Hai que facer caxeque unha tradución literal.

O 6 de marzo de 1932 Otero Pedrayo pronunciaba unha conferencia en Ourense co título «En lembranza de Goethe», que se publica na revista *Nós*, acompañada do treito do diálogo que Fausto mantén co centauro Quirón. De novo o de Trasalba poñía unha pedra simbólica. En 1997, sesenta e catro anos despois, Lois Tobío, teimoso e feliz, conclúe o traballo oteriano, dota o galego da tradución dunha obra fundamental na literatura universal. Entre a primeira pedra de Otero e o ramo de Tobío aconteceron moitas cousas, entre elas o roubo e o espolio do Seminario de Estudos Galegos e o asasinato do mundo editorial galego que nacera nas primeiras décadas do século XX. Ás veces non se ve o carácter simbólico que envolve a moitos acontecementos, mais eses anos fannos pensar nos que precisou Goethe, na súa longa vida, chea de aprendizaxes, para poñerse e decidir rematar *Fausto* por completo, o que conseguiría no ano da súa morte. Esta obra en galego supón un novo espertar, un volver ao principio. A súa tradución dende o clásico alemán non foi tarefa doada, mais Tobío, que remataba de publicar como autor, como narrador, outra obra fundamental para a literatura galega, as súas memorias, tituladas *As décadas de T. L.*, púxose a facelo sen saber se podería rematar o traballo, sen saber se o final da tradución coincidiría co ano da súa morte, se era así daríalle tempo, gustáballe xogar coas coincidencias e o azar. Traballaba no texto dúas ou tres horas polas tardes e gozaba moito co alemán que facía seu e co galego que lle regalaba ao escritor de Frankfurt, non tiña présa, non precisaba que lle pagasen polo traballo e semellaba ter todo o tempo do mundo. Con esta obra andaba o camiño completo



desde que saíra de Berlín con ela nas mans, volvía a Galiza, para facernos este galano, un máis. En 1997 publícase a tradución en edicións Laivento, na colección de teatro, cunha nota introdutoria do autor, na que de maneira sucinta nos explica, por unha banda, todo o que envolve á figura de *Fausto*, o mito e o seu desenvolvemento, as fontes en que bebeu Goethe, o proceso da escrita, o «seu acomodo» no movemento *Sturm und Drang*, o abandono do tema e a súa volta a el; e, pola outra, as mudanzas que teñen lugar na mentalidade de Goethe, o seu afastamento da actitude romántica e o seu achegamento a un espírito máis clásico. Non quero deixar de me referir a un tema en que insistía Tobío, e ao que volve neste texto a modo de limiar, en referencia ao papel fundamental que na obra cumpre a muller, na primeira parte, Margarida e, na segunda, Helena:

Podería dexergarse logo aquí unha certa actitude feminista *avant la letre* que o remate de cada unha das dúas partes da obra viría confirmar: a salvación de Margarida na primeira e a acollida de Fausto por ela na segunda con aquela fin que canta o Coro Míxico:

Das Ewig-Weibliche

Zieht uns hinan. (Tobío 1997: 11)

Era preciso que esta obra estivese en galego xa que, para o paciente tradutor, o *Fausto* é unha desas obras integrais, onde xorde o home en todas as súas dimensións. Nela hai relixión, política, medicina, dereito, está todo, aínda que dito dunha maneira poética estea disimulado. Na literatura mundial hai obras universais como *A Divina Comedia* ou o *Quixote*, para Tobío o *Fausto* é a primeira nese sentido de mostrar ao home nesa integridade espiritual e tamén na realidade (Romero 1999: 39).

Esta tradución en verso coma no orixinal obtería o Primeiro Premio Plácido Castro de Tradución, que compartiría con outro gran tradutor, Valentín Arias. Alegroulle a Lois Tobío recibir un premio que levaba o nome do seu compañeiro tradutor.

Non foi en Berlín onde se fixo co libro de teatro de Bertolt Brecht para traducir, non foi alí onde o leu, non viña na súa valixa, mais o Berlín que coñeceu tamén era o primeiro Berlín de Brecht. Pensando nos seus amigos Ramón de Valenzuela e Mariví Villaverde creu oportuno trasladar ao mundo galego a *Nai Coraxe* de Bertolt Brecht, velaí ao Tobío-Brecht que desexa denunciar que todas as guerras son a repetición dunha mesma guerra, a miseria e os intereses «semio-cultos» que a provocan. No prólogo que escribe para *Nai Coraxe e mais os seus fillos* (Edicións do Castro, 1987) lemos: «A idea que latexa no cerne é que a realidade desminte en moitos casos o que nos semella obvio, os tópicos, os conceptos comúns». Non se poden predicir os efectos dun acto. Brecht vivía nunha época difícil, crítica e contraditoria, non diferente da que lle tocou vivir a Tobío, que afirmaba nos últimos anos da súa vida que a crueldade era maior. *Nai Coraxe* era para el unha obra espléndida de gran valor plástico e dramático. O primeiro impulso para traducila foi polo ano 1965 ou 66, cando Ramón de Valenzuela quería representala en galego, mesmo lle chegou a falar a Tobío da existencia dun grupo de afeccionados da Coruña. Entón traduciu-na. Pasaron tres ou catro anos e non se representou, entón volveu «entrar no seu espírito» e refixo a tradución, entrou máis a fondo no que para el era unha obra transcendental no teatro universal. Xa non había ninguén para representala e, xa que logo, el só pensou «no desexo de trasladala ao galego». Despois, como xa ocorreu cos *Sonetos*, cos estudos sobre Gondomar e con *As décadas de T. L.* e máis recentemente coa novela *A vida nova*, que permanecía inédita, de Díaz Pardo, Edicións do Castro foi a que a publicou. Temos a sorte de contar coa xermanista Montserrat Bascoy Lamelas<sup>34</sup>, para que ela afonde na tradución de Tobío, en como establece o diálogo entre unha lingua e a outra.

As versións do *Fausto* e dos *Sonetos a Orfeu* de Lois Tobío forman parte da colección de obras da literatura universal de *La Voz de Galicia*.

---

<sup>34</sup> Véxase BASCOY LAMELAS, Montserrat (1999): «A galega Nai Coraxe de L. Tobío», *Galicien Magazin* 8, 45-46.

Hai un aspecto relacionado con Lois Tobío e a tradución ao que só desexo facer unha breve referencia xa que obriga a un estudo máis profundo que é a merecida consideración de Tobío como teórico da tradución e como estudoso da historia da tradución en Galiza. Nos textos iniciais que engade ás súas traducións en galego desenvolve unha teoría da tradución, que deixaremos para outro momento. No arquivo de Lois Tobío na súa casa de Madrid atópase un texto-guión dunha conferencia que o viveirense leu no Ateneo de Madrid, lugar que frecuentaba, co título de «A tradución poética na literatura galega»<sup>35</sup>, unhas páxinas onde teoriza: «Ao meu modo de ver a tradución poética, *strictu sensu*, é cousa imposible» e onde traza unha historia da tradución poética en Galiza desde o Rexurdimento da nosa literatura, no século XIX, até as súas propias traducións: «Nestes días, por certo, ando a apracerme en verquer á nosa lingua os *Sonetos a Orfeu* de Rilke». Era o ano 79 e Tobío vai deténdose nas achegas que á tradución en Galiza realizan Cabanillas, X. García Mosquera, Iglesia Alvariño, Crecente Vega, Avelino Gómez Ledo, Evaristo de Sela, Felipe Martínez Marzoa, Fernández de la Vega, Ramón Piñeiro, Plácido Castro, Delgado Gurriarán, Fernández del Riego, Filgueira Valverde, Manuel Casado Nieto, Eduardo Moreiras, Pérez-Barren, Neira Vilas, Díaz Castro, Celso Emilio Ferreiro e Blanco «Freixeiro», e deténdose tamén nas palabras dos prologuistas como Sánchez Cantón ou Aquilino Iglesia Alvariño. Páxinas inéditas dun Tobío que coñecía moi ben e caeu na rede da tradución, páxinas dun Lois Tobío pioneiro no noso contexto literario como teórico e historiador da tradución.

Á tradución en galego entregouse por deber, o de dignificar a lingua, e por verdadeiro pracer, o de preguntarlles ás palabras os seus significados máis íntimos, meterse nas súas relacións e interferirse entre as liñas de quen as escribe. Por deber e pracer tamén se entregou, horas e horas no arquivo do Palacio Real de Madrid, á figura de Diego Sarmiento de Acuña para nos desvelar que os

---

<sup>35</sup> O texto pode consultarse na rede en <http://hdl.handle.net/10347/2808> (Maseda 2010: 348-359).

Séculos Escuros non son tan escuros, se neles obra e escribe este gran diplomático. Por deber escribiu as súas memorias para deixar testemuño da historia de Galiza do século en que viviu, para axudar a restaurar a casa común.

E para rematar co mestre, como el dixo:

«Wie es auch sei, das Leben, es ist gut».

## REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS

- LOEDEL ROIS, G. (2012): *Los traductores del exilio republicano español en Argentina*, Barcelona, Universitat Pompeu Fabra. (Disponible en: <https://www.tdx.cat/bitstream/handle/10803/108338/tglr.pdf?sequence=1>) [última consulta: maio, 2020].
- MANN, T. (1945): *Oíd alemanes...* [Tradución de Luís Tobío]. Bos Aires, Editorial Nova.
- MASEDA MASEDA, F. Fidel (2010): *Lois Tobío: vida e obra dun humanista galego e un galeguista universal*, Santiago de Compostela, Universidade de Santiago de Compostela-Servizo de Publicacións e Intercambio Científico. (Disponible en: <http://hdl.handle.net/10347/2808>) [última consulta: maio, 2020].
- RÍOS, X. (2015): *Lois Tobío, un galego de lei*, Pontevedra, Asociación de Funcionarios para a Normalización Lingüística.
- ROMERO, M. (1999): «Conversa con Lois Tobío», *Galicien Magazin*, 8, 36-44, Trier, Galicien Zentrum-Universität Trier.
- ROMERO, M. (2011): «Viaxar para aprender. Os novos e a súa formación: Lois Tobío», en Carme Fernández Pérez-Sanjulián (coord.): *Viaxes e construción do pensamento. Viaxes e viaxeiros na Galiza anterior a 1936*, A Coruña, Universidade da Coruña, 277-293.
- TOBÍO FERNÁNDEZ, L. (1980): «Limiar», en Rainer Maria Rilke, *Os sonetos a Orfeu*, Sada (A Coruña), Edicións do Castro.
- TOBÍO FERNÁNDEZ, L. (1994): *As décadas de T. L.*, Sada (A Coruña), Edicións do Castro.
- TOBÍO FERNÁNDEZ, L. (1997): «Nota introductoria», en J. W. von Goethe, *Fausto*, Santiago de Compostela, Edicións Laiovento.
- VV. AA. (2001): *Homenaxes a Lois Tobío*, Sada (A Coruña), Edicións do Castro.



**«UNHA OBRA ESPLÉNDIDA»:  
NAI CORAXE, A VERSIÓN GALEGA DA  
OBRA DE BERTOLT BRECHT POR  
LOIS TOBÍO**

**Montserrat Bascoy Lamelas**  
Universidad de Alcalá

DOI: 10.17075/ltgtx.2020.004





## 1. INTRODUCCIÓN

Como demostran os estudos e artigos dedicados a este intelectual, Lois Tobío foi un home polifacético que prestou grandes esforzos a contribuír ao desenvolvemento da cultura galega e da vida política do país. Nesta vertente da súa biografía conflúen o seu labor como galeguista, como xornalista e como tradutor<sup>1</sup>. Como comenta Constanza Tobío nunha entrevista, a actividade do seu pai como tradutor –que vai máis aló da tradución literaria e que no contexto do exilio foi ademais un medio de subsistencia– desenvólvese a partir dos anos corenta e de xeito máis intenso nas dúas últimas décadas da súa vida. Tal e como subliña, Tobío tiña especial querenza pola tradución do alemán ao galego, dúas linguas que ela define como as súas favoritas (Mejía 2006: 180-181). Constanza Tobío fai fincapé na ledicia que o seu pai atopaba na tarefa de tradutor, mais destaca especialmente a necesidade de fomentar a mediación cultural pola que se movía, algo que o intelectual consideraba totalmente imprescindible e que non só buscou a través da tradución, senón tamén co desenvolvemento doutras facetas coma a de xornalista. Ao final da entrevista Carmen Mejía e Verónica Palomares (2006: 183) definen a Tobío precisamente como «mediador entre linguas y culturas». Pola súa parte, Marga Romero (2004: 11) considérao un «constructor de pontes entre culturas»<sup>2</sup>.

---

<sup>1</sup> Lois Tobío narra acerca destas facetas da súa vida na obra autobiográfica *As décadas de T. L.*, Sada (A Coruña), Edicións do Castro, 1994.

<sup>2</sup> Véxase tamén Ríos 2015: 136.

A paixón de Tobío pola literatura alemá ten moito que ver tanto co seu amor pola lingua como polas vivencias que experimentou durante a súa estancia de mozo en Berlín, na que non só se empapou da cultura alemá, senón que tamén fixo de mediador da cultura galega participando na súa divulgación. Como explica Romero (2004: 10): «Tobío fixo o intento louvável e respetável de integrarse no Berlín que lle tocou vivir e en todos os espazos que habitou [...]. Sabía que as relacións entre os pobos deben ser recíprocas, darse, aprenderse». Neste mesmo sentido, o labor de Tobío como tradutor é entendido por Francisco F. Maseda (2010: 695) como unha «teima universalista», que podemos observar en moitos intelectuais da época. Por outra parte, Romero (2004: 11) sinala outro aspecto relevante do seu interese pola tradución facendo fincapé no valor terapéutico que esta tarefa tiña para Tobío. Maseda (2010: 338) subliña especialmente o feito de que as traducións de Tobío ao galego se deben a unha «teima persoal» do intelectual e que respondían á finalidade de servir de contrapeso ás traducións ao castelán, que o autor realizaba por motivos económicos.

Como o propio Tobío explicaba nunha conversa con Romero (1999: 39), este entendía o papel do tradutor como o de alguén que debe tomar a obra literaria en certa medida como pretexto, pois o que acontece realmente na tradución é que se traslada unha cultura a outra diferente, polo que o máis relevante é saber captar o espírito da obra e saber levala á cultura da lingua meta. Así, en varias das súas traducións, como é o caso de *Nai Coraxe e mais os seus fillos*<sup>3</sup>, a peza teatral de Bertolt Brecht, Tobío utiliza o termo «versión» para definir o seu traballo. Segundo Maseda (2010: 695), o concepto de tradución de Tobío permítille deixar «a nosa lingua en pé de igualdade con outras linguas vernáculos e

---

<sup>3</sup> As citas da obra de Brecht en galego incluídas neste artigo están tiradas da tradución de Lois Tobío *Nai Coraxe e mais os seus fillos*, Sada (A Coruña), Edicións do Castro, 1987. As citas en alemán corresponden á edición *Mutter Courage und ihre Kinder* publicada en Berlín no 1999 pola editorial Suhrkamp, na colección Basisbibliothek, na súa 15ª edición de 2018; este volume reproduce o texto orixinal das obras completas publicadas na mesma editorial no 1989 e que viron a luz por primeira vez tamén en Suhrkamp no 1949. As traducións ao galego doutros textos de Brecht son da autoría de M. Bascoy.

facía noso, particular, aquilo que nos podería parecer estraño, sen perder nunca a súa identidade galega. Por iso denominaba algunhas das súas traducións como versións». Neste artigo preséntase unha análise das estratexias tradutolóxicas que caracterizan a versión de Tobío de *Nai Coraxe* que permite demostrar tanto a importancia da tradución como contribución á mediación entre culturas como o concepto de «versión» empregado por Tobío. Pola súa vez, este artigo ten como obxecto subliñar a importancia da contribución do intelectual ao desenvolvemento da cultura galega coas súas traducións en xeral, pero especialmente co texto de Brecht, unha obra destacada da literatura alemá.

## 2. A *NAI CORAXE* DE BERTOLT BRECHT: ORIXE, RECEPCIÓN E INTERPRETACIÓN DA OBRA

Bertolt Brecht (1898, Augsburgo-1956, Berlín) é unha das figuras máis representativas da literatura alemá, especialmente recoñecido polo seu teatro –vertente en que é considerado un autor innovador–, mais tamén cultivou outros xéneros como a poesía e o ensaio. A súa obra máis famosa é a peza *A ópera dos tres reás* (*Die Dreigroschenoper*), que se estreou en Berlín no 1928. *Nai Coraxe e mais os seus fillos* (*Mutter Courage und ihre Kinder*) é xa unha obra do exilio, etapa en que o autor realizou as súas creacións máis destacadas. No 1933, coa chegada ao poder dos nacionaisocialistas, o escritor foxe e pasa por Dinamarca, Suecia, Finlandia, Moscova e, finalmente, Santa Mónica en California. No ano 1947 regresa a Europa para afincarse en Berlín Leste, onde funda no 1949 a famosa compañía teatral Berliner Ensemble<sup>4</sup>. As primeiras ideas de Brecht sobre o con-

---

<sup>4</sup> A actriz Helene Weigel, a dona de Brecht e que fixo do papel de Nai Coraxe un dos máis célebres da súa carreira, foi integrante e directora da Berliner Ensemble. Véxase por exemplo «Berliner Ensemble: leyenda viva», Deutsche Welle. 8/08/2006. (<https://www.dw.com/es/berliner-ensemble-leyenda-viva/a-2125728>) [última consulta 30/06/2018].

tido de *Nai Coraxe* datan, segundo a crítica, do 1938 no exilio finlandés, mais será no outono do 1939 en Suecia cando redacte a peza teatral. Coñécese que o autor tomou como referencia para a obra o poema escandinavo «Lotta Svärd», recompilado na antoloxía *Fähnrich Stahl* (1942) de Johan Ludvig Runeberg e que Wolfgang Jeske (2018: 110; 120-125) recolle nos comentarios e aclaracións sobre *Nai Coraxe*. Este texto trata sobre a figura dunha famosa muller sueca, unha *Marketenderin*<sup>5</sup> (portugués *vivandeira*<sup>6</sup>, igual que na tradución de Tobío, castelán *vivandera*<sup>7</sup>), pola que Brecht amosa grande interese.

Malia os intentos do autor por publicar a peza teatral, debido ás dificultades coas que se atopaban os escritores estranxeiros no exilio, tanto pola súa condición coma polas circunstancias que afectaban aos países por mor da guerra, Brecht non puido publicar o texto íntegro, mais si a escena seis, que sae no caderno 12 da revista *Internationale Literatur* de 1940 en Moscova co título «Feldhauptmann Tilly wird begraben» («O xeneral Tilly é enterrado»). Pouco despois publícase unha versión da obra en inglés no 1941 en Londres da man de Ronald Hays. Entre 1947 e 1948 irán aparecendo fragmentos da peza teatral en distintas publicacións periódicas e antoloxías. En canto á posta en escena da obra, despois dalgúns intentos errados no 1940, *Nai Coraxe* foi representada por primeira vez en Zúric o 19 de abril do 1941, coa axuda de actrices e actores emigrados en Suíza e con música de Paul Burkhard. O impacto da obra no público, que se viu conmovido pola figura da protagonista, non foi o esperado por Brecht. Xa que logo, decidiu realizar algunhas modificacións no texto coa

---

<sup>5</sup> *Marketenderin* é a forma feminina correspondente á palabra alemá *marketender*, procedente do italiano *mercatante* ou *mercadante*. Trátase da figura dunha ou dun mercador que acompañaba os rexementos e que os abastecía con alimentos, bebida e outros produtos. No caso das mulleres o termo asociábase ás veces tamén con prostitución. Véxase «marketender», Wien Geschichte Wiki (<https://www.wien.gv.at/wiki/index.php?title=Marketender>) [última consulta 20/06/2018].

<sup>6</sup> Véxase «vivandeira», Dicionário Online de Português (<https://www.dicio.com.br/vivandeira/>) [última consulta 20/06/2018].

<sup>7</sup> Véxase «vivandera», Diccionario de la Lengua Española. Real Academia Española. (<http://dle.rae.es/?i=d=bxcbubQ>) [última consulta 20/06/2018].

idea de deixar claro que a figura de Nai Coraxe non chega a aprender nada da guerra e non merece ser compadecida. Estes cambios afectarían á representación posterior da peza en Berlín Leste, para a que Brecht deseñou ademais unha posta en escena modelo. A primeira representación da obra en Alemaña tivo lugar no 1946, o mesmo ano en que Paul Dessau compón a música que Brecht selecciona como definitiva para *Nai Coraxe*. A representación en Berlín Leste tivo lugar o 11 de xaneiro de 1949, por primeira vez dirixida polo propio autor, e nese mesmo ano prodúcese a publicación da peza na colección Versuche (Intentos) da editorial Suhrkamp, no caderno 9, e na que se recollen as modificacións mencionadas.

Aló polo 1947 o autor considera que *Nai Coraxe* ben podería ser levada ao cine, motivo polo que contacta co seu coñecido Emil Burri. Porén, non será ata uns anos despois cando se inicien os traballos para a creación dunha película que non quedase só na mera filmación da representación. Tras a estrea na Alemaña con notable éxito, a compañía cinematográfica DEFA (Deutsche Film AG) amosa interese por levar a obra ao cine e asina un contrato co escritor no 1949. Brecht implícase de xeito decisivo no proxecto e rexeita os borradores do guión propostos inicialmente, por iso volve contactar deseguido no 1950 con Emil Burri e, xunto con el mesmo e con Wolfgang Staude, realizan unha segunda versión no 1951, seguida dunha terceira no 1952. Tras un lapso de tempo o proxecto é retomado no 1954 e no 1955 comeza a rodaxe, aínda que se ve axiña interrompida polo desacordo de Brecht co enfoque que se lle pretende dar ao filme. Despois dos intentos infrutuosos durante anos por crear a película, os estudos DEFA realizan un filme a partir da representación modelo da obra levada a escena pola Berliner Ensemble no 1960.

*Nai Coraxe e mais os seus fillos* presenta a historia dunha muller, Ana Fierling, alcumada *Coraxe*, que vai tras dos rexementos coa intención de facer negocios e garantir o sustento da súa familia e tentar sacar proveito da guerra do mesmo xeito que o fan os poderosos. A acción sitúase en Suecia, Alemaña e Polonia, no marco da guerra dos Trinta Anos (1618-1648), un conflito político-relixioso no

que se viron implicados o Imperio Xermánico e mais as grandes potencias europeas da época. Cómpre sinalar, como subliña Claire Gleitman (1991: 151), que, aínda que o contexto da peza teatral sexa a guerra, os escenarios de batalla nos que se desenvolve a loita non están presentes na obra senón aqueles lugares onde se realizan negocios, como estradas, campamentos, unha aldea, unha tenda, exteriores de edificios etc. A historia de Nai Coraxe comeza na primavera do 1624 e vai ata xaneiro do 1636, un período en que a protagonista vai percorrendo asentamentos tanto do bando católico imperialista coma do bando dos protestantes suecos. Nai Coraxe vai acompañada ao comezo da obra polos seus tres fillos, Eilif, Queixosuízo e Caterina, a filla muda, que morren no transcurso da historia por causa da guerra e da incapacidade da nai de os protexer fronte a esta. Esta fatalidade acontece porque a protagonista pretende, ao mesmo tempo, obter beneficio económico da guerra e permanecer allea ás súas leis, mantendo á marxe os seus fillos. Porén, a súa familia será o sacrificio, non desexado, que fará a cambio do proveito económico. Ao final da obra, despois de perder todos os seus fillos, Nai Coraxe non foi capaz de aprender a lección e tentará seguir buscando o negocio da guerra.

Brecht concibiuna como unha obra do teatro épico (en alemán *episches Theater*). Como sinala Wilhelm Große (2011: 31), o subtítulo *Crónica da guerra de Trinta Anos (Eine Chronik aus dem Dreißigjährigen Krieg)* constitúe de por si un indicio do seu carácter épico. A estrutura da obra é tamén característica deste xénero e está composta por doce cadros numerados ou, en alemán, *Bilder* –o autor non utiliza o concepto de escena. Os cadros van introducidos por títulos longos de carácter narrativo e informativo cunha formulación bastante aberta, polo que o público debe estar atento á escena para situarse plenamente na historia. O feito de que a obra estea composta por cadros que quedan abertos ao igual que o final da peza non permite falar da existencia dun argumento en sentido estrito. Ao remate non se coñece cal vai ser o destino da personaxe principal nin tampouco como se vai seguir desenvolvendo a guerra, pois, como indica o título da escena once, aínda lle queda moito. Con este final aberto é posible interpretar

a dinámica da guerra como un fío ininterrompido, que continúa en sucesivas guerras ata a do momento presente, a Segunda Guerra Mundial, que coincide no tempo en que Brecht redacta a peza. Os cadros enténdense, pois, como episodios que constitúen en si mesmos un pequeno drama mais relacionados entre si grazas a elementos como as e os personaxes, o contexto histórico da guerra dos Trinta Anos e tamén o feito de que todas as escenas teñen relevancia para a relación de Nai Coraxe cos seus fillos. Por outro lado, os títulos permiten non só situar cada episodio en lugar e tempo, senón tamén vincular cada cadro co anterior.

Como sinala Martina Kolb (2014: 70-75), esta obra de Brecht é unha mostra do seu pulo innovador no teatro, que rompe coa doutrina clásica das tres unidades. Disto é mostra, segundo a autora, o feito de que a escena está dominada xeralmente polos espazos abertos, nos que o punto de referencia é principalmente o carro de Nai Coraxe, co que vai percorrendo os campos de batalla<sup>8</sup>. Este medio de transporte, que é ao mesmo tempo o fogar e o negocio de Nai Coraxe e da súa familia, representa o nomadismo ao que está suxeita a existencia da protagonista. Para Kolb, a obra de Brecht non se pode definir nin como drama nin como comedia e destaca a ironía coma un elemento que vencella aos dous xéneros. Así, a autora subliña que Brecht desafia os elementos da traxedia familiar clásica ao dotar a obra dun xiro cómico amargo. Outra característica salientable é o paralelismo que o escritor establece entre a primeira e a última escena da peza, coa diferenza relevante de que ao remate Nai Coraxe perdeu a condición de nai pola morte dos seus fillos e está soa neste momento. Kolb entende que esta estrutura ten a súa razón de ser na compulsión pola repetición típica do teatro brechtiano. Doutra banda, é característico do teatro épico de Brecht presentar a vida sen recorrer a tabús, amosala con toda a súa crueza e sen aforrar detalles, acentuando os aspectos máis duros da realidade e facendo fincapé,

---

<sup>8</sup> Véxase Gleitman (1991: 154).

como indica Kolb (2014: 73), nas consecuencias a nivel físico e psicolóxico que a guerra deixa nas persoas, «on the living, ailing and dying». Pódese afirmar así que con este tipo de estratexias, propias da técnica do distanciamento ou *Verfremdung* utilizada polo escritor, non se pretende lograr a satisfacción do público senón sacalo da súa zona de confort e provocar nel un malestar que obrigue as espectadoras e espectadores a reflexionar sobre as graves cuestións expostas na peza teatral. O teatro épico caracterízase polo feito de que non se pretende a empatía pasiva<sup>9</sup> do público senón a súa confrontación con argumentos que provoquen unha reflexión crítica e unha toma de posición con respecto ao que se está observando no escenario. Todos os recursos do teatro épico están dirixidos, xa que logo, a provocar o distanciamento: «El [o público] non debería ser transportado do seu mundo ao mundo da arte, nunca máis secuestrado; ao contrario, debería ser introducido no seu mundo real, con todos os sentidos». (Große 2011: 90) Así define Brecht o distanciamento: «Distanciar un acontecemento ou unha figura quere dicir simplemente, en primeiro lugar, quitarlle a ese acontecemento ou figura o evidente, coñecido, plausible, e xerar sobre eles asombro e curiosidade» (ib.). Segundo Kolb (2014: 75), o escritor tería a intención de acadar a destrución do sentimentalismo de clixé e do xuízo indiscriminado. O distanciamento lógrase na obra, entre outras estratexias, grazas á utilización dos títulos –que lle avanza ao público o que vai acontecer en cada escena anulando así o suspense– das cancións intercaladas na obra, que funcionan de modo similar ao coro do teatro clásico, ou da técnica do dobre escenario, que consiste en presentar dúas accións simultáneas no mesmo cadro para buscar que o públi-

---

<sup>9</sup> Véxase ib. (p. 149-150). Segundo Claire Gleitman, Brecht utiliza o distanciamento en *Nai Coraxe* para cuestionar tres dos grandes piares da sociedade moderna, desde o punto de vista do seu entendemento como conceptos normativos: a relixión, o sistema capitalista (o negocio) e a institución da familia. Gleitman utiliza no seu artigo o concepto xesto (*Gestus*), que Brecht desenvolve na súa teoría do teatro, aplicado a *Nai Coraxe*. O xesto sería un elemento visual, lingüístico, sonoro etc. da peza teatral que lles dá visibilidade ás actitudes sociais codificadas no texto dramático. Con isto búscase a desnaturalización ou defamiliarización do que as sociedades fan que vexamos como normal ou aceptable. Deste xeito Brecht consegue amosar como os e as personaxes son devoradas por un mecanismo de control do que elas mesmas forman parte.



co sexa consciente da dobre cara da realidade. Tamén a linguaxe, coa introdución de termos antigos, ou a lingua coloquial propia das clases baixas, sen ser propiamente unha estratexia do distanciamento, contribúen a lograr este efecto.

En canto ao contido, a guerra constitúe o tema central dos diálogos entre as e os personaxes da obra. A maioría están concibidas coma tipos, coma representantes de grupos sociais concretos, polo que a súa caracterización é extremadamente sinxela e mesmo carecen moitas veces de nomes propios, por exemplo, un Escribinte, Soldados, o da Venda etc. Só a figura de Ivette Portier, a prostituta, constitúe unha excepción como membro dun grupo social concreto, xa que no transcurso da obra ascende de clase, algo totalmente atípico na época representada. Algúns personaxes teñen unha presenza meirande na obra, por exemplo o Capelán representa a unión entre o ámbito militar e a igrexa e ten como función mostrar que a interpretación da doutrina se fai segundo mellor se axuste ás situacións concretas, isto é, transmite a idea de que a relixión está ao servizo do poder, polo que o seu traballo consiste en lles ocultar aos soldados a verdade da guerra. Outras figuras con bastante presenza son o Xeneral, un aristócrata decrépito, ou Pedro da Pipa, o Cociñeiro, anterior noivo de Ivette Portier, co que máis tarde Nai Coraxe fará negocios e chegará a ser o seu amante; o Cociñeiro representa a relación entre o amor e o negocio. Son personaxes principais as figuras dos tres fillos de Nai Coraxe, que tampouco están moi caracterizadas e que representan virtudes concretas: Eilif, o fillo máis vello, representa o valor; Queixosuízo, o fillo máis novo, a honradez; e Caterina<sup>10</sup>, a filla –muda–, a humanidade. Porén, estas virtudes loables, na guerra, só os conducirán á morte. Como personaxe protagonista, Nai Coraxe presenta importantes contradicións: dunha banda, arela a guerra para poder facer negocios, pero, doutra banda, ten unha actitude pacífica e tenta conservar a súa familia no medio do conflito bélico; mentres busca

---

<sup>10</sup> Mentres que estudos anteriores prestan fundamentalmente atención á figura de Nai Coraxe, Vork analiza nun dos seus traballos a personaxe de Caterina, outorgándolle unha maior relevancia na obra. Véxase Vork 2013: 31-54.

servir ao exército, quere á vez fuxir das dinámicas da guerra. En ocasións, Nai Coraxe amosa sentimentos maternais –por exemplo, no dó polos seus fillos mortos–, mais prevalece o seu interese polo negocio<sup>11</sup>. Como indica Gleitman (1991: 156), a personaxe móvese por impulsos contraditorios e os seus valores vense postos a proba polas leis da época que lle tocou vivir<sup>12</sup>. Segundo a autora, o público vese na obriga de reaccionar ante os momentos en que a personaxe amosa a súa grande avaricia e aqueles en que é maternal, de modo que esta alternancia de situacións produce un choque no público que rompe a empatía coa figura protagonista. Para Brecht era algo fundamental que as espectadoras e espectadores entendesen a dialéctica da personaxe principal e que non a compadesen, senón que soubesen ver tamén os seus crimes<sup>13</sup>:

A traxedia da Coraxe e da súa vida que o público percibe de xeito palpable consistía na presenza dunha terrible contradición que destrúe a un ser humano, unha contradición que puido ser resolta, mais só pola propia sociedade e despois de longas loitas horribles. E a superioridade moral deste modo de representación consistía en que o ser humano era mostrado como destrutible, mesmo o máis forte, máis vital. (cit. de Große 2011: 56)

Os estudos sobre *Nai Coraxe e mais os seus fillos* fan fincapé no carácter crítico, antibélico da peza e na súa actualidade –o propio autor considéraa unha obra atemporal–, xa que a lección que transmite sobre a guerra pode aplicarse a calquera delas. Brecht concibiu esta obra con intención educativa, pois, como explica Große (2011: 66), debía impulsar unha aprendizaxe. O escritor trata de

---

<sup>11</sup> Gleitman (1991: 156) observa que o negocio e a familia aparecen na peza teatral intrinsecamente relacionados, mesmo ata o punto de que ás veces non se poden diferenciar, e pon como exemplo a necesidade de Nai Coraxe de non deixar que os seus fillos marchen a loitar como soldados, non só para protexelos senón porque os precisa para turrar do carro.

<sup>12</sup> Como a mesma Nai Coraxe explica na «Cantiga da Gran Capitulación», hai unha orde no mundo, poderes superiores ás persoas sinxelas, que lles impiden ser plenamente autónomas, por moito que queiran ser donas do seu destino.

<sup>13</sup> Véxase Schallenberger 2003: 78.

ofrecer unha perspectiva realista que desenmascare as ideoloxías e o feito de que as guerras non son, ao cabo, nada máis que verdadeiras catástrofes para os pobos. En relación con isto, no texto críticanse aspectos coma o heroísmo, visto como virtude polos defensores das guerras, e póñense en evidencia outros como a perda de humanidade que vai indiscutiblemente unida a elas. Brecht sérvese dos personaxes dos fillos de Nai Coraxe para dar conta así de que as guerras conducen á anulación das virtudes da xente. Neste contexto, a relixión, que serve de motivo á guerra dos Trinta Anos, funcionaría do mesmo modo que as ideoloxías, de xeito que proporciona un pretexto para a guerra e permite ocultar os verdadeiros intereses subxacentes. Con mirada irónica, Brecht utiliza unha guerra de relixións como marco da obra para poñer en evidencia a contradición existente na defensa dos valores morais, do amor de Deus, por medio da confrontación bélica (Bascoy 2001: 94). Como subliña Große (2011: 74), o escritor ten como obxectivo sinalar as contradicións sociais que encerra o fenómeno da guerra e as consecuencias del derivadas. Por outra banda, Gleitman (1991: 164-165) demostra que en *Nai Coraxe* o autor codifica na linguaxe literaria teatral o seu pensamento teórico, destacando a crítica do autor á enxeñaría da opresión social, que se pon ao descuberto coa explicación que fai a obra do negocio da guerra. Tendo en conta a finalidade da peza como advertencia fronte a este fenómeno, Brecht afirma que o texto chegou demasiado tarde, cando xa a Segunda Guerra Mundial estala e non pode evitarse. Nun dos ensaios que el mesmo escribiu sobre esta obra, «Die Courage lernt nichts» («A Coraxe non aprende nada»), de 1953, o escritor expresa a súa propia decepción neste sentido<sup>14</sup>:

Os escritores non poden escribir tan axiña como os gobernos poden facer guerras, xa que a escritura precisa de reflexión. Os escenarios quedaron demasiado cedo nas mans dos grandes ladróns.

---

<sup>14</sup> Véxase tamén Große 2011: 20.

«Nai Coraxe e os seus fillos» chegou demasiado tarde.

Cando o carro da Coraxe roda no 1949 polos escenarios alemáns, a peza explica a enorme devastación causada pola guerra de Hitler. Os farrapos no escenario parécense aos farrapos que visten os espectadores.

O cheiro agre a roupa mal lavada na sala de espectadores non interrompe a solemnidade do acto. O que quixo vir, veu das ruínas e volve marchar para elas. Tanta luz coma enriba do escenario non a había en ningún lugar, en ningunha casa. (cit. de Jeske 2018: 158-159)

Como se pon de manifesto en *Nai Coraxe* e como Brecht observa nas roupaxes do público que a vai ver ao teatro, a guerra condiciona o destino dos pobos, especialmente das clases baixas. O escritor sitúa a acción nun momento histórico moi anterior á guerra máis recente, sobre a que verdadeiramente quere facer reflexionar, xa que non sería posible nese momento presentar unha obra coa Segunda Guerra Mundial como marco temporal. Asemade, o uso da guerra dos Trinta Anos como contexto permítelle ao autor poñer sobre o escenario unhas situacións que estimulan a reflexión crítica sobre a relación entre guerra, moralidade e fe. A intención do autor é procurar que o público se decate do perigoso que é o ánimo de lucro como fondo das guerras, amosándoas como fenómeno socioeconómico —a guerra ao servizo do capitalismo—, e impulsar un cambio de actitude nos seus espectadores e espectadoras. Na figura da protagonista, como xa se mencionou, evidénciase a contradición entre o sufrimento e o beneficio económico como as dúas caras da mesma moeda.

Ademais de como obra antibélica, *Nai Coraxe* pódese cualificar igualmente como unha peza de denuncia dun sistema que se aproveita das guerras para perpetuarse e que promove a deshumanización. Como explican Mahmoud Daram e Abolfazl Ahmadinia (2014: 31-34), Nai Coraxe deshumanízase a causa da súa avaricia, que segundo Marx constitúe un dos motores do capitalismo. No momento en que a protagonista antepón os negocios ás vidas dos seus fillos e as sacrifica, a súa deshumanización é manifesta. Nai Coraxe está some-

tida a unha paixón irracional –a avaricia– que Daram e Ahmadinia describen como un síntoma da alienación da personaxe. Xa que logo, a guerra é descrita como unha forma de dominación e de control sobre as persoas, onde as decisións son tomadas por militares que ven nela a única orde posible. Os autores, igual que outros especialistas na obra de Brecht, fan fincapé na idea transmitida na obra de que o beneficio económico que esta trae só é real para os poderosos, mentres que o pobo, as persoas sinxelas, mesmo se gañan algo, ao cabo nada máis que obteñen perdas –coma no caso de Nai Coraxe–. Así observan coma unha idea fundamental da obra a interdependencia entre guerra e capitalismo. Malia a perda dos fillos, Nai Coraxe é presentada coma un actor da guerra, xa que a promove co fin de facer negocio á conta desta. Esta participación é entendida por Daram e Ahmadinia como deliberada e persistente. Os autores interpretan a figura da protagonista desde o seu consumismo insaciabile, que leva a que antepoña os seus hábitos de consumo a todo o demais, disposta a pagar o prezo que corresponde co sacrificio dos seus fillos. O cada vez maior afán de consumo da figura principal sitúa a Nai Coraxe nunha relación de dependencia crecente das súas necesidades e, polo tanto, da guerra e dos poderosos, por iso só se preocupa polos soldados cando hai a posibilidade de que se convertan nos seus clientes. Tamén, os autores consideran que Brecht amosa como Nai Coraxe está alienada tamén no sentido político a través da súa acomodación á situación, ás normas vixentes, sen poñelas en cuestión, a cambio de perseguir o beneficio económico que é a súa única finalidade. Deste xeito, o capitalismo leva a Nai Coraxe á completa deshumanización –como consecuencia directa da súa alienación desde unha lectura marxista– dado que a súa actitude implica a miseria doutras persoas, xa que o capitalismo converte a xente en competidores e fai desaparecer a compaixón –virtude que está representada na figura de Caterina, que finalmente fracasa no seu intento de axudar a outras persoas–. A conduta avara de Nai Coraxe provoca nela illamento e indiferenza con respecto a outros seres humanos. Brecht preséntaa, segundo parte da crítica, coma unha muller alienada e impotente. Aínda que para Nai Coraxe a

guerra significa destrución, cre asemade que pode ser un modo de supervivencia para a súa familia. Daram e Ahmadinia (2014: 37) consideran que a personaxe principal é ao mesmo tempo unha vítima do sistema e unha rebelde, tendo en conta a crítica que Nai Coraxe fai das actuacións dos gobernantes, nas que prima o propio beneficio, polo que non son válidos no seu entender como modelos de conduta. Porén, a protagonista reproduce este modelo no seu propio comportamento e amosa, volvendo ao expresado anteriormente, unha importante contradición, de modo que está atrapada nun sistema no que fracasa como nai cando quere facer negocios, e fracasa nos negocios cando intenta actuar como nai.

### 3. A *NAI CORAXE* DE LOIS TOBÍO: RELEVANCIA E CARACTERÍSTICAS DA VERSIÓN GALEGA

Na súa versión ao galego da obra de Bertolt Brecht *Mutter Courage und ihre Kinder*, Lois Tobío (1987: 5-6) inclúe un breve texto a modo de prólogo no que xustifica a elección desta obra, que vai integrar, coa súa tradución, no sistema cultural galego. Tobío destaca en primeiro lugar o momento en que Brecht redacta *Nai Coraxe*, instantes antes do comezo da Segunda Guerra Mundial, e subliña o influxo da guerra na creación desta obra. Nela, afirma Tobío, o autor fai «unha crítica implacable da guerra, da súa miseria física e moral». O tradutor destaca, ademais, coincidindo co que se explicou no apartado 2, que un aspecto fundamental do fenómeno da guerra –que Brecht trata na súa obra– é a «inversión dos valores éticos», así como a recaída das consecuencias do conflito bélico sobre todo no pobo, nas clases baixas, mentres que os poderosos promoven as guerras por motivos económicos. Esta crítica ten lugar, segundo o tradutor, a pesar da técnica do distanciamento («aloxamento» en Tobío), aínda que poderíamos dicir «grazas a» en lugar de «a pesar», posto que o obxectivo do escritor con esta técnica é precisamente provocar a reflexión crítica no público facén-

dolle ver a realidade do seu mundo. Por outra banda, Tobío loa a mestría de Brecht como escritor e menciona dous aspectos propios do seu teatro: o paradoxo e a ironía. Para Tobío representa un exemplo destes dous recursos literarios o feito de que a protagonista dunha obra que trata sobre a guerra sexa unha muller e non un militar, o cal é sorprendente se temos en conta outras obras literarias da mesma época escritas por autores masculinos. Segundo Tobío, a protagonista ten a función de expresar «certas verdades desconcertantes». Para o tradutor, *Nai Coraxe* é unha obra chea de pesimismo provocado pola mesma guerra, mais subliña que o achegamento a ela se fai desde unha perspectiva realista que busca a «crarifación dos problemas», isto é, que ten unha finalidade educativa, como se mencionaba no apartado anterior. Ao mesmo tempo pódese percibir nas palabras de Tobío o pesimismo do propio Brecht relacionado coa incapacidade do ser humano para aprender, como demostra coa figura de Nai Coraxe: «A idea que late no cerne é a de que a realidade desminte en moitos casos o que nos semella obvio, os tópicos, os conceptos comúns. Que non se poden predicar os efectos dun acto, que o resultado –coma xa dixera Montaigne– pode ser calculado ou outro diferente e aínda oposto» (ib.: 6). Resumindo, podemos dicir que a escolla desta peza teatral por Tobío está motivada polo realismo brechtiano, «pola contundencia con que denuncia os males da guerra e amosa a inversión de valores que esta leva sempre aparelada» (Ríos 2015: 135). Nunha entrevista con Marga Romero, Tobío manifestaba as razóns desta escolla, destacando de novo algúns dos aspectos comentados no texto introdutorio á tradución, e engadía a actualidade da obra como outro motivo para traducila, ao tempo que comentaba cal fora o impulso que o levara a emprender esta tarefa:

Nai Coraxe é unha preciosidade, unha obra espléndida de grande valor plástico e dramático. Trata dunha guerra implacable. A actualidade dos Balcáns, de Timor Leste, todo iso estaba xa en Nai Coraxe, pero hoxe magnificado. É do mellor dentro do teatro de Brecht. O primeiro impulso para traducila, ocorreu polo ano 65 ou 66, foi que un amigo

meu, Ramón de Valenzuela, quería escenificala en galego, el faloume dunha compañía de afeccionados da Coruña e entón eu traducina. O conto é que a obra non se representou, pasaron tres ou catro anos e eu volvín tratar de entrar no seu espírito e refíxen a traducción, entrei máis a fondo, no que para min é unha obra básica e trascendental do teatro universal. Non había ninguén para representala, mais eu so pensei no desexo de trasladala ao galego. (Romero 1999: 16)

Tendo en conta os argumentos proporcionados por Tobío e as informacións sobre *Nai Coraxe* presentadas no apartado 2, só cabe afirmar que o tradutor trasladou ao galego unha obra de gran relevancia. Dunha banda hai que ter en conta a revolución que o teatro brechtiano supuxo dentro do sistema literario alemán e, doutra banda, como xa se comentou, toda a crítica está de acordo na actualidade desta peza teatral.

Como se mencionou anteriormente, Tobío non denomina o seu texto traducción, senón «versión ao galego». Con esta denominación o tradutor incide sobre o feito de que o seu obxectivo é o de adaptar o texto brechtiano á cultura galega para que este chegue mellor ao público ao que vai destinada a obra traducida. Ao se afastar dunha traducción máis literal do texto, o que propiciaría que algunhas expresións ou contidos precisasen dunha aclaración, polo que sería precisa unha traducción comentada, que non é aquí o caso, e procurar achegalo no posible á realidade cultural galega, a versión de Tobío favorece unha lectura máis fluída. Deseguido expoñeranse algunhas das características desta versión<sup>15</sup>, con exemplos en que se pode observar cal é o procedemento de Tobío á hora de traducir do alemán<sup>16</sup>. Cómpre subliñar que, se ben nalgúns ocasións o

---

<sup>15</sup> Cómpre sinalar que Lois Tobío emprega a edición de *Mutter Courage und ihre Kinder* da editorial Suhrkamp do 1966 (1963<sup>1</sup>), segundo a información proporcionada por Constanza Tobío. A edición escollida para a análise é a da mesma editorial de 2018, que segue a editada por Werner Hecht, Jan Knopf, Werner Mittenzwei e Klaus-Detlef Müller no volume 6 das obras completas publicadas no 1989 por Suhrkamp.

<sup>16</sup> Os exemplos que se presentan están tirados dos dous primeiros cadros da peza teatral e son representativos do procedemento de traducción que Tobío segue nesta obra.



tradutor se afasta da versión orixinal, a mensaxe da peza teatral queda, na miña opinión, intacta<sup>17</sup>.

O trazo máis característico da versión realizada por Tobío de *Nai Coraxe* é a adaptación de determinados termos e expresións ao uso do galego e a inclusión de expresións galegas. Así Tobío elixe traducir o nome das moedas antigas que Brecht utiliza no texto (*Heller*) non polo termo correspondente na lingua meta, senón pola denominación doutra moeda antiga empregada en España ata o século XIX («ichavo»). O mesmo acontece cos alimentos que consumían os soldados durante a guerra. Mentres que Brecht fala dunha rebanda de touciño ou lardo (*Scheibe Speck*) ou dunha salchicha (*Würst*), Tobío utiliza en ambos os casos o termo «touciño». En ocasións o tradutor engade tamén expresións que se usan con moita frecuencia no galego, o que permite facer o texto máis próximo ás lectoras e lectores, como por exemplo: «¡Boh!», «¡Vaiche boa!», «Ande», «Así Deus me salve», «que eu ben cho sei», «dígocho eu» etc. Tamén se observa como Tobío escolle para determinadas palabras, como *Broten* —que se refire a distintas formas de pan en xeral—, a tradución que máis se axusta á realidade en Galicia, neste caso, «moletes».

Outra das estratexias de tradución empregadas por Tobío é a simplificación do texto orixinal ou a eliminación de oracións ou partes de oracións. Brecht utiliza, por exemplo, *ein Stück Rindfleisch*, que Tobío traduce por «un anaco de carne». No orixinal especificase que a carne é de res (*Rind*), mais o tradutor suprime este detalle e decide utilizar carne en xeral. Poderíamos supoñer que esta escolla se debe a que Tobío quere subliñar a escaseza de carne durante a guerra. Noutra ocasión Brecht escribe *Schluck Schnaps*, que sería un grolo de augardente,

---

<sup>17</sup> Xulio Otero realiza unha análise da tradución de Tobío na que sinala a existencia de erros de tradución. Desde o meu punto de vista, se o que se pretende é observar a tradución tendo en conta a coincidencia exacta co orixinal, estou de acordo en que hai aspectos que serían mellorables. Porén, o feito de que Tobío nos presente a súa tradución como versión, como unha interpretación persoal do texto, non nos permite valorar a calidade do seu traballo nos termos expostos por Otero. Véxase tamén Basco 1999: 46.

mais Tobío suprime o detalle e traduce por «E agora toma un grolo, ho». Tamén atopamos exemplos en que o tradutor decide eliminar unha palabra. No seguinte exemplo, Tobío suprime o insulto *Bagage*, que se pode traducir como «chusma»: «Halt, wohin gehört ihr, Bagage?» («¡Alto! ¿De que unidade sodes?»). Noutra ocasión en que Brecht expresa que os soldados antes da guerra de relixións tomaban sopas de pan con viño nos seus helmets (*Sturmhaub*), vemos que Tobío decide eliminar este obxecto. Ás veces as eliminacións fan que se perdan algúns pequenos matices do texto orixinal, coma no seguinte exemplo: «Oh, ich unglückliche Mutter, ich schmerzenseiche Gebälerin». («Coitada nai, sempre a sufrir»). Se ben o texto brechtiano quere evocar a imaxe da *mater dolorosa* ao facer fincapé na idea da muller que pare os fillos con moita dor, este matiz non se percibe na tradución. O mesmo acontece cando Brecht escribe nunha das anotacións referíndose a Nai Coraxe: «die zugehört hat und jetzt zornig ihren Kapaun rupft». Nesta frase o adxectivo *zornig* indica que a protagonista está agora enfadada. Non obstante, Tobío elixe como tradución: «Que estivo escoitando namentras depenaba o capón», de xeito que a indicación sobre o estado de ánimo da protagonista desaparece.

Son tamén frecuentes na versión de Tobío as variacións sintácticas e gramaticais. O tradutor tende a unificar na versión galega oracións que no orixinal alemán aparecen como independentes. Dentro das variantes que aplica a nivel sintáctico atopamos con frecuencia a transformación de oracións interrogativas e exclamativas no orixinal en oracións enunciativas, coma nos seguintes exemplos: «Aber wie soll Krieg sein, wenn es keine Soldaten gibt?» («E sen soldados non pode haber guerra»); «Heißt dich Courage, he? Und fuchstest den Krieg, deinen Brotgeber?» («Chámaste Coraxe e teslle medo á guerra que che dá o pan»); «Wirst du klug sein?» («Tes que ser avisado»). Canto ao nivel gramatical, pódese sinalar o cambio de número nalgunhas expresións, como na seguinte, na que Tobío pasa do complemento directo singular empregado por Brecht ao plural: «Ich schätz mir einen solchen Soldaten wie dich, Eilif, einen mutigen. So einen behandel ich wie meinen eigenen Sohn» («Os soldados que son valentes

coma ti, Eilif, téñoos en moita estimanza; trátoos coma se foran fillos meus»). O mesmo acontece ás veces co suxeito, de forma que Tobío cambia unha segunda persoa, que lle permite ao interlocutor falar de xeito indirecto da súa actuación, directamente pola primeira: «Da kannst du die andern vorschicken, daß sie Ruhm erwerben» («Mando aos outros adiante a gañar gloria»). As variacións sintácticas e gramaticais que realiza Tobío na súa versión só implican cambios de matices moi lenes no sentido da tradución con respecto ao texto orixinal.

Finalmente pódense sinalar algúns erros menores de tradución, polo que cómpre termos en conta que non supoñen variacións importantes verbo do sentido do texto orixinal. Así, por exemplo, Tobío traduce a frase «Nach dem Franzosen?», na que o sarxento, falando con Nai Coraxe sobre a procedencia dos nomes dos seus fillos, lle pregunta á protagonista se o seu segundo fillo, Queixosuízo, é suízo polo home francés co que estivo a nai despois de coñecer o pai do primeiro fillo, Eilif, un tal Koiocki ou Moiocki. Tobío traduce esta pregunta como «¿Despois do francés?». A preposición *nach* pode ter sentido temporal en alemán –o que aquí interpreta o tradutor–, pode indicar dirección «cara a» ou pode ter o sentido de «segundo», entre outros significados. Na expresión utilizada por Brecht refírese a que o mozo leva un determinado nome polo seu pai. Neste caso a tradución escollida rompe un pouco o sentido do texto en galego. Outro exemplo sería a tradución da palabra *Bankert* por «fillo». Neste caso non se pode afirmar que se trate dun erro, senón que ben podería ser unha escolla feita polo tradutor intencionadamente, xa que *Bankert* significa «bastardo». Na frase «Dann muß er schon bei Lebzeiten gestunken haben», onde Brecht quere dicir que o boi do que están falando xa cheiraba a podre mentres estaba vivo, a elección de Tobío é «Daquela apodrecía en vida», de forma que o elemento do cheiro queda eliminado do texto. De novo, non se pode discernir se se trata dun erro de tradución ou dunha escolla intencionada.

Como se pode ver nas características da versión ao galego de Tobío, o texto na lingua meta gaña en proximidade á cultura galega e o tradutor dota a lingua dunha maior fluidez ao simplificar a sintaxe alemá. Na miña opinión, ao fuxir

dunha tradución literal, moi apegada ao texto orixinal, a versión galega de *Nai Coraxe* queda mellor integrada na realidade cultural do país, o que considero que é a intención de Tobío. En calquera caso, o texto segue a ser moi fiel á peza teatral no orixinal alemán e supón unha contribución non só excelente, senón fundamental para o sistema cultural galego, que cumpre ademais co obxectivo do tradutor de servir ao propósito da mediación cultural, tan importante para Lois Tobío.

## REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS

- BASCOY LAMELAS, Montserrat (1999): «A galega *Nai Coraxe* de L. Tobío», *Galicien-Magazin*, 8, 45-46.
- BASCOY LAMELAS, Montserrat (2001): «As Palabras de Brecht ó galego: a famosa *Mutter Courage* na tradución de Lois Tobío», en Manuel Lombao *et al.* (eds.), *Homenaxes a Lois Tobío*, Sada (A Coruña), Edicións do Castro, 93-95.
- BRECHT, Bertolt (1987): *Nai coraxe e mais os seus fillos. Versión galega de Lois Tobío*. [Trad. Lois Tobío]. Sada (A Coruña), Edicións do Castro.
- BRECHT, Bertolt (2018<sup>15</sup>): *Mutter Courage und ihre Kinder*, Frankfurt am Main, Suhrkamp.
- DARAM, Mahmoud / Ahmadinia ABOLFAZL (2014): «Bertolt Brecht's Mother Courage and Her Children: Marxist Concept of Alienation.», *International Journal of Comparative Literature and Translation Studies*, 2:4, 30-39.
- GLEITMAN, Claire (1991): «All in the Family: *Mother Courage* and the Ideology in the *Gestus*», *Comparative Drama*, 25:2, 147-167.
- GROSSE, Wilhelm (2011): *Textanalyse und Interpretationen zu Bertolt Brecht «Mutter Courage und ihre Kinder»*, Hollfeld, C. Bange. (Colección Königs Erläuterungen).
- HASCHE, Christa / Jutta VON ZITZEWITZ (1999): «Through the Minefield of Ideologies: Brecht and the Staging of *Mutter Courage und ihre Kinder*», *Modern Drama*, 42:2, 185-197.
- JESKE, Wolfgang (2018): «Kommentar», en Bertolt Brecht, *Mutter Courage und ihre Kinder*, Frankfurt am Main, Suhrkamp, 105-185. (Suhrkamp BasisBibliothek, 11).
- KOLB, Martina (2014): «Grave action: Last Rites in Brecht's *Mother Courage* and Beckett's *Endgame*», *CoSMo. Comparative Studies in Modernism*, 5, 69-90.
- MASEDA MASEDA, Francisco Fidel (2010): *Lois Tobío: vida e obra dun humanista galego e un galeguista universal*, Santiago de Compostela, Universidade-Servizo de Publicacións e Intercambio Científico.
- MATO DOMÍNGUEZ, Alfonso: «Lois Tobío Fernández», Real Academia de la Historia (<http://dbe.rah.es/biografias/80081/lois-tobio-fernandez>) [consultado o 21/06/2018].
- MEJÍA, Carmen / Verónica PALOMARES (2006): «Constanza Tobío Soler: La pluralidad intelectual de Lois Tobío», *Madrygal: Revista de Estudios Gallegos*, 9, 175-183.
- ROMERO, Marga (1999): «Conversa con Lois Tobío», *Galicien Magazin*, 8, 36-44.
- ROMERO, Marga (2004): «L. T. traductor, o universo para o galego», *Revista das Letras*, 506, 10-11.
- RÍOS, Xulio (2015): *Lois Tobío: un galego de lei*, Pontevedra, Pío García Edicións.
- SCHALLENBERG, Stefan (2003): *Bertolt Brecht. Mutter Courage. (Lektüreschlüssel für Schülerinnen und Schüler)*, Ditzingen, Reclam.
- TOBÍO, Lois (1987): [Sen título, a modo de prólogo], en Bertolt Brecht, *Nai coraxe e mais os seus fillos. Versión galega de Lois Tobío*, Sada (A Coruña), Edicións do Castro, 5-6.
- TOBÍO, Lois (1994): *As décadas de T. L.*, Sada (A Coruña), Edicións do Castro.
- OTERO ALONSO, Julio (1996): «Comentarios a propósito da tradución galega da obra de B. Brecht: “Mutter Courage und ihre Kinder/Nai Coraxe e máis os seus fillos”», *Galicia dende Salamanca*, 1, 59-65.
- VORK, Robert (2013): «Silencing Violence: Repetition and Revolution in “Mother Courage and Her Children”», *Comparative Drama*, 47:1, 31-54.



# TOBÍO E O XORNALISMO





# **TOBÍO, O XORNALISTA EN ACCIÓN**

**Xan Carballa**  
Xornalista e editor

DOI: [10.17075/lgtx.2020.005](https://doi.org/10.17075/lgtx.2020.005)



Reproducindo hai uns anos o álbum fotográfico de Lois Tobío, dei coa imaxe do xornalista no medio do batifondo dunha redacción. En Uruguai o exiliado atopa para acomodo temporal no xornal *El Día* de Montevideo, na altura o medio de comunicación máis impor-



tante do país, fundado por José Batlle y Ordóñez, quen foi dúas veces presidente da República Oriental. Tobío traballou a soldo e tempo completo como redactor permanente entre 1944 e 1947, aínda que xa anteriormente exercía de colaborador ocasional do seu importante suplemento. Podemos imaxinar que un concentrado Tobío estaría escribindo á máquina algúns dos seus numerosos artigos de política internacional, especialización que en boa lóxica foi unha das súas permanentes responsabilidades, pero tamén tocaba outros xéneros. Así describe el mesmo aquel tempo, «tiña como principal tarefa facer entrevistas a personalidades estranxeiras que chegaban ao país e uruguayos que voltaban dalgunha misión no estranxeiro, ademais dos artigos que xa viña publicando en que comentaba a política internacional. Tamén escribía de cando en cando algunha nota para a sección de editoriais, que eran no noso xornal breves e substanciosos, dicindo en poucas palabras o que había que dicir e non como os que se ven agora nos

xornais españois, longos, pesados, reiterativos e arrevesados. A min paréceme que hai un desaxuste entre ese estilo xornalístico e o mundo de hoxe, no que a xente non anda sobrada de tempo para ler tan longos parrafeos. Non sei se isto será un resto da retórica do franquismo pero o certo é que nos tempos inmediatamente anteriores á Guerra Civil o xornalismo español caracterizábase por unha escrita clara, concisa e precisa do que era bo expoñente *El Sol*».

Todo isto cóntanolo Tobío no seu formidable libro de memorias, *As décadas de T. L.*, que se poden ler como unha extensa reportaxe, chea de reflexións, información persoal... pero tamén coa aguda visión dun home que se viu obrigado, coma tantos da súa xeración, a forxar a vida no cruxol máis fervente do século XX, o que abrangue dúas guerras mundiais, un golpe militar, unha guerra civil e unha ditadura ferreña de 40 anos, con apenas unha raiola de esperanza republicana e de emancipación nacional para Galiza (1931-1936), para despois conducirse polo continente americano como un exiliado até remansar en Montevideo.

Estritamente a vida profesional como xornalista a tempo completo pertence a este período en *El Día*, pero coma outras moitas xentes da súa xeración, Tobío tiña nos xornais un vehículo posible de desenvolvemento das súas ideas e posicións, tamén concibido como lugar de encontro e debate. Cóntanos de cando vivía en Compostela, «había en Santiago tres xornais, un da mañá, o *Diario de Galicia*, católico, e dous de tarde independentes, *El Compostelano* e *El Eco de Santiago*. No primeiro estaba de redactor-xefe Xohán Xesús González, que fora canteiro (e falaba o verbo dos arxinas) e que, polo seu esforzo autodidacta, chegará a ser xornalista e mesmo estudará por libre a carreira de dereito [...]. De cando en cando iamos á redacción do xornal, que se achaba na Porta da Mámoa, e alí, no seu despacho, que estaba a carón das máquinas porque o local era pequeno, faciamos tertulia comentando as novas do día». E retrata tamén como era a fame coa que buscaban nos xornais, «devorabamos a prensa que estaba contra a ditadura, case toda, pero principalmente *El Sol*, os artigos de Moreno Villa e Ortega, as “Charlas al sol” de Heliófilo, e teimábaseos descifrar o sens dos “Dibujos de almohadón” de Bagaría; e todo isto comentábaseos en claustros e cafés».

Acaso envelenado pola tensión creativa das redaccións ou polo cheiro aditivo do chumbo das linotipias, Tobío describe no seu percorrido biográfico as diferentes ocasións que tivo de ligar parte do seu empeño vital aos medios de comunicación. Por exemplo, cando vivía en Berlín ampliando estudos en 1929, «o Armesto levaba algún tempo en Berlín de onde mandara, nun principio, crónicas para *El Pueblo Gallego*, pero un día, segundo me contou, ocorréuselle enviar unha a *La Vanguardia* de Barcelona sobre un tema de actualidade alemá, co pseudónimo *Augusto Assía*, que tomara dun personaxe de Pío Baroja, e tanto lles gustaran os artigos aos cataláns que lle contestaron que podía seguir a lles mandar traballos como aquel pois non tiñan correspondente en Berlín [...]. Pola miña parte, e a suxestión de Felipe, tentarei máis adiante repetir o xogo que a el tan ben lle saíra, e fíxeno co *Heraldo de Madrid* sen que tan sequera me contestaran».

En *As décadas de T. L.*, o autor apunta con detalle moitas vicisitudes e aspectos da vida da redacción de *El Día* e tamén do xornalismo e a prensa no Uruguai. Son interesantes porque sintetizan coas artes do oficio de xornalista unha chea de datos políticos e referencias das persoas coas que compartiu mesa e tamén sitúan as tensións coas que se conducía a política no final da II Guerra Mundial e no limiar da Guerra Fría, en particular en América as relacións cos Estados Unidos. Paga a pena transcribir a delgada liña que non era posible atravesar.

Dinos Tobío:

[...] como eu publicaba no xornal artigos e comentarios de política internacional, puiden decatarme da actitude que alí seguían verbo diso. Non se podía dicir cousa ningunha que supuxese censura ou crítica cara os ingleses e norteamericanos máis que fose lene ou matizada. Todo o que eles facían e dicían estaba ben e era merecente de loanza por intelixente e xusto. E como todo orixinal político, antes de pasar ao prelo, tiña que ser lido na dirección, se o director ou os seus asesores non o xulgaban axeitado, deixábase nunha bandexa de artigos «retenidos», que viña ser un eufemismo para «desbotados», e alí morría. Lémbrome que unha vez en que unha nota miña sufrira esa condena expliquei que todos os datos que contiña foran tomados de fontes norteamericanas, máis ca nada

do *Time*, e que os xuízos que facía o semanario ianqui eran aínda máis duros do que os meus. E a resposta foi que iso non tiña nada que ver, que alá podían facer esas críticas pero fóra dos Estados Unidos non porque viña ser propaganda contra a causa dos aliados que había que asumir por todos os medios. E que non era a causa dos aliados como tal a que eles dicían defender demostrao o feito de que esa actitude soamente se daba cara Inglaterra e os Estados Unidos e tamén cara Francia ata a rendición pero non cara á URSS; por este motivo tamén algunha nota miña sería rexeitada.

No ano 1947 finalizará a relación de tempo completo con *El Día* e por tanto a plena dedicación ao xornalismo, que coincide co final da cuarta década de vida de Lois Tobío, aínda que manterá o cordón umbilical mentres vive no Uruguai con diferentes colaboracións no *Suplemento Dominical*, sobre arte, literatura, historia e viaxes entre outros asuntos.

Continuará atendendo aquí e alá peticións de colaboracións e débese sinalar en letra dourada de molde que Tobío aparece en 1950, xunto a Alfredo Somoza, Xesús Canabal, Manuel Meilán, Pedro Couceiro, Manuel Leiras e Antón Crestar, entre os fundadores dunha audición radiofónica histórica, *Sempre en Galiza*, que se comezou a emitir en galego os domingos ás nove e media da mañá nas ondas montevidéanas de Radio Carve, unha das estacións máis importantes do país. Concibido como un programa «galeguista, republicano e cultural», é o máis antigo da radiodifusión en galego, aínda hoxe acollido nas ondas de Radio Oriental, e mantendo ao longo do tempo a mesma voz e mensaxe de entrada e saída na voz de Manuel Meilán, «Bos días, aquí Sempre en Galiza», baixo o fondo da *Muiñeira de Chantada*.

## O ARQUIVO TOBÍO

Agrupar en detalle todo o patrimonio de escritos de Tobío non é doado pero si posible. A súa filla Constanza tennos facilitado algúns artigos para podermos ver

como era aquela prensa uruguaia dos 50, que aínda está por dixitalizar. Pero seu pai basicamente gardou páxinas relacionadas con Galicia, aínda que xa está feito un baleirado de contidos e indexados os artigos que levan a súa sinatura nas súas décadas xornalísticas e non sería complicado reunir nun fondo dixital en acceso público toda a obra do Tobío xornalista.

Para non ficar con sabor da ausencia, escollemos reproducir un anaco dunha das reportaxes que escribiu para *El Día* en maio de 1950. Pola actualidade tomei o referido á cerámica de Sargadelos, escrito denantes da refundación de Luís Seoane e Isaac Díaz Pardo e referido ao histórico esplendor da marca da man de Antonio Raimundo Ibáñez.

#### LA NOVELA DE SARGADELOS

LOIS TOBÍO

Tal vez en algún hogar uruguayo de ascendencia gallega se conserva todavía, como recuerdo de los abuelos, alguna pieza de loza o «china opaca» de Sargadelos. Será una figurita delicada o grotesca, un tintero o escribanía, una sopera o fuente monumentales, un florero o un aguamanil, o sencillamente un plato, con ornamentación pintada a mano o estampada, en uno o varios colores. Los colores en estas piezas son de fina, agradable tonalidad, y a veces tienen un delicioso esfumado. Los dibujos son muy variados, predominan las flores y los paisajes fantásticos, chinescos o románticos. En otros casos, aparecen vistas de ciudades o escenas del Quijote. Las más modernas de estas creaciones tienen casi cien años y con frecuencia se mantienen en buen estado. El material de que están hechas es noble, apretado, resistente: a veces ostenta esa caprichosa red del cuarteado o «craquelé» que acrecienta su belleza.

En las viejas casas de mi ciudad natal, que no queda lejos de donde estuvo la fábrica, solía yo ver, en mi infancia, esos ejemplares llenos del encanto de las cosas familiares y amadas. ¡Cómo me divertían aquellos Mambrús cómicamente sentados, con su casa azul y su sombrero de candil! A los lados de la pequeña imagen, que estaba cubierta de un

fanal, sobre la cómoda, había dos historiados floreros sargadeleños de varios brazos; por la cocina rodaban, recios vencedores del trasteo de muchos decenios, varios platos de dibujos azules. No se les daba entonces a esos objetos mayor importancia; se los trataba con la llaneza con que se trata a antiguos conocidos, a parientes; se les quería por ser viejos en la casa, pero no se pensaba que pudiesen tener un valor cotizabile. Ahora, en cambio, coleccionistas y museos se los disputan a porfía. Hasta los más sencillos se exhiben en vitrinas o se cuelgan de las paredes. Ya no juegan con ellos los chiquillos, ni vienen a la mesa, ni arriesgan su vida en las manipulaciones del fregado. Gozan de la consideración de una joya, de un objeto de arte.

Y la merecen. La merecen, a menudo, por si mismas, porque son lindas muestras de un arte unas veces lleno de gracia ingenua y popular y otras refinado y elegante. Y la merecen, además, por ser resto y testimonio de una interesante manufactura gallega creada en un lugar recóndito, por el genio de un hombre excepcional, curioso exponente del espíritu progresista y emprendedor del siglo XVIII. No se sabe bien cómo aquel afán renovador y creador vino a infundirse en un hidalguillo lugareño y hacerlo soñar con atrevidas aventuras económicas. El primer impulso debió ser obra de ciertas lecturas no raras entonces, sobre las posibilidades que ofrecían los recursos del país. Más tarde debió fortalecer aquel impulso el contacto con hombres competentes y animosos a los que acuciaba un mismo anhelo. Pero todos esos estímulos hubiesen sido nada de no haber encontrado terreno propicio en el carácter ambicioso y resuelto del joven.

Lo que se proponía hacer [Antonio Raimundo Ibáñez], y lo que al cabo hizo, chocaba bruscamente con el ambiente agrario y tradicionalista de la tierra en que se había criado y en que iba a desarrollar sus proyectos. Hubo de vencer muchos obstáculos y hubo de lesionar intereses. En nada reparaba; iba adelante con paso firme; cuando precisaba ser duro lo era al extremo. Por eso se hizo odioso. Era el antagonismo entre dos mundos, entre dos sistemas económicos y sociales, el uno con todo el peso de la tradición y de la masa, el otro con toda la osadía conquistadora de la mocedad. Y ese antagonismo estalló al fin en violencia. El industrialismo, que tanto haría crecer la riqueza, adviene imponiendo sacrificios. La vida de este campeón de la nueva época termina trágicamente, pero su obra sobrevive por más de sesenta años. En conjunto, la historia de la empresa Sargadelos tiene no poco de novela. Una novela fascinadora en que hay episodios de todo jaez. [...]



# LOIS TOBÍO, XORNALISTA

**Manuel Lombao**  
Xornalista

DOI: 10.17075/lgtx.2020.006



O 13 de xuño do ano 2001 tivo lugar no Ateneo de Madrid un acto de homenaxe a Lois Tobío, que nesa data cumpría 95 anos. Con ese motivo publicouse, en Edicións do Castro, o libro *Homenaxes a Lois Tobío*, no que tiveron a honra de escribir un «A xeito de prólogo». Aproveite unha liña daquel limiar para comezar, pola miña parte, esta homenaxe no seu Viveiro natal, dezasete anos despois.

Tobío, xurista, diplomático, tradutor, home de vangarda dunha Galicia coa que el e todos nós soñamos, comprometido coa súa patria e a súa xente, amante da arte nas súas máis variadas expresións, culto, afable, inquedo, curioso, investigador e –penso que coa mesma lexitimidade de exercicio e dedicación– un gran PERIODISTA.

## PRIMEIROS PASOS

Partindo de que a primeira e esencial condición do xornalista é a curiosidade, descubrimos que o ambiente familiar dos Tobío facilita un acercamento a esta profesión. O propio Lois destaca que o seu pai tiña unha universal curiosidade. Se o pai é un profesor enciclopedista, interesado polas matemáticas, a astronomía, as ciencias naturais, a física, a química, escritor de poemas en galego e castelán, compilador das cantigas da Mahía etc., sen que as súas preferencias sexan as mesmas, a herdanza en Lois non ten dúbida. Basta ler a súa autobiografía para descubrir nel unha ambición insaciable de saberes, de análises dos países que vai percorrendo, dos lugares, dos momentos, das sociedades, do mundo, da

historia, da antigüidade, do futuro, da política, da arte. Por certo, o xornalismo asoma cando o pai, sen deixar o seu traballo docente, é chamado para colaborar no *Heraldo de Viveiro*, que se acababa de fundar. O propio Lois ten dito que algunha vez escribiu nel.

Pero hai outro membro da familia, neste caso no primeiro nivel da profesión. O seu irmán Xesús é redactor xefe de «Estranxeiro», na Axencia EFE, departamento que agora chamamos «Internacional» e que é o soño que alcanzar dos xornalistas. E aquí atopamos outra clave dos Tobío para o bo xornalista: o dominio das linguas. A facilidade para o inglés parece que lles viña no ADN porque, segundo Lois, no seu Muros de orixe, aparece un mariñeiro galés que se apelida Towy, nome do río máis importante de Gales, que nos atlas históricos aparece co nome latino de Tobius. Xesús traduciu enteira a *Historia da Inquisición española* escrita no século XIX polo historiador norteamericano Henry Charles Lea e lía sen problemas xornais rusos ou polacos. Pola súa parte, Lois estuda francés en Viveiro sendo un rapaz, aprende alemán en Santiago, cando chega a Bulgaria remata falando búlgaro e nos últimos tempos quería aprender gaélico.

## APROXIMACIÓNS

Cando Lois chega á Universidade de Santiago, ten unha primeira experiencia «xornalística» moi habitual entre os estudantes: unha revista; neste caso *Adral*, con tres compañeiros: Luís Bouza-Brey, Xulio Cordal e Manuel Magariños. Cunha copiadora rudimentaria e moito atrevemento, o que manda é o humor e a crítica aos compañeiros estudantes e, mesmo, ao propio reitor. Un exemplo dos contidos foi o que hoxe chamariamos xornalisticamente «unha exclusiva». Imaxinen a situación: visita do ditador Miguel Primo de Rivera e Urbaneja ao pazo de Fonseca en Santiago de Compostela; cando chegan ao patio, o alto dig-

natarío preguntálle ao reitor Blanco Rivera o significado dos brasóns que vai vendo, o reitor comeza a tatear porque non sabe responder mentres o ditador sorrí con malicia. Supoño que ningún xornal da cidade publicou esta situación pero os nosos alumnos e xornalistas afeccionados foron atrevidos e velaí o por que o título como unha exclusiva.

Outras aproximacións de Tobío ao xornalismo xorden co nacemento do Seminario de Estudos Galegos, no que el é un protagonista. Como é lóxico, os creadores de tan importante institución tratan de a dar a coñecer levando notas ou publicando leves comentarios chamados «Lambizos» no xornal *El Compostelano*. Ramón Martínez López e Xoán Xesús González foron dous importantes colaboradores con Tobío nestes traballos.

Unha aproximación máis é a visita a Portela Valladares en Pontevedra promovida por Filgueira Valverde e na que, alén de Tobío e Filgueira, viaxa tamén Casto Sampedro. Van, entre outras cuestións, porque axudaba con diñeiro ao Seminario, pero o que lle chama máis a atención a Lois é o empeño de Portela de facer de *El Pueblo Gallego* o primeiro xornal de Galicia, e, como mostra do seu interese, engadía que o que gañaba cos tecidos en Cataluña ía gastalo no chumbo da linotipia.

Unha última aproximación que salienta ten lugar en Berlín, a onde chega Tobío o 14 de novembro de 1929. Vai vivir na casa de Felipe Fernández Armes-to, grande amigo e compañeiro que, por certo, comezara a escribir artigos para *El Pueblo Gallego* e levaba algún tempo máis en Alemaña. Nese momento traballaba para o xornal *La Vanguardia* e anima a Tobío a entrar tamén nese mundo. O xornal *El Sol*, que era o seu favorito, xa ten un correspondente en Berlín, polo que se ofrece ao *Heraldo de Madrid*, que non lle contestou, conforme conta na súa autobiografía, e non intentou con ningún máis pero dedicouse a cousas máis importantes como ben saben: traducir a Herman Heller para o español e a Rilke, Goethe e Bertold Brech para o galego.

## O XORNALISMO DE VERDADE

A familia Tobío chega a Montevideo en 1940, despois de longas estadías en París, Nova York, Cuba, México e Brasil. Montevideo era o lugar de nacemento da súa dona, Melu. Lois dirá que o tempo que moraron alí foron as dúas décadas centrais da súa vida. Uruguai vive unha etapa de prosperidade e tranquilidade grazas ao presidente Batlle, do Partido Colorado, que organiza o país sobre unha base de laicismo, liberdade política e xustiza social. Teñen lei do divorcio e liberdades de asociación, reunión e prensa. A inmensa maioría da poboación simpatiza coa República española e recibe os exiliados con todo agarimo.

E Tobío vaise achegando ao momento de ser xornalista de verdade. Ten un aperitivo o Día de Galicia do ano 1941, cando a Casa de Galicia lle encarga a Lois dirixir un número extraordinario da súa revista *Alma Gallega*. Lois acepta. Entre outras colaboracións pídelle unha a Castelao, que lle manda un anaco de «Verbas de chumbo», que se incluírá en *Sempre en Galiza*. Seoane e Colmeiro enviaranlle unha litografía e a foto dun cadro. Arturo Cuadrado escribirá unha nota e o propio Lois achegará unha poesía con pseudónimo.

O momento clave ten lugar onde se reunían en faladoiro os refuxiados republicanos, o Café Montevideo, que está en fronte do edificio do xornal *El Día*, o máis importante do país, fundado polo xa citado José Batlle y Ordóñez, presidente da República en dous períodos, 1903-1907 e 1911-1915. Un día o líder do faladoiro, Marino Mora, preséntalle aos donos do xornal, Rafael e César Batlle Pacheco, dous dos fillos do fundador.

Nese mesmo ano 1941 entra como colaborador e, dende o primeiro momento, non rexeita ningunha oferta: columnas de temas internacionais no xornal diario, a súa grande especialidade; artigos de carácter histórico, literario, artístico e mesmo románticos ou curiosos para o *Suplemento Dominical*, e, aínda máis, consegue participar tamén nas emisións de Radio Ariel, que dirixe outro Batlle, curmán dos seus xefes do xornal e que está enfrontado con eles dentro do mesmo

partido. Lois definirá a situación dicindo: «fun pandar cara ó Partido Colorado e nel estiven a traballar e gañar como xornalista e locutor de radio».

Se o abano de traballos no xornal demostra a súa ambición de saberes da que falamos ao comezo, os da radio xéranlle efectos sorprendentes. Alén de tratar temas de política internacional e cultural, coma no xornal, emite series e cursos variados. Un deles, sobre sistemas filosóficos, consegue grande éxito, ata o punto de que os oíntes lle piden clases particulares, que tanto en agasallos como en diñeiro serán unha boa axuda para os seus modestos ingresos (no xornal, ao inicio, oito pesos por columna semanal, equivalentes a oito dólares, mentres a familia precisaba cen pesos ao mes para vivir).

Ese amor pola radio e a consciencia da capacidade de comunicación para todos os emigrantes e exiliados galegos impulsan a Lois Tobío e a sete galegos máis a crear o programa *Sempre en Galicia* no ano 1950 en CX 16 Radio Carve en Montevideo, emisora de grande audiencia, creada en 1928 e cun alcance internacional, que chegaba a Brasil e Arxentina. Esta emisión segue existindo hoxe se ben cambiada a CX 12 Radio Oriental.

Catro anos máis tarde que en Uruguai, en 1954, aparece en Bos Aires a audición *Galicia emigrante*, fundada pola revista do mesmo nome. Luís Seoane escribe as notas. Como saben, parte delas foron publicadas no libro *Comunicacións mesturadas* pola editorial Galaxia en 1971, cando a audición finaliza.

## TRABALLO FIXO

Volvemos atrás. Tres anos despois da entrada como colaborador, en 1944, ofrécenlle un posto de redactor permanente, suxeito a horario e con soldo fixo, alén do que lle daban polas colaboracións no *Suplemento*. Amplía o campo de traballo e escribe editoriais que encabezan as páxinas de opinión e representan a liña editorial da dirección do xornal.

Tamén aborda a sección de entrevistas dentro súa especialidade: a grandes personalidades estranxeiras, mesmo españolas, e a uruguaio que volvían dalgunha misión estranxeira.

Loxicamente este ascenso mellora a situación económica da familia. Como era de esperar nel, Lois fai unha fonda análise do xornalismo por dentro, que retrata con nidia claridade o positivo e o negativo desa profesión naquel lugar e momento e que, na maioría dos casos, na miña opinión, está vixente neste século XXI.

Vexamos a análise. Estudada polo miúdo cada sección, Lois, loando ao xefe de información, José Pereira, de raíz galega, resume unha lección de xornalismo ao dicir que, partindo de que a información é o valor supremo, para facer ben unha cousa hai que estar convencido de que o que se está a facer é o máis importante do mundo. Os reporteiros de Pereira saían á caza da noticia cando o xefe tiña cheiro de algo que podía ser interesante. Esta era a parte positiva.

As seguintes son as negativas, a saber: a diferenza de clases, a inxerencia da política, a censura interna e a liberdade de prensa. Tobío contempla que se os reporteiros que andaban á procura de sucesos eran como o proletariado da redacción; os señoritos, a aristocracia, eran os que facían os artigos ou comentarios ou dirixían os debates. Moitos eran políticos en activo, deputados, senadores ou funcionarios da Administración nomeados a dedo. Cando mudaba o Goberno, o novo metía xente súa pero non botaba a que xa estaba dentro.

Ao ser autor de artigos e comentarios de política internacional, Tobío atopouse coa censura interna. Non se podía dicir cousa ningunha que supuxese crítica cara aos ingleses e norteamericanos aínda que fose matizada ou lene. Todo o que eles dicían ou facían estaba ben e era merecente de loanza por intelixente e xusto. E como todo orixinal político, antes de pasar ao prelo, tiña que ser lido na dirección, se o director ou os seus asesores non o xulgaban axeitado, deixábase nunha bandexa de artigos retidos, que viña a ser un eufemismo para desbotados, e alí morría. Como exemplo Lois conta que, despois de rexeitada unha nota súa baseada na revista *Time* moito máis dura que a del, lle responden



que iso poden facelo os americanos pero fóra de USA non se pode porque vén a ser propaganda contra os aliados.

Como resumo desta análise da profesión de xornalismo por dentro, Tobío sentencia que a liberdade de prensa, da que tanto se fala, se dá soamente para os donos do xornal e os seus homes de confianza pero non para os redactores e colaboradores, e se o dono pertence a un grupo financeiro ou calquera outro grupo de presión ou político, vaise ver o que dá de si a tan loada e reclamada liberdade de prensa.

## ANEXO FINAL

Chegados a este punto, cómpre pechar botando unha ollada aos títulos dalgunhas das columnas e dos suplementos dominicais dos que falamos. Vaia por diante que este anexo é posible grazas á xentileza de Constanza Tobío, que garda con todo agarimo o arquivo familiar do traballo xornalístico de seu pai e que tiven a honra de poder esculcar na súa casa. Por certo, nese momento pensei o mesmo que escribín naquel limiar dos homenaxes do 2001 que citei ao comezo: «non sería mala idea editar esas publicacións periódicas que nos darían unha visión do mundo nese momento e do punto de vista de tan singular comentarista».

Evidentemente estas columnas e suplementos mostrámolas en castelán, tal como as escribiu.

Cando Lois entra como colaborador en *El Día*, 1941, hai dous anos que comezou a Segunda Guerra Mundial. Por lóxica era o tema central da información internacional, por iso escollemos ese tema que para Tobío ten dúas caras, o resto dos países involucrados e a posición de Franco e o franquismo.

## 1. Columnas

- La movilización franquista: (1942) obras en España para fortificar las fronteras.
- La posición de Franco: (1942) desconfianza del Eje en su pretendida neutralidad. La Cámara de los Comunes inglesa y el resto de los aliados piensan que en cualquier momento se unirá a Hitler.
- La actitud portuguesa y el franquismo: (1943) Portugal está con Inglaterra, es decir, con el Eje. España no se define, juega a la neutralidad.
- España y la monarquía: (1943) No hay más camino justo y a la vez conveniente para resolver satisfactoriamente el problema político de España que el de un limpio plebiscito.
- La posición internacional del franquismo: (1945) Franco se había jugado todo a la carta de Hitler y la posición del régimen se debilita por momentos.
- La adhesión croata: (1941) torpezas de Belgrado, valentía croata que puede ser fácilmente invadida por el Führer que les castigará por no haberse doblegado.
- El nuevo orden de los Balcanes: (1941) El Conde Ciano ha estado en Viena para tratar con Hitler el reparto de la región balcánica.
- Siria y la guerra: (1941) Si los nacionalistas árabes no miran con muy buenos ojos a Gran Bretaña, el odio que sienten hacia Francia es mucho mayor. Asombra que Vichy no lo vea.
- La Hazaña de Roosevelt: (1943) Desde el primer momento se dedicó a la difícil tarea de hacer comprender a su pueblo la verdadera realidad. No quiso forzar una decisión que hubiera encontrado una oposición muy fuerte y supo dar su difícil ejemplo de conducta democrática y así, cuando USA entró en guerra, todo el pueblo marchaba unido. La clave, ilustrar, convencer y hasta formar la opinión de los ciudadanos.
- El último fracaso de Hitler: (1943) Caída del Duce Mussolini. Fracaso de Hitler en Italia, su vecino y primer aliado en el «eje de acero» del que tanto presumían los portavoces nazis y el propio Führer.

Otros sobre Alemania (1944, 1945, 1946). Alemania se prepara para ganar la paz. La reconstrucción de la economía alemana. Alemania y el federalismo.

## 2. *Suplemento Dominical*

Unha demostración de sabedoría para aprender, entreter e divertir. Historia, arte, viaxes, amores, entrevistas etc. O mellor xornalismo para todos os lectores e ideal para pasar os domingos. Seguro que cos mesmos moi altos seguidores que agora son fieis aos suplementos dominicais. E algunha sorpresa que parece escrita hoxe. Tobío supérase a si mesmo. Pasen e vexan.

«Nieves de antaño»

- Cristina de Suecia y sus amores (Greta Garbo y Marlene Dietrich sus actrices favoritas)

- Cleopatra y sus amores (Pompeyo el joven, Julio César, Octaviano y Marco Antonio)

- Anges Sorel y Jacques Coeur (culebrón)

- La Condesa de Castiglione

- Teodora, Emperatriz de Bizancio

«Estampas románticas»

- Un amor otoñal: Chateaubriand y Julieta Recamer (amor y vejez)

- El último amor de Goethe (él 74 años, ella 19)

«Evocaciones renacentistas»

- Maquiavelo y Giovanni Dalle Bande Nere (Floencia y los Médici)

- Aventura y desventura de Cagliostro (el gran estafador palermitano)

- El fracaso de Aretino de Arezzo (escritor y pintor que hace famoso a Tiziano, amigo suyo)

«Tierras de Hispania»: Encanto y espiritualidad de Cataluña (Ahora, Cataluña como España toda, pasa un invierno de tristeza y amargura pero de él ha de salir a una nueva primavera más lozana, briosa, alegre y creadora)

«Viejas catedrales»

- Martirio y Gloria de Reims
- Catedral de Santiago

«Tierras de la España Musulmana»: Un rey poeta de Sevilla (Muhámmad al-Mutámid)

«Tierras de Europa»: Fernando I el rey de los Búlgaros

«Tierras de los Balcanes»: La cuestión de Macedonia

«Por tierras de Grecia»: Visita a Delfos

«Arte Bizantino»: Los Mosaicos de Santa Sofía

«Siluetas de antaño»: Alcibíades o la versatilidad

- Pasado y presente de Egipto
- El enigma de la India
- Oriente y Occidente
- Entorno a la escultura románica
- Entorno a Musset
- La vida de un libretista (Lorenzo da Ponte)
- La imagen de la flor
- La rosa y el sable
- La imitación de los defectos
- Abolengo y elogio de la boina (Carlos IX de Francia, el padre de Ana Bolena, Erasmo, etc.)
- Divagaciones sobre el pie

No apartado de entrevistas aparecen, entre outras, personalidades norteamericanas como o historiador especializado en arquitectura medieval Kennet John Conant ou unha comisión de políticos palestinos que Tobío titula «aspectos del problema de Palestina», e, por suposto, amigos que o visitan como José Bergamín e León Felipe, no aniversario da Segunda República.

Chega o momento de nos despedir. Coido que queda ben demostrado que Lois Tobío foi un luxo para o xornalismo en Uruguai, como é un devanceiro

ilustre para Galicia e para todos nós. Non nos esquezamos daquelas palabras nos seus últimos anos: «Foi fermoso vivir coa ilusión de estar axudando a restaurar a vella casa común. Agradecido ao destino por me ter concedido o don, que tantos non acadan, de completar o ciclo da vida». Sexamos dignos do seu exemplo e da súa herdanza.

Moitas grazas don Lois.



ANEXO

LOIS TOBÍO

XORNAL *EL DÍA* MONTEVIDEO

# PORTADA



- Suplemento Dominical
- 2 de Octubre 1932
- «El “Artigas de Bronce” en Lima»,  
Ofrenda del Uruguay al Perú



# POR TIERRAS DE GRECIA VISITA A DELFOS



# ARTE BIZANTINO LOS MOSAICOS DE SANTA SOFÍA



# SILUETAS DE ANTAÑO ALCIBÍADES O LA VERSATILIDAD



Busto de Alcibíades:  
Museo Chiaramonti de Roma

# DE LOS BALKANES LA CUESTIÓN DE MACEDONIA



Campesinos  
macedonios  
bailando una  
danza popular:  
el «Kolo»

# ABOLENGO Y ELOGIO DE LA BOINA



Carlos IX de  
Francia,  
Thomas Boleyn  
(el padre de Ana  
Bolena),  
Erasmus...

# NIEVES DE ANTAÑO CLEOPATRA Y SUS AMORES



Pompeyo el  
joven,  
Julio César,  
Octaviano  
y Marco  
Antonio

# EL ÚLTIMO AMOR DE GOETHE



Ulrica von Levetzow.  
Él 74 años, ella 19



# ENCANTO Y ESPIRITUALIDAD DE CATALUÑA



«Ahora, Cataluña, como España toda, pasa un invierno de tristeza y amargura; pero de él ha de salir a una nueva primavera más lozana, briosa, alegre, creadora»





Lois Tobío Fernández (Viveiro, 1906-Madrid, 2003) é unha figura fundamental no galeguismo do século XX. Especialmente preocupado polo noso rexurdir colectivo e polas claves para nos enxergar no mundo sen por iso esvaeecer a nosa forma de ser, encarna como poucos a «Galicia, célula de universalidade», que axudou a conformar dende diferentes ámbitos, dende a política á cultura, na teoría e na praxe.

Este volume recolle diversos estudos que afondan na súa traxectoria en tres ámbitos esenciais para coñecer o seu armazón intelectual. Trátase da súa militancia no galeguismo, tanto na preguerra como na posguerra, e as súas vocacións de tradutor e xornalista que sempre o acompañaron. As e os relatores, profundos coñecedores de Tobío e da súa obra, achegan valiosas análises que representan unha contribución singular para trazar as características esenciais da súa biografía.

Tobío interesa á Galicia actual como destacado expoñente dun país culto, afaible, confiado, aberto e sempre na vangarda, actitudes tan indispensables como necesarias para garantir o noso porvir como sociedade. O seu fondo humanismo e vontade de servizo ao común son valores determinantes dunha época á que sempre deberemos volver para poder imaxinar o que podería dar de si un desenvolvemento pleno e normal da nosa identidade.

Incomprensiblemente esquecido nos anos da transición en Galicia, Lois Tobío soubo facer da honestidade e da coherencia sinais insubstituíbles dun legado que co paso do tempo gañará significación e relevancia.

